

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 29.10.2020 Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 29 de outubro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Comparecencia

- 1.1 2451 (11/CPC-000006)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Presentación polo Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia da Memoria do Servizo Público da Corporación Radio e Televisión de Galicia

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Ovidio Rodeiro Tato
Presidente da Comisión

Ovidio
Rodeiro
Tato

Firmado digitalmente por
Ovidio Rodeiro Tato
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=Ovidio Rodeiro
Tato ,
email=ovidio.rodeiro.tato@pa
rlamentodegalicia.es
Fecha: 2020.10.21 16:43:50
+02'00'



Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 21/10/2020 16:43:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 21/10/2020 19:28:57
Nº Rexistro: 822
Data envío: 21/10/2020 19:28:57.058

CSV: REXISTRO4HNmeXgS8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Ovidio Rodeiro Tato	P
Vicepresidenta	
María Guadalupe Murillo Solís	P
Secretaria	
Alexandra Fernández Gómez	BNG

Vogais

María Isaura Abelairas Rodríguez	S
Raquel Arias Rodríguez	P
Ramón Carballo Páez	P
Noa Susana Díaz Varela	S
María González Albert	BNG
Carmen María Pomar Tojo	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Borja Vereas Fraiz	P

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 29.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 29.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2451(11/CPC-000006)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Presentación polo Director Xeral da Corporación Radio e
Televisión de Galicia da Memoria do Servizo Público da
Corporación Radio e Televisión de Galicia



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



Achégolle copia, en formato dixital, da **Memoria de Servizo Público da Corporación Radio e Televisión de Galicia** correspondente ao exercicio de 2019, que será presentada polo director xeral da CRTVG na súa próxima comparecencia na sesión da Comisión de Control da CRTVG coa finalidade da súa distribución entre os grupos parlamentarios representados na *Comisión Permanente non lexislativa de control da Corporación de Radio-Televisión de Galicia*.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA, SENORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 24/09/2020 10:08:38

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

CVE: 1433AEgvm6
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



MEMORIA DE SERVIZO PÚBLICO 2019



INTRODUCCIÓN	7
CAPÍTULO 1. As relacións laborais na CRTVG	29
1.1. Negociacións coa parte social	29
1.2. Renovación tecnolóxica	33
1.3. Seguridade e saúde laboral	34
1.4. Formación e selección	38
CAPÍTULO 2. O panorama dos medios de comunicación	43
2.1. Audiencias xerais das canles da CRTVG	46
2.2. Referencia informativa	53
2.3. Referencia para o entretemento	57
2.4. Conclusións	59
CAPÍTULO 3. Os servizos informativos da CRTVG	61
3.1. Informativos da Televisión de Galicia.....	62
3.2. Informativos da Radio Galega.....	77
3.3. Informativos nas canles dixitais.....	82
CAPÍTULO 4. Os contidos e emisións da CRTVG.....	85
4.1. Programación televisiva	89
4.2. Emisións televisivas	109
4.3. Produción allea	117
4.4. Dobraxe e subtitulación	122
4.5. Programación radiofónica	123
4.6. Contidos dixitais	142
4.7. Dinamización da web e redes sociais.....	144
CAPÍTULO 5. Relación co sector audiovisual	149
5.1. Proxectos recibidos.....	150
5.2. Proxectos aprobados no 2019.....	150
5.3. Relación global co sector audiovisual.....	153
5.4. Promoción e presenza exterior das producións galegas.....	153
CAPÍTULO 6. O desenvolvemento tecnolóxico.....	157
6.1. Renovación da Delegación de Madrid	157
6.2. Instalación dun sistema de xestión multiconferencia IP	157
6.3. Migración do estudio de Continuidade para Emisións en HD.....	158
6.4. Actualización dos pasarótulos dos estudos.....	158
6.5. Renovación de cinco cámaras web.....	158
6.6. Renovación do equipamento da sala de grafismo.....	159

6.7. Mesturadores de vídeo dos estudos 1, 2 e 5	159
6.8. Renovación do codificador da unidade DSNG.....	160
6.9. Novas mochilas para a realización de directos e renovación das existentes.....	160
6.10. Modernización do parque de receptores profesionais de satélite.....	161
6.11. Subministración de mesas de mestura de son para a RG nas delegacións de Vigo, Lugo e Madrid	161
6.12. Equipamento para retransmisión e directos na RG	162
6.13. Cabina de almacenamento.....	162
6.14. Servidores de virtualización	162
6.15. Servidores de dominio.....	163
6.16. Portal do Empregado	163
6.17. Dixitalización de expedientes	163
6.18. Servizos de Internet (FTP, Streaming,...).....	163
CAPÍTULO 7 Canles dixitais	165
7.1. Datos estatísticos	166
7.2. Datos demográficos e xeográficos	166
7.3. Provedores de servizo e dispositivos	167
7.4. Canles principais de conversión	167
CAPÍTULO 8. O servizo de Documentación e Arquivo	171
8.1. Obxectivos Arquivo no 2019	171
8.2. Utilización interna do arquivo físico	174
8.3. Relación coa sociedade galega	175
8.4. Arquivo Sonoro da Radio Galega	177
CAPÍTULO 9. Normalización lingüística	187
9.1. Adaptación ás novas necesidades da Corporación	187
9.2. Equipo de asesores lingüistas	188
9.3. Principais cometidos	188
9.4. Colaboracións de normalización lingüística.....	189
9.5. Formación de asesores lingüistas.....	190
CAPÍTULO 10. A Proxección Social da CRTVG	193
10.1. #AcciónsG. Responsabilidade Social Corporativa.....	193
10.2. Coordinación Creativa	196
10.3. Comunicación e conversa co público	197
10.4. Igualdade e tratamento da violencia de xénero	198
10.5. Apoio ás persoas con discapacidade	203
10.6. Accións internacionais	204

10.7. Eventos no eido da Responsabilidade Social Corporativa.....	207
10.8. Convenios e colaboración con organismos.....	208
10.9. Responsabilidade social na publicidade.....	210
10.10. Visitas á CRTVG.....	211
10.11. Apoio da CRTVG ao sector cultural como “media partner”.....	212
10.12. A CRTVG en FORTA: a campaña Lo Veo	213
CAPÍTULO 11. O control sobre a CRTVG	215
11.1. Consello de Administración da CRTVG	215
11.2. Funcionamento do Consello de Administración	218
11.3. Parlamento de Galicia.....	283



INTRODUCCIÓN

O 1 de xaneiro de 2016 nacía a Corporación Radio e Televisión de Galicia, participada ao 100% pola Xunta de Galicia, despois de que o 4 de decembro de 2015 o Diario Oficial de Galicia publicara o decreto polo que se extinguía a entidade de dereito público Compañía de Radio-Televisión de Galicia, unificándose as tres entidades instrumentais existentes ata aquel momento (Compañía de Radio-Televisión de Galicia, Radiotelevisión Galicia, S.A. e Televisión de Galicia S.A.).

A creación da Corporación RTVG encádrase no novo marco regulamentario do sector da comunicación audiovisual, que parte da aprobación da Lei 7/2010, de 31 de marzo, xeral de Comunicación Audiovisual, a cal persegue adecuar a prestación do servizo público de comunicación audiovisual ás novas esixencias dun sector e un mercado cada vez máis innovador e que, por outra parte, non resultou alleo á crise económica.

A configuración do ente público aplica o establecido na Lei 9/2011 de Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, na que tamén se establecen os mecanismos de control correspondentes, como os procesos de rendición de contas que, con carácter anual, ten que seguir a CRTVG. Entre elas, a edición e presentación desta Memoria de Servizo Público que xa foi primeiramente trasladada ao Consello de Administración da Corporación.

Por outra banda, o Mandato Marco da Corporación Radio e Televisión de Galicia, publicado no DOG o 29 de decembro de 2015, no seu artigo 7 de “Control polo Parlamento”, explicita que, de conformidade co previsto na Lei 9/2011, o Parlamento de Galicia desenvolverá as funcións de control da Corporación mediante, entre outras medidas, o control da xestión e do cumprimento da función de servizo público a través da Comisión Permanente non lexislativa de Control da CRTVG.

A lei prevé a existencia dese Mandato Marco no que o Parlamento de Galicia reflicte os termos e criterios que definen, por un período de nove anos, as liñas básicas para a prestación do servizo que lle cómpre á CRTVG. Deste xeito, ese instrumento contén as indicacións suficientes como para informar da estratexia da Corporación.

O preámbulo dese Mandato Marco sinala como fundamental garantir que o servizo público de comunicación audiovisual de Galicia cubra as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade galega, e contribúa a preservar o pluralismo nos medios de comunicación, así como á normalización da lingua galega, ao reforzamento da identidade de Galicia, á promoción da cultura galega e ao impulso da súa industria audiovisual. Todo isto coa finalidade de que a entidade prestadora se consolide

como un instrumento eficaz de vertebración social, cultural e económica de Galicia, así como de promoción e dinamización da lingua galega.

Con ese obxectivo, a Lei 9/2011 encomenda á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG) a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, sometendo a súa actividade a unha serie de valores que emanan do respecto e da defensa dos principios que informan a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, e dos dereitos e liberdades que neles se recoñecen e garanten.

O mandato marco emanado do Parlamento é, polo tanto, a ferramenta estratéxica para a concreción do modelo de radio-televisión de Galicia e, en fin, para o cumprimento dos obxectivos xerais da función de servizo público da Corporación RTVG. A este respecto, merece especial atención o principio de eficiencia na prestación do servizo público da Corporación RTVG, orientado a cumprir coas exigencias de consolidación fiscal e estabilidade orzamentaria.

Á luz de todo o anterior, este mandato marco configúrase como o instrumento de orientación estratéxica para desenvolver o servizo público audiovisual de Galicia, adaptándoo aos cambios tecnolóxicos, económicos e de usos sociais que impoñen a evolución da sociedade da información e do coñecemento, as políticas audiovisuais europeas e nacionais, as directivas comunitarias de servizos audiovisuais e a Axenda Dixital 2020.

De conformidade co previsto na Lei 9/2011, o Parlamento de Galicia desenvolve as funcións de control da Corporación RTVG mediante a elección dos membros do Consello de Administración; a elección e, de ser o caso, a revogación do seu director; o coñecemento do informe anual; e o control da xestión e do cumprimento da función de servizo público a través da Comisión Permanente non lexislativa de Control da CRTVG.

Teimando no corpo normativo que rexe a actuación da Corporación, desde principios de 2017 existe un Plan de Actuación xeral da CRTVG 2017-2019, que se atopa publicado no Portal de Transparencia do portal crtvg.gal. Este documento traza as liñas de actuación estratéxicas da Corporación, e nese marco teórico se encadra a edición e presentación desta memoria anual. Ao respecto deste Plan de Actuación 2017-2019, o Portal de Transparencia recolle tamén o Informe de Seguimento Anual no que se detalla o grao de cumprimento das medidas, o que reflicte a proxección da actividade da Corporación.

Coa presente memoria preténdese ao tempo dar conta da execución do Mandato Marco da Corporación Radio e Televisión de Galicia, do que os principios inspiradores constitúen unha verdadeira guía da misión de servizo público encomendada á CRTVG.

A finais de 2019 CRTVG retransmite as 24 horas do día en dúas canles de TDT, dúas por satélite para Europa e América, e catro da Radio Galega. A isto súmanse outras fiestras en dixital, entre elas varias canles temáticas en soporte IP, como [enserie.gal](#), [vivea.gal](#) ou [pasouquepasou](#), o arquivo en liña dos medios públicos.

Neste 2019, a TVG empezou a emitir en alta definición (HD) polas súas dúas canles, no mes de marzo, o que veu acompañado dunha campaña informativa, [#PonAGalegaenHD](#), para guiar os espectadores no axuste dos seus televisores. Televisión de Galicia é a única televisión con máis dunha canle en España con toda a súa oferta televisiva en HD na TDT, mantendo tamén as dúas canles en SD.

Pola súa parte, a Radio Galega deu un paso máis no 2019 para achegarse á audiencia dixital, chegando en outubro con todas as súas canles -Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e Radio Picariña-, á aplicación de Radioplayer e aos altavoces intelixentes. Conscientes da importancia de posicionar a radio como medio de comunicación innovador e competitivo no universo dixital, a Radio Galega uniuse de forma decidida a este proxecto, xunto ás demais radios membros da rede de FORTA. Novas formas de consumir audiovisual ás que se suman a canle galega, que acadou no 2019, na na terceira onda do Estudo Xeral de Medios, os seus mellores datos desde 2013, cun incremento de 50.000 oíntes. O conxunto das canles da Radio Galega alcanzaron os 205.000 oíntes de luns a venres, un crecemento histórico de case o 40% respecto a onda anterior.

A Corporación, organizada en cinco áreas

Desde o 2017, a CRTVG está organizada en cinco grandes áreas: área de Xestión Corporativa, área de Información e Documentación, área de Contidos, área de Soporte Tecnolóxico e Medios, e área de Innovación e Negocio. Xunto ao nomeamento dunha Adxunta ao director xeral creouse a Oficina do/a Director/a Xeral, na que se integra o departamento de Proxección Social.

Desde entón, e nomeadamente no 2018 e 2019, a Corporación experimentou un fondo cambio organizativo e operativo ata completar a dixitalización da Corporación e preparala para a chegada da alta definición (HD) á TVG, que como dicíamos nestas liñas, aconteceu no mes de marzo de 2019.

No 2019, os servizos informativos da TVG e da Radio Galega consolidaron o modelo establecido no exercicio anterior coa información de proximidade, a aposta pola cultura de luns a domingo -coa estratexia #cultura365, que se aplica a todos os espazos e contidos de televisión, radio e Internet-, e a cada vez maior presenza do diálogo coa audiencia en tempo real a través das redes sociais, corporativas e dos distintos espazos, tanto en Informativos -neste 2019 naceu G24.gal- como na área de Contidos. Precisamente para dar resposta a este incremento de conversa nas redes sociais, no 2019 intensificouse este eido coa creación dun departamento de Extensión Audiovisual, que coordina a presenza nas redes dos contidos de entretemento, e que traballa activamente para achegarse á audiencia máis nova, a que segue a elixir a televisión e a radio galegas pero que emprega as canles dixitais e consume os contidos á carta a través de dispositivos móbiles.

Entorno de xestión no que se desenvolveu a actividade no 2019

Un escenario de cambio permanente é un trazo característico do sector do Entretemento e Medios. No momento actual a transformación estase a acelerar da man dos avances tecnolóxicos e dos novos hábitos de consumo. Estes factores fan que as corporacións revisen as súas estratexias do lado dos ingresos tradicionais e establezan accións na procura de novas alternativas de negocio.

Así, no marco dun escenario expansivo, identifícanse tres aspectos que afectan ás compañías: Converxencia, no senso de que as corporacións de distinto signo desenvolven modelos de negocio baseados na relación directa co usuario. Conexión co consumidor, cara a colocalo no centro das súas estratexias as cales aparecen asociadas, entre outros, a factores de conectividade constante, o consumidor móbil, a procura de novas fontes de crecemento dos ingresos, o cambio cara ao modelo de plataformas e a persoalización. Necesidade de construír confianza, co fin de dar unha resposta axeitada á crecente importancia dos datos, para o cal atender ás dimensións de contidos, audiencias e datos estase a converter en aspectos relevantes baixo o trasfondo dun entorno regulamentario en pleno cambio.

Ao respecto da evolución do sector, a nivel global as estimacións apuntan a un crecemento dun 4,4% nos vindeiros cinco anos (datos CAGR, acrónimo en inglés Compound Annual Growth Rate ou Taxa de Crecemento Anual Composta). Este incremento supón pasar de 1,7 billóns de euros en 2017 a 2,2 billóns en 2022.

O crecemento máis dinámico experimentano os espazos relacionados cos entornos dixitais, destacando a Realidade Virtual e mesmo o segmento de Vídeo OTT. Pola contra, os Xornais e as Revistas seguen perdendo terreo no polo oposto. Cun crecemento

moderado, por baixo do 2%, mantéñense os segmentos de Libros, Radio, así como Televisión e Vídeo.

En canto ao comportamento do sector de E&M (Entertainment & Media) en España, o crecemento estimado é dun 3,5% CAGR (tasa de crecemento anual composto) nos vindeiros cinco anos ata acadar 28,2 millóns de euros en 2022. Nesta liña, as maiores taxas de crecemento aparecen asociadas aos segmentos de vídeo OTT, cun aumento do 14,8% CAGR, ata chegar aos 234 millóns de euros en 2022; Realidade Virtual, que subirá un 37,9% CAGR ata acadar os 387 millóns de euros e Publicidade Dixital, que crecerá ata un 7,3% CAGR ata acadar un valor de 2.547 millóns de euros nos vindeiros cinco anos. Estes datos poñen de manifesto que os segmentos con máis crecemento son coincidentes co seu carácter dixital. No lado oposto sitúanse os Xornais (baixa de -3,1% CAGR ata quedarse en 1.248 millóns de euros no 2022) e a Televisión en aberto que, mantendo un comportamento semellante ao dos últimos anos, baixa un -1,7% para quedarse en 2.004 millóns de euros en 2022.

No que respecta ás tendencias do entorno da radiotelevisión pública, estas insisten en presentar cinco grandes áreas: regulamentación, gobernanza, transparencia, financiamento e innovación, como aspectos fundamentais que caracterizan os retos destas organizacións no ámbito regulamentario, no financiamento, nos modelos de gobernanza, na rendición de contas e a transparencia, na innovación ou na confianza dos cidadáns no servizo audiovisual público.

Neste contexto as corporacións europeas de RTV pública enfróntanse a retos que conclúen a necesidade de ofrecer máis servizos audiovisuais con menos financiamento que hai unha década. A análise da evolución dos orzamentos das radiotelevisións públicas da UE nesta segunda década do século XXI constata esa realidade.

Aos novos retos responden as radiotelevisións públicas redobrando a súa eficacia con novos servizos, alianzas con operadores públicos e privados, reorganizacións das súas estruturas, plans quinquenais, sistemas de verificación e de reforzos da credibilidade, melloras da calidade, estratexias de innovación e apertura aos seus públicos, creación de academias e programas de formación, transparencia e rendición de contas, avaliación do rendemento do valor social público agregado e defensa da súa existencia para apoiar ás industrias creativas locais pola influencia global das plataformas dixitais.

As corporacións de radiotelevisión pública europea recollen a incidencia, ao igual que o resto de axentes do ecosistema mediático, dos cambios provocados pola adopción das TIC'S nunha sociedade hiperconectada e hiperactiva que basea a súa relación cos medios na interacción. Ese contexto fomentou a adaptación destes entes públicos aos entornos dixitais.

No ámbito da regulamentación, a radiotelevisión pública europea enfróntase nos próximos anos a cinco grandes hitos de regulamentación e gobernanza: O novo escenario estratéxico e tecnolóxico da Europa Dixital; A renovación do Programa Europa Creativa para 2021-2027; O eventual impacto do Brexit e na UE27; O ecosistema mediático de servizos audiovisuais na nube; O incerto futuro sobre o espectro radioelétrico terrestre a partires do 2030.

Neste contexto, as circunstancias xerais de mercado da actividade da Corporación RTVG e, por tanto, os seus imperativos de adaptación ao mercado, son en xeral as que atinxen aos operadores audiovisuais de titularidade pública nas sociedades desenvolvidas. Artículanse estas en perspectivas de acción estreitamente ligadas entre si e se resumen na necesidade de estar á altura da competencia que supoñen dos medios privados, o que esixe unha xestión en clave empresarial concorrente coa daqueles en canto prestacións tecnolóxicas, combinación de medios e canles de carácter xeral e temática etc., conxugada co desenvolvemento dunha oferta característica de contidos que sexa coherente coa misión de servizo público, e así:

Nese imperativo, unha constante actualización tecnolóxica en canto:

- Consideración da Rede, nomeadamente da banda larga, como canle principal de transmisión.
- Capacidade, no caso concreto do marco dado polo Estado para os operadores autonómicos, de adaptarse ao axuste inminente do espazo radioelétrico para a TDT e a televisión por satélite.
- Capacidade igualmente de recepción dos contidos polos distintos dispositivos de recepción dispoñibles no mercado, sendo especialmente relevante adaptarse á introdución da tecnoloxía 5G.
- O incremento da resolución das imaxes servidas ata os óptimos tecnolóxicos actuais.
- O incremento, así mesmo de posibilidades de interacción co público, singularizada para espazos concretos e globalmente como operador, de orde xeral e mediante redes sociais.
- A formalización dunha oferta articulada combinando canles programadas e contidos por catálogo, accesibles para consumo convencional simultáneo a emisión ou diferido, neste caso en liña e previa descarga.

Igualmente, desde o punto de vista da oferta e a súa relación co servizo público, unha política de contidos:

- Que singularice a oferta propia distinguíndoa da das grandes plataformas privadas transnacionais.
- Que, sedimentando a audiencia nos segmentos de poboación fieis, capte e consolide outros con intereses específicos ampliando a penetración social dos produtos da Corporación noutros grupos sociais.
- Que privilexie a elección de contidos a vontade en canto momento e medio de recepción, así como a inter-actividade.
- Que teña en conta a realidade e significado da democratización da súa produción, tendo presente a crecente concorrência de formatos fragmentarios e a súa circulación gratuíta.
- Que constitúa a vangarda da presenza da lingua e a cultura de Galicia, coas implicacións económicas e sociais que iso supón, no espazo dixital, tendo presente o valor estratéxico das actividades de xeración de contidos.

Esta perspectiva, con todo, non estaría completa, se non se referisen dúas liñas de evidencias que, plasmadas na conxuntura de concorrência en 2019, expresan tendencias de fondo que afectan á provisión do servizo:

- Estanse a producir novas mudanzas, que é moi probable que se consoliden, nas pautas de consumo de televisión, e estas fanse presentes tamén en Galicia: un incremento do público masculino en detrimento do feminino; a redución do consumo do público de 44 a 65 anos; o aumento da audiencia nas principais cidades e nas vilas, e mais un cambio de hábitos horarios, aumentando o consumo na tarde e reducíndose na noite. Estes cambios danse simultaneamente á aparición e consolidación de novos operadores no sector, nomeadamente as OTT e a unha perda constante consolidada, que para o Estado se cifra nun 5,7 % menos de espectadores de televisión convencional. Con todo, a Corporación RTVG mantén unha fortaleza comparativa e está comprometida nunha resposta mellorando os seus servizos á audiencia. A mellora implica a todo o dispositivo de emisión e de produción, supoñendo a incorporación de novos programas á grella, a mellora na produción e na visualización dos contidos informativos e unha insistencia na aposta pola a emisión a través das canles dixitais.
- A situación de oligopolio do mercado publicitario español de televisión seguiu pronunciando o seu impacto en 2019, no que se estima que foi en conxunto, para as televisións vinculadas á FORTA, unha redución dun 29,3% na facturación.

Sobre os resultados da provisión do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia

A audiencia media no 2019 das canles públicas galegas foi do 9,9% no conxunto día, e do 10,1% no horario máis importante do día, o *prime time*. Desglosado, a TVG acadou un 9,2% no conxunto do día, que aumenta ao 9,5% no prime time. E a G2 acadou 0,7% de media no conxunto do día, e 0,6% no *prime time*.

En posición comparativa coas canles autonómicas que integran a FORTA a TVG acada a segunda posición no conxunto do día e a terceira no *prime time*. A canle pública galega preséntase como unha das máis dinámicas do grupo xa que acada no conxunto do día 1 punto de cota máis ca media da FORTA (8,2%). No *prime time* a TVG acada 1,1 puntos máis ca media da FORTA (8,4%).

A Radio Galega acadou no ámbito galego 148.000 - oíntes diarios de luns a venres, o que supón unha cota de consumo do 18,5% e 135.000 diarios de luns a domingo segundo datos do EGM referidos ao ano 2019, o que supón unha cota do 16,9%.

Ao respecto de Radio Galega Música, segundo datos do EGM referidos ao ano 2019 (febreiro / novembro 2019), acadou unha audiencia de 26.000- oíntes/día de luns a venres e de 29.000- oíntes diarios de luns a domingo.

Ambas emisoras de radio, xunto con Son Galicia Radio, contaron cunha audiencia conxunta de 174.000 oíntes de luns a venres no ano 2019 segundo datos do EGM (febreiro / novembro). De luns a domingo, segundo a mesma fonte, o conxunto de emisoras de Radio Galega acadaron unha audiencia de 164.000 oíntes.

En relación ás canles dixitais, crtvg.gal acaba o ano con 4.219.832 de usuarios, 30.952.595 de páxinas vistas e 11.925.241 de sesións, é dicir, un incremento do 9% e do 6% en usuarios e sesións

Na aposta polas redes sociais, @crtvg acabou o ano con 111.384 seguidores, @tvgalicia con 46.505 e @radiogalega con 19.535 seguidores, é dicir un incremento do 2%, do 14% e do 16% respectivamente. En Facebook, CRTVG, TVG e RG acaban o ano cun incremento respecto a 2018 do 11%, 9% e 25% respectivamente, é dicir, con 52.310 seguidores, 116.956 e 14.192, respectivamente. Destacar a iniciativa por contido propio elaborado especialmente para redes como Instagram e Youtube, que tiveron un significativo incremento de seguidores dun 34 a un 45 por cento. Iniciativas como #Instagal para poñer en valor e descubrir a procedencia e o significado de palabras galegas en uso foi recoñecido co Premio Paraugas de Comunicación e Márketing de Galicia, na categoría de Mellor proxecto social media.


No relativo á definición da estratexia global da Corporación RTVG en canto a marcas e medios, na definición de canles e plataformas propias como produtos diferenciados, apostouse por unha nova marca “G24” para os servizos Informativos. O servizo do arquivo en liña da TVG, (pasouquepasou.crtvg) acabou o ano con 84.745 páxinas vistas, 10.232 usuarios e 12.810 visitas. O obxectivo de pasouquepasou.crtvg é facilitar o acceso aos contidos de arquivo dos medios públicos galegos, adaptándoos a un medio imprescindible como é Internet. A canle temática Enserie.gal acabou o ano cunha audiencia de 899.110 páxinas vistas, 46.189 usuarios e 373.651 visitas. Musi.gal, que se estreou en abril de 2017, é o primeiro gran portal da creación musical feita en Galicia. Musi.gal permite crear narrativas diferentes en función do usuario e en abril de 2019, creouse unha nova sección dedicada a personaxes ilustres, iniciada pola figura de ‘Andrés Gaos’. Acabou 2019 con 14.226 páxinas vistas, 8.705 usuarios e 10.021 visitas. Radio Picariña (iniciada en maio de 2018), acabou o ano con 18.578 páxinas vistas, é dicir, un 22% de incremento con respecto a 2018; e diariocultural.gal (novembro de 2018) con 30.266 páxinas vistas 12.121 usuarios e 18.239 visitas.

En canto ás APPs, durante o ano 2019 aumentou o número de descargas e a APP principal da CRTVG dispón de 18.893, a APP do Xabarán 1.673 e a APP Pasouquepasou 73.


O novo sistema de produción dixital implicou novas calidades nos vídeos baixo demanda (servizo de ‘Á carta’) e no consumo dos directos ‘LIVE’. A mellora da calidade na web dos contidos de vídeo (LIVE e VoD), ao fío do proceso de dixitalización da Corporación RTVG, supuxo unha mellora substancial do servizo público que se ofrece en internet a todos/as os/as galegos/as. Desta forma, o consumo de streaming tivo un incremento do 9% con respecto a 2018 con 10.681.944 usuarios únicos, o que supón unha media de 890.162 usuarios únicos mensuais que visualizan ou escoitan os seus contidos, 71.472 máis que en 2018.

Sobre a xestión da área laboral

Coa finalidade de poñer en contexto a xestión operativa da área de Recursos Humanos, da que se da detalle no capítulo correspondente deste informe, preséntanse a continuación os cadros de evolución dinámica para o período 2009-2019 das variables: gasto de persoal e número medio de traballadores/as elaborados a partir da información recollida nas contas anuais auditadas de cada exercicio.



Fonte: Contas anuais auditadas. Valores expresados en millóns de euros.



Fonte: Contas anuais auditadas.

En termos xerais os valores recollidos nos cadros anteriores poñen de manifesto que no ano 2009 a CRTVG tiña un número medio de traballadores/as de 996 (inclúe o persoal directivo) e un cadro de persoal de 769. O subconxunto diferencial de 227 traballadores/as proxectaba un característico nivel de problemática de risco de indefinidade.

Esta situación completábase co perímetro de risco laboral (indefinidade e/ou cesión ilegal) referido aos contratos de servizos externalizados de novas (con orixe no ano 1.985 e seguintes) e mesmo con determinados contratos de servizos relacionados co mantemento, montaxes escénicos e artísticos. Esta situación engadía, en clave tendencial, aproximadamente outros 160 traballadores/as adicionais ata chegar a un número total aproximado a identificar de 1.156 efectivos. Este escenario tendencial foise cumprindo (vía xurisdiccional) de forma progresiva, de xeito que no ano 2011 internalizáronse as delegacións como medio propio da CRTVG. Isto supuxo, en termos de impacto, o efecto cuantitativo máis significativo.

A partir de 2014 ponse de manifesto e en consecuencia recóllese o efecto das actuacións realizadas desde o punto de vista da seguridade xurídica nas relacións laborais e mesmo cara a conter o gasto de persoal, baixo un escenario de dificultades no acceso

aos recursos, asociado á crise económica e tamén á contención dos orzamentos institucionais con importantes recortes no conxunto das televisións autonómicas.

A CRTVG non estivo á marxe desta tendencia e as súas achegas institucionais recolleron a incidencia derivada do marco xeral de austeridade. O obxectivo das iniciativas mencionadas foi o de contribuír a manter unha coherencia dos custos de explotación, ao tempo que se melloraba en termos de estabilidade e calidade no emprego.

Os datos a 31 de decembro de 2019 poñen de manifesto que o que o número medio de traballadores/ano estabilizouse nun valor de 943 traballadores/as. O desglose por natureza do vínculo é o seguinte:

- Cadro directivo: 37.
- Persoal de cadro: i) fixos: 535; ii) relevistas: 64, iii) indefinidos en praza vacante: 178; iv) interinos en praza vacante: 2 e v) 12 interinos que ocupan prazas reservadas.
- Persoal de longa duración: i) indefinidos sentenza firme: 1; ii) indefinidos sentenza non firme: 16; iii) obras ou servizos determinados: 17 e vi) contratos en prácticas: 33.
- Substitucións (motivadas principalmente por Incapacidades Temporais): 48.

Noutra orde de cousas, a evolución da cultura corporativa, en razón dunha nova filosofía e práctica da xestión das persoas e a organización xunto coa mudanza de procesos e procedementos produtivos a favor dunha maior eficiencia, esixe unha reorganización na estrutura e na dinámica das unidades de base e intermedias que transmita a estas os efectos da articulación en Áreas. Nesa contorna a Corporación propiciou a co-responsabilidade en diálogo entre ela e o seu persoal, facéndoo, desde o capital de talento e experiencia que achega, motor do cambio emprendido, garantíndolle baixo criterios de seguridade xurídica un emprego de calidade. E a ese fin cómpre modernizar e axilizar tamén as dinámicas e prácticas en que se dan as relacións laborais.

Outro obxectivo foi propiciar entornos que contribúan a favorecer o desenvolvemento profesional, a iniciativa e unha maior satisfacción laboral baixo criterios de manter a estabilidade da Corporación. Mesmo continuar a mellorar a xestión operativa de recursos humanos, en relación coa nova organización produtiva, dotándoa dun sistema de xestión integral que impulse avances en clave de rendemento operacional e estratéxico.

Estas actuacións seguen a ser principios que están presentes na área da xestión das persoas e a organización nun horizonte temporal con vocación de permanencia.

En definitiva, o esquema de xestión desenvolvido durante o ano 2019 permitiu conformar un conxunto de medidas que xunto coa actualización do cadro facilitou una contribución activa cara a:

- Mellorar a xestión en clave de seguridade xurídica e sentar unha base axeitada para xestionar de xeito profesional a área laboral.
- Proporcionar transparencia externa e interna plenamente coherente coa reformulación da cultura corporativa.
- Ter un decisivo valor instrumental inmediato en clave de xestión, na medida en que o cadro de persoal identifica con claridade o conxunto de postos de traballo da Corporación.
- Mellorar así a capacidade de gobernanza na proxección estratéxica da xestión que se refire aos recursos humanos, facilitando ao supervisor e aos órganos de goberno da Corporación a toma de decisións.

Neste contexto os retos están centrados nas novas competencias que demande a actividade e tamén en xestionar o cambio de forma acompañada coas necesidades produtivas. Isto conleva un traballo tendente a realizar unha aplicación produtiva da dixitalización, avaliando o efecto da mesma baixo principios de seguridade xurídica. Trátase de facer compatible o entorno laboral existente cun conxunto de melloras e avances asociados, en termos xerais, á diversidade xeneracional e aos niveis formativos e funcional, de xeito que permitan manter unha coherencia dos custos de explotación.

En relación co financiamento, a xestión orzamentaria e a tributación indirecta

Financiamento

Para atender os compromisos de gasto asociados á xestión do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, a Corporación RTVG xestionou un orzamento definitivo no 2019, por importe de 109,1 millóns de euros.

Xestión orzamentaria

De acordo co estipulado no artigo 85.2.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, tramitouse un expediente de modificación orzamentaria. A Consellería de Facenda autorizou unha modificación do orzamento de explotación da Corporación RTVG en data 12.12.2019 por importe de 370.102 euros. O obxecto da modificación foi incrementar a partida de aprovisionamentos.

Ao fío do exposto e coa finalidade de presentar unha completa información sobre a execución orzamentaria que facilite a comprensión dos valores do exercicio 2019, a continuación recóllese o cadro de resultados orzamentarios consolidados da Corporación RTVG, S.A. referidos ao período 1985/2019.

(Valores expresados en millóns de euros)

CONCEPTO	ORZAMENTO DEFINITIVO	RESULTADO EJERCICIO CONSOLIDADO	RESULTADO ACUMULADO	CONCEPTO	ORZAMENTO DEFINITIVO	RESULTADO EJERCICIO CONSOLIDADO	RESULTADO ACUMULADO
EXERCICIO 1985		(0,7)	(0,7)	EXERCICIO 2004	118,0	(7,6)	(75,4)
EXERCICIO 1986		(1,8)	(2,5)	EXERCICIO 2005	125,1	19,9	(55,4)
EXERCICIO 1987	27,4	(1,4)	(3,9)	EXERCICIO 2006	139,7	4,5	(50,9)
EXERCICIO 1988	35,3	(7,5)	(11,4)	EXERCICIO 2007	133,8	3,7	(47,3)
EXERCICIO 1989	41,0	(14,0)	(25,4)	EXERCICIO 2008	131,8	(3,7)	(51,0)
EXERCICIO 1990	66,6	(3,8)	(29,2)	SUMA 1985-2008	1.926,7	(51,0)	(51,0)
EXERCICIO 1991	72,2	(11,0)	(40,2)	EXERCICIO 2009	146,9	2,0	(49,0)
EXERCICIO 1992	64,1	(9,4)	(49,6)	EXERCICIO 2010	145,4	21,6	(27,4)
EXERCICIO 1993	62,0	(2,3)	(51,9)	EXERCICIO 2011	121,5	0,4	(27,0)
EXERCICIO 1994	68,1	(2,7)	(54,6)	EXERCICIO 2012	114,4	0,3	(26,7)
EXERCICIO 1995	71,6	0,7	(53,9)	EXERCICIO 2013	104,0	0,3	(26,4)
EXERCICIO 1996	76,0	2,4	(51,5)	EXERCICIO 2014	107,8	0,3	(26,1)
EXERCICIO 1997	81,0	(0,1)	(51,6)	EXERCICIO 2015	103,6	0,8	(25,3)
EXERCICIO 1998	87,3	(2,5)	(54,1)	EXERCICIO 2016	104,1	3,7	(21,6)
EXERCICIO 1999	100,9	5,5	(48,6)	EXERCICIO 2017	107,2	1,6	(20,0)
EXERCICIO 2000	101,0	10,6	(38,0)	EXERCICIO 2018	106,9	2,2	(17,8)
EXERCICIO 2001	99,9	1,7	(36,3)	EXERCICIO 2019	109,2	1,7	(16,1)
EXERCICIO 2002	105,5	(21,9)	(58,1)	SUMA 2009-2019	1.163,8	34,9	(16,1)

Nota.- Os valores negativos reflíctense expresados entre parénteses ().

A liquidación orzamentaria da Corporación RTVG correspondente ao exercicio 2019 presenta unha posición cun resultado orzamentario positivo de 1.668.689 euros. As posicións acadadas no período 2009-2019 (a.i), acadaron unha sistemática posición do resultado orzamentario con superávit. Isto permitiu contribuír a sanear a acumulación histórica de déficits de tesourería negativos non presupostados. Saneáronse no período 2009-2019 (a.i) un valor total de 34,9 millóns de euros o cal representa unha porcentaxe do 68,4 %. A situación reflectida no balance ao remate do exercicio 2019, fixou o valor do seu patrimonio neto en 43,4 millóns de euros. Isto representa un incremento en valores relativos de 1,9 %.

En canto á débeda neta (diferenza entre os dereitos de cobro, incluídos recursos líquidos dispoñibles e as débedas, obrigas de pagamento) a Corporación RTVG, S.A. presenta a 31.12.2019 un importe de <-2,1> millóns de euros. En termos xerais, esta cifra consolida unha tendencia maioritaria no período 2009 - 2019, de mellora da débeda neta

total. Sen embargo, no ano 2019, recolle o efecto da execución do proxecto de implantación do sistema de produción dixital na Corporación. Isto supuxo un incremento no pasivo en concepto de arrendamento financeiro de 7,1 millóns de euros.

Tendo en conta as cifras do subconxunto débeda bancaria, os datos poñen de manifesto que a mesma evolucionou dende un valor de 32,4 millóns (ano 2009) seguindo unha tendencia descendente nos exercicios sucesivos, de xeito que a 31.12.2013 desaparece a débeda bancaria. Esta situación permanece invariable a 31.12.2019.

A liquidación orzamentaria da Corporación en posición comparativa co exercicio anterior (2018), en termos de execución real, permite avanzar que: nas aplicacións de gasto e nos recursos, os valores finais acadados, analizados en termos homoxéneos co exercicio anterior, manteñen un peso compositivo semellante aos de 2018.

O gasto de persoal no 2019 acadou un valor de 50,1 millóns de euros. Este comportamento supón un incremento en termos porcentuais dun 2,6.

A Corporación RTVG ten en curso determinados procesos de reclamación xudicial, con efecto orzamentario, derivados da execución dos contratos de servizos de novas de anos anteriores (asinados a partires do ano 1995) e por outras reclamacións do persoal ordinario. No exercicio 2019 provisionáronse responsabilidades laborais por un total de 0,9 millóns de euros. Estes valores evidencian a culminación do proceso de saneamento da xestión laboral, a diminución drástica da litixiosidade laboral e o comezo dunha nova etapa baseada en executar unha xestión de RR.HH comprometida cos principios de seguridade xurídica.

Unha nova organización produtiva asentada no sistema de produción dixital e enfocada en colocar a audiencia no centro da actividade da CRTVG, abre paso a cambios no modelo de xestión e a estratexia de produción cara a definir, organizar e racionalizar o tráfico dos contidos que produce a Corporación con destino ás distintas canles e formatos.

A xerencia orzamentaria executada no 2019, permitiu constatar a capacidade de adaptación orzamentaria a un entorno cambiante caracterizado polas restricións no acceso aos recursos que incidiu nas áreas de contidos e medios. En clave de provisión do servizo, ponse de manifesto unha axeitada eficiencia na organización dos medios e os recursos, compatible co obxectivo de acadar unha xestión eficaz desde o punto de vista da programación e audiencia, baixo o obxectivo de manter o pulso da competitividade.

Sobre a tributación indirecta

A provisión do servizo público de comunicación audiovisual, desenvolveuse na última década nun entorno complexo e cambiante onde a problemática do IVE insiste un ano máis, de xeito crítico e recorrente, en proxectar un efecto de inestabilidade sobre a xestión orzamentaria da Corporación e en consecuencia sobre o conxunto da actividade de provisión do servizo público.

En clave de retrospectiva, a controversia relativa ao Imposto sobre o Valor Engadido afectou inicialmente aos exercicios do período 1998 a 2004 (a.i).

En contra do sostido pola Administración Tributaria, desde Televisión de Galicia, S.A. e a Radiotelevisión Galicia, S.A. defendeuse que dous artigos da lei 37/1992, do Imposto sobre o Valor Engadido, na redacción dada pola lei 66/1997 non se axustaba ao ordenamento comunitario europeo e, en consecuencia, non deberían ser aplicables nin pola Administración nin polos Tribunais españois, e non cabía aplicar a regra da prorrata polo mero feito de percibir subvencións.

A posición defendida por ambas sociedades veuse confirmada por diversas resolucións:

- Para Televisión de Galicia, S.A. polas sentenzas da Audiencia Nacional de datas 2 de xaneiro 2006 e de 21 de xuño de 2007, relativas aos exercicios 1998-2000 e 2002 e pola Unidade Central de Xestión de Grandes Empresas da Axencia Tributaria respecto dos exercicios 2001-2004, nos seus acordos de data 13 de decembro de 2005.
- Para Radiotelevisión Galicia, S.A. polas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en datas 27 de xullo de 2006 e de 11 de marzo de 2009.

Tras uns exercicios pacíficos, no ano 2013 a Axencia Tributaria pasa a considerar que Televisión de Galicia, S.A. é unha entidade “dual” que realiza unha actividade “non suxeita” a IVE (emisión de programas) e outra actividade “suxeita” (venta de publicidade fundamentalmente) e que, en consecuencia, o IVE soportado solo sería deducible na porcentaxe que representan os ingresos publicitarios. Con este novo criterio a Axencia Tributaria (AEAT) practica liquidacións relativas aos exercicios 2013 e 2014. O Tribunal Económico-Administrativo de Galicia, en data 27 de abril de 2017, estima as reclamacións presentadas por Televisión de Galicia, S.A., anulando as liquidacións impugnadas.

No ano 2017 a Axencia Tributaria iniciou un novo proceso de inspección (dos meses de xaneiro a maio) baseado en que a achega patrimonial que recibe a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. do socio único, a Xunta de Galicia, está suxeita ao IVE do 21%. O acordo de liquidación practicado pola AEAT foi recorrido pola Corporación RTVG ante o Tribunal Económico Administrativo Rexional (TEAR) en data 21 de marzo de 2018.

No ano 2018 a AEAT inicia outro proceso de inspección (dos meses de novembro a 2017 a decembro de 2018) aplicando de novo o criterio de actividade dual sobre o IVE soportado considerando que a Corporación RTVG exerce dúas actividades; unha comercial (programas con alta audiencia, con dereito a dedución do IVE) e outra non comercial (programas con baixa audiencia, sen dereito a dedución do IVE). O acordo de liquidación practicado pola AEAT foi recorrido pola Corporación RTVG ante o TEAR en data 20 de novembro de 2019.

Ambos procedementos encóntranse suspendidos pola interposición dunha cuestión prexudicial polo Tribunal Económico Administrativo Central (TEAC) ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Unha recente sentenza deste tribunal, de data 21 de xaneiro de 2020, acorda que outra petición de decisión prexudicial formulada polo TEAC é inadmisíble xa que non pode cualificarse ao dito organismo de “órgano xurisdiccional” aos efectos do art. 267. Ao fío do exposto é previsible que proximamente o TEARG levante a suspensión de ambos procedementos e resolva os recursos formulados pola Corporación.

Para concluír

A xerencia orzamentaria, desenvolvida ao longo do ano 2019, supuxo un avance baseado en procedementos formais operacionais que contribuíron a potenciar as capacidades de xestión estratéxica, mesmo en mellorar a capacidade de adaptación ao cambio. Un cambio comprometido coa transformación dixital en catro etapas a cubrir nun avance progresivo: transformación cultural, transformación orgánica, transformación profesional e transformación tecnolóxica.

A flexibilidade para axustar actividades cara a dar resposta a situacións cambiantes e superar situacións críticas, definindo obxectivos e redeseñando estratexias foi un rasgo característico da xestión que propiciou un avance significativo nos obxectivos de xestión como base para mellorar a viabilidade da provisión do servizo.

Liquidación orzamentaria

A liquidación do orzamento consolidado do exercicio 2019 da Corporación RTVG, S.A. preséntanse no cadro seguinte:

- Euros -

DOTACIÓNS E RECURSOS CONSOLIDADOS 2019	ORZAMENTO ORZAMENTO ORZAMENTO RESULTADO			
	INICIAL 2019	DEFINITIVO 2019	EXECUTADO 2019	ORZAMENT. 2019
<i>DOTACIÓNS</i>				
Compras	35.237.640	36.007.742	35.949.234	58.508
Servizos Exteriores	15.003.000	14.603.000	14.527.365	75.635
Tributos	157.000	157.000	139.646	17.354
Gastos de Persoal	51.686.360	51.316.258	50.993.631	322.627
Outros Gastos de Xestión	75.000	75.000	21.523	53.477
Perdas Prod. do Activo non Cte. e G. Excep.	0	22.000	20.000	2.000
Gastos Financeiros	385.000	863.000	855.089	7.911
Inmobilizacións Intanxibles	2.866.000	3.366.000	2.681.451	684.549
Inmobilizacións Materiais e en Curso	3.755.000	2.755.000	2.474.958	280.042
TOTAL DOTACIÓNS	109.165.000	109.165.000	107.662.897	1.502.103
<i>RECURSOS</i>				
Ingresos Publicitarios Netos	8.122.000	8.122.000	5.775.556	-2.346.444
Outras Vendas	644.000	644.000	1.148.842	504.842
Outros Ingresos Xestión	275.118	275.118	1.038.689	763.571
Ingresos Financeiros	7.000	7.000	40.969	33.969
Benef. Prod. do Activo non Cte e I. Excep.	0	0	27.100	27.100
Achegas Patrimonial	99.866.882	99.866.882	99.866.882	0
Subvencións de Capital	250.000	250.000	250.000	0
Remanentes de Capital	0	0	1.183.548	1.183.548
TOTAL RECURSOS	109.165.000	109.165.000	109.331.586	166.586

A conciliación cos valores de balance a través do estado demostrativo das variacións de remanente de tesouraría é a seguinte:

- Euros -			
CONCEPTOS	2019	2018	VARIACIÓN
DEREITOS PENDENTES DE COBRO	17.210.804	17.170.880	39.924
Créditos Concedidos a l/p	236.027	661.152	(425.125)
Credito Facenda P ^a L/P	9.914.797	7.439.522	2.475.275
Fianzas e depósitos const.l/p	9.563	9.443	120
Créditos concedidos c/p	876.742	978.861	(102.119)
Debedores por operacións tráfico	5.875.688	7.820.997	(1.945.309)
Investimentos financeiros c/p	4.800	4.833	(33)
Axustes periodicación	260.323	174.368	85.955
Anticipos sobre compras	32.864	81.704	(48.840)
OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO	(24.608.794)	(24.774.091)	165.297
Provisións responsabilidade	(1.293.911)	(1.330.591)	36.680
Débedas a L/P	(9.521.346)	(8.300.000)	(1.221.346)
Préstamos recibidos c/p	0	0	0
Acredores por operacións tráfico	(13.735.841)	(15.097.059)	1.361.218
Outras débedas a c/p	(57.696)	(46.441)	(11.255)
TESOURARÍA	12.346.616	14.151.000	(1.804.384)
(=) REMANENTE TESOURARÍA	4.948.626	6.547.789	(1.599.163)
Variación neta incluídos remanentes por incorporacións orzamentarias			3.267.852
(=) RESULTADO ORZAMENTARIO 2019			1.668.689

Prospectiva

O orzamento consolidado de explotación e capital da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., para 2020 é de 111,2 millóns de euros. Este orzamento está financiado mediante a percepción das compensacións polo cumprimento da misión de servizo público (92,6%) e por ingresos comerciais derivados da participación no mercado da publicidade e outros (7,4%).

A achega patrimonial ten por obxecto equilibrar os custos nos que se incorre como consecuencia da especial carga de servizo público da programación de televisión, radio e medios dixitais.

A Corporación RTVG a futuro está centrada en avanzar, entre outros, nos puntos seguintes: reformular o seu modelo de actividade cara a orientalo á demanda colocando a audiencia no centro da estratexia da CRTVG; de gobernanza (desenvolvemento de novos sistemas de calidade, responsabilidade social corporativa e rendición de contas);

económico-financiero (asegurar a sostibilidade para a transformación tecnolóxica e adaptación aos novos sistemas); de adaptación do modelo interno cara a mellorar a súa eficiencia; defender o espazo no mercado audiovisual do seu entorno; innovar como receita para revitalizar o servizo e comunicar o valor social do servizo audiovisual público.

A distribución dos gastos sobre os que se articula a provisión do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, construído a partir das liquidacións orzamentarias de cada exercicio que se recolle a continuación, para o ano 2010 e para o período 2014-2019, permite presentar o entorno de xestión en clave dinámica e mesmo facer unha análise prospectiva sobre os aspectos que dende o punto de vista do financiamento haberán de terse en conta no futuro.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA	2010		2014		2015		2016		2017		2018		2019	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%
COMPRAS E SERVIZOS EXTERIORES	78.162,8	52,3%	50.773,6	45,6%	53.642,8	50,7%	51.198,1	49,6%	51.772,6	48,8%	49.417,7	47,6%	50.476,6	46,9%
GASTOS DE PERSOAL	59.376,4	39,7%	48.234,9	43,2%	49.169,4	46,5%	49.377,8	47,8%	48.823,0	46,0%	48.774,5	47,0%	50.993,6	47,4%
SUMA COMPRAS, S.EXT., G.PERSOAL	137.539,2	92,0%	99.008,5	88,8%	102.812,2	97,2%	100.575,9	97,3%	100.595,6	94,8%	98.192,2	94,6%	101.470,2	94,3%
TOTAL CONSOLIDADO DOTACIÓNS	149.449,1	100,0%	111.535,9	100,0%	105.797,7	100,0%	103.317,7	100,0%	106.060,4	100,0%	103.774,6	100,0%	107.662,9	100,0%

Fonte.- Datos extraídos das liquidacións orzamentarias dos exercicios 2010 e 2014 / 2019 da Corporación RTVG, S.A.

Notas.- Os valores do ano 2010 de compras e servizos exteriores están minorados en 1,5 millóns de euros correspondentes ao gasto conxuntural de cobertura informativa da visita do Papa a Galicia. Os valores de gasto de persoal, inclúen -ata 2015- o custo do Consello de Administración da sociedade.

A distribución anterior pon de manifesto que:

- As aplicacións de compras / servizos exteriores e gastos de persoal veñen a representar un peso compositivo medio do período 2014-2019, sobre o total das dotacións da Corporación RTVG, S.A. dun 94,3 %.
- Os valores 2019 referidos a compras / servizos exteriores, reflicten importes que evidencian unha adaptación selectiva dos custos da actividade, os cales

evolucionan de 78,2 a 50,5 millóns de euros no período 2010 – 2019. En valores relativos representa unha porcentaxe do <-35,4%>.

Ao respecto dos gastos de persoal, inicialmente teñen unha tendencia expansiva, ao fío do efecto do proceso de saneamento da xestión laboral levado a cabo (con orixe na execución retrospectiva anterior a 2009 das relacións laborais e a consecuente dotación de provisións por responsabilidade) a partir do 2014 segue unha traza de estabilidade. Deste xeito estase a consolidar unha secuencia de contención dos valores.

Seguindo un esquema baseado nunha análise de tendencias baixo criterio de que as tendencias que están agora presentes e que ademais teñen unha certa relevancia son as que proxectarán o seu efecto no curto prazo, estas permiten concluír que os retos da actividade situaranse en abordar os desafíos do entorno dixital.

Desde o punto de vista do financiamento, centranse na sostibilidade e provisión do servizo público baixo criterios de eficiencia, en finalizar o proceso para acompañar a administración orzamentaria coa financeira e mesmo na conveniencia de manter a coherencia dos custos de explotación en termos de peso compositivo sobre o total das dotacións. Esta forma de facer prospectiva non contempla a posibilidade dun cambio radical.

Na área de organización e xestión das persoas os retos a identificar céntranse en abordar os desafíos que marcarán as relacións laborais no entorno dixital, a procura da seguridade xurídica, mellorar e modernizar a interlocución cos sindicatos, xestionar a diversidade xenacional e favorecer a independencia da función de recursos humanos.

En resumo, as tendencias máis relevantes que permiten analizar, comprender e identificar, entre outros, os rasgos característicos que marcarán o futuro nos vindeiros exercicios, insisten na sostibilidade e provisión do servizo baixo criterios de eficiencia nun entorno de complexidade e incertidume, onde a innovación preséntase como un aspecto clave para revitalizar o servizo público audiovisual, baixo o obxectivo de atender o ritmo das esixencias do entorno orzamentario para prestar máis e mellores servizos a un menor custo.





1. AS RELACIÓNS LABORAIS NA CRTVG

Ao respecto da política socio-laboral da CRTVG durante o ano 2019, podemos salientar os seguintes aspectos:

1.1 Negociacións coa parte social

Unha das principais características nas relacións laborais da CRTVG baséase na interlocución entre a parte social e a empresa, existindo na actualidade diferentes foros de negociación abertos, relativos a aspectos diversos relacionados coa actividade habitual da empresa e doutras cuestións organizativas e técnicas.

O obxectivo da apertura destas comisións de negociación parte da vontade de chegar a acordos beneficiosos para a empresa e os/as traballadores/as, así como obter a perspectiva e análise dos representantes dos traballadores/as. Neste caso, debemos mencionar as xuntanzas dos diferentes comités e os principais temas abordados nos mesmos ao longo do 2019.

Comité Intercentros

Este comité ten competencia naqueles asuntos que afecten máis dun centro de traballo (artigo 114 do Convenio Colectivo). Está formado polos 21 representantes dos traballadores/as electos.

No ano 2019 realizáronse 16 xuntanzas. Delas, podemos destacar as seguintes cuestións:

- Análise do cadro de persoal para o ano 2019, así como as previsións a futuro relativas a xubilacións, vacantes netas, incorporacións e necesidades previstas.
- Os eventos especiais das eleccións acontecidas durante o ano.
- Adecuación as novas condicións lexislativas sobre xubilacións parcial.
- Negociación do control horario na CRTVG.
- Negociación da aplicación do artigo 41 do Estatuto dos Traballadores.
- Negociación de asignación de prazas por centros de traballo.

En xeral, tamén se trataron nestas reunións os modelos de organización dos departamentos, modificacións horarias, negociacións para resolución de conflitos entre outras cuestións derivadas da actividade empresarial diaria.

Comisión Paritaria

Segundo o disposto no artigo 11 do Convenio Colectivo da CRTVG, a comisión paritaria ten como principal función a interpretación do disposto no convenio. Neste senso, nas diferentes reunións do ano 2019, que foron un total de 4, analizáronse os seguintes puntos:

- Interpretación sobre a comunicación das faltas leves a representación sindical. Artigos 90, 91 e 92 do vixente Convenio Colectivo
- Interpretación do artigo 41.1.9.2 do Convenio Colectivo
- Interpretación do artigo 11.2.1.1 do Convenio Colectivo
- Interpretación do artigo 41.1.23.1 do Convenio Colectivo
- Interpretación do artigo 41.1.4 do Convenio Colectivo
- Interpretación do artigo 41.1.21.2 do Convenio Colectivo
- Interpretación da condición de parellas de feito nos permisos

En todas as xuntanzas procúrase conseguir unha interpretación acorde ao espírito da norma do Convenio, ao beneficio dos traballadores/as e a lexislación vixente.

Comité CRTVG

O Comité CRTVG ten competencia sobre os asuntos relativos ao centro de traballo de San Marcos. No ano 2019 reuniuse 6 veces co obxecto de abordar cuestións relativas á situación dos traballadores/as e a operativas habituais e excepcionais no centro de traballo.

Comisión de Listaxes de Contratación

Ao longo de 2019 mantivéronse 11 reunións da Comisión de Listaxes de Contratación, nas que se trataron temas tales como a contratación en prácticas e os contratos de revezamento froito das xubilacións parciais, así como outros asuntos como os criterios de contratación de bolseiros ou a ampliación das listaxes de contratacións temporais.

Comité de Seguridade e Saúde

O Comité de Seguridade e Saúde Laboral asume as competencias que a Lei de Prevención de Riscos Laborais establece no seu artigo 39. Trátase dun órgano colexiado e paritario composto por todos os delegados de prevención e en igual número por representantes da empresa. Os delegados de prevención son nomeados polos sindicatos atendendo a súa representación.

Durante o ano 2019 producíronse un total de 11 reunións, nas que se levaron a cabo diferentes análises, protocolos e avaliacións das diferentes actividades nestas materias que afectan os traballadores da CRTVG.

Comisión de Igualdade

No mes de setembro do ano 2019 constituíuse esta comisión paritaria entre a Corporación e a parte social, a cal se reuniu nese ano en 9 ocasións. Estas xuntanzas versaron sobre o establecemento dun regulamento interno de funcionamento da comisión e sobre as diferentes propostas de cara ao comezo da elaboración dun plan de igualdade empresarial para a Corporación.

Comisión de Formación

A comisión paritaria de programación e seguimento da formación está integrada por un membro de cada sindicato ou agrupación electoral con representación no Comité Intercentros, e o mesmo número de representantes da empresa. Esta comisión reúne polo menos unha vez cada trimestre.

No ano 2019 nas diferentes xuntanzas da Comisión de Formación, nove en total, tratáronse as seguintes formacións:

- Trala posta en marcha do Sistema de produción dixital fíxose necesaria no ano 2019 unha formación de seguimento, iniciada no último trimestre do ano 2018 e que terá continuidade nos vindeiros anos. Formación dirixida ao persoal implicado na produción e afectado polo uso das novas ferramentas e que permitirá a normalización dos fluxos operacionais implantados.
- Desenvolvemento de accións de formación de carácter xeral e específico dirixida a todos os traballadores da Corporación RTVG .
- Así mesmo no seo da Comisión de Formación informouse das prácticas non laborais realizadas na CRTVG, as de carácter formativo (FCT e prácticas académicas externas dos estudos universitarios) e as complementarias á formación (prácticas para estudantes ou titulados sen experiencia). Neste senso, no ano 2019 elaborouse un “Manual de boas prácticas”, que recolle tanto aspectos básicos dos diferentes convenios subscritos cos centros educativos e institucións para o desenvolvemento das prácticas na Corporación RTVG coma a descrición das actividades, dereitos e deberes que deben seguir tanto os titores como os bolseiros. O borrador do Manual de boas prácticas foi presentado no seo da Comisión de Formación co fin de facer partícipes na súa elaboración á representación social por ser este o documento de referencia para o seguimento das prácticas non laborais en todas as súas modalidades na CRTVG.

Outras xuntanzas coa representación sindical

- En 2019 houbo unha convocatoria de folga que afectou a CRTVG: a do 8 de marzo, convocatoria de folga xeral. Debido a que a CRTVG ten consideración de servizo mínimo esencial recoñecido no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG núm. 116, do 20 de xuño), previamente a esta convocatoria de folga, mantivéronse reunións cos representantes sindicais de cara á fixación dos efectivos para o cumprimento destes servizos mínimos.
- Tamén reuniuse unha comisión que tratou a estado de produción propia nos contidos da TVG.
- A aplicación dun cambio funcional á categoría profesional de redactores articulouse mediante a aplicación do artigo 41 do Estatuto dos Traballadores, polo que se procedeu á rolda de consultas coas organizacións sindicais en referencia a dito asunto.

Ao longo do ano 2019 producíronse máis de 70 xuntanzas formais dos comités ou comisións para informar e negociar coas seccións sindicais diferentes puntos de interese para os traballadores da CRTVG. Esta vontade negociadora de ambas partes acadou diferentes acordos a prol da paz social e para fomentar o diálogo entre os diferentes axentes sociais corporativos.

Os procedementos de información cos representantes dos traballadores son as propias comisións e comités, ademais das vías habituais de comunicación interna como as notas e os correos electrónicos. Estas xuntanzas son preavisadas con polo menos 48 horas de antelación, a non ser que sexan de urxencia.

A representación sindical é informada de xeito puntual de materias como contratación, conciliacións, chamamentos de listaxes, xubilacións, materias de seguridade e saúde e eventos especiais, entre outras cuestións. Os traballadores poden acceder por diferentes vías a comunicados e novas a través da intranet da empresa, onde se publicitan algunhas medidas e acordos en diferentes materias que atinxen aos traballadores.

O Convenio Colectivo propio da CRTVG, vixente desde o ano 2015, marca os prazos de preaviso aos representantes dos traballadores de diferentes situacións administrativas, así como os casos nos que unha modificación substancial das condicións de traballo debe ser negociada coa representación sindical e pre-avisada cun prazo mínimo aos traballadores/as. Toda a normativa nesta materia recóllese no Convenio Colectivo, e de non facer referencia no mesmo, remítese a lexislación xeral vixente sobre a materia.

1.2. Renovación tecnolóxica – Sistema de información de Recursos Humanos

No ano 2017, o departamento de Recursos Humanos iniciou un proceso de avaliación interna para renovar as ferramentas informáticas en materia de xestión de recursos humanos e implantar un modelo integral de xestión baseado na filosofía de dato único. O contrato foi adxudicado á empresa Carlos Castilla Ingenieros, S.A.. No 2019, avanzouse nesta implantación, que se prevé rematar no 2020. Despois, nunha seguinte fase, continuarase a mellorar estes sistemas de información. O obxectivo é a unificación e consolidación de aplicacións e datos nunha aplicación integral de recursos humanos coas seguintes funcionalidades:

1. Organigrama e xestión do cadro de persoal
2. Xestión do persoal
3. Xestión das listas de contratación temporais
4. Xestión da formación
5. Xestión do tempo
6. Portal do empregado e do responsable
7. Definición de procedementos
8. Xestión da nómina
9. Cadro de mando e xeración de informes
10. Xestión da prevención
11. Convocatorias de OPE e promoción interna

Estas funcionalidades asumirán as tarefas que estaban a realizar outras aplicacións, de xeito que a solución substitúa determinadas aplicacións e se integre con outras. Finalmente, alcanzase unha unificación e consolidación de datos residentes en varias aplicacións.

O proxecto está dividido en 4 fases que se encontran na seguinte situación:

Fase	Estado da implantación
Fase I: organigrama, cadro de mando económico, simulacións e orzamentos.	En produción desde marzo/2018.
	Portal do empregado: en produción desde xaneiro/2019.
Fase II: xestión do tempo, procedementos e situacións administrativas.	Expedientes administrativos: en produción desde abril/2019.
	Xestión do tempo e procedementos: en fase de análise, desenvolvemento e probas.
Fase III: formación e PRL.	Módulo de formación: en produción.
	Módulo de PRL: en fase de probas.
	Cadro de persoal: en produción desde setembro/2019.
Fase IV: nómina, cadro de persoal e listaxes de contratación.	Listaxes de contratación: en fase de análise, desenvolvemento e probas.
	Nómina: en fase de análise, desenvolvemento e probas.

1.3 Seguridade e Saúde Laboral

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., estivo dende a súa orixe moi implicada na protección das súas traballadoras e traballadores e na prevención dos riscos que lles poderían afectar. Simplemente cabe indicar que o Comité de Seguridade e Saúde Laboral, antigamente Comité de Seguridade e Hixiene, foi constituído hai mais de vinte anos.

Como servizo público de comunicación audiovisual, a CRTVG é unha organización complexa que dispón dunha multiplicidade de lugares de traballo, cunha localización xeográfica dispersa e cun elevado número de traballadores, pertencentes a colectivos diferenciados, tanto na actividade desenvolvida coma no réxime legal aplicable á súa

relación contractual. A complexidade da CRTVG e o seu carácter de servizo público, desde o punto de vista da seguridade e a saúde laboral, evidéncianse tamén na multiplicidade de factores de risco presentes nos seus centros de traballo.

A CRTVG deseñou, ao longo do tempo, diversas e variadas accións co obxectivo de aumentar a sensibilidade e a participación de todos os niveis da empresa no ámbito da seguridade e a saúde empezando pola Dirección Xeral, que promulga unha política particular para unha cuestión fundamental no transcurso do día a día da empresa.

Entre as actividades que se realizan para protexer ao persoal cabe destacar o deseño, aplicación e coordinación dos plans e programas de actuación preventiva, a avaliación dos factores de risco que poidan afectar á seguridade e saúde do persoal da CRTVG; a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas axeitadas e a vixilancia da súa eficacia; o seguimento das accións preventivas; a información e formación dos traballadores e traballadoras da CRTVG; a prestación dos primeiros auxilios; os manuais de autoprotección; a vixilancia da saúde do persoal da CRTVG en relación cos riscos derivados do traballo; o rexistro e as estatísticas de accidentes de traballo, a xestión da documentación que se xere relacionada coa prevención de riscos laborais; o fomento dunha cultura preventiva e a promoción da prevención; así como calquera outra función que poida ser encomendada e asumida en función da lexislación en materia de prevención de riscos laborais vixente e da política de seguridade e saúde da CRTVG.

Tendo en conta todo o anterior, dentro das posibilidades de organización preventiva que recolle a lexislación de aplicación, a CRTVG conta cun servizo de prevención propio.

A seguridade e a saúde laboral dos traballadores, no exercicio da súa actividade profesional, son prioritarias sobre calquera outras nas actividades que como servizo público desenvolve o grupo de empresas da CRTVG.

Querendo chegar máis alá das esixencias legais vixentes, deseñáronse diversas accións co obxectivo de aumentar a sensibilidade e a participación da CRTVG como servizo público no ámbito da seguridade e da saúde laboral. Os traballadores teñen á súa disposición todos os medios necesarios de protección para desenvolver o seu traballo, sendo a empresa a responsable de proporcionar tal protección.

A OMS cualifica así os seguintes termos: a saúde é un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades. O "Traballo" pode definirse como toda actividade de transformación da natureza, para satisfacer as necesidades humanas. O "Perigo" é aquela fonte ou situación con capacidade de producir dano en termos de lesións, danos á propiedade, danos ao medio ambiente ou unha combinación deles. O "Risco Laboral" consiste na posibilidade de que

un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo que é unha combinación da frecuencia e a probabilidade e das consecuencias que poderían derivarse da materialización dun perigo (LPRL, art.4º)

Dentro da preocupación pola saúde dos seus traballadores, a CRTVG no ano 2011 acreditou o seu servizo médico fronte á Consellería de Sanidade, que o inclúe no rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia. No ano 2015, dito servizo médico, despois das adaptacións e cos medios solicitados postos a súa disposición, foi adscrito ao programa galego de vacinacións, converténdose así en punto de vacinación da Comunidade Autónoma.

No ano 2019 leváronse a cabo 402 recoñecementos médicos (200 traballadoras e 202 traballadores). Ademais, realizáronse 98 revisións xinecolóxicas e 133 probas de PSA.

Na CRTVG, como servizo público, a seguridade, a hixiene, a ergonomía e a psicosocioloxía no traballo encárganse do recoñecemento, avaliación e control dos factores de risco provocados no lugar de traballo que poidan ocasionar accidentes ou enfermidades, alterar a saúde, o benestar ou crear algún malestar significativo entre as traballadoras e traballadores. Coa finalidade de eliminar e minimizar os riscos laborais neste servizo público de comunicación audiovisual entregáronse 834 equipos de protección individual.

Durante o ano 2019, no servizo público de comunicación audiovisual galego, na provincia da Coruña o 60% dos accidentes corresponden a mulleres e o 40% a homes. Do total dos accidentes ocorridos, o 40 % é por lesións superficiais e corpos estraños nos ollos; outro 40% debeuse a tipos de dislocacións, escordaduras e distensións; e o 20% restante foi debido a dislocacións e subluxacións. No que respecta aos días perdidos nos accidentes indicados no parágrafo anterior, 26 días corresponden a accidentes de traballo e 32 días a accidentes *in itinere*, o que fai un total de 58 días perdidos.

Nas provincias de Lugo e Ourense non houbo accidentes.

Na provincia de Pontevedra, o 100% dos accidentes corresponderon a homes. Deste total, o 100% é accidente de tráfico *in misión*. No que respecta aos días perdidos nos accidentes indicados no parágrafo anterior son 19 días.

Durante o transcurso do ano tiveron lugar 11 reunións do Comité de Seguridade e Saúde Laboral, co fin de mellorar a protección e a saúde dos traballadores, tendo en conta que é un obxectivo básico e prioritario das partes asinantes do vixente Convenio Colectivo.

Con carácter inminentemente técnico, despois do estudo de manipulación de cargas realizado no posto de cámara ao ombreiro buscouse no mercado un equipo que minimizara o impacto do peso da cámara sobre a estrutura músculo-esquelética dos traballadores e xurdiu o soporte para cámara denominado comercialmente como *Steady*

Gum. No mes de marzo de 2019 realizouse unha demostración deste equipo, que está orientado a mellorar as condicións de traballo con cámara ao ombreiro xa que distribúe o peso da cámara e diminúe o esforzo físico, para mellorar a saúde e a produtividade do operador da cámara.

Ademais das vantaxes ergonómicas, este equipo aporta vantaxes polo aumento de estabilidade (utilizando o dúplex da cámara en primeiros planos non se aprecian movementos), manexo e operatividade da cámara, debido a que se conseguen movementos de cámara moi suaves, reducindo notablemente os saltos de imaxe cando se move o operador do equipo de cámara

Tamén se mercaron desfibriladores semiautomáticos para atender as emerxencias que poidan ocorrer debido á morte súbita cardíaca e que se encargan de devolver o ritmo cardíaco normal a un corazón que se detivo por efecto dunha fibrilación ou taquicardia ventricular. Os equipos serán instalados en todos os centros de traballo. E ademais mercouse un equipo portátil para poder utilizalo nas retransmisións que se realicen con unidade móbil.

Xa para rematar, analizáronse diferentes equipos existentes no mercado para a protección auditiva que proporcionarán aos traballadores unha reprodución sonora agradable e con poucas interferencias. Ademais teñen un micrófono incorporado que permite a comunicación entre os traballadores. Atopouse un equipo que se adaptaba ás condicións particulares da empresa debido a que posúe un nivel de axuste da función de escoita con nivel variable e o sistema electrónico que incorpora reacciona protexendo os oídos dos estímulos sonoros perxudiciais. Tamén permite pasar os sons ambientais a baixo volume e protexe fronte a sucesos de impulso.

No que respecta á comunicación a través do micrófono, realizouse un desenvolvemento coa axuda do departamento técnico da CRTVG no que se fixeron diferentes adaptadores con conectores profesionais e con conectores de audio analóxicos que permiten a comunicación con equipos profesionais de televisión e con teléfonos móbiles. Despois de probalos en diferentes equipos e situacións chegouse a conclusión de que os equipos elixidos poden usarse en todas as situacións e condicións nos diferentes lugares de traballo.

1.4 Formación e selección

A actividade da Corporación en materia de formación continua en 2019 articulouse nun plan de carácter ordinario, na liña dos que como práctica habitual se reiteran anualmente con contidos básicos de orde xeral que demandan as diferentes áreas, departamentos e servizos da Corporación ou por indicación dos representantes dos traballadores expresada na Comisión de Formación. Non obstante, a súa oferta non foi puramente convencional, xa que se atendeu un reforzo formativo dos incluídos no Plan de formación 2017/2018 asociado ao Sistema de Producción Dixital no marco da implantación da dixitalización na CRTVG. Os destinatarios desta formación foron tanto os usuarios como os administradores da plataforma dixital.

A formación recollida no Plan de formación ordinario foi destinada aos diversos colectivos profesionais da Corporación, no marco da formación continua establecido polo capítulo XIII do Convenio Colectivo, o emanado do Estatuto dos Traballadores no seu artigo 23, o deber de planificación do departamento de Recursos Humanos de formar o persoal (art. 69.1.d) e mais polo deber dos traballadores de manter actualizada a formación e cualificación (art. 54.8). Os principais datos desta formación foron os seguintes:

- Número de cursos: 35
- Número de accións formativas: 135
- Número de categorías formadas: 30
- Número de alumnos/as: 412
- Número de asistentes: 884
- Número de horas impartidas: 723
- Número de horas lectivas: 6.011,5

Selección

En 2019 convocáronse 11 probas de selección para a realización de contratos en prácticas das seguintes categorías:

- Axudante de realización (xaneiro)
- Técnico/a de sistemas (xaneiro)
- Operador/a montador/a de vídeo (xaneiro)
- Operador/a de cámara (xaneiro)
- Iluminador/a (febreiro)
- Especialista de montaxe (febreiro)
- Técnico/a electrónico/a (maio)
- Redactor/a (maio)

- Locutor/a de radio (xuño)
- Grafista titular/a (xullo)
- Realizador/a (outubro)

Bolseiros

A CRTVG é referente do sector audiovisual en Galicia e, polo tanto, destino solicitado para a realización de prácticas educativas en todas as súas modalidades. Na acollida de bolseiros, a CRTVG asume como responsabilidade de servizo público os deberes previstos no sistema educativo para a realización de prácticas en empresas, obrigadas no caso da Formación Profesional e optativas no caso da universidade, onde poden ser de curriculares ou extracurriculares.

Ademais, estas prácticas supoñen para a CRTVG un observatorio que permite coñecer o sistema educativo e comprobar a adecuación dos seus perfís e as súas competencias aos postos de traballo. Todas as prácticas están reguladas por convenios subscritos cos centros de procedencia e cumprindo coa lexislación vixente.

Ao inicio das prácticas, o/a bolseiro/a recibe un Manual de acollida que detalla aspectos fundamentais para o seguimento da bolsa, dereitos e deberes do/a bolseiro/a, dereitos e deberes da CRTVG e normas básicas en materia de seguridade e saúde laboral. As procedencias das diferentes modalidades das prácticas non laborais na Corporación RTVG son as que seguen:

1. Módulo Profesional de formación en centros de traballo dos ciclos de FP

O obxectivo desta modalidade de prácticas é o de completar as competencias profesionais propias de cada titulación, adquiridas no centro educativo, e facilitar a inserción laboral. As actividades formativas, sempre supervisadas, desenvólvense nas instalacións da empresa sen que isto implique ningunha relación laboral.

A duración do período de prácticas nos ciclos formativos de grao medio e grao superior será como regra xeral de 400 horas.

Estes alumnos/as deben cursar ciclos relacionados coas actividades e requisitos das categorías laborais existentes nos medios públicos e proceder de centros do sistema educativo de Galicia.

Os bolseiros/as de 2019 procederon dos seguintes ciclos:

- Sistemas de telecomunicación e informáticos
- Son para audiovisuais e espectáculos.
- Produción de audiovisuais e espectáculos
- Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos
- Administración e finanzas

Os centros de procedencia de FCT's foron:

- CIFP A Farixa (Ourense)
- IES Imaxe e Son (A Coruña)
- CIFP Politécnico de Santiago
- CPR O Raio Verde (Santiago)
- CPR TIC (Lugo)
- ES Fontiñas (Santiago)

2. Universidade

O obxectivo das prácticas externas é permitir que os estudantes/as apliquen e complementen os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecer a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais, facilitar coa obtención dunha experiencia práctica a súa inserción no mercado laboral e fomentar a súa capacidade de emprendemento. Estas prácticas poden ser curriculares, prácticas conducentes á elaboración dos traballos fin de máster ou extracurriculares.

A duración das prácticas académicas externas para os estudos de grao é de 300 horas e para estudos de máster de 150 horas. Os bolseiros/as de 2019 procederon dos seguintes graos universitarios:

- Comunicación Audiovisual.
- Xornalismo.
- Publicidade e Relacións públicas

As súas facultades de procedencia foron:

- Ciencias da Comunicación (UDC)
- Ciencias Sociais e da Comunicación (UVIGO)
- Ciencias da Comunicación (USC)

3. Prácticas para titulados/as sen experiencia

As prácticas desta modalidade fixéronse a través dos programas da Fundación Empresa - Universidade Galega (FEUGA) que están dirixidos a:

- Estudantes e titulados/as das tres universidades públicas galegas.
- Estudantes e titulados/as procedentes de centros de formación profesional a través dun programa de bolsas coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Estes programas favorecen a incorporación do alumnado recentemente titulado ao mercado laboral e complementan a súa formación teórica previa cunha estadía práctica na empresa.

As titulacións de procedencia desta modalidade de prácticas foron as que a continuación se detallan:

- Xornalismo
- Comunicación Audiovisual
- Relacións Laborais e Recursos Humanos
- Administración e Finanzas
- Sistemas Electrotécnicos e Automatizados
- Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos



2. O PANORAMA DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Unha vez que se consolidou a primeira fase de transformación tecnolóxica dos medios públicos de comunicación, fundamentada na utilización de ferramentas informáticas nos procesos de produción, cómpre que asuman a nova filosofía de consumo, moito máis compulsivo, que afecta a aspectos tan determinantes coma o modelo de negocio ou á loxística.

Neste novo paradigma do século XXI aparecen dous eixos fundamentais sobre os que deberán pivotar as novas funcións que deben ter os medios de comunicación públicos: a xestión de datos e a adaptación ás novas pautas de consumo.

Os medios e a xestión de datos

Na segunda década do século XXI produciuse unha conexión sen precedentes entre a tecnoloxía de captación e xestión de datos e a información que xera cada cidadán na súa actividade diaria. O ecosistema tecnolóxico, construído a partir da informática de consumo, permite establecer sensores capaces de captar calquera aspecto, cualitativo ou cuantitativo, que poida xerar un ser humano ou unha máquina. Datos incontables ata hai dez anos, coma percepcións e gratificacións de mensaxes, son xa recollidos en tempo real e tratados en estruturas de *big data* que permiten acadar un coñecemento extraordinario do comportamento da poboación. Esta situación provocou a creación dun novo paso na escala de valor da información (data, en termos ingleses) que derivou nun mercado global en que a información -agregada ou mesmo desagregada- adquire un valor económico de gran relevancia.

Este novo modelo de relación entre o tecido empresarial e de servizos coa cidadanía modificou os mecanismos de estudo e predición de necesidades. Deste xeito é como se entende a nova relación que existe entre a cidadanía e empresas, capaces de personalizar actividades coma a do consumo de ficción audiovisual ou de información, pero tamén de formación. Nestes primeiros anos do século XXI rachouse a relación entre un emisor e unha audiencia colectiva, transformándose nunha relación entre emisor e usuario individualizado. Esta nova realidade mudou, de facto, o concepto de recepción e xa non corresponde falar de audiencias, nin de público, senón de usuarios, un claro reflexo da incorporación da interactividade ao modelo clásico da comunicación baseado en emisor, receptor e mensaxe.

Os medios de comunicación entenderon este proceso de transformación máis tarde que as empresas tecnolóxicas. Nada facía presaxiar hai tres décadas que o principal competidor do mercado televisivo mundial ía ser unha base de datos de películas e series,

coma é o caso de Netflix, ou que unha ferramenta de contactos se ía converter no principal medio de comunicación informativo do mundo, como é o caso de Facebook.

Os medios e as novas pautas de consumo

A tecnoloxía actual permite converter a calquera usuario en “líder” de opinión sen necesidade de utilizar os soportes que ata o de agora garantían a cobertura completa dunha poboación. Os medios do século XX, coñecedores do seu lugar como segundo chanzo entre os acontecementos e a percepción dos mesmos, optaron por modelos de gardabarreiras que acabaron conformando as axendas dos temas que eran abordados por unha sociedade. Sen embargo, a irrupción de xeito tan intenso das tecnoloxías de comunicación interpersoal provocou que os medios de comunicación perderan boa parte destas dúas funcións: a de seren líderes de opinión e a de establecer axenda de temas a tratar por unha sociedade.

Atopámonos, pois, nun escenario en que calquera cidadán ten a capacidade técnica de espallar a súa mensaxe a través de canles de comunicación interpersoais baseadas nas lóxicas dixitais de Internet, que se converteron en medios masivos non por ter vocación de masas, senón por lograr agrupar a grandes comunidades de persoas con intereses comúns. Naceu un escenario no que se eliminaron boa parte dos controis profesionais de xestión da información que, se ben sempre foron criticados, a historia demostrou que todos os actores sociais recoñecían a súa transcendencia. Tamén xurdiu un escenario en que o maior grao de gratificación radica na posibilidade de consumir o desexado en cuestión de segundos, sen atender a variables antes fundamentais, como a veracidade ou a responsabilidade de autoría.

Modelos de xestión da recepción coma o de “curator” -que poderíamos traducir como “recomendación”- permiten que algoritmos localicen elementos parellos aos consumidos por un usuario e formalicen unha proposta de interese, eliminado da ecuación calquera intervención de expertos ou profesionais.

Neste novo escenario, cunha estrutura de comunicación social moito menos xerárquica e máis reticular, aparecen modelos que modificaron sensiblemente as relacións sociais e onde os medios de comunicación foron perdendo o seu protagonismo en prol de ferramentas moito máis gratificantes para os usuarios demandantes de calquera tipo de información ou de contido de entretemento.

Os medios públicos: tracción de sectores económicos

As relacións económicas da economía do século XXI mudaron sensiblemente. Apareceu un novo elemento que conforma unha relación diferente entre os actores clásicos de calquera modelo económico e comercial: vendedor, fabricante, provedor, acreedor, distribuidor e cliente. Esa novidade é a que se denomina “innovación aberta” e permite establecer relacións diferentes ás tradicionais entre as partes.

Nas economías máis desenvolvidas é habitual que un dos actores do proceso asuma o rol de tracción sobre o sector, xerando unha economía local (nalgúns casos global) capaz de satisfacer as demandas do mercado dun xeito eficaz. Na industria dos contidos de ficción e entretemento, os elementos tractores máis importantes na segunda metade do século XX foron as *majors*, propietarias de boa parte do proceso (produción e distribución) e xeradoras do maior volume de negocio tanto no cine coma no entretemento televisivo. Sen embargo, na última década do século pasado e nos primeiros anos do actual, a industria da ficción e dos contidos audiovisuais foi transformándose dun xeito intenso para dar lugar á creación de varias compañías tractoras, que en lugar de asumir os aspectos máis importantes da cadea económica (produción, distribución e en moitos casos difusión e venda), optaron por un modelo de innovación aberta en alianza con empresas medianas e pequenas do sector. Este tipo de alianza, baseado na localización de obxectivos comúns e na execución colaborativa dos retos propostos é o que deu lugar a modelos empresariais que están resultando de éxito na industria audiovisual, coma Netflix, HBO, Amazon ou mesmo Pixar.

Máis ese rol tractor debe mudar e aspirar a obxectivos non prioritarios ata a actualidade, coma a difusión internacional (máis alá do envío de sinal lineal a través de satélite ou operadores de cable), a produción de contidos para outras plataformas de difusión (fundamentalmente plataformas OTT) ou a innovación tecnolóxica tanto na produción coma na recepción. A relación dun tecido económico está deixando de ser vertical ou horizontal para converterse en reticular, e os principais cambios prodúcense pola alianza de empresas cos mesmos intereses, sen importar o tramo do proceso económico ao que cada unha destas compañías aporta valor.

Ata o de agora, os medios de comunicación públicos, na súa maioría tractores do tecido produtivo de cadansúa rexión, lograban incorporar formatos ou tendencias innovadoras a través de empresas do sector. Sen embargo, na actualidade, non é suficiente que esta relación de provedor-cliente se mantenga e cómpre establecer mecanismos de colaboración de innovación aberta, como a compra pública de innovación ou as agrupacións estratégicas para a innovación e lograr así avanzar na transformación dixital e poder recuperar o rol de importancia que calquera medio de comunicación público debe ter nunha sociedade.

Neste panorama, a TVG consolídase como un medio de comunicación audiovisual e dixital de referencia para a cidadanía galega. Nese sentido, a Televisión de Galicia chega ao 93% dos fogares galegos e no 2019, case 700.000 persoas contactaron co medio ao longo dun día. Iso supón que máis dun 25% dos espectadores consomen nalgún momento do día os contidos emitidos pola TVG a través do televisor por calquera das súas canles.

No ano 2019 a TVG fixo un importante esforzo para aumentar a cobertura das súas canles, ampliando o número de operadores que distribúen o sinal da CRTVG en América e en Europa.

No espazo radiofónico os datos tamén avalan a importancia que lle outorga a poboación galega. Cada día, a Radio Galega e Radio Galega Música achega contidos informativos e de entretemento a 165.000 persoas, segundo o Estudio Xeral de Medios, converténdose habitualmente na canle de referencia nos momentos de maior tensión informativa en Galicia.


Nas canles dixitais, no ano 2019 destacou o incremento, nun 24%, das aportacións de tráfico de usuarios desde redes sociais ao sitio web crtvg.gal. Isto provocou que a principal canle dixital da CRTVG tivese un incremento do 6% das visitas e dun 9% dos usuarios únicos.

Ademais, no 2019 a CRTVG consolidou novos formatos de difusión dixital de contidos, como o inicio do proxecto DicoMindset e a creación de canles temáticas específicas coma deporte360.gal, destinado a contidos de deporte base, deporte feminino e deportes alternativos. E no mesmo ano, a Corporación continuou a súa estratexia de incorporación de novas fórmulas para seguir prestando o servizo público nas mellores das condicións. A mellora das audiencias en soportes dixitais e na radio demostran a senda cara a diversificación de modelos de consumo propios do século XXI.

2.1 Audiencias xerais das canles de CRTVG


Neste capítulo analízanse os tres soportes (televisión, radio e dixital) agrupados polos tres grandes grupos de análise: as audiencias xerais, os informativos e o entretemento. Todos os datos utilizan como fonte Kantar Media, EGM, Google Analytics, Comscore e os datos internos da CRTVG. A Televisión de Galicia é a cuarta canle máis vista en Galicia, despois de Telecinco, Antena3 e La 1, acadando unha cota de *share* do 9,2% no conxunto do ano.

Gráfico 1. Audiencia en Galicia da TVG e a competencia. Ano 2019 (cota de pantalla).
Fonte: Kantar Media




Se se analiza a evolución dos últimos cinco anos, obsérvase como TVG está consolidando a senda de estabilización iniciada no ano 2016 e que lle permitiu consolidar a súa presenza no espazo televisivo galego.

Gráfico 2. Evolución da audiencia TVG e competencia (cota de pantalla).
Fonte: Kantar Media



Esta tendencia de estabilidade é tamén habitual en boa parte do resto das televisións autonómicas, cun crecemento reducido pero constante.

Gráfico 3. Evolución da audiencia das televisións autonómicas (cota de pantalla).
Fonte: Kantar Media




Un 25,1% dos galegos maiores de 4 anos contactan diariamente con TVG, o que a converte nunha das televisións autonómicas con maior impacto en España. No caso da TVG, está case tres puntos por riba da media de contactos das autonómicas, cun índice de 22,6%

Gráfico 4. Evolución da audiencia das televisións autonómicas por media de contactos diarios sobre o total de poboación (datos en porcentaxes). Fonte: Kantar Media

	Ano 2009	Ano 2010	Ano 2011	Ano 2012	Ano 2013	Ano 2014	Ano 2015	Ano 2016	Ano 2017	Ano 2018	Ano 2019
TVG	42,9	36,8	35,2	34,4	32,2	31,8	30	30,9	29,3	26,5	25,1
C.SUR	47,2	42,2	37,5	38,1	36,8	33,3	29,2	26,8	26,2	24,2	22,7
TV3	43	40,8	38,9	40,5	38,3	34,9	31,5	29,1	28,2	27,7	27
ETB2	48,6	40,5	36,4	37,5	36,3	34,5	31,1	29	28,7	27,3	25,9
TVM	38,5	32	28,5	26,2	22	22,2	21,5	22,3	20,9	19,4	18,2
C9/ APUNT	40,6	33,7	30,6	28,6	23,5					1,9	9,7
TVCAN	42,2	36,9	34,8	32,9	29,9	29	24,5	22,1	22,5	20,5	18,5
CMM	39,5	33,6	30	28,9	26,3	25	24,6	24,3	23,7	20,6	19,8
ATV	40,3	40,7	40,2	38,7	38,7	36,5	34,3	32,3	31,3	30,1	30,1
FORTA	44,3	39,3	37,1	36	32,2	27,5	25,4	24,6	24,1	22,8	22,6


Na radio, a audiencia xeral das emisoras da CRTVG tivo un importante crecemento na audiencia para o tramo de luns a venres. No ano 2019 tanto a Radio Galega como a Radio Galega Música lograron aumentar o número de oíntes acadando a cota acumulada de 174.000 persoas que seguen diariamente as canles radiofónicas públicas, o mellor dato desde 2014.

Gráfico 5. Evolución da audiencia acumulada de luns a venres 2009-2019 en miles de persoas. Fonte: EXM



No período de luns a domingo tamén é importante a subida tanto da Radio Galega como da Radio Galega Música. No ano 2019 acadouse a cota acumulada de 164.000 oíntes, o mellor dato desde o 2013.


Gráfico 6. Evolución da audiencia acumulada de luns a domingo 2009-2019 en miles de persoas. Fonte: EXM



Na audiencia web incrementáronse o número de usuarios e de visitas con respecto a 2018, nun 9% e 6%, respectivamente. O número de páxinas vistas viuse afectado polo cambio no procedemento dos fluxos do novo sistema de produción dixital e a súa publicación na web corporativa.


Deste xeito, a diminución de páxinas vistas con respecto a 2018 é dun 4%. O cambio afectou ao traballo da parte informativa, e consecuentemente á globalidade da web. Consistiu en incluír unha listaxe cos titulares que enlazaban con puntos de referencia na publicación do vídeo para que o usuario poda moverse polos contidos que lle interesan. No sistema anterior semi-dixital, creábase unha vista con cada unha das noticias.

Gráfico 7. Audiencia global de crtvg.gal. Fonte: Google Analytics



No detalle da evolución, obsérvase unha mellora nos contidos da Televisión de Galicia, cun incremento do 14%; da Radio Galega, cun incremento do 28%; de Deportes, cun 35%, e de Xabarín (contidos infantís), cun 11%.

*Gráfico 8. Comparativa 2018/2019 de servizos web en crtvg.gal.
Evolución de páxinas vistas por áreas temática. Fonte: Google Analytics*



O segundo dos elementos de importancia na medición de audiencias en soportes dixitais son as redes sociais, nomeadamente Twitter, Facebook, Instagram, Youtube e servizos de mensaxería (Messenger, Whatsapp, ...). En todos eles produciuse un incremento, destacando os contidos xerados sobre a marca TVG en Instagram e Youtube, cun incremento do 34% e un 45%, respectivamente; e o incremento da Radio Galega en Facebook e Twitter, cun 25% e un 16%, respectivamente.

*Gráfico 9. Uso de Twitter e incremento de seguidores con respecto ao 2018.
Fonte: Twitter Analytics.*




Gráfico 10. Uso de Facebook e incremento de seguidores con respecto a 2018.
Fonte: Facebook Analytics.





Gráfico 11. Uso de Youtube e Instagram e incremento de seguidores/subscritores con respecto a 2018. Fonte: Youtube Analytics e Instagram Analytics.



A audiencia da web é fundamentalmente galega, cun 60% dos usuarios. Madrid, Barcelona e Valladolid amosan o 40% restante do territorio nacional. No eido internacional, os accesos proveñen maioritariamente de EEUU seguido de países europeos.

Gráfico 12. Principais países de orixe dos usuarios da crtvg.gal
Fonte: Google Analytics




2.2 Referencia informativa

A TVG é referencia informativa televisiva para a poboación galega sendo líder historicamente na franxa informativa do mediodía. A media de consumo diario demostra que os galegos e as galegas contan coa TVG para informarse nos espazos de información xeral diaria (“Bos Días”, “A Revista”, “Galicia Noticias” e os “Telexornais”).

Destácase o mantemento do *share* medio da información diaria, cun 13,7% no ano 2019 fronte á outra canle pública, RTVE, que sufriu un descenso en Galicia de 0,9 puntos con respecto ao ano 2018.


*Gráfico 13. Evolución da audiencia da TVG e competencia.
Cota de pantalla da información xeral diaria. Fonte: Kantar Media*



Na análise utilizando como referencia a audiencia media (en miles de persoas) o liderado é absoluto da CRTVG no ano 2019.


A TVG logrou unha audiencia media diaria durante o ano dos programas informativos de 57.000 persoas, seguida por Telecinco con 55.000 e moi lonxe de RTVE, que acadou unha cifra de 29.000 espectadores medios. Ademais, a TVG logra informar a 385.000 persoas diariamente.

Gráfico 14. Evolución da audiencia da TVG e competencia.
Audiencia media (000) da información xeral diaria. Fonte: Kantar Media




Na Radio Galega, tamén se aprecia un incremento da audiencia dos programas informativos neste ano 2019. O maior tramo de audiencia acumulada céntrase no tramo da mañá (09.00h- 14.00h), en que se oferta a maior carga informativa radiofónica do día e onde se produce tamén o maior consumo radiofónico, cunha maior competencia. Así mesmo, obsérvase un incremento importante na audiencia acumulada na información deportiva de sobremesa e nos programas que se inician ás 22h.

Gráfico 15. Audiencia acumulada dos programas informativos de luns a venres da Radio Galega (Miles de oíntes). Fonte: EXM



Nos soportes dixitais, e como consecuencia do cambio na estrutura de visualización dos informativos na web, co novo sistema de produción dixital, obsérvase unha caída no número de páxinas vistas. Esta diminución é do 14% con respecto ao ano anterior.

Gráfico 16. Evolución das páxinas vistas de noticias informativas de crtvg.gal
Fonte: Google Analytics




Os eventos deportivos por *streaming* incrementaron significativamente o seu seguimento en usuarios únicos, cun crecemento do 90% con respecto a 2018.

Os deportes en directo pasaron de 26.801 usuarios únicos medios mensuais en 2018 a 50.910 usuarios únicos mensuais en 2019, segundo a plataforma de estatísticas de Flumotion.

2.3 Referencia para o entretemento


A maior aposta polo entretemento da TVG concéntrase no horario de *prime time*, desde as 20.30h. ata as 24h. Nesa franxa, os programas de entretemento da TVG acadan unha media de 9,5 puntos de share.

Gráfico 17. Evolución da audiencia do prime time (cota de pantalla). Fonte: Kantar Media




Na radio, prodúcese unha evolución positiva na franxa de entretemento da mañá e da tarde, pero os datos máis destacados prodúcense na programación de madrugada.

Gráfico 18. Audiencia acumulada dos programas de entretemento de luns a venres da Radio Galega (En miles de oíntes). Fonte: EXM




Con respecto ás canles dixitais, os contidos de entretemento lograron o máximo valor de páxinas vistas desde a posta en marcha da web en 2011, cun incremento do 18% respecto a 2018, con 8.693.560 de páxinas vistas.

Gráfico 19. Porcentaxes de incremento anual do consumo das páxinas vistas de entretemento en crtvg.gal. Fonte: Google Analytics.



A portada de Xabarán Club incrementa o número de páxinas vistas nun 11% con respecto a 2018.

Gráfico 20. Tipo de acceso aos contidos do Xabarán (número de visualizacións) Fonte: Google Analytics.



2.4 Conclusións

As canles da CRTVG son a referencia informativa galega. A franxa do mediodía segue sendo unha preferencia para a poboación galega, notándose tamén un incremento do consumo dos informativos do serán. No caso da Radio Galega, aumenta a súa audiencia en xeral, especialmente nos programas informativos, e no referido ao dixital, a información tamén segue sendo un dos eixes principais na comunicación a través de redes e crtvg.gal.

Por último, o entretemento que propón a TVG segue a ser referencia nos medios públicos de Galicia, se ben estase a producir un desprazamento da audiencia que consume entretemento no *prime time* cara o último tramo das tardes. A TVG consolida o grupo de cabeza que lidera o entretemento televisivo en aberto, xunto a Telecinco a Antena3. Se ben se produciu unha leve baixada no consumo, segue sendo referencia para Galicia e a segunda máis vista das televisións autonómicas. O mesmo ocorre coas canles dixitais, onde se consolida o aumento de audiencia e polo tanto, o valor de referente en Galicia.

De media, preto de 700.000 galegos consumen diariamente TVG e máis de 450.000 ao día escollen os programas de entretemento da canle. E, por último, conclúese que os dispositivos móbiles estanse convertendo no instrumento de consumo máis habitual nos medios dixitais da CRTVG. A estes datos cómpre sumarlle que máis de 174.000 galegos e galegas escollen cada día a Radio Galega como medio de comunicación radiofónico de referencia.

Por último, cómpre engadir tamén que 4,2 millóns de persoas visitan cada ano e preto de 400.000 persoas escollen as redes sociais da CRTVG como ferramentas de información e de entretemento. Neste escenario, confírmase que a CRTVG cumpre a súa función de servizo público no que á audiencia se refire, cun claro protagonismo en calquera das canles de emisión accesibles á cidadanía.



3. OS SERVIZOS INFORMATIVOS DA CRTVG

Os servizos informativos da CRTVG englobáanse na Dirección de Información e Documentación, e inclúen as redaccións de informativos da TVG, a Radio Galega e as canles dixitais, nas que se traballa en tempo real para achegar a información a través das redes á audiencia.

Estes equipos traballan para fornecer de contidos todos os espazos que ao longo do día se programan cun relato informativo protagonista nos medios públicos. Son uns servizos que comparten recursos pero manteñen equipos independentes para televisión e radio. Baixo a dirección da área, a televisión conta con dous redactores/as xefes e distintos coordinadores, e a Radio Galega cunha Dirección Operativa e dúas xefaturas de servizo: a Xefatura de Planificación Informativa e a Xefatura Operativa de Programas. Nalgunhas áreas, como a de Cultura, cóntase cunha coordinación conxunta, que leva a estratexia #cultura365 a todos os espazos e contidos de televisión, radio e Internet.

A TVG é a canle de referencia informativa en Galicia. Despois dos cambios implementados en 2018, coa reestruturación de seccións e a plena dixitalización dos sistemas de produción de contidos audiovisuais, hai que salientar a fortaleza dos informativos da Televisión de Galicia ao longo de 2019. Estes arrancan cada día co matinal 'Bos días', espazo de información e debate, e teñen os mellores datos de audiencia na faixa do mediodía cun bloque composto polo 'Galicia noticias', con contidos de proximidade e moita atención ás comarcas galegas, e o 'Telexornal mediodía', no que se da conta da actualidade galega pero tamén do resto de España e do mundo.

A Radio Galega pola súa banda asinou un ano histórico no que o último EXM sinala que a audiencia da emisora pública galega disparouse ata obter as mellores cifras de audiencia desde 2014. En cifras, 181.000 oíntes escoitan cada día a Radio Galega de luns a venres, o que supón un incremento do 38% respecto a anterior onda do estudo. É o sexto mellor dato da historia da Radio Galega. Cabe destacar a fortaleza do informativo "Galicia por diante" que sumou 125.000 oíntes, e a consolidación da nova estrutura de "Diario Cultural", que aumentou nun 95% a súa audiencia con respecto ao modelo anterior, alcanzado os 60.000 oíntes semanais.

No que respecta ás redes sociais, neste 2019, coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas, a CRTVG comezou a unificación de todo o seu contido informativo dixital baixo a marca G24, desde a sección de "Tempo real".

En concreto, coa nova web g24.gal nunha nova aposta pola inmediatez e a proximidade e tres novas contas en redes sociais especializadas en noticias: en

twitter: twitter.com/g24noticias; en facebook: facebook.com/g24noticias; e no Instagram: [instagram/g24noticias](https://instagram.com/g24noticias). Ademais, a audiencia pode contactar co G24 a través do WhatsApp.

3.1. Informativos da TVG

Cada día, a televisión pública galega produce máis de sete horas diarias de contidos informativos, na faixa matinal, do mediodía e do serán, e que se emiten en directo. Este esforzo increméntase durante a fin de semana para a produción da programación informativa, e a presenza practicamente continua de deportes en directo na G2.

Neste 2019, e seguindo a liña de períodos anteriores, o reto da área centrouse en facer que a oferta informativa resultase atractiva para unha audiencia en permanente remuda, por razóns demográficas e sociolóxicas. Neste sentido, a TVG revalidou un ano máis a confianza dos galegos nos seus espazos informativos, nos que atopan información do que pasa na súa contorna inmediata, en Galicia, en España e no resto do mundo.

Desde a nova redacción de Informativos, estreada no 2018, os profesionais dos servizos informativos da TVG desenvolven un labor coordinado na edición e produción dos distintos espazos. A redacción, organizada en áreas arredor dunha mesa central na que se representan todos os departamentos involucrados neste proceso, traballa dun xeito máis áxil e aproveitando os recursos para o conxunto da programación deste eido. É tamén o espazo desde o que se fan conexións en directo cos estudos, para achegar a información de alcance que xurde ao longo do día, o que permite tamén visibilizar o traballo da redacción entre a audiencia.

Tampouco decaeu no 2019 o esforzo por facer cada vez máis atractiva e moderna a envoltura das noticias e as reportaxes, incorporando todo tipo de recursos gráficos dentro das posibilidades que, grazas aos avances tecnolóxicos, ofrecen actualmente os equipamentos técnicos dispoñibles no centro de produción de San Marcos.

Nese senso, continuamos coa práctica do *scroll* implantado hai un par de anos nos nosos telexornais, para a actualización permanente de titulares, divididos por seccións, e a incorporación de novas de alcance ou de última hora nos programas netamente informativos que se emiten en directo ao longo do día, desde o “Bos Días”, pola mañá, ata o último telexornal. Tamén se seguiu avanzando na utilización dunha liña gráfica propia e na unificación dos distintos tipos de rótulos que aparecen na pantalla, coa aplicación dunha norma de obrigado cumprimento para as lendas, os subtítulos e o resto dos “*printers*”, entre outros formatos. Isto contribúe a reforzar a imaxe corporativa da canle, perfectamente identificable para o público. Esa normativa está, porén, en constante

revisión perante as necesidades da propia redacción e os requirimentos específicos dos diferentes formatos.

Como en anteriores temporadas, fundamentalmente na medida das posibilidades que ofrece o cadro do persoal propio, en 2019 houbo remudas na presentación, sempre buscando o perfil máis axeitado para cada un dos espazos. Son caras coñecidas e recoñecidas polos telespectadores habituais, que, non obstante, os poden atopar en horarios e formatos diferentes.

Logo de seis anos da súa posta en servizo, tamén no 2019 se lle sacou o máximo rendemento posible a cada un dos sets do estudio 300 de San Marcos, no que actualmente xa se desenvolven a case totalidade dos programas informativos e de deportes, tanto diarios coma semanais, da TVG.

A única excepción é “A Revista”, que, por razóns organizativas, conta cun espazo propio no estudio 150. Moitas das presentacións aproveitan as pantallas móbiles do estudio para diferenciarse entre elas, achegar dinamismo e chamar a atención da audiencia.

Seguen a dar un resultado, cada vez máis satisfactorio, os mecanismos de coordinación operativa e de contidos dos bloques de programas informativos, sobre todo, nas faixas de mediodía e do serán, acadando unha proveitosa sinerxía entre eles á hora de facer o seguimento dos que cada día se consideran os “asuntos troncais da actualidade”.

De feito, hai xa establecida, baixo a coordinación dos xefes de redacción, unha serie de protocolos para compartir con normalidade a maioría dos puntos de directo, que, coas novas tecnoloxías e sistemas de transmisión autónoma 4G, se van ampliando. Do mesmo xeito, de programa en programa tamén se actualizan e amplían as novas máis destacadas no que se refire ao relato transversal dos asuntos medulares da actualidade netamente galega.

O éxito dos bos resultados que, nun contexto cada vez máis esixente, conseguiron o ano pasado o conxunto dos informativos da TVG é atribuíble antes de nada aos profesionais que forman os diferentes equipos, non só redactores, editores ou directores, senón tamén o resto do persoal técnico e de apoio, que se esforza cada día por facer o mellor produto. A procura da máxima eficiencia conxúgase co rigor e a responsabilidade que conleva informar desde un medio de titularidade pública.

Gran parte da actualidade do 2019 estivo centrada nos múltiples procesos electorais que se desenvolveron: eleccións locais e europeas o 26 de maio, eleccións xerais o 28 de abril e repetición destes comicios o 10 de novembro.

Esta sucesión de campañas electorais supuxo un esforzo extra para dar cumprida e puntual información dos actos de tódolos partidos durante o período electoral, con gran profusión de directos, entrevistas e debates, tal e como marca a lei, e con gran resposta por parte da audiencia, tanto na información do día a día das campañas como nos especiais informativos que se fixeron coincidindo con cada xornada electoral.

Así, o “Especial Eleccións” do 26 de maio acadou unha audiencia máxima do 34,6% arredor das 22.30 horas. O espazo informativo dos comicios do 28 de abril tivo un 14,4% de *share*.

3.1.1. Faixa matinal

Cada mañá, de luns a venres, o espazo “**Bos Días**” segue a manter o seu formato e enfoque, cunha duración de 180 minutos -e de media hora nos sábados. Emítese en directo e primando a información xeral e a de servizo público. Este informativo -de 08.00 ás 11.00 horas de luns a venres- seguiu apostando por ofrecer cada día unha entrevista de actualidade seguida polo tempo adicado ao debate.

Deste xeito, consolidouse un espazo que ten por obxectivo ser a referencia informativa dos galegos nunha faixa, a matinal, cada vez máis competitiva. Neste 2019, obtivo a fidelidade do heteroxéneo sector do público ao que vai dirixido, acadando de luns a venres unha cota media de pantalla do 7,7% (11,3 % no pase das 8 h.; 8,8% no das 9 h.; e 4,1% no das 10 h.)

O “Faladoiro” diario, de luns a venres, seguiu contando con catro comentaristas. Ten lugar desde que rematan os titulares das 10.00 h, ata aproximadamente as 10.30 horas. Os tertulianos/as aportan as súas opinións e manteñen o interese do debate durante un espazo de tempo máis prolongado. Apóstase porque estes convidados sexan sempre os mesmos cada día da semana para que sexan recoñecidos polo público e xeren expectativas sobre as posicións de cada quen.

O “Bos Días” destaca polo ritmo áxil, con pezas breves e máis temas en cada pase. A novas complementase con diferentes recursos gráficos, que, ao tempo que axudan a comprender mellor o que pasa, contribúen a atraer a atención do espectador.

Do mesmo xeito, inténtase ofrecer en tempo real datos de interese (tempo, tráfico, etc) de cada xornada. No 2019 potenciáronse os directos neste espazo matinal, de forma que cada día os reporteiros/as desprázanse desde primeira hora aos lugares onde está a noticia, para informar do que sucede e entrevistar aos protagonistas dos feitos nas catro provincias.

Dada a súa duración de tres horas, o “Bos Días” conta con máis dun presentador ou presentadora, relevándose en dar paso ás noticias de carácter xeral, máis as de deportes, ou en presentar os elementos gráficos, o resumo de prensa e outras pezas. O propósito é facer máis levadío o formato e non “saturar” ao espectador, que se mantén conectado ao programa durante máis tres horas.

A información de proximidade achégase coas catro desconexións locais diarias, ás 9.50 h., unha por provincia, nas que se dá cabida a tres ou catro informacións, procurando que teñan presenza novas das áreas metropolitanas pero tamén do ámbito rural. Así mesmo, mantense unha sección de resumo de titulares de prensa coas portadas dos xornais galegos e nacionais do día, mais algunha cabeceira portuguesa, salientando infograficamente aquelas informacións que máis poden chamar a atención polo diferente tratamento que lles dá cada un dos medios impresos.

3.1.2. Faixa do mediodía

Na faixa de mediodía na Televisión de Galicia emítese o bloque informativo que acada a mellor resposta da audiencia. Está composto por “**A Revista**”, “**Galicia Noticias**” e o “**Telexornal Mediodía**”, tres formatos diferenciados e, ao mesmo tempo, complementarios que se estenden ao longo de tres horas en directo desde as 12.30h, co inicio de “**A Revista**”, ata ás 15.30h. co remate do primeiro Telexornal do día, logo das noticias dos deportes. Este bloque fai á televisión pública galega líder absoluta a esas horas entre as canles xeralistas.

Os tres espazos comparten esforzos e recursos, e traballan de xeito coordinado, especialmente no que se refire a medios técnicos como os equipos de directos en exteriores, isto é, as coñecidas como “mochilas” e as unidades transportables, tanto propias coma alleas, primando sempre a atención e o seguimento dos asuntos que son noticia en Galicia no momento da emisión.

O magazine “**A Revista**” mantén a súa estrutura tradicional, outorgando prioridade aos contidos de carácter social, lúdico e cultural, e a contidos aportados polos equipos de directo que se despregan cada día por toda Galicia para achegar ao espectador a voz e as imaxes en vivo dos seus protagonistas. A inmediatez é un dos principais sinais de

identidade deste programa, que tamén inclúe unha ou varias entrevistas en directo no plató, e seccións fixas con persoal da propia CRTVG ou colaboradores externos, que se van renovando cada temporada: medicina, nutrición, deporte, moda, asuntos xurídicos, o máis visto nas redes e mundo animal. Tamén cada día hai unha reportaxe elaborada pola redacción do programa. E, desde outubro, a súa presentadora participa, media hora antes do inicio do programa, na experiencia '**A Bóla Extra**', o tempo para o humor do *magazine* da Radio Galega '**Galicia por Diante**', que se traslada ao estudio 150, fusionando radio e televisión durante 30 minutos de humor e actualidade. Este espazo da RG xa conectaba a diario con '**A Revista**' pero desde finais de 2019 comparten directamente audiencia e cámaras nunha innovadora experiencia de radio televisada xusto antes da emisión diaria de '**A Revista**'.

Dentro de '**A Revista**' pero con personalidade propia, segue a ter un oco destacado na faixa do mediodía "**O Agro**", programa monográfico de moi longa traxectoria na Televisión de Galicia e que entra de cheo no concepto de información útil ou de servizo, algo propio dunha televisión pública nun país onde segue a ter moito peso o mundo agrario e rural.

"O Agro" emítese os martes e os mércores, por ser aqueles en que se pode ofrecer a información da xornada sobre a evolución dos prezos dos produtos agrarios nas lonxas agropecuarias galegas. Ademais, tamén ofrece outras informacións, reportaxes en profundidade que abranguen todos os temas que afectan ao sector: investigación, desenvolvemento, axudas, lexislación, investimentos e as últimas técnicas. E, por suposto, sen esquecer a conservación do medio natural e a agricultura ecolóxica. Este espazo informativo/divulgativo é elaborado polo mesmo equipo de traballo especializado que desenvolve o exitoso semanal "**A Labranza**", da fin de semana.

Ao remate de "**A Revista**", de luns a venres emítese o "**Galicia Noticias**" entre as 13.45 e as 14.20 h. aproximadamente. Con estrutura e enfoque de informativo, este espazo, o único centrado exclusivamente na actualidade galega, fai especial incidencia nas cuestións sociais, nos problemas cotiás dos cidadáns na contorna onde viven e contadas de primeira man. Isto é, búscase a testemuña directa, case sempre en primeira persoa, dos protagonistas das novas, o que fai que amplos sectores da poboación do país sintan dalgún xeito reflectidos na pantalla da TVG. O groso da súa estrutura son vídeos de uns dous minutos de duración con moitas declaracións obtidas sobre o terreo polos reporteiros do programa.

A estrutura do "Telexornal Mediodía" está organizada en bloques temáticos, e conta tamén con varios varios bloques de noticias máis breves, cun formato específico, música de fondo e unhas lendas determinadas, que permitan ao espectador identificar

inmediatamente que é o que está vendo. Neste tempo de información prima o directo, con sinais do que está pasando en tempo real e aumentando o número de conexións cando a actualidade da xornada así o require. E nestas últimas temporadas apostouse por darlle máis presenza aos redactores para achegar as noticias.

Outro punto de interese é o emprego das pantallas do estudio, para explicar e aportar datos das noticias. Ese apoio esténdese tamén ás propias noticias, para facilitar a comprensión (datas, feitos claves, mapas de situación...) a través de faldóns ou gráficos aclarativos, coidadosamente pensados e consensuados entre os editores, o propio redactor, e os equipos de realización e deseño gráfico.

A información meteorolóxica é primordial nos informativos da Galega. Cada mañá, o departamento de Informativos celebra unha reunión cos redactores/as do departamento de información meteorolóxica para decidir conxuntamente o tratamento que merece o tema ese día e as localizacións idóneas ao longo da xornada para facer as noticias e ubicar os puntos de directos. En días especialmente complicados neste eido, o espazo **“O Tempo”**, que adoita ir na franxa final do informativo, gaña presenza e arroupa ao resto de vídeos desta temática.

No que respecta aos Deportes, non varía nesta nova temporada a hora de entrada: a partir das 15.10h, os espectadores teñen toda a información de interese, centrada sobre todo nos equipos de elite do deporte galego, pero sen descoidar en ningún caso as referencias a deportes considerados minoritarios, ou ás competicións nacionais e internacionais das principais especialidades deportivas, en especial o fútbol, como deporte/espectáculo máis seguido pola audiencia. Desta cuestión, dase información detallada máis adiante neste mesmo capítulo.

No final do informativo, xusto despois dos Deportes, apóstase pola información cultural, coidada e sosegada, con temas reportaxeados, que supoñen o contrapunto da axilidade e a vertixe coa que transcorre a actualidade da primeira parte do informativo.

Cada día, pola G2, reemítese este telexornal, ás 15.30 h, con intérprete de lingua de signos, para que sexa accesible á comunidade de persoas xordas de Galicia.

3.1.3. Faixa do serán

O **“Telexornal Serán”** arranca ás 20.30h, e ten como vocación dar conta da última hora e tamén dos grandes temas do día con amplitude e dun xeito máis repousado que na edición do mediodía. Neste espazo están interconectados os equipos de Local e Galicia, compartindo o equipo editor e de redacción, así como os recursos técnicos que se

precisan para a súa produción, nunha estratexia de sinerxías que rexistra unha resposta cada vez máis positiva.

Igual que no mediodía, o “Telexornal Serán” aposta sobre todo polas informacións que teñen que ver con Galicia pero tamén se lle da cobertura ao que ocorre no resto de España e Portugal e tamén na Unión Europea. O Telexornal Serán contén unha sección de información deportiva, e na que priman os deportes galegos. Por último, tamén hai un microespazo do tempo, que en casos de avisos meteorolóxicos amplíase para poder ofrecerlle aos espectadores unha información de servizo público máis completa.

3.1.4. Fin de semana

O “Bos Días” dos sábados pola mañá, cunha duración de media hora entre as 09.30 e as 10.00 h. é o primeiro informativo da fin de semana, aproveitando en boa medida o material emitido nas edicións do serán e da noite do **“Telexornal”** do venres, debidamente actualizado e coa incorporación das novas de última hora e as previsións informativas máis salientables para as seguintes horas. Da súa coordinación e edición encárgase o equipo de Dirección e Redacción dos Informativos da fin de semana. Os sábados e domingos emítense tamén as dúas edicións do Telexornal, a do mediodía, ás 14.25 horas, e a do serán, ás 21.00 horas, nas que destaca un amplo bloque de Deportes en cada unha delas.

Tamén “A Revista” ten unha edición para sábados e domingos: **“A Revista Fin de Semana”**, os sábados de 12.30 a 13.55 h. aproximadamente e o domingo, de 12.15 a 13.45 h. A oferta de lecer na fin de semana galega, temas sociais e as principais propostas lúdicas e culturais protagonizan este programa no que teñen tamén un peso importante as entrevistas en directo no propio estudio. Conta tamén co recurso dos directos en exteriores para transmitir a sensación de inmediatez e de contacto coa realidade do país. O seu aproveitamento vén condicionado pola actualidade e as necesidades do departamento de Deportes para as súas transmisións en directo. No eido estritamente informativo, “A Revista Fin de Semana” actúa os sábados de ponte entre o “Bos Días” e o “Telexornal”, mentres que, o domingo, alixeira o seu contido ao baixar normalmente a presión informativa.

Prestando especial atención ás contornas locais, cada domingo á hora de xantar emítense os espazos **“Reportaxes Locais”**, xusto despois do “Telexornal Mediodía”. Con 15 minutos de duración, isto recupera para a audiencia do conxunto do país cinco informacións locais, de carácter político, cultural, social, económico ou lúdico, con formato reportaxe e tratados a fondo,

3.1.5. Outros programas informativos non diarios

No 2019, o programa semanal de actualidade **“Contraportada”** mantivo a súa estrutura e enfoque, cunha duración aproximada de 15 minutos repartidos habitualmente en dúas reportaxes de temática galega. Emítese na sobremesa dos sábados logo da primeira edición do “Telexornal”, ás 15.15 horas, aproximadamente, e conta con posteriores redifusións en distintos horarios. As pezas son elaboradas ao longo da semana por redactores de quenda, coa coordinación dun editor e aproveitando, no posible, o material de entrevistas, e recursos empregados polos medios públicos, así como do servizo de Arquivo e Documentación da CRTVG.

Na fin de semana emítese tamén **“Parlamento”**, en antena case desde que comezaron as emisións da televisión autonómica, e enmarcado no labor de servizo público. Emítese os domingos pola mañá, entre as 10.30 e as 11.00 h. co obxectivo de achegarlles aos cidadáns galegos, semana a semana e dun xeito sinxelo e sintético, o máis salientable do traballo dos seus representantes na cámara autonómica. Faise mediante varias pezas, en que se recollen os aspectos máis destacados e de interese xeral que se abordaron nas comisións parlamentarias e, no seu caso, nos plenos da Cámara. Así mesmo, inclúense repoicas do eido autonómico. Esta sección, nomeada “Café sen gotas”, ten acadando un perfil propio ao longo da súa emisión. No 2019, presentouse o libro ‘Anecdótico do Parlamento de Galicia’ que percorre, a través de 90 entrevistas con ex-parlamentarios galegos, a historia das sete primeiras lexislaturas da cámara galega. Froito dun convenio de colaboración entre o Parlamento galego, a CRTVG, e a Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias, o autor do libro, Xesús Fontenla, redactor de información parlamentaria, recolle llembrazas, anécdotas e o relato das mellores vivencias acontecidas nese tempo. Estas entrevistas protagonizarán tamén o espazo ‘A recámara’, unha serie de sete capítulos divulgativos e media hora de duración en que a audiencia coñecerá as anécdotas internas do Parlamento e gozará das imaxes históricas do arquivo da TVG, e que se emitirá no 2020.

Tamén, ao longo do ano, a TVG presta unha especial atención a eventos destacados programados pola Cámara, como homenaxes, exposicións dentro e fóra da sede, xornadas, simposios, etc. Tamén son emitidos en directo na súa integridade os debates de investidura e de política xeral ou o “Estado da Autonomía”, que se redifunden tamén con intérprete de lingua de signos para facilitar a accesibilidade de colectivos con discapacidade auditiva, ou eventos como a Entrega das Medallas do Parlamento de Galicia.

“Vivir o mar” é un clásico da TVG. Programa de emisión semanal, actualmente os domingos, leva xa máis de vinte anos en pantalla, cando comezou co nome de “O Noso

Mar”. Con máis de novecentos programas emitidos, o programa “Vivir o Mar”, patrocinado pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia, trata de xeito transversal todos os aspectos do mar galego, desde a pesca extractiva á cría en granxa de peixes e mariscos; desde a conserva industrial ata a artesanal; a formación de diversos colectivos a través das ensinanzas reguladas ou das non regradas; ou a conservación do medio mariño e o seu coidado fronte a agresións do propio ser humano, entre outros.

As investigacións no eido mariño, tanto traballos de campo (en mar) como no laboratorio, tendo en conta a importancia dos organismos e institucións que en Galicia son salientables no mundo do mar, forman parte das reportaxes que se emiten cada domingo ás once da mañá no programa. As reportaxes de “Vivir o Mar” están pensadas para tratar temas relevantes para o sector pesqueiro galego, pero tratados desde o punto de vista do documental informativo. Así, imaxes submariñas e aéreas forman parte das reportaxes que se poden gravar no medio mariño e que o programa ofrece a unha audiencia interesada, non soamente do sector do mar, senón tamén a todos aqueles públicos que buscan a través de imaxes de calidade e precisión, achegarse a unha das maiores riquezas de Galicia.

No eido da información agropecuaria, a fin de semana prográmase outro clásico da grella, o programa “**A Labranza**”, que complementa o espazo “irmán” que se emite durante a semana, “O Agro”. Programado para o mediodía dos domingos, de 14.00 a 14.25 h., componse habitualmente de dúas ou tres reportaxes amplas, aínda que de cando en vez se centre monograficamente nun só evento. O programa dalle prioridade á información sobre iniciativas públicas e privadas encamiñadas a modernizar a estrutura do sector agrario galego, tanto se xorden no propio país coma se se importan de fóra. Non faltan referencias á información de utilidade para os profesionais, como convocatorias de axudas ou novas regulacións ou cuestións referentes á industria agroalimentaria galega. Así mesmo, tamén intenta recoller a sensibilidade da sociedade pola conservación do medio natural, con reportaxes sobre os espazos protexidos da comunidade, as enerxías renovables ou o auxe da agricultura ecolóxica.

3.1.6. Deportes TVG

Como cada ano, a sección de Deportes dos Servizos Informativos da Televisión de Galicia tivo no 2019 como a súa prioridade dar cobertura de todos os eventos posibles neste eido nos que haxa protagonismo galego e sempre que os dereitos de emisión e a dispoñibilidade dos recursos humanos e técnicos o permitan. Para iso lévanse a cabo retransmisións en directo, emisións en diferido, reportaxes ou imaxes do día a día tanto nas canles televisivas TVG e G2 como na web da CRTVG.

Hai que salientar que 2019 foi un ano no que a CRTVG estivo moi presente en eventos internacionais, como no caso da Copa América de fútbol, sendo a única canle a nivel español que se fixo cos dereitos para dar os mellores partidos da competición. Outras disciplinas internacionais nas que a TVG estivo presente, ben porque se celebraban en Galicia ou contaban con representación galega, foron o Campionato do Mundo junior de balonmán, o Campionato de Europa de loitas olímpicas, o Campionato do Mundo de duatlón, o Campionato do Mundo de triatlón ou o Campionato de Europa de motonáutica.

Tamén, segundo datos dun [informe elaborado por Barlovento Comunicación](#) en 2019 en que se analizaron as retransmisións deportivas desde o ano 1992 ata a data, revelouose que a Televisión de Galicia, a través da G2, é a segunda canle de televisión xeralista que máis deporte feminino emite, e a primeira de todas as canles autonómicas de España. A CRTVG conta con mulleres presentando os deportes e narrando as competicións; con titulares e noticias nos telexornais e programas, pezas que falan tanto das mulleres máis recoñecidas como das emerxentes, as que compiten por primeira vez; e tamén das árbitras, as médicas ou as adestradoras.

Tamén se reflicte o interese da TVG no deporte feminino no programa 'Deporte Extra', que contou no 2019, entre outros, historias sobre a atleta Carla Iglesias, a baloncestista da NBA Blanca Millán, a futbolista Vero Boquete ou a piragüista Teresa Portela, galardoada cunha Medalla Castelao.

O esquema da programación deportiva no 2019 foi:

- De luns a venres, TVG:

- "Bos Días": titulares de deportes e un bloque de información deportiva a partir das 09.45 h. de entre sete e oito minutos, ampliada a entre oito e dez nos días seguintes á competición de Liga.
- "Telexornal Mediodía": dous titulares ás 14.25 h., e un bloque de entre dez e doce minutos ás 15.15 h.
- "Telexornal Serán": un bloque de entre sete e dez minutos ás 21.35 h., na franxa de máxima audiencia dentro do Telexornal.

- Fin de semana, TVG:

- "Bos Días": bloque de información deportiva de entre cinco e sete minutos no último treito do informativo matinal dos sábados, que comeza ás 09.30 h.

- “Telexornal Mediodía”: tres titulares ás 14.25 h. e un pase logo de información deportiva ás 14.55 h., de entre dez ou doce minutos de media, que se prolonga ata os 15 ou 20 minutos os domingos.
- “Telexornal Serán”: tres titulares e un bloque longo de 21.30 h. a 21.45 h., aproximadamente.

- Fin de semana G2:

- **Sábados:** franxa dedicada a retransmisións deportivas dunhas cinco horas e media de duración, entre as 16.30 e as 22.00 h., logo da redifusión do “Telexornal Mediodía” e de “O Tempo” e ata a redifusión do “Telexornal Serán”. A segunda canle ofrece deporte masculino e feminino en directo como partidos de fútbol de Segunda División B e Terceira División, encontros da Liga LEB de baloncesto, Asobal, Liga nacional de fútbol sala, hóckey, balonmán e outras disciplinas. No seu defecto, ofrécese reportaxes de temática deportiva en espazos como “Deporte Extra” ou programas específicos adicados ao motor, o ciclismo, etc. Ademais, na franxa nocturna, entre as 00.30 e as 07.00 h. repítense partidos do día ou emítense en diferido outros encontros gravados. Tamén se inclúen na programación partidos históricos emitidos nos 35 anos de vida da TVG. En total, durante a xornada do sábado, ofrécese doce horas de programación deportiva, das cales seis poden ser en directo.
- **Domingos:** durante a temporada, a franxa de 12.00 a 15.30 h. dedícase ás retransmisións de encontros e outras citas de diferentes disciplinas deportivas, como acontece na xornada do sábado.

Tras a redifusión do “Telexornal Mediodía” e de “O Tempo”, a partir das 16.30 h. comeza “A Liga das Cidades”, coa retransmisión de fútbol galego de Segunda División B e Terceira, de produción propia ou allea. Ao rematar as retransmisións e conexións en directo e ata ás 22.00 h., emítense resumos da xornada, programas como “Montañas de Aventura” ou “Deporte Extra”.

Durante a temporada de Liga, entre as 22.30 h. e as 00.20 h., ofrécese o programa “En Xogo” de resumo da xornada, con especial atención aos partidos de Primeira e Segunda División, e mais os equipos galegos de Segunda División B e Terceira. Desde as 00.20 h. e ata as 07.00 h., redifúndense programas e transmisións da fin de semana.

En total, durante a xornada do domingo, ofrécese 17 horas de programación deportiva, das cales ata 9 horas e media poden ser en directo. De xeito extraordinario, de luns a venres, a segunda canle pode emitir tamén partidos en directo de calquera deporte. Durante 2019 a TVG realizou un total de 284 retransmisións de todo tipo

de deportes, a gran maioría delas de produción propia e tamen fixemos conexións con outras disciplinas coa modalidade 4G en preto de 100 partidos.

Fútbol

Primeira División e Segunda División

A Televisión de Galicia non ten os dereitos para a emisión dos partidos desta categoría pero si se fixo cos dereitos dos resumos tanto de Primeira coma de Segunda División e dos resumos da Copa do Rei, que se empregan nos distintos espazos informativos e no dominical “En xogo”. Na emisión deste espazo emítense tamén reportaxes de xogadores históricos galegos lembrando cos propios protagonistas os eventos destacados nos 34 anos de historia da canle pública.

Segunda División B - Grupo Primeiro

A Televisión de Galicia emite partidos dos cinco equipos galegos nesta categoría: Pontevedra Club de Fútbol S.A.D., Coruxo Club de Fútbol, Real Club Celta de Vigo B, Club Rápido de Bouzas e Real Club Deportivo Fabril, correspondentes a temporada 18/19. Na temporada 19/20 houbo catro equipos galegos en Segunda B, o Pontevedra Club de Fútbol S.A.D., o Coruxo Club de Fútbol, o Real Club Celta de Vigo B e o Rácing Club de Ferrol. Ao longo do ano ofrecéronse en directo 77 encontros dos que 53 foron de produción propia da Galega.

Terceira División - Grupo Primeiro (integramente galego)

Ao longo de 2019, realizáronse 17 retransmisións, 16 delas de produción propia e numerosas conexións cos campos nos que a infraestrutura técnica o permite. Durante este ano 2019 emitíuse, en moitas xornadas un “Carrusel de Terceira”, no que a través da web da CRTVG e de conexións con “A Liga das cidades” se informaba de todo o que acontecía en tres, catro ou cinco campos de Terceira División, ao mesmo tempo. O espazo “A Liga das Cidades” inclúe unha retransmisión, con unidade móbil, que adoita ser de Segunda División B, e varias conexións en directo cos campos en que se xogan partidos de Segunda División B e de Terceira División. Ademais, os encontros producidos pola CRTVG emítense tamén a través de www.crtvg.gal, que conta con catro canles.

A Televisión de Galicia emprega a tecnoloxía 4G para facer conexións e retransmisións de encontros e eventos de diferentes modalidades deportivas. Ata final de 2019, a CRTVG operou con esta tecnoloxía en preto de 100 campos onde había equipos ou representantes galegos competindo. Sempre que sexa posible, a TVG continuará cos espazos informativos dos domingos pola noite coa maioría das imaxes desta categoría,

con reportaxes, resultados e clasificacións, coma no caso do espazo “En Xogo”, de case dúas horas de duración, que se emite todos os domingos en directo entre as 22.30 h. e as 00.20 h., e no que se analiza a xornada futbolística e tamén doutros deportes.

Outras coberturas deportivas

Baloncesto

Durante 2019, a Televisión de Galicia emitiu os resumos dos partidos en que competiu o Monbus Obradoiro e o Leche Río Breogán, mentres estivo na categoría, equipos galegos da Liga ACB, ao non ter os dereitos de retransmisión dos partidos de dita competición.

En canto á Liga LEB Ouro, en 2019, a Galega emitiu 35 encontros disputados por algúns dos catro equipos galegos nesta categoría: Leche Río Breogán, Marín Ence Peixe Galego, Club Ourense Baloncesto e Leyma Coruña. Así mesmo, a televisión pública emitiu dous partidos dos equipos Universitario Baxi Ferrol e Durán Maquinaria Ensino Lugo, os dous representantes na Liga Feminina. Así mesmo, nesta temporada a CRTVG retransmitiu as copas Galicia de Baloncesto, tanto masculina coma feminina.

Fútbol Sala

No ano 2019, a Televisión de Galicia retransmitiu 33 partidos de fútbol sala, 11 masculinos e 22 da liga feminina na que Galicia conta con 4 representantes, Pescados Rubén Burela F.S., Poio Pescamar F.S., Viaxes Amarelle F.S. e Ourense CF Envialia.

Balonmán

O deporte do balonmán en Galicia contou no 2019 con 25 retransmisións, 18 delas da categoría masculina, cos partidos da División de Honra e da Asobal, onde compiten Condes de Albarei Teucro e Frigoríficos do Morrazo-Club Balonmán Cangas; e 7 retransmisións de balonmán feminino, cos dous representantes galegos na máxima categoría: o Mecalía Atlético Guardés, que xogou tamén competición europea, e o Conservas Orbe BM Porriño. Hai que salientar tamén a retransmisión do Mundial junior de balonmán que se disputou nas cidades de Pontevedra e Vigo.

Traíñeiras

A canle pública fixo un seguimento da participación das traíñeiras galegas nas probas da Liga ACT, a Euskotren feminina, o Campionato de España ou a Bandeira da Concha, atendendo ao gran interese que ten este deporte na costa das Rías Baixas. Así, ao longo da temporada, ofreceu 25 probas, catro de produción propia, na categoría masculina e a liga feminina contou con 14 producións. En canto á Liga Galega de Traíñas, a TVG emitiu amplas reportaxes, tanto nacionais coma galegas, e intervencións de adestradores e remeiros/as.

Outros deportes

En 2019, a Televisión de Galicia emitiu catro probas hípicas, entre elas as que se celebran no hipódromo Casas Novas de Arteixo (A Coruña) en xullo e decembro. Ademais, ofreceu probas de diferentes especialidades deportivas con presenza de deportistas ou clubs galegos, compartindo custos con outras canles autonómicas.

Así, retransmíronse probas do Campionato de España de cross, o descenso do río Sella, probas de Trial, o Campionato de España de rugby, a volta ciclista a Asturias, varios partidos de voleibol, masculino e feminino, e encontros doutros deportes como pádel. Televisáronse tamén varios torneos de fútbol base coma o torneo alevín da Federación Galega de Fútbol.

Son salientables as retransmisións dos últimos treitos do Rally de Ourense, Rally Terras da Auga de Arzúa, Rally de Lalín e Rally de Ferrol, en directo e con medios propios da CRTVG, e un seguimento do Campionato de España de Rallys coas probas que se disputaron este ano en Ourense, Ferrol e Lalín. Ademais, TVG emitiu un programa en directo, mensual, dedicado especificamente ao mundo do motor.

O deporte nos Informativos

Garantir a promoción de deporte feito por galegos/as e en Galicia, sen diminuír a capacidade negociadora de adquisición de dereitos da canle e mantendo os recursos humanos e técnicos que permiten a supervivencia dos espazos deportivos nos informativos, foron os obxectivos prioritarios marcados para 2019 na área de Deportes.

A grella da G2 inclúe espazos de actualidade deportiva dirixida aos amantes dos deportes de aventura. Entre eles, o programa “Montañas de aventura”, que en inverno pasa a chamarse “A Neve”, ou sobre piragüismo, producido pola Federación Galega de Piragüismo. Ademais, realizáronse varios programas monográficos coa presenza de deportistas no estudio de gravación. Este foi o caso do resumo anual do motor, ou a carreira de montaña de Viveiro ou outro programa sobre o Rally Dakar.

Os espazos “Deporte Extra”, con reportaxes de entre tres e dez minutos de media, dan eco a todo tipo de deportes, minoritario ou non, sempre que o permitan as condicións técnicas e os custos de produción. Esgrima, ximnasia rítmica, vela ou atletismo, son algunhas das modalidades deportivas que se abordaron neste ano.

3.2. Os informativos da Radio Galega

A consolidación dos obxectivos

Os informativos da Radio Galega, así como o conxunto da programación da emisora pública, consolidaron na temporada 2019/2020 as estratexias iniciadas no profundo cambio de programación desenvolvido na temporada 2018/2019.

Na súa misión de servizo público, a Radio Galega seguiu cumprindo coa obriga de ofrecer produtos xornalísticos de calidade para a audiencia galega, produtos que cubran todos os intereses e respondan á obriga de servizo público asignada en canto á proximidade territorial e xeográfica e á difusión da lingua e a cultura galegas.

Nun contexto de aposta por grandes bloques contedores de programación, a Radio Galega seguiu especializándose no territorio na temporada 2018/2020 para garantir a súa funcionalidade como medio de servizo público e a súa supervivencia nun novo escenario de incerteza para a radio en FM, caracterizado pola incorporación de públicos con hábitos de consumo moi diferentes.

A dirección da emisora pública aspirou tamén a situarse no espazo dixital, polo que se crearon espazos propios para a conversa coa audiencia e a distribución de contidos de interese xeral para a sociedade galega, a partir do aproveitamento dos recursos do maior medio de comunicación de Galicia. A busca de novos públicos e a captación da audiencia máis nova é unha obriga de servizo público que a Radio Galega debe acometer a través dos medios dixitais. Neste senso, desenvolveuse unha estratexia dixital novidosa para converterse en medio de referencia tamén en Internet.

Así as cousas, os informativos da Radio Galega seguiron aprofundando durante o 2019 en tres obxectivos principais:

Ampliación dos espazos informativos: os espazos informativos da Radio Galega -"Galicia Por Diante", "A Crónica" e "Panorámica"- seguiron ampliando a súa duración, nunha decidida aposta por centrar o foco informativo en Galicia e nos feitos sucedidos en todas as cidades e comarcas da Comunidade Autónoma.

Grella de grandes contedores para potenciar as marcas propias: a programación da Radio Galega seguiu aprofundando na estratexia de concentrar en marcas recoñecidas os grandes bloques informativos, para facilitar así a memoria do oínte: "Galicia por Diante" e "A Crónica".

Así as cousas, o informativo “Crónica das dúas” mudou o seu nome polo de “A Crónica” e converteuse nunha marca aínda máis estrutural ao unificar na mesma identidade a edición das 14:00 h. de luns a domingo, e a edición das 20:00 h. de luns a venres. Pola súa parte, o “Galicia Por Diante” seguiu consolidando o seu formato nas mañás radiofónicas galegas cunha edición diaria de luns a domingo.

Protagonismo da información de proximidade as 24 horas: a información local foi protagonista as 24 horas do día, en tanto que son os xornalistas das delegacións os que nutren de contidos de proximidade os grandes contedores da mañá e da tarde -“Galicia por Diante” e “A Tarde”-. Así mesmo, a información local seguiu sendo vertebral nos informativos da emisora, con espazos específicos nas tres edicións diarias do “Galicia por Diante”, “A Crónica” e “Panorámica”.

3.2.1. Novidades nos produtos informativos

- O “**Galicia por Diante**” mantivo horario de 06:00 a 09:30, pero viu renovada a súa estrutura e formato cun espazo de análise máis amplo entre as 07:30 e as 08:00. Este espazo combina a información xeral e especializada cos espazos de opinión.
- A “**Crónica**” (14:00) mudou de nome para consolidarse na franxa do mediodía.
- “**A Crónica**” (20:00) ampliou tamén a súa duración para emitirse de luns a venres entre as 20:00 e as 23:00, incluíndo diferentes espazos de información e entretemento: información xeral (20:00-20:30), información deportiva (20:30-21:00), información social (21:00-22:00), análise da actualidade nun faladoiro realizado no estudo da Radio Galega emitido simultaneamente pola emisora pública e pola segunda canle da Televisión de Galicia (22:00-23:00).
- Os **informativos da fin de semana** consolidaron tamén a súa estrutura para ofrecer produtos similares aos da semana. Así as cousas, emítense dúas edicións do “Galicia por Diante” o sábado e domingo entre as 08:00 e as 09:00, e dúas edicións da “Crónica das Dúas” entre as 14:00 e as 14:15.
- O programa de reportaxes “**Panorámica**” ampliou a súa duración e consolidou o seu horario, emitíndose os sábados entre as 14:15 e as 15:00.

3.2.2. Características de cada informativo

Galicia Por Diante (06:00-09:30)

1. Resumo informativo das últimas horas en clave de previsión da xornada.
2. Coa información de servizo público no centro do relato.
3. Con puntos de directo en todo o territorio.

4. Co resumo da prensa autonómica, nacional e internacional para completar o relato desde outros enfoques.
5. Con entrevistas diarias aos protagonistas da actualidade.
6. Coa mellor análise dos colaboradores habituais da Radio Galega en dúas tertulias: entre as 07:30 e as 08:00 e entre as 08:30 e as 09:30.
7. Con espazos propios para a información especializada: economía, cultura,...
8. Con protagonismo da información local.
9. Con sección destacada para resumir a actualidade deportiva.
10. Cunha fiestra sempre aberta á interacción a través das redes sociais.

A Crónica (14:00)

1. Resumo informativo das últimas horas.
2. Narrado desde os puntos de directo dentro e fóra de Galicia.
3. Coa información de servizo público no centro do relato.
4. Co resumo dos portais web de prensa autonómica, nacional e internacional para coñecer outros enfoques.
5. Con entrevistas aos protagonistas da actualidade.
6. Con debates en directo sobre asuntos de relevancia.
7. Con protagonismo da información local.

A Crónica (20:00)

1. Resumo informativo das últimas horas.
2. Con entrevistas en directo aos protagonistas da noticia.
3. Coa análise dos expertos e dos colaboradores habituais da Radio Galega
4. Coa información de servizo público no centro do relato.
5. Con puntos de directo en todo o territorio.
6. Con debates en directo sobre asuntos de relevancia.
7. Con espazos propios para a información cultural.
8. Con protagonismo da información local.

3.2.3 Boletíns horarios

Os boletíns consolídanse unha temporada máis como o principal sinal de referencia dunha canle xeralista radiofónica. Se a radio se identifica sempre coa inmediatez informativa, os boletíns horarios son a expresión desa comunicación continua. Estes espazos renovan os contidos que se lles ofrecen aos oíntes cada hora, prestando especial atención a calquera noticia de servizo público. Nos últimos meses modificaron tamén a súa estrutura formal: integrados nos programas, con novas sintonías e acurtando a súa duración.

3.2.4. As sinerxias coa TVG a través da Plataforma UX

Uso de UX na Radio Galega

Na Redacción de Informativos da Radio Galega en San Marcos instaláronse dous equipos compatibles co sistema UX co obxectivo de favorecer as sinerxias na elaboración dos contidos informativos.

Os redactores/as e locutores/as de todos os centros de traballo da Radio Galega contan xa coa súa clave individual para acceder a esas dúas estacións de UX e todos eles recibiron a correspondente formación para integrar a nova ferramenta dentro das súas dinámicas de traballo.

Que lle permite a Radio Galega contar con esta nova plataforma?

- Acceder de forma directa ao material (bruto e editado) gravado pola Televisión de Galicia, evitando xestións intermedias que retrasan o proceso.
- Acceder de forma directa ao Arquivo da Televisión de Galicia.
- Editar materiais propios (entrevistas, seccións, concertos...) gravados nos estudos da Radio Galega para logo difundir a través da web e as redes sociais.

3.2.5 Os espazos deportivos na Radio Galega

A Radio Galega emite a diario os espazos “Zona Mixta”, “A Crónica Deportes” e “Ao Contraataque”. Na fin de semana e cando hai competición entre semana, “Galicia en Goles” é o contedor das retransmisións deportivas.

Zona Mixta

De luns a venres, ás tres da tarde e durante sesenta minutos, “Zona Mixta” achega toda a información producida no mundo do deporte durante a xornada matinal. No 2019 recibiu, nada máis chegaren a Galicia coas medallas de ouro, á atleta Ana Peleteiro e aos padexeiros Tono Campos e Diego Romero. Outros protagonistas foron Paco Zas ao día seguinte de saír elixido presidente do Deportivo e Silvia Aguete, recoñecida como a mellor porteira do mundo de fútbol sala.

Ao Contraataque

De domingo a xoves ás once da noite, “Ao Contraataque” é o espazo que o equipo de deportes da Radio Galega reserva ás entrevistas coas estrelas do fútbol para abrir logo a mesa de debate cos especialistas. O programa adoita saír aos exteriores polo menos unha vez ao mes e no 2019 destacan as emisións desde Vigo, A Coruña e Lugo cos principais protagonistas dos equipos galegos que compiten na liga de fútbol profesional. En Vigo, na Sede do R.C Celta, o programa reuniu aos xogadores Denis Suárez e Santi Mina e, desde

o estadio de Riazor na Coruña interviron Tino Fernández, naquel momento presidente do club coruñés, e os futbolistas Borja Valle e Álex Bergantiños. E en Lugo, no edificio do Vello Cárcere, “Ao Contraataque” reunía ao presidente do C.D. Lugo Tino Saqués, ao capitán Carlos Pita e ao adestrador Alberto Monteagudo.

O programa saíu de Galicia para dedicar edicións especiais a deportistas galegos como Lucas Vázquez, tres veces campión da Champions co Real Madrid, e quen participou na entrevista realizada na cidade deportiva de Valdebebas (Madrid). E no estadio de Cornellá, “Ao Contraataque” foi recibido polo dianteiro santiagués Borja Iglesias, do RCD Espanyol de Barcelona.

A Crónica Deportes

En setembro, a grella de programación da Radio Galega incorporou o espazo “A Crónica Deportes”, que se emite de luns a xoves de 20.30 a 21.00 horas dentro do informativo “A Crónica”. Durante trinta minutos, o espazo recolle as principais declaracións do día, resume o máis destacado de “Zona Mixta” e avanza os principais contidos do espazo nocturno “Ao Contraataque”.

Galicia en Goleos

De xaneiro a xuño, o programa de retransmisións estivo presente en todos os partidos do R.C. Celta de Vigo, o R.C Deportivo da Coruña e o C.D. Lugo no fútbol profesional e tamén nos do Monbus Obradoiro e o Leche Río Breogán no baloncesto. Na nova temporada que comezou en setembro de 2019, a liga ACB só conta cun equipo galego, o Monbus Obradoiro, polo descenso á LEB do Leche Río Breogán. Xoguen cando xoguen, calquera día e a calquera hora, a Radio Galega emite pola canle convencional da Radio Galega todos os partidos de Liga e Copa dos equipos profesionais do noso deporte.

Un ano máis, a RG foi a única emisora galega que viaxou en todos os desprazamentos co R.C.Celta e co C.D. Lugo, á final pola permanencia do R.C Celta B en Alcoi e no ascenso do Racing de Ferrol en Jaén; e no novo formato da Copa do Rei de fútbol acompañou o R.C. Celta, o R.C. Deportivo, o C.D. Lugo e o Racing de Ferrol nas súas viaxes das primeiras eliminatorias a partido único.

O 23 de xuño de 2019, o programa emitiuse desde exteriores ao carón da praia de Riazor, na Coruña, coincidindo coa noite de San Xoán e coa disputa en Palma da final de ascenso a Primeira División entre o R.C.D. Mallorca e o Real Club Deportivo da Coruña. Así mesmo, os micrófonos da Radio Galega recolleron en directo os triunfos dos equipos femininos: o ascenso do R.C. Deportivo á Primeira División, tras superar dúas eliminatorias, en Murcia e nas Canarias; a conquista da Liga de fútbol sala do Pescados Rubén Burela F.S. en Sabadell; o ascenso do As Burgas de Ourense á Primeira División en Barcelona; e a conquista do Crat Coruña da Liga de rugby en Madrid.

Durante a tarde dos sábados e a mañá dos domingos, un dos contidos adoita ser o deporte base, con seguimento ás competicións de fútbol xuvenil, os torneos de promoción da canteira e mesmo disciplinas como a patinaxe en liña, na que dous xuvenís galegos se proclamaron campións de Europa coa selección española. Na tarde dominical, o compromiso de servizo público mantense desde 1985, coa retransmisión da xornada de Terceira División e o seguimento informativo á Preferente Galicia e a Primeira Autonómica.

“Galicia en Goles” obtivo en 2019 un resultado histórico nas audiencias publicadas polo Estudo Xeral de Medios no segundo trimestre, de abril a xuño. O programa conseguiu ser líder nas tardes do sábado durante catro horas e o máis escoitado durante toda a faixa de emisión dos domingos, de catro da tarde a once da noite.

Gas a fondo

Os sábados (23.00 h), a Radio Galega emite a revista do motor “Gas a fondo”. O programa estivo presente un ano máis en todos os rallies desenvolvidos na nosa comunidade, algúns deles puntuables para o Campionato de España. Durante a temporada pasaron polo espazo Jorge Prado, campión do mundo de Motocross; Mauro Barreiro, copiloto campión do mundo; os cinco galegos participantes no Dakar (Diego Vallejo, Pedro e Marcos Burgo, José Calvar e Eduardo Iglesias); Iván Ares (subcampión de España); Borja Sánchez (piloto galego no Mundial de superbikes) e Rubén Fernández (galego no Mundial de motocross).

Galicia en Toquio

Ao remate do sábado, de 23.30 a 24.00 h, o programa “*Galicia en Toquio*” actualiza a información dos deportistas galegos que están centrados nos próximos xogos olímpicos e paralímpicos. O presidente do Comité Olímpico Español, o galego Alejandro Blanco, foi un dos convidados no ano 2019.

Támara Echegoyen, Adrián Ben, Susana Rodríguez, Alicia Fernández e Rodrigo Corrales tamén contaron nos micrófonos da Radio Galega as súas experiencias nos adestramentos e competicións para obter a clasificación para Toquio.

3.3. Os informativos nas canles dixitais

O obxectivo da mesa de Tempo Real, integrada na redacción de Informativos, é alimentar a web da CRTVG e as súas redes sociais de contido informativo de última hora. E a web e as redes sociais son unha importante vía de acceso á información para a audiencia máis nova, a que se achega á TVG e á Radio Galega desde dispositivos móbiles, nun consumo á carta dos contidos.

Implantada no 2018, ao longo deste 2019 esta área consolidou os seus procedementos, establecendo protocolos máis eficientes para evitar duplicidades entre Tempo Real e a redacción. O seu equipo, xornalistas e unha asesora lingüista, desenvolven desde a redacción central de San Marcos un traballo esencial na nova contorna dixital, o que presenta en crtvg.gal e nas redes as informacións editadas polos xornalistas das distintas redaccións da CRTVG, tanto de San Marcos como das cinco delegacións.

A reorganización e reforzo desta supón o pleno desenvolvemento da estratexia dixital da Corporación no eido informativo, e fai posible a extensión dos produtos da canle galega ao mundo dixital.

Desde a implantación do sistema de produción dixital, este equipo recibe as noticias desde as redaccións e determina as pautas da súa publicación na web -concretamente nas seccións de Informativos, Deportes, #Cultura365, Directos e O Tempo-, o que está permitindo que, por vez primeira, a información poida publicarse nas redes antes da súa emisión lineal, se así se desexa.

Esta área traballa cunha nova canle dixital, con perfís específicos nas rr.ss, e que foi creada no 2019: G24.gal, da que se informa tamén no capítulo 7 deste informe. Desde maio, esta nova canle facilitou a unificación de todo contido informativo dixital, as 24 horas do día todos os días do ano. Para avanzar nunha operativa de redacción continua, sen peches, neste ano estableceuse unha quenda de noite, da que se fan cargo os xornalistas da Radio Galega, formados polo responsable de Tempo Real.

A creación no 2019 do Servizo de Extensión Dixital, dentro da Dirección de Contidos, e do que se dá conta neste informe, permitiu deseñar unha estratexia global, e especializar os equipos de traballo no eido dixital que nutren tanto o portal web crtvg.gal como as redes sociais corporativas e das súas principais marcas, G24 Noticias, Televisión de Galicia e Radio Galega, así como as contas dos programas de produción propia da casa. A mesa de Tempo Real traballa desde Informativos, e o equipo de Extensión Dixital desde Contidos, establecendo no seu caso sinerxías nun marco de coordinación.

Marcadores deportivos

Desde 2019, a Corporación RTVG ofrece na súa páxina web crtvg.gal un servizo de marcador deportivo en tempo real e en lingua galega, para manter a súa audiencia informada e con datos actualizados de resultados en diversas disciplinas deportivas e en distintas competicións. Desde a súa posta en marcha, o servizo permite coñecer os seguintes resultados:

- **Fútbol:** Primeira División, Segunda División, Segunda División B e Terceira División, Copa do Rei, Champions e calquera competición internacional de relevancia que disputen equipos galegos.
- **Baloncesto:** Liga ACB, LEB Ouro e Liga Feminina, e calquera competición internacional de relevancia que disputen equipos galegos.
- **Balónmán:** ASOBAL, División de Honra, División de Honra Feminina, e calquera competición internacional de relevancia que disputen equipos galegos.
- **Fútbol sala:** División de Honra, Liga Feminina, e calquera tipo de competición internacional de relevancia que disputen equipos galegos.

4. CONTIDOS E EMISIÓNS

A función da Área de Contidos da CRTVG creada en 2017 ten na Corporación a función transversal de captar, adquirir, producir, xestionar e difundir contidos distintos dos informativos a través de todas as canles de emisión que compoñen os medios públicos galegos e outras que se poden considerar complementarias. Para exercer a súa función, a CRTVG debe desenvolver unha política evidente de contención de custos na súa programación, isto sen perder de vista o importante que é ter produto para poder competir. As series e os programas da TVG, por lóxica orzamentaria, custan moito menos que a oferta dos competidores, pero aínda así para poder manter a grella a TVG deseña unha estratexia de programas baseados na posta en valor do seu material de arquivo que se van emitindo ao longo do ano con custos externos escasos ou nulos, aproveitando determinados días sinalados no calendario ou oportunidades que ofrece a programación da competencia, para conseguir chegar a amplos niveis de audiencia.

O ano 2019 foi un claro expoñente do escenario mediático actual no que a competencia intensa entre os emisores de contidos por captar a atención do público chegou a altos extremos nunca coñecidos, con grandes plataformas globais consolidándose entre os hábitos do público a base de producións de altos orzamentos, e cunha amalgama de medios liñais e baixo demanda onde os emisores tradicionais tiveron un difícil reto para seguir sendo relevantes para a audiencia a través do espazo radioeléctrico e xa de maneira moi asentada no espazo dixital.

Ao mesmo tempo na televisión convencional acentuouse significativamente a audiencia de todo tipo de programas reality e de “cotilleo” que emiten determinadas canles comerciais, nas que gran parte do espectáculo baséase en relacións humanas con valores negativos. Trátase de produtos que resultan ser moi populares pero que teñen dificultades de encaixe na grella dun medio público, o que complicou máis a competencia pola audiencia. Neste escenario os medios públicos ,que teñen a misión de protexer a identidade galega e fortalecer a súa cultura, continuaron o seu proceso permanente de adaptación apostando polos seguintes eixos:

- A proximidade
- O contido galego
- Os programas en directo
- A interactividade ou participación do público
- Unha maior intensidade emocional nos programas
- A innovación nos contidos
- A cooperación con outros medios

A proximidade constitúese como un elemento horizontal da oferta televisiva, radiofónica e dixital, poñendo en valor o de aquí, en galego, potenciando aqueles aspectos que diferencian Galicia e a súa sociedade e que a audiencia non pode atopar en ningún outro medio, pantalla ou rede social. Esta vocación de proximidade levou aparelado o incremento das sinerxías entre televisión e radio autonómicas, con experiencias de éxito que se indican máis adiante, así como de ambos os medios no espazo dixital.

Sendo este enfoque tan pronunciado non é de extrañar que o 96% das horas de emisión da TVG estea composto por contido producido na propia Comunidade, entre produción propia interna e produción propia externa, nivel dificilmente alcanzable pola maioría das televisións autonómicas e practicamente por calquera canle xeneralista. Este indicador tamén foi moi destacado na G2, unha canle con moita maior presenza da produción allea sobre todo debido aos contidos infantís. Precisamente en 2019 a G2 aumentou sensiblemente as horas de produción propia, de maneira que entre a interna e a externa (producida no tecido audiovisual galego) pasou a representar o 64%, 13 puntos máis que no ano anterior. E por suposto na Radio Galega esta característica chega ao 100% das horas de emisión.

Unha das características da G2 é a programación infantil e tamén neste eido o ano 2019 serviu para iniciar o primeiro programa de produción propia interna para os máis pequenos, chamado "A pita cega" e que parte da relación coa canle France 3 Bretagne, que achegou formato e guións. O programa verá a luz en 2020. Outra das liñas de actuación deste apartado foi acadar un incremento substancial da oferta de contidos na app Xabarán TVG, que permite aos nenos e nenas acceder aos programas mediante canles dixitais ás que están moi afeitos.

Os contidos en directo constitúen un importante valor de produción para contrarrestar a competencia, xa que ofrecen ao público o valor do que acontece aquí e agora, acentuando a percepción e proximidade e a diferenza coas grandes plataformas globais de vídeo baixo demanda. Desta maneira ao longo de 2019 a oferta en directo foise incrementando chegando a ocupar na primeira canle practicamente todo o horario diurno e mesmo o prime time nalgúns días da semana, así como as madrugadas da segunda canle.

Ligado a isto a interactividade e participación do público constitúe un elemento de grande interese que reforza o mellor coñecemento da audiencia, enriquece os distintos programas de televisión e radio, consolida a comunidade ao redor dos medios públicos galegos e conforma outro indiscutible elemento diferenciador dos medios de proximidade. A participación canalízase non só pola expansión das redes sociais vinculadas aos programas senón por outras iniciativas como concursos, chamadas telefónicas, sorteos, asistencia a plató, convocatorias como as que serven para elixir a canción do verán e do

Nadal, e mesmo eventos de convivencia co público como é a festa anual dos oíntes do programa “Pensando en ti” que adoitan xuntarse masivamente en Silleda.

Cómpre salientar o esforzo desenvolvido na Radio Galega para fomentar a visibilidade e participación dos seus contidos a través das redes, que levou entre outras cousas a que a canle dixital diariocultural.gal triplicase as súas páxinas vistas e que as diferentes canles radiofónicas galegas sexan universalmente accesibles a través da plataforma Radioplayer e Alexa.

Outro elemento que se considerou de interese diante das tendencias do consumo televisivo é o incremento da intensidade emocional dos programas, pero sempre fuxindo dos valores negativos que adoitan amosarse nos realities.

A programación dos medios públicos tamén se ten reforzado na procura de contidos innovadores que acheguen novas formas de ver ou relatar. Exemplos disto son os novos formatos “Malicia Noticias”, “Un país en 360”, “Desmontando Galicia”, “Malo Será” ou “A bóla extra”, que pretenden chegar á audiencia habitual de TVG pero alcanzar outros públicos que habitualmente non seguen os medios públicos galegos. Cremos que este é un dos motivos polos que a audiencia do tramo de idade mozo se vén incrementando na TVG cando está a decrecer na inmensa maioría dos medios de comunicación tradicionais.

Tamén en 2019 tentouse innovar en termos de grella de programación na G2, coa creación das “Noites Temáticas” que pretenden estruturar a programación dándolle maior personalidade, apostando polos contidos de calidade que teñen menor presenza na TVG e potenciando o valioso arquivo da Corporación.

Conectada con esta liña de innovación cómpre especial atención á cooperación con outros medios, amosada primeiramente mediante atractivas e exitosas sinerxías entre a TVG e a Radio Galega a través de varios proxectos. Por suposto a colaboración prodúcese tamén con outros medios en España, sobre todo a través da Federación de Organismos de Radio e Televisión Autonómicos (FORTA) que serve de marco para diversos acordos de colaboración.

Continuaron os proxectos cos medios portugueses, principalmente coa pública RTP, que permitiron novas coproducións e un programa de variedades simultáneo e en directo desde a praza do Obradoiro o 16 de novembro, “Aquí Portugal”, que acadou un share do 13-14% nos dous territorios e un alcance de dous millóns de persoas.

Pero o ano 2019 representou un fito na relación cos veciños asturianos ao levarse a cabo a primeira coprodución entre ambos co programa musical “Benvidos bienllegaos” que se emitiu simultaneamente nas dúas Comunidades no 25 de decembro. E continúan as

iniciativas de colaboración co grupo de televisións Celtic Media, como foron os acadados con France 3 Bretagne para a produción en Galicia do programa infantil “A pita cega” e ofrecer ao público galego concertos en directo do Festival Intercéltico de Lorient. A colaboración co conxunto das televisións públicas rexionais europeas a través de CIRCUM Regional tamén permitiu emitir producións europeas de primeira calidade nas Noites Temáticas da G2.

Todas estas iniciativas desenvolvéronse a pesar de que en 2019 volveuse dar un fenómeno xurdido o ano anterior, que foi que as grandes canles de ámbito estatal puxeron especial atención en Galicia con contidos de *prime time*. Se en 2018 foi notorio o caso de “Fariña” en Antena 3, o ano seguinte emitíuse a segunda temporada de “Vivir sin permiso” en Telecinco e estreouse “Néboa” en TVE. Fenómenos que estimamos de gran valor para a industria audiovisual galega e que reflicten a calidade do traballo de equipos técnicos e humanos nados e desenvolvidos en torno á CRTVG, pero que empresarialmente están en lóxica competencia cos contidos da TVG.

O certo é que o servizo que presta a CRTVG conta cun sensible recoñecemento en varios ámbitos. Ademais dos índices de audiencia de Kantar Media e os informes periódicos do Estudio Xeral de Medios recollidos noutro capítulo desta Memoria, unha enquisa encargada por segundo ano consecutivo por FORTA á firma GFK reflicte novamente que o 90% dos galegos considera que a súa televisión autonómica é a que máis contribúe á promoción da cultura e á identidade da súa Comunidade. Este dato sitúa á CRTVG nos postos de cabeza por este criterio.

Por outro lado ao ano 2019 foi absolutamente excepcional para CRTVG en materia de premios, como se recolle nos apartados 4.5.1 e 5.4.2 desta memoria. A longametraxe “O que arde” de Oliver Laxe acadou recoñecementos xamais alcanzados polo cine galego, co premio á sección de autor “Unha certa mirada” do Festival de Cannes e outros recoñecementos posteriores que entre outras cousas permitiron que por primeira vez unha obra rodada en galego fose candidata á mellor película e mellor director dos Premios Goya. E por primeira vez o cine galego se levou os premios Goya ao actor e a actriz revelación, no que representa unha magnífica expresión da función lanzadeira que ten a CRTVG no seu apoio ao cine.

Pero houbo outros dous premios internacionais de grande valor. Nos Prix CIRCUM 2019 a xornalista da CRTVG Alba Mancebo obtivo o premio europeo ao Novo Talento en Pantalla, dirixido a profesionais menores de trinta anos de idade. Trátase da segunda vez que a CRTVG recibe un premio de ámbito europeo, despois do destinado á serie “Matalobos” en 2012. E a película “A sombra da lei” gañou o premio á mellor longametraxe dos Celtic Media Festival. Finalmente é interesante que por primeira vez se produciu tamén a venda internacional de formatos de programas televisivos galegos.

4.1. Programación televisiva

En 2019 a Dirección da Área de Contidos propúxose cinco retos operativos:

1.- Consolidarse como canle de servizo público e de difusión da cultura do país cun programa de referencia e con antigüidade na grella:

- 10 anos de “Zigzag”, a verdadeira aposta da TVG pola cultura.
- E coma novidade, apostar pola cultura e a divulgación no *prime time* da G2 coa posta en marcha no mes de maio das Noites Temáticas da G2.
- Ademais, a aposta por contidos culturais pero contados cun formato universal e didáctico para o gran público, coma os catro documentais sobre a restauración do Pórtico da Gloria a produción do espazo de divulgación científica “Aquelando” ou o documental en dous capítulos “O Reino suevo de Galicia”.

2.- Abrir unha liña de sinerxía e colaboración entre os dous medios principais da CRTVG: a televisión e a radio pública.

- Posta en marcha de “A bola extra”, que se emite en directo na televisión e na radio galegas
- Emisión conxunta do programa de debate político, “A crónica”
- Emisión do programa de humor na segunda canle “Como que non”
- Emisión conxunta do programa de compañía nas madrugadas, “Pensando en ti”

3.- Cobertura aos grandes eventos culturais de Galicia coa aposta de formatos novos e modernos como ‘Galegofalante VIP’ nas Letras galegas, dedicadas no 2019 a Antón Fraguas.

4.- Consolidar e converter en referentes formatos innovadores ao mesmo tempo que divulgativos que trouxeron á canle públicos novos, máis mozos, e de ámbito urbano.

- “Desmontando Galicia”
- “Un país en 360”
- “Galicia bonita”
- “Malicia noticias”
- “Escapárate”
- “Latexos da cidade”

5.- Posta en marcha de formatos moi arriscados nunha televisión xeneralista e de proximidade como a TVG, pero que traen outros beneficios: novos espectadores e imaxe de prestixio cara a marca.

- Nova temporada de “O sabor das margaridas”
- Producción do formato late night “Hai caldo”
- Producción do formato de misterio “Milenio”

“Zigzag”, ademais de ser un dos formatos máis premiados na historia da Televisión de Galicia, é xa un referente cultural para os espectadores en Galicia. Son dez anos xa dando conta e cobertura de todo canto acontece no país no mundo da cultura. A esta consolidada oferta, hai que engadirle a posta en marcha en horario de prime time das Noites temáticas da G2. Un novo espazo que dota dunha nova personalidade a G2, que divide os contidos para cada día da semana segundo unha temática: música, cine, divulgación, descuberta, e que está sendo acollido con gran éxito de público.

Unha das grandes apostas do ano foi a posta en marcha de varias sinerxías entre a radio e a televisión pública galegas. Así empezou a emitirse en directo e simultaneamente nas dúas canles o programa radiofónico “A bóla extra”. A esta experiencia uniuse o programa de humor “Como que non?”, de corte máis xuvenil. E o *talk show* das madrugadas “Pensando en ti”.

Outro dos retos da Dirección da Área de Contidos neste 2019 foi consolidar novos formatos, innovadores e con linguaxe moderna, que foron quen de enganchar novos públicos para a canle. Ademais este ano foi o ano da estrea dun formato rompedor, que está empezando a consolidarse, e que proxecta a televisión cara un público máis novo, tan ansiado pola canle. É o caso do “Malicia Noticias”. Outros formatos que non tiveron tanto éxito de audiencia televisiva pero si trouxeron prestixio e coñecemento da marca noutros ámbitos, foron series como “O sabor das margaridas” que se converteu en pouco tempo nunha das series de fala non inglesa máis vistas dunha importante plataforma. Ou o formato late night “Hai caldo”, un proxecto arriscado pero seguido por un público alternativo, que habitualmente non ve televisións xeneralistas. Ou o concurso que potenciaba o pequeno comercio, “Escapárate”.

Tamén é de destacar o esforzo da canle pública na cobertura do prestixioso Festival de Lorient, que se emite todos os anos en France 3 pero o ano anterior se emitira por primeira vez en TVG e dedicado este ano a Galicia. Un equipo trasladouse ata alí para gravar de primeira man todo canto aconteceu. Deste traballo fixéronse ata catro programas que foron emitidos en horario de máxima audiencia, colleitando un éxito importante de audiencia.

4.1.1. Contidos culturais e de servizo público

O proxecto #Cultura365 nacido en 2018 vertebra a información cultural específica, en directo, nos medios públicos de Galicia os 365 días do ano.

Dentro do “Diario Cultural” da Radio Galega botaba a andar o 8 de novembro dese ano como canle dixital www.diariocultural.gal. A canle achega desde entón, no soporte web, o mellor da súa cobertura cultural, aliñada coa súa oferta radiofónica, e nunha nova estratexia de información que estende á información cultural ao longo de toda a xornada, os sete días da semana.

Outras pezas clave deste proxecto son o informativo cultural diario “Zigzag”, que se menciona máis abaixo e que cumpriu dez anos de vida como referente da cultura en Galicia. Entre outros fitos, foi galardoado cinco anos seguidos como o mellor programa de televisión nos Premios Mestre Mateo. Baixo o paraugas de #Cultura365 desenvolveuse tamén unha ampla programación en televisión, radio e dixital co motivo do Día das Letras Galegas 2019, dedicado a Antón Fraguas.

. ZIGZAG

XÉNERO: Cultural

DURACIÓN: 25'

FRANXA: Tarde, en directo

A cultura de Galicia diariamente recollida neste espazo que se emite pola G2. Música, cine, libros, tendencias, teatro, unha sección para cada día da semana e un bloque inicial onde se recolle toda a actualidade. Completan estes vinte e cinco minutos diarios de información cultural unha entrevista, tamén diaria, cunha personalidade para tratar en profundidade algúns dos temas que xera a actualidade.

Un equipo de especialistas percorre Galicia co obxectivo de dar cobertura a tódalas actividades culturais que se desenvolven en calquera vila ou cidade do país.

. ZIG ZAG FIN DE SEMANA

XÉNERO: CULTURAL

DURACIÓN: 20 MINUTOS

FRANXA: MEDIODÍA DOS SÁBADOS E DOMINGOS

A TVG aposta pola cultura ao redor do mediodía do sábado e domingo. O espazo dá conta de todo o acontecido en Galicia ao redor do mundo da cultura.

AS NOITES TEMÁTICAS NA G2

Nunha aposta pola calidade e unha oferta diferenciada, a segunda canle da Televisión de Galicia pon en marcha ‘As Noites Temáticas’, que dota dunha nova personalidade a G2. Unha nova programación para o horario de máxima audiencia coa

que os espectadores identificarán claramente cada día da semana cunha temática diferente.

En horario de *prime time* e a continuación de 'A Crónica', espazo de debate da Radio Galega cuxa emisión na G2 supuxo toda unha novidade na programación da segunda canle, 'As Noites Temáticas' arrancaron coa estrea de 'Feito en Europa', unha selección de documentais dos que cómpre salientar a emisión de espazos que foron presentados, e nalgúns casos premiados, nos prestixiosos Prix Circom, concedidos pola asociación de televisións rexionais públicas europeas. Estas emisións foron propiciadas pola activa presenza e participación da CRTVG nos distintos foros do sector audiovisual a nivel internacional nestes anos.

Neste senso, a primeira achega desta noite temática é a emisión de 'Le Collecteur' ('O coleccionista'), un documental da televisión pública de Francia na rexión de París sobre a figura de Arthur Langerman e a súa colección de materiais de propaganda antisemita que chega ata máis de 7.000 obxectos e folletos. Na noite dos luns tamén está previsto incluír contidos procedentes do arquivo da CRTVG.

Os martes emítese "Unha Noite con...", dedicado a entrevistas ou conversas en profundidade, e de seguido 'A Noite Comprometida', baixo o que se emitirán programas de servizo público e de contidos sociais, como o docudrama 'Eloxio da distancia', rodado na Fonsagrada que fala das catro estacións de catro personaxes que viven na 'España baleira'.

'A Noite Descuberta' ofrece cada mércores contidos de divulgación: programas de natureza, tanto galegos coma de marcas internacionais como "National Geographic", xunto con programas sobre ciencia e novas tecnoloxías, boa parte deles feitos en Galicia.

Os xoves en 'A Noite Musical', a G2 céntrase en propostas baseadas nos músicos galegos e en actuacións musicais ao vivo de todos os estilos. Desde concertos nas noites de verán en Galicia ata música clásica e grupos emerxentes gravados para a CRTVG. O primeiro programa desta sección foi a estrea de 'Galician Connections', un documental de 80 minutos que recolle a destacada participación galega no maior evento anual de música celta do mundo, o Celtic Connections, que se celebrou o pasado mes de xaneiro.

Os venres é o momento de 'A Noite do Cine', con películas de diversos estilos incluído o cine galego. Os sábados é a segunda xornada semanal de 'A Noite do Cine'. Estas noites temáticas distínguense cunha cabeceira xenérica de estética alternativa pero con modificacións que identifican o tema de cada día. A nova programación da G2 vai reforzada, amais, diariamente coa emisión de videoclips con actuacións de música contemporánea en vivo.

. XABARÍN CLUB

Programa contedor de series de animación, de produción galega coma “Tutú” ou “Os Bolechas” e de produción allea, dobrada ao galego, como “Doraemon”, “DinoTrux” ou “King Julien”. O seu obxectivo é a promoción e difusión da lingua galega entre os máis cativos da casa. Explícase con máis detalle no epígrafe 4.3.3 deste capítulo, sobre a programación infantil. Cómpre sinalar que en 2019 cumpríronse 25 anos do Xabarín Club e con tal motivo leváronse a cabo unha serie de accións conmemorativas, como foi un concerto en vivo con diversas bandas que interpretaron temas do repertorio musical deste club, ou a creación dun espazo para contidos conmemorativos na web da CRTVG e na app Xabarín Club no que se incluíu a recolección das sintonías míticas das series na súa versión en galego.

. COMA UN ALLO

XÉNERO: CONCURSO

DURACIÓN: 45 MINUTOS

FRANXA: TARDES

Concurso áxil, de probas rápidas, e guiión divertido, ocorrente e enfiado. Tres concursantes. Preguntas divertidas. Grazas ao que saberemos máis cousas sobre nós. Que é un tiraboleiro? Que virxe parece unha rianxeira? A Treixadura é unha praga, un baile ou unha uva? Emoción ata o final. Todo pode cambiar ata a última proba. Só poden quedar dous...

. CONEXIÓN SOCIAL

DURACIÓN: 30 MINUTOS

XÉNERO: PROGRAMA DE REPORTAXES / SERVIZO PÚBLICO

As fundacións galegas reflicten, quizais como ningunha outra institución, o crecemento e a maduración que experimentou a sociedade nos últimos anos.

É precisamente a súa evolución, o que será obxecto de análise na serie de programas que aquí se propoñen e que permitirán dar a coñecer institucións que, a pesar da súa destacada relevancia no contorno social, cultural, económico e político, seguen sendo grandes descoñecidas polo gran público. Un quefacer que propicia unha análise pormenorizada e divulgativa dun gran grupo de organizacións sen ánimo de lucro, tratando de que a selección das propostas abranga a maior parte das actividades ás que veñen dedicando o seu ámbito de actuación. O formato componse dunha entrevista principal, realizada ao máximo responsable da Fundación ou institución, e da intervención dos seus protagonistas, tanto traballadores como usuarios.

PROGRAMACIÓN ESPECIAL AO REDOR DO FESTIVAL DE LORIENT

Os espectadores da TVG asistiron a un impresionante espectáculo de luz, cor e son, o de 'A Noite Máxica de Lorient', un concerto que se celebra cada ano no contexto do Festival Intercéltico desta cidade francesa, aproveitando a oportunidade de que no ano 2019 tivo a Galicia como país protagonista. Máis de 500 artistas déronse cita no mes de agosto no estadio de Lorient para participar nun grande evento cuxo obxectivo é amosar a riqueza musical celta. Neste punto de encontro das chamadas nacións celtas, danse cita a cultura, a música e as tradicións dos diferentes países e rexións: Irlanda, Escocia, Gales, Illa de Man, a Bretaña Francesa, Cornualles, Asturias e Galicia.

Por este motivo, un equipo da TVG estivo no verán en Lorient para falar cos artistas galegos participantes e con outros moitos artistas doutras nacións celtas. 'A Noite Máxica de Lorient' é unha gala tan agardada que se repite durante varios días e, ademais, cada ano colleita millóns de telespectadores no prime time francés. Despois desta emisión, a Televisión de Galicia ofrecerá o concerto que deu en Lorient o grupo Tiruleque, un recital vivo e enérxico co que arrasou entre o público bretón.

Ademais Televisión de Galicia produciu 'Destino Lorient', un especial que amosa os dez días que viviu neste certame a delegación galega, formada por uns 300 artistas. E, gracias a acordos coa canle France 3 Bretagne, foi posible emitir polo *streaming* de *crtvg.gal* sete concertos en directo do mesmo festival.

. O REINO SUEVO DE GALICIA

DURACIÓN: 2 CAPÍTULO DE 60 MINUTOS

Á luz das últimas investigacións e da man dos maiores expertos de Europa o documental explora a creación, o auxe e a caída do Reino Suevo de Galicia. Esta é a historia do primeiro reino medieval de occidente, pero tamén é un relato sobre como se fai a historia.

. O PÓRTICO DA GLORIA. POLOS SÉCULOS DOS SÉCULOS

A Televisión de Galicia produce 'O pórtico da Gloria, polos séculos dos séculos', unha serie de catro documentais que afonda na restauración desta obra mestra da catedral de Santiago de Compostela, onde rematou o ano pasado unha ambiciosa intervención de recuperación integral.

Os documentais revelan o longo proceso, desde os estudos previos, a urxencia da actuación e os detalles da limpeza da pedra ou a preservación da policromía, así como explicación da iconografía do Pórtico e a figura do Mestre Mateo.

Esta serie é unha produción propia interna da TVG gravada coas novas cámaras de alta definición por un equipo da canle pública que acompañou de xeito intensivo durante catro meses os traballos de restauración do Pórtico, e que foi posible grazas a un convenio

asinado pola CRTVG, a Fundación Barrié e a Fundación Catedral, promotoras da recuperación do monumento, en colaboración coa Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e o Instituto do Patrimonio Cultural de España. Ao longo de máis de 40 entrevistas, os xornalistas tiveron a oportunidade de falar cos equipos técnicos así como con expertos en patrimonio, arquitectura ou historia para coñecer de primeira man todo o proceso, que se levou a cabo durante 10 anos. O primeiro documental, 'Pedra e auga', trata sobre a situación de humidade e as condicións climáticas que afectaron a obra e como foi recuperada a pedra. A serie continúa coa emisión de 'Policromía', peza en que a audiencia descubre todo o relacionado co proceso de recuperación das cores do pórtico e os traballos de investigación que se fixeron sobre as capas de policromía existentes. A terceira entrega leva o título 'O Mestre Mateo e a catedral de Santiago', e mostra a relación deste persoeiro coa xoia arquitectónica que el mesmo creou. E a cuarta e última peza documental interésase pola simboloxía dos elementos do Pórtico da Gloria: Que queren dicir as estatuas que están representadas?

. FESTIGALIANDO

DURACIÓN: 30 MINUTOS

XÉNERO: PROGRAMA DE REPORTAXES

"Festigaliando" chega á TVG para dar conta dos variados certames musicais que fan de Galicia un dos destinos máis atractivos para os amantes da música en directo na temporada estival. O primeiro deles deu conta de todo o que aconteceu na segunda edición de O Son do Camiño, festival de música que se desenvolveu no Monte do Gozo en Compostela, entre o 13 e o 15 de xuño. Neste programa puidemos ver ademáis o Festival de Ortigueira, o Resurrection Fest, o Son Rías Baixas, o Festival da Luz, entre outras.

. AQUELANDO

DURACIÓN: 30 MINUTOS

XÉNERO: DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

Programa de divulgación científica que combina contidos atractivos para todos os públicos, como experimentos, análise de falsos mitos ou experiencias na rúa, con outros dunha maior carga técnica. O programa está financiado en parte pola Fundación Española para a Ciencia e a Tecnología (FECYT).

. GALEGOFALANTE VIP

DURACIÓN: 30 MINUTOS

XÉNERO: DIVULGATIVO, DE REPORTAXES

'Galegofalante VIP' é unha das estreas que a TVG ofreceu no Día das Letras Galegas. Nunha data coma esta, en que se homenaxea persoas que destacaron pola súa creación literaria en lingua galega, a canle pública galega conversa neste especial con persoeiros galegos das máis variadas disciplinas que tamén están orgullosos da lingua galega e que a falan no seu día a día.

. BOTANDO UNHA MAN

DURACIÓN: 30 MINUTOS

XÉNERO: SERIE DOCUMENTAL / SERVIZO PÚBLICO

Este espazo de servizo público céntrase en coñecer as persoas que están a facer algo en distintas iniciativas solidarias, nos ámbitos máis diversos. 'Botando unha man' participa nos seus proxectos e comparte cos seus protagonistas momentos que falan de como comezaron a colaborar, do que lles achega esa colaboración, dos problemas que solucionan, das necesidades que cobren e das dificultades do día a día.

Cada programa trata un tema distinto e visita persoas de distintas organizacións solidarias e de distintos lugares de Galicia, que colaboran con iniciativas do máis variado, desde a axuda ás familias con pacientes con alzhéimer ata a protección a cans e animais domésticos. Os achegamentos aos protagonistas teñen lugar dun xeito dinámico, no medio do traballo ou nalgún tipo de actividade, co programa involucrándose e aprendendo a 'Botar unha man' coma un voluntario máis.

4.1.2. Contidos de entretemento con compoñente divulgativo

. ESCAPÁRATE

DURACIÓN: 50 MINUTOS

XÉNERO: CONCURSO

En "Escápárate", vinte comercios e dous profesionais compiten coa axuda dos propietarios para ver quen consegue facer o mellor escaparate nun máximo de doce horas. Co fin de valorar quen ten máis éxito, contamos co clientómetro que mide o tráfico de xente nas tendas durante a semana anterior e posterior á reforma do seu escaparate. A equipa que consiga maior tráfico en cada comercio será a gañadora do programa. Axudaremos a recuperar o comercio local comezando polo primeiro que se ve!

. UN PAIS EN 360º

DURACIÓN: 60 MINUTOS

XÉNERO: DIVULGATIVO PATRIMONIO

Programa gravado con cámaras 360, que utiliza a tecnoloxía para achegar aos espectadores o patrimonio natural e monumental de Galicia. 'Un país en 360' descubre Galicia de forma inmersiva, porque o público é o centro da acción. O programa ofrece pezas para ser vistas en 360º combinado con estereoscopía na canle de Youtube da TVG, a través de gafas 3D, e de forma realizada sobre o 360º na emisión en TDT.

Trátase dunha aposta dos medios públicos para difundir a riqueza patrimonial, natural e monumental de Galicia. Deste xeito, a TVG leva a audiencia a lugares como a Ribeira Sacra, a Mariña Lucense, a Costa da Morte, ou as Illas Atlánticas, para amosar os 360 graos das paisaxes e monumentos, con imaxes esféricas, efectos *little planet* ou *selfies* tipo Matrix en ángulos nunca vistos.

. LATEXOS DA CIDADE

DURACIÓN: 60 MINUTOS

FRANXA: SEMANAL

Programa disposto a medir o pulso das grandes urbes galegas a través dos seus protagonistas: as persoas que as habitan. Vidas extraordinariamente normais, mais cheas de contrastes e matices. Vidas diferentes, vidas únicas.

Tomamos café nos mesmos bares, compartimos cola no supermercado e poida que ata sexamos veciños. Son persoas anónimas, cos seus traballos e coas súas inxedanzas. Hai tantas historias coma individuos e queremos coñecer aquelas que fan latexar o corazón das principais cidades galegas. En cada capítulo coñeceremos tres persoas con cadansúa historia vital e achegarémonos ás diferentes facetas do seu día a día.

. MALICIA NOTICIAS:

DURACIÓN: 30 MINUTOS

XÉNERO: PROGRAMA DE HUMOR

Espazo que analiza as noticias, actualidade nas redes, eventos, o panorama televisivo, dende unha perspectiva humorística dándolle una volta en clave de humor ao acontecido no día. Un equipo de colaboradores en forma de mesa de debate analiza o acontecido dende varios puntos de vista. Amosaremos do que se fala na rúa, do que lle interesa aos galegos, o deporte, as festas, a gastronomía, o rural ...centrándonos no eido máis social e divertido.

. LARPEIROS SOCIAL CLUB

DURACIÓN: 30 MINUTOS

XÉNERO: DIVULGATIVO

Este club conta cunha boa despensa e cun gran mesado con moitos fogóns. Por fin os 'Larpeiros' poderán facer unha masa, guisar unha carne e limpar uns grelos, todo a un tempo e sen que falte sitio na cociña para todos os que queiran estar nela. Ademais, visitarán o 'Larpeiros Social Club' novas promesas da cociña galega e cociñeiros consagrados que tirarán de memoria para facer pratos con historia. Para pechar os xantares ao estilo máis 'larpeiro', faranse deliciosas lambetadas coa axuda das mellores reposteiras. Ademais, os membros do club tomarán café de pota e as sobremesas durarán moito máis, grazas á música de convidados.

. ADIVIÑA QUEN VÉN ESTA TARDE

DURACIÓN: 130 MINUTOS

XÉNERO: MAGACÍN EN DIRECTOS

Aposta decidida pola televisión en directo, coa participación activa do público desde distintos lugares da xeografía, entrevistas curiosas, reportaxes, música en directo e coa colaboración en cada edición dun personaxe famoso que agochará a súa faciana.

Cada tarde, de luns a venres, os presentadores estarán acompañados por un pianista, quen porá a banda sonora ao programa. O resto dos reporteiros estarán espallados polos distintos puntos da xeografía galega para non perder detalle de todo o que ocorra.

. ANACOS DE VIDA

DURACIÓN: 60 MINUTOS

FRANXA: SEMANAL / PATRIMONIO

O espazo percorre Galicia na procura das pequenas e grandes historias que hai tralas mellores fotos antigas do país. Imaxes e historias que nos emocionan porque son unha parte esencial das nosas raíces, do que fomos, do que somos e do que podemos chegar a ser como pobo. Cada capítulo é unha viaxe sorprendente onde interactúan os maiores, que saben das historias que agochan as imaxes antigas, e os novos, que andan na procura das mellores fotos e historias do seu concello, animados por dous presentadores que veñen dende o pasado na súa máquina do tempo nun vello bus que percorre as aldeas e vilas para descubriros esas fotos e esas historias do pasado.

. EMBARCADOS

DURACIÓN: 60 MINUTOS

FRANXA: SEMANAL

O programa realízase integramente abordo dun barco, durante a xornada de pesca. Dará a coñecer como é o traballo das xentes do mar, no propio centro da súa realidade, os barcos. Porque en xeral coñécese a vida do mariñeiro cando está en terra, pero é moito menos coñecido o seu traballo nos propios barcos. Un programa que achega unha realidade fundamental na vida e a cultura galega, ao conxunto da poboación do país. Que o espectador se emocione coas historias dos mariñeiros abordo dos barcos.

. DOUTOR EN GALICIA

DURACIÓN: 60 MINUTOS

FRANXA: SEMANAL

Programa que semana a semana viaxa por toda a xeografía galega para conversar cos profesionais da nosa sanidade e saber do seu traballo e os lugares onde o desenvolven. E ademais saberemos por que escolleron esta profesión. Pero, cando non están coidando da nosa saúde a que dedican o seu tempo de lecer? Saberemos o que nos contan.

. VOU QUE TEÑO QUE IR

DURACIÓN: 60 MINUTOS

XÉNERO: ENTRETENIMENTO

Dous presentadores con dous estilos ben diferentes de viaxar percorrarán o mapa galego poñendo de relevo a cultura, o patrimonio, a gastronomía, as tradicións...en definitiva, a riqueza da nosa terra. Amosaremos lugares típicos e outros case descoñecidos e contaremos con personaxes singulares que acompañarán no camiño aos condutores do

programa constituíndo un reclamo para todos os espectadores: aqueles aos que lles gusta viaxar e aqueles outros que prefiran facelo dende o sofá.

. MILENIO

DURACIÓN: 60 MINUTOS

XÉNERO: ENTRETENIMENTO

Espazo dirixido aos amantes do insólito, os misterios e os fenómenos paranormais. Na tradición galega, os 'corpos abertos' son persoas que teñen a facultade de ver e sentir o mundo do alén. Este concepto define a temática de 'Milenio', que centra os seus contidos en aspectos como a posibilidade de vida despois da morte, as aparicións de falecidos, os sinais e as premonicións de morte, entre outros temas relacionados co máis alá. Os ovnis, os sucesos insólitos, as lendas e os milagres tamén formarán parte das temáticas do programa. 'Milenio' achega en cada emisión dous casos ou acontecementos que tiveron lugar en Galicia, cuns protagonistas galegos.

. MALO SERÁ!:

XÉNERO: PROGRAMA ITINERANTE DE HUMOR

DURACIÓN: 90 MINUTOS

FRANXA: PRIME TIME

Sete actrices e actores, acompañados de convidados e moitas sorpresas, saen de xira polos teatros de Galicia para facer un espectáculo de *sketchs* cómicos sobre temas universais que foi gravado e emitido ao longo do verán pola TVG. A esta viaxe de teatro en teatro súmase tamén unha banda de música en directo e unha vistosa escenografía. Os programas graváronse no Teatro Afundación de Vigo, Auditorio Municipal de Verín, Teatro Ágora da Coruña, Coliseo Noela de Noia, Teatro Pastor Díaz de Viveiro, Auditorio Municipal da Illa de Arousa, Auditorio Gustavo Freire de Lugo e outros.

. VIVIR AQUÍ

DURACIÓN: 30 MINUTOS

XÉNERO: DIVULGATIVO

O programa descubre cada tarde esas pequenas historias que non saen nos telexornais, as experiencias que lle poden pasar a calquera, as particularidades da vida cotiá. Galicia ten case tres millóns de historias que se escriben cada día e o espazo busca escoitalas e contalas. De Ribadeo a Tui, do Padornelo a Fisterra, os reporteiros do programa percorren estradas e corredoiras para coñecer o que lle pasa cada día aos galegos.

. A PEGADA DO INDIANO

DURACIÓN: 50 MINUTOS

XÉNERO: SERIE DOCUMENTAL

A palabra indiano denominaba ao emigrante enriquecido que retornaba de América. Ás veces empregábase o termo con certa connotación peiorativa, como fai Castelao ao

describir aquel home que chegou das Américas e “trouxo consigo un negriño cubano, como quen trae unha mona, un papagaio, un fonógrafo”. Pero, noutras ocasións, a palabra expresa admiración e recoñecemento cara a aqueles emigrantes, xeralmente de berce humilde, que compartiron a riqueza duramente labrada na diáspora coas súas xentes e a súa terra.

. AQUÍ HAI PRAIA

DURACIÓN: 60 MINUTOS

XÉNERO: DIVULGATIVO

"Aquí hai praia" é unha serie de docurreportaxes que arranca nos areais do Vao (Vigo), Liméns (Cangas), Baroña (Porto do Son), As Catedrais (Ribadeo) e Boca do Río (Carnota). Pero non serán os únicos, cada semana intentarán achegar ao maior número de areais posibles, cinco durante cada episodio. O principal obxectivo do programa é dar a coñecer un dos grandes valores turísticos, paisaxísticos e ambientais de Galicia está á cabeza de bandeiras azuis en España. O característico deste programa é que os encargados de contar todo o relativo a cada praia visitada non serán os reporteiros, senón os propios bañistas, que comentarán que é o que máis lles gusta do lugar e que lembranzas de infancia lles trae. Así pois, os espectadores coñecerán familias de todo tipo: as que chegan a primeira hora a coller mesa para comer, as que veñen dun campionato cos nenos e mesmo aqueles que decidiron gozar da praia é en soidade.

. GALICIA BONITA

DURACIÓN: 60 MINUTOS

XÉNERO: DIVULGATIVO

Un programa de reformas no que un presentador/a percorre a xeografía galega na procura dos “feísmos” máis comúns, para poñerlles remedio xunto cos veciños e o seu “equipo de arranxos”. A idea xeral é moi sinxela, trátase dun docu-reality onde un presentador/a viaxa pola xeografía galega en busca daquelas situacións das que falamos e nos conta a historia do personaxe e do problema dando unha volta polo pobo. Unha vez feito isto poñemos en contacto o protagonista co noso “Equipo de arranxos”, volvendo o lugar dos feitos para valorar as posibles solucións e ver as necesidades.

. O PORQUIÑO POLO QUE VALE

DURACIÓN: 25 MINUTOS

XÉNERO: CONCURSO

FRANXA: PRIME TIME

“O porquiño polo que vale” é un concurso de humor no que o plató será a mesma rúa. Busca concursantes ao chou, guiados polas primeiras impresións dos presentadores, que ao mesmo tempo, serán os xuíces á hora de entregar os xamóns. Cada proba terá premio, mais, nalgún caso, poderemos ter máis dun gañador.

. PEQUENOS FENÓMENOS

DURACIÓN: 140 MINUTOS

XÉNERO: CONCURSO

O proxecto componse de tres programas coa música como pretexto e con pequenos cantantes como protagonistas absolutos. O requisito para o espectador: estar disposto a deixarse sorprender polos máis pequenos de Galicia, os nenos que xa se están preparando a fondo para conseguir o que eles máis desexan, triunfar como cantantes. O requisito para os participantes: ser menores de 12 anos e cantar, ben sexa en solitario ou acompañados.

. SEGREDOS-DESMONTANDO GALICIA

DURACIÓN: 60 MINUTOS

XÉNERO: DIVULGATIVO PATRIMONIO

O programa trata de descubrir os segredos das grandes infraestruturas e do patrimonio natural, urbanístico e cultural desde o punto de vista do entretemento.

Fuxindo da acumulación de datos, o programa incorpora unha atractiva narrativa de imaxe integrada dixitalmente para facilitar a comprensión da información e captar a atención do espectador. Con este programa Televisión de Galicia fai unha proposta innovadora, empregando as tecnoloxías visuais máis actuais e que manterá o espectador pendente de todas as historias que se desenvolverán en cada capítulo.

En cada un deles formularanse interrogantes que serán despexadas da man de técnicos, especialistas e profesionais de todo tipo vinculados estreitamente a cada tema a tratar. Ademais o programa axudará a entender os xeitos de vida da nosa terra e a súa evolución sen límites espaciais e temporais grazas ás integracións 3D.

. SOPA DE FESTA

XÉNERO: ENTRETENIMENTO

DURACIÓN: 30 MINUTOS

FRANXA: TARDES / PRIME TIME

Cada programa ofrece un especial monográfico dunha das exaltacións gastronómicas con máis sona. Un equipo de reporteiros viaxa ata calquera vila, cidade ou recuncho de Galicia, en que un dos nosos produtos gastronómicos sexa o protagonista da exaltación. Desde a pataca, pasando polo queixo, o marisco, o viño, o pemento ou mesmo o mel será unha boa excusa para que ata alí se acheguen as cámaras de Sopa de Festa.

. TENDENCIAS

DURACIÓN: 25 MINUTOS

XÉNERO: ENTRETENIMENTO

Un programa fresco, con ritmo, capaz de espertar o interese do espectador en calquera momento. Adicado a un *target* global é un programa feito para todos os perfís e idades. A imaxe da nosa terra, máis cosmopolita, máis fresca, máis "cool", que amosa o talento das

novas xeracións en arte, sector vitivinícola, lugares con encanto, música, gastronomía, novas tecnoloxías e moda.

. VAIA TROULA

DURACIÓN: 75 MINUTOS

XÉNERO: ENTRETENIMENTO

Todos os domingos, as festas de Galicia son as protagonistas do programa "Vaia Troula". Os espectadores galegos terán a oportunidade de coñecer de preto e ser tamén os protagonistas das moitas celebracións e festas espalladas por todo o país.

. COS PÉS NA TERRA

DURACIÓN: 60 MINUTOS

XÉNERO: DIVULGATIVO

Neste espazo fálase de homes e mulleres que optan por vivir da terra e da vida que nela agroma. Todos eles decidíronse por un xeito de vivir, a un ritmo e cun estilo distintos dos da cidade. Falamos de bos profesionais, de persoas que non tomaron a súa decisión á lixeira ou por puro romanticismo. Son agricultores, gandeiros, artesáns, madeiristas, hostaleiros... con bos argumentos para crer que hai futuro no campo. E procuran demostralo cada día.

. QUE CASAS!

DURACIÓN: 60 MINUTOS

XÉNERO: DIVULGATIVO

A TVG entra nas casas máis fascinantes, singulares e orixinais de Galicia da man dos seus propietarios. "Que Casas!", visitará vivendas espectaculares e coñecerá un pouco máis o xeito de viviren dos galegos e galegas. Ademais de amosar elementos arquitectónicos, decorativos ou mesmo as contornas urbanas ou naturais das propias casas, no programa falarase de hábitos de vida, de costumes e de afeccións.

. LUAR

DURACIÓN: 180 MINUTOS

XÉNERO: ENTRETENIMENTO / MUSICAL

"Luar" é o único programa do seu xénero en todo o panorama televisivo estatal que abrangue arredor das tres horas en directo. Este show musical e de humor que combina o de fóra co máis noso converteuse tamén nunha plataforma de promoción tanto do novo talento musical como do humorístico de Galicia.

Proba disto son os "Recantos" ou "Vai de baile". Ademais, en Luar deron os seus primeiros pasos profesionais cantantes relevantes de toda Galicia.

. BAMBOLEO

DURACIÓN: 140 MINUTOS

XÉNERO: ENTRETENIMENTO / MUSICAL

Programa con música e baile, en cinco sets, cunha presenza de público próxima ás 200 persoas, e diferentes actuacións con artistas das máis variadas procedencias e experiencia. Máis de dúas horas de programa, nas que destacan ademais enxeñosas seccións: Agora ou Nunca ofrece unha última oportunidade para que sobresaian artistas descoñecidos en televisión; Dirty Dancing propón un baile interxeracional, con exhibición de bailes de salón; Ghalíñeiro son vídeos divertidos extraídos da Rede; A ITV do Amor é un test para parellas de namorados que pensan casar ou ir vivir xuntos; Falabarato achega bromas con cámaras ocultas, e Faino Ti converterase nunha divertida proposta de intercambio de tarefas para parellas consolidadas.

. LAND ROBER TUNAI SHOW

DURACIÓN: 120 MINUTOS

XÉNERO: ENTRETENIMENTO / HUMOR

Parafraseando unha coñecida marca de coches, Land Rober é o nome escollido para o *show* concibido como un país no que impera o humor e o bo facer do seu presentador. O programa incide nesa forma tan persoal de entender o sentido do humor e de facer unha revisión semanal dos principais temas da actualidade, da grella da TVG e de Internet. Land Rober, un país cheo de colaboradores que cada semana aporta a súa visión humorística e singular do que acontece no mundo real e virtual.

Un país no que o *show* e o entretemento están servidos valéndose sempre dun humor branco e familiar apto para tódolos públicos.

. TI VERÁS

DURACIÓN: 60 MINUTOS

XÉNERO: Concurso

"Ti verás" é un concurso diario que combina unha aditiva dinámica de xogo e o aspecto máis humano e interactivo do *'talk show'*. As parellas concursantes deben responder correctamente 8 preguntas e abrir 8 das 10 bonecas rusas xigantes para conseguir a maior cantidade de cartos posibles. Dentro de cada boneca pode haber ata cinco máis ou pode non haber ningunha. Cantas máis bonecas garden as matrioskas no seu interior, maior será a cuantía dos cartos en xogo. Se seguen abrindo e non hai boneca, perderán todo o gañado.

. AQUÍ GALICIA

DURACIÓN: 150 MINUTOS

XÉNERO: MAGAZINE

En continuo directo, coa participación do público, con reportaxes divertidas, entrevistas curiosas e actuacións musicais. Así é o magazine para as tardes da fin de semana, cada

sábado en directo nunha localidade protagonista. Nunhas ocasións nos levarán ata alí as súas festas e celebracións e, noutras, serán as súas praias ou ríos, punto de reunión de numerosos veciños e turistas, os que nos convoquen nesa vila ou cidade. Conta con veciños e asociacións de todo tipo, tales como Comisións de Festas, Asociación de Amigos do Camiño de Santiago, Raíñas das Festas e Damas de Honra, deportistas, etc. Asemade, tamén son protagonistas as agrupacións artísticas da área, grupos de baile, grupos de gaitas, bandas de música, orquestras ou formacións musicais.

. PESCADORES DE HISTORIAS

DURACIÓN: 30 MINUTOS

XÉNERO: DIVULGATIVO

FRANXA: TARDES

"Pescadores de historias" amosa a singularidade da cultura mariñeira dos diferentes portos galegos: as artes da pesca, os traballos do mar en terra ou os peixes e mariscos que se capturan na zona. Cada semana, explórase a vida mariñeira dun novo porto de Galicia.

. POLO REGO

DURACIÓN: 30 MINUTOS

XÉNERO: DIVULGATIVO

FRANXA: DIARIA, NAS TARDES DE LUNS A VENRES

O agro galego é un terreo fértil en saberes. É coma unha grande universidade, chea de homes e mulleres sabios, dispostos a compartir parte do que levan aprendido da terra. Os protagonistas de "Polo Rego" son xente que traballa a terra, ben por oficio ou coma unha afección de proveito. Son mulleres e homes, novos e vellos, rurais e urbanos. Os mestres de "Polo Rego" son xente corrente, aínda que cunha especial paixón e experiencia da horta e dos seus froitos. Son xente que é quen de transmitir o que sabe de xeito sinxelo, sen reviravoltas académicas, pero con entusiasmo e sentido do humor.

As cámaras de "Polo Rego" viaxarán diariamente por este campus, ofrecendo catro leccións de catro mestres por capítulo. Cada edición do programa xuntará algo do vasto coñecemento que nace da experiencia nas hortas de Galicia e organizará tanto saber en leccións pequenas e sinxelas, que constituirán a materia de estudo desta particular universidade aberta. O programa mesmo suscitou o interese dunha editorial para producir un libro sobre os seus contidos.

. FUN POLO AIRE

DURACIÓN: 80 MINUTOS

XÉNERO: PROGRAMA DE DIRECTOS

FRANXA: DIARIA DE LUNS A VENRES, AS TARDES

'Fun polo aire' espallará por todo o país un equipo de sete reporteiros que farán que as tardes estean máis vivas ca nunca contándolles en directo aos espectadores todo o que sucede, o que se está facendo en Galicia a esas horas en cada vila, no campo, na cidade,

no mar... O programa, que aposta pola actualidade, polos temas dos que fala todo o mundo, ofrecerá dúas citas aos espectadores da Televisión de Galicia. A primeira delas será arredor das 17.30 h. e a segunda, ás 19.30 h., despois do programa 'Vin polo vento'. Deste xeito, 'Fun polo aire' estará todas as tardes contando o que está pasando en Galicia en todo momento sen perder actualidade e frescura.

. VIN POLO VENTO

DURACIÓN: 80 MINUTOS

XÉNERO: TALK SHOW

"Vin Polo Vento", converterá cada tarde en protagonistas os veciños dunha vila galega, os habitantes dun barrio dunha cidade ou os integrantes dunha asociación, dunha formación musical ou dun grupo de amigos. Con estes elementos o programa convértese nunha celebración da simpatía, a amizade e o sentido do humor.

. INIMITABLES

DURACIÓN: 80 MINUTOS

XÉNERO: MUSICAL

O acontecemento central do programa é o elemento en torno ao cal xirará todo: un concerto dunha orquestra nunha festa ou ben un grupo de amigos que se reúnen a cantar e lembrar a un artista contrastado nun lugar emblemático para el.

Ao lugar sinalado non só acudirán grupos para interpretar temas dos artistas: durante as actuacións veremos a amigos, expertos musicais, fans, familiares e todo aquel que rodee, tivera ou teña contacto co grupo e poidamos mobilizar.

Cada un terá o seu protagonismo ao longo do programa a través das actuacións, das entrevistas ou dos vídeos que vexamos deles. O espazo 'Inimitables' regresou no verán do 2019 á grella da TVG coa mellor música galega e co obxectivo de ofrecer os mellores sons e as historias das cancións galegas.

. LARPEIROS DIPLOMADOS

DURACIÓN 50 minutos

XÉNERO: REALITY-FICCIÓN

Durante a óptima experiencia co formato "Larpeiros Festeiros", no que Adrián coñeceu a moitos fans do programa Larpeiros que demos en chamar "larpeiros diplomados", demostramos que a audiencia do programa é ampla e ten historias interesantes que contar. De alí xurdiu este "spin-off". En cada programa Adrián coñecerá un aspirante a larpeiro diplomado, que demostrará a súa arte na cociña. No caso de que todo saia ben, entregará o diploma, no caso contrario... hai que seguir mellorando!

. A NOITE DE...

DURACIÓN: 100 MINUTOS

FRANXA: SEMANAL

O programa naceu para poñer en valor o arquivo da TVG e para fornecer aos persoeiros nados profesionalmente na TVG e que amosaron ao longo da súa carreira e traxectoria a súa gran capacidade e talento.

. HOXE CON MANQUIÑA

DURACIÓN: 60 minutos

XÉNERO: programa de entrevistas

Programa de entrevistas que achega a faciana máis íntima e persoal dos galegos e galegas máis famosos e recoñecidos. Ademais de indagar nos aspectos menos coñecidos dos convidados tamén descubre o seu punto de vista sobre fitos do pasado que viviron en primeira persoa e, como non, tamén da actualidade.

. FEITO CON CABEZA

DURACIÓN: 60 minutos

XÉNERO: divulgativo, programa de reportaxes

Misturando a tecnoloxía de empresas punteiras na innovación cos inventos máis coitáns feitos por creadores anónimos para dar resposta a situacións domésticas, "Feito con cabeza" fusionará a Galicia máis urbanita coa máis rural, co obxectivo de poñer en valor o talento das mentes creativas, tanto anónimas como recoñecidas, que desempeñan o seu traballo na nosa comunidade.

. A LIGA DOS CANTANTES EXTRAORDINARIOS

DURACIÓN: 100 MINUTOS

XÉNERO: CONCURSO MUSICAL

A unha verbena vai toda a familia xunta e en Galicia somos expertos niso... A Liga dos Cantantes Extraordinarios dará co cantante capaz de convencer a pais, avós, netos e casadeiros de que é o mellor. Un auténtico rei da verbena que une a todas as xeracións neste programa de verán que é ao mesmo tempo familiar, musical e humorístico. A oportunidade para divertirse en familia con grandes cancións ben cantadas e executadas. Cunha posta en escena espectacular e xogando co enfrontamento xeracional dos diferentes estilos musicais.

. ADIVIÑA QUEN VÉN ESTA NOITE

DURACIÓN: 60-80 MINUTOS

XÉNERO: MAGACIN PRIME TIME EN DIRECTOS

Spin off de Adiviña quen vén esta tarde, onde damos cobertura aos grandes eventos do verán, tentando entrevistar aos convidados moi famosos das festas en Galicia. O programa tivo tres edicións con convidados salientables.

. AQUÍ HAI SEMANA SANTA

DURACIÓN: 120 MINUTOS

XÉNERO: MAGACÍN EN DIRECTO

Spin off de "Aquí Galicia" para as tardes de Semana Santa, dende luns a venres. Tratábase de dar cobertura en directo dos actos e eventos organizados en Galicia por mor da Semana Santa, cos epicentros en Ferrol e Viveiro.

. ESTACHE BO

DURACIÓN: 20 MINUTOS

XÉNERO: COCIÑA

Cun gran sentido didáctico, este espazo enfróntase cada día a unha receita cunha visión da cociña galega na que combina tradición e un aspecto que aínda que pareza novidoso, el lémbraos que forma parte da súa propia esencia: o seu carácter saudable, baseado en produtos de extraordinaria calidade.

. HAI CALDO

DURACIÓN: 50 MINUTOS

XÉNERO: LATE SHOW

Primeiro *late night* gastronómico da televisión para contar en clave de humor as novas mais tolas do mundo gastronómico e para entrevistar a famosos cocifeiros, artistas e xentes curiosas.

. PASAPORTE GALEGO

DURACIÓN: 60 MINUTOS

XÉNERO: ENTREVISTAS

Espazo que conta a historia de galegos e galegas singulares: uns levan máis de 25 anos sen visitar a terra das súas raíces, outros volven con frecuencia coma se fose a primeira vez e todos eles son representantes de diferentes xeracións e percorridos.

"Pasaporte Galego" contará por que volver non é a primeira opción para algúns, se existe ou non neles esa conexión emotiva con respecto ás súas orixes e á cultura dos seus pais e se perderon os lazos e os vínculos.

Nun primeiro momento o docureality visitará os protagonistas nos seus lugares de residencia e na segunda parte do programa, realizarase con eles unha volta á orixe, física ou emocional, para reencontrarse con todo o seu patrimonio sentimental en Galicia.

4.1.3. Contidos de ficción: Series G

. DO DEREITO E DO REVÉS

DURACIÓN: 13 capítulos de 70 minutos

XÉNERO: FICCIÓN, COMEDIA

Comedia sobre galegos que precisan un avogado. Esta aposta de ficción da TVG trata asuntos de contido familiar que lle achegarán á audiencia personaxes, escenarios e ambientes comúns na vida cotiá. A trama desta serie desenvólvese a partir de que Adela, unha muller madura, volve á vila onde ten as súas raíces familiares e algunhas propiedades. Alí está o seu fillo, Moncho Patiño, un avogado sen moito éxito, separado de Sara, unha muller con iniciativa e dona dun ximnasio de artes marciais.

. SERRAMOURA

DURACIÓN: 70 minutos

FRANXA: PRIME TIME

“Serramoura” é xa unha serie de culto. Cunha comunidade de fans grande e consolidada, segue sendo unha referencia en Galicia na noite dos domingos. Ambientado no mundo da madeira, este thriller rural, que conta a historia dunha pequena e tranquila vila do interior, levará os espectadores por algunhas das paraxes forestais máis belas e tamén máis misteriosas de Galicia. A historia irá desvelando episodio a episodio os segredos, as miserias e os conflitos desta pequena vila galega mentres dous gardas civís resolven os crimes e os delitos que se cometen nun lugar tan recoñecible como inquietante.

. OS MARIACHI

DURACIÓN: 8 capítulos de 30 minutos

XÉNERO: COMEDIA

FRANXA: ACCESS PRIME TIME

Retrato en clave de humor a rivalidade entre dúas familias que, aparentemente, non teñen nada en común: un notario recto e os seus veciños os Mariachi, descendentes de emigrantes mexicanos e cun estilo de vida un tanto desordenado.

. A ESTIBA:

XÉNERO: THRILLER

DURACIÓN: 15 capítulos de 70 minutos

FRANXA: PRIME TIME

Un misterio é o punto de partida de “A estiba”, que comeza co ataque dun barco no porto da localidade ficticia de Ardora, onde toda a súa tripulación foi masacrada. Cando os axentes de policía van investigar o acontecido, descubren que no porto rexe unha soa lei, a do silencio. Ardora é unha vila próspera, onde se vive da actividade comercial e industrial do seu porto, pero que conta cos índices de criminalidade máis elevados do país. É a primeira serie de TVG centrada no traballo da Policía Nacional.

. `VERAN M`

DURACIÓN: 13 capítulos de 40 minutos

XÉNERO: FICCIÓN XUVENIL. COPRODUCCIÓN GALEGO-PORTUGUESA

Coprodución con Portugal baseada na praia lusa de Moledo, en Caminha, a carón da desembocadura do río Miño e fronte ao monte Santa Trega. Tras divorciarse da súa muller, Manel chega cos seus fillos a Moledo, á vila en que pasaba os veráns durante a súa adolescencia. Alí reencontrárase con Filipa, o seu amor da infancia, que agora vive coa súa filla e co seu marido. Os rapaces establecerán vínculos de amizade, ao mesmo tempo que volverán agromar entre os seus pais as paixóns do pasado.

. ECCE PERDOMO:

DURACIÓN: 25 minutos

XÉNERO: Comedia

Programa de humor protagonizado polo actor e cómico David Perdomo. En cada capítulo, o presentador transfórmase nun estereotipo ou individuo recoñecible da sociedade galega, asesorado por unha serie de persoas que se axustan a ese estereotipo.



4.2. Emisións televisivas

Un obxectivo importante acadado en 2019 foi o cambio de calidade de emisión. No mes de febreiro pasaron a HD as emisións da primeira e segunda canles, TVG e G2. Tras as probas, o novo servizo fíxose público o 26 de marzo. Tamén se iniciaron os trámites para pasar a HD a canle TVG Europa.


4.2.1 Televisión de Galicia

TVG é canle principal. Ofrece unha grella con variedade de contidos que abarcan información, entretemento e programas de servizo público. A oferta ten ademais un amplo e sostido seguimento da audiencia que se mantivo durante 2019. Como se observa nos gráficos estatísticos, a maior parte da emisión corresponde a Producción Propia Interna. Dita produción propia interna da TVG e da G2 abrangue o 50,6% da grella. Na TVG, 4.056 horas en 2019 representan un 49,70%. Segue en importancia a Producción Propia Externa, cun 45,95% do total e, en moita menor porcentaxe, a Producción Allea (4,35%). Isto quere dicir que entre produción propia interna e externa, a Televisión de Galicia é unha canle que nun 96% está feita por produto esencialmente galego, xerado cos medios propios da CRTVG ou delegado desde a CRTVG no sector audiovisual galego. Un índice que diferencia á CRTVG con relación á maioría das televisións autonómicas e especialmente alto para unha canle con vocación de contidos xeneralistas.


Se atendemos ao tipo de programa, destacan as emisión de Informativos, que ocuparon mais de 1.500 horas. En segundo lugar, os programas de entretemento e en terceiro os magazines. Moi semellante en horas aparecen musicais e concursos,e máis lonxe con 300 horas están as series. Incrementáronse notablemente as horas de programación en directo en TVG. Pola mañá con “A Bóla Extra” e na franxa da tarde practicamente todo é directo.




% de horas de emisión en función do Tipo de produción. TVG, ano 2019



G2 - horas/tipo produción



TVG - horas_produción/tipo_programa




4.2.2 G2

A segunda canle é mais especializada e con contidos alternativos á TVG. Ademais da tradicional oferta de contidos infantís de animación, Xabarán Club e espazos deportivos, G2 inclúe no Prime Time unha aposta por contidos mais especializados de cultura, divulgativos e mesmo musicais.


Na segunda canle o segmento de maior peso en horas de emisión é o de Produción Propia Interna, que en 2019 por primeira vez conseguiu superar a barreira do 50% ao chegar a unha porción do 51,58%, incrementándose considerablemente, en 9 puntos, sobre o ano anterior, coa aparición de novos programas como Pensando en Ti e Conexión Madrid.

Nesta canle o segundo lugar ocúpano os espazos de Produción Allea, principalmente pola animación, cun 23,16% do total. O terceiro lugar é para Produción Propia Externa que o ano pasado tamén se incrementou co contido das “Noites Temáticas” que se implantaron como programación alternativa ao *prime time* da primeira canle, chegando a representar un 25,27% da programación. Os datos quedan reflectidos nos seguintes gráficos.


G2 - horas/mes




G2 - horas/tipo programa




G2 - horas/tipo producción



% de horas de emisión en función do tipo de producción. G2, ano 2019



G2 - horas_producción/tipo_programa



Tamén na segunda canle, a G2, incrementáronse as horas de programación en directo. De luns a venres súmanse 5 horas diarias de emisión do espazo da Radio Galega “Pensando en Ti”.

4.2.3 Canles internacionais

O sinal de TVG ten un importante seguimento no resto de España e tamén en Europa e América. Durante 2019 traballamos para manter os acordos con diferentes operadores. Existe interese por difundir o sinal de Televisión de Galicia, en parte pola demanda de comunidades de galegos no exterior e tamén pola oferta de programación. Á hora de establecer conversas para seguir emitindo mais alá das nosas fronteiras, sempre se ten en conta a vocación de servizo público da Corporación Radio e Televisión de Galicia. Un exercicio mais mantívose a presenza da canle en Europa e América, no contexto non doado de competencia. Aínda así, o retorno económico permite facer fronte aos custes de transporte do sinal a través dos satélites Astra e Hispasat.

Actualmente a canle **Galicia TV Europa** distribúese a través do satélite Astra que, ademais do posible acceso aberto, serve de alimentador a diferentes distribuidoras en varios países.

- En Portugal: Vodafone, Nowo, Meo e Nos Comunicações (que naceu coa fusión de Zoom T e Cabovisão).
- En Suíza: Telegeneve en Xenebra, e Cablecom-Digicom en Zurich. Este ano entrou tamén Thema TV.
- En Francia: Thema TV e NC Numericable.

A oferta de contidos para a canle Galicia TV Europa é basicamente a mesma que para a canle TVG, agás os produtos dos que a CRTVG non ten dereitos de emisión fóra

do territorio galego. Dada a intensidade da presenza da produción propia (interna e externa) na grella da TVG e a política de compras de dereitos da CRTVG, as grellas de emisión de TVG e Galicia TV Europa son idénticas aproximadamente nun 96%.

Pola súa parte a canle **Galicia TVG América** distribúese a través do satélite Hispasat en aberto. O satélite tamén presta servizo a diferentes plataformas.

- En Arxentina e Uruguai: Cablevisión, Equital, Teledifusora San Miguel Arcángel, Ver TV, Red Intercable, Telemás, Motecablevideo, Tractoral, Riselco, Cable Plus, Teledifusora e Paralelo 52 TV.
- En México: a través da plataforma Sky e de Cablevisión.
- En Panamá: distribúese TVG a través de Cable Onda, Cable Onda Wireless e Sky Panamá.
- En Centroamérica: a través de Sky chega a Costa Rica, O Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua e República Dominicana.

Sobre a oferta da canle TVG América, trasládase o *prime time* de Galicia axustándoo co horario de *prime time* en Arxentina e Uruguai, países nos que hai unha maior expansión do sinal. Tamén se ofrecen todos os informativos e eventos en directo da programación da canle principal. Inclúe un programa específico con contidos para a colectividade galega: "Lembrando a Galicia", que conta no seu equipo con emigrantes retornados que tratan o tema con especial sensibilidade. Ademais o sinal de TVG pode recibirse en liña en todo o mundo a través do dominio www.crtvg.gal en Internet.

4.2.4 Outras canles.

As principais plataformas de televisión de pago que operan en España seguen amosando o seu interese por contar co sinal de TVG na súa oferta. Durante 2019 renovouse o acordo con R-Euskaltel, que regula a emisión de TVG Europa en comunidades como Asturias, León e Euskadi. Durante 2019 avanzouse tamén para a implantación da canle G2 en Movistar.

Movistar

- TVG no dial 9 en Galicia.
- TVG Europa no dial 151.

Vodafone-Ono

- TVG no dial 7 en Galicia.
- G2 no 8 en Galicia.
- Galicia TVG Europa no 901

R- Euskaltel-Telecable

Cientes R:

- TVG no 110
- G2 no 118

Cientes Telecable Asturias: TVG Europa no 151

Cientes Euskaltel: TVG Europa no 987

Orange

En territorio galego emite:

- TVG no 7 en Galicia.
- G2 no 170 en Galicia.
- TVG Europa no 83.

4.3. Producción allea

As horas de emisión de Producción Allea no cómputo global das grellas mantiveron unha liña de continuidade en relación a exercicios anteriores debido á estabilidade das partidas orzamentarias correspondentes a adquisición de contidos, representando un 4% en total en relación aos contidos que alimentan a grella da TVG.

Pola súa banda, na achega á grella da G2, esta porcentaxe se sitúa no 25% das horas emitidas, xa que as faixas de programación infantil aliméntanse na inmensa maioría de contidos de Producción Allea.

En relación ao ano anterior observamos unha lixeira subida no número de horas na TVG e un descenso na G2: 350 horas na TVG e case 2.400 horas na G2, o que supón unha liña de continuidade na oferta de contidos audiovisuais de calidade, novidosos moitas veces e sempre pensados para atender as demandas do público. A dobraxe ao galego continúa a achegar estas atractivas producións internacionais, elaboradas noutras linguas, á nosa audiencia.

Na TVG.- As longametraxes representan case o 90% dos contidos de Producción Allea na canle principal; o resto son documentais e algúns episodios de series de televisión. A porcentaxe maioritaria corresponde ás estreas de cine, *reruns* e títulos de librería dos títulos do acordo plurianual con Warner. Estamos falando de preto de 333 horas de emisión dedicadas a cine ao longo de todo o ano.

Na G2.- No caso da segunda canle, o 88% dos dereitos de emisión adquiridos desde Producción Allea corresponden a debuxos animados, que alimentan as tres franxas diarias do Xabarín Club.

A distribución por tipo de programa do contido de Produción Allea na canle secundaria sería a seguinte: cerca de 2.100 horas de animación, 67 de documentais e 237 de longametraxes.

Desde o Servizo de Contidos mantense a consigna de ofrecer contidos audiovisuais que encaixen no espírito da TVG como canle pública, procurando un equilibrio entre a oferta do mercado, as tendencias de demanda dos espectadores e as dispoñibilidades orzamentarias. Neste sentido, o acordo plurianual Warner, compartido con FORTA, permite unha variada oferta de entretemento en galego que abrangue títulos de cine de grande éxito comercial e que son absoluta estrea na televisión en aberto no territorio nacional. Ademais este acordo, que se estende ata o ano 2020, complementase cunha atractiva selección de títulos de *rerun* e de librería cun recoñecido elenco e unha gran calidade.

Outro dos obxectivos é manter vantaxosas condicións nos acordos de compra de dereitos, especialmente no caso da animación, con prezos e condicións de emisión moi favorables que permiten optimizar os investimentos.

A maior parte dos acordos de animación (Planeta, Dreamworks) ofrecen un número ilimitado de pases durante o período de licenza como ferramenta imprescindible para manter as máis de 100 horas de programación semanal cun investimento medio de 370.000€ anuais. Buscamos tamén que exista un equilibrio entre a adquisición de títulos novos que esixen a súa dobraxe ao galego e a relicenza de títulos xa dobrados que son demandados pola nosa audiencia. Tal é o caso das emblemáticas sagas do xénero *anime*, coma Shin Chan, Doraemon ou Dragon Ball. Cada ano CRTVG adquire episodios novos destas lonxevas series que veñen a incrementar o catálogo deste xénero audiovisual xaponés na nosa lingua. Grazas a isto podemos manter unha programación infantil e xuvenil de calidade, e optimizar asemade o custo por hora grazas á flexibilidade das condicións de emisión que inclúen o dereito de catch-up para a web da CRTVG e tamén para a aplicación móbil “Xabarín TVG”, prestando servizo deste xeito ao mundo dixital, que é onde maioritariamente se encontra o público obxectivo destes contidos, nenos e nenas e mozos e mozas.

No caso das series ou o cine, existe tamén esta flexibilidade nas condicións habituais de compra, polo que se manteñen as redifusións gratuítas nos 30 días seguintes á primeira emisión ou a conversión de pases en función da audiencia media da canle (un pase da canle principal poderá converterse en tres pases na canle secundaria). Esta política é unha maneira moi efectiva de rendibilizar os custos dos filmes e de lles dar unha segunda oportunidade a estes produtos nun horario preferente. Na súa redifusión a través da canle secundaria, queremos ofrecer contidos alternativos e complementarios á liña máis mainstream da canle principal.

Ademais dos contidos habituais, temos que destacar no ámbito das compras de Produción Allea os acordos con produtores vinculados a outras televisións europeas que empezan a ser máis habituais no marco das relacións internacionais co mundo Celtic Media ou Circom, onde cada vez estamos tendo un papel máis activo. Deste modo, mantemos a aposta polo Festival intercéltico de Lorient, que no ano 2019 tiña a Galicia como convidado estelar:

- “Grand parade Lorient 2019” e “Le grand spectacle de Lorient 2019” con Morgana Productions.
- “Concerto Tiruleque” con Lyo Production.

4.3.1. Cine

Durante o ano 2019, a Corporación CRTVG emitiu un total de 358 sesións cinematográficas, das que 196 foron na TVG e 162 na G2. En total emitíronse 172 filmes diferentes.

Cine na TVG

A programación de cine da primeira canle (196 pases) elaborouse basicamente cos títulos do contrato Warner e algúns filmes do catálogo A Contracorriente.

Un novo contrato de Video Mercury (2019) xunto cun pequeno paquete de dereitos de Rekete Entertainment (La Casa del Cine) serviron para dar continuidade á programación da asentada sesión para cinéfilos en VOSG da noite dos sábados (51 sesións).

Nesta sesión, denominada “Butaca Especial”, os espectadores puideron ver diferentes ciclos, entre eles un dedicado á etapa clásica de John Ford e outro que difundía os mellores filmes do director Darío Argento. Tamén se puido ver, por primeira vez en televisión en España, O romance de Astrea e Celadón, filme de culto de Éric Rohmer e derradeira película filmada polo director francés.

No *prime time* emitíronse seis filmes, galegos catro deles, que obtiveron un share medio de 4,3. O número total de emisións de películas galegas foi de sete. As restantes emisións foron difundidas na faixa do late-night, a partir das 00.00 horas. O *share* medio do cinema durante o ano 2019 foi dun 2,8. O share medio do cinema emitido na sesión de VOSG foi de 1,0.

Houbo un total de 34 estreas, dúas das cales foron filmes galegos e once foron películas difundidas en VOSG. Entre as estreas internacionais destacamos títulos tan coñecidos como A lenda de Tarzán, Blackmass, Mandela, No corazón do mar, Unha noite

para sobrevivir, San Andreas, Beleza oculta, Batman vs. Superman, O gran Gatsby ou Frequency. Entre as estreas de cinema galego podemos citar Sicixia e María (e os demais).

Cine na G2

Un ano máis, a programación cinematográfica da G2 alimentouse da redifusión dos filmes emitidos na primeira canle nun horario máis favorable, nunha grella na que destacan producións galegas de reestrea e tamén coa estrea dalgúns filmes galegos minoritarios (As altas presións, Schimbare, Linko, Elemental child, Auga fría de mar ou Polvo).

Na G2 difundíronse 162 sesións cinematográficas, unha boa parte delas (135) na faixa do segundo prime-time (despois das 23.00 horas). 28 corresponderon a producións galegas. O share medio da programación cinematográfica da G2 andou preto de 0,7.

4.3.2. Series

A única serie de ficción adquirida no ano 2019 foi “Ouro Verde” de TVI, televisión independente portuguesa. Trátase dunha novela que gañou o Emmy a mellor telenovela no ano 2018. Mercáronse unicamente 60 episodios con obxecto de testar a serie na programación.

4.3.3. Programación infantil

A franxa infantil ocupa unha parte moi significativa da programación da segunda canle e está composta na súa maior medida de produción allea. Estrutúrase en tres slots principais, compatibles cos horarios escolares (mañá, mediodía e media tarde), e nútrese duns 50 títulos de animación de distintas procedencias que supoñen máis de mil episodios novos de animación cada ano. Este volume é posible grazas á combinación de licenzas e novas adquisicións e grazas tamén ás favorables condicións de emisión negociadas: pases ilimitados na maioría dos casos, varios anos de licenza e dereitos de *catch-up* para a web e mais os soportes dixitais, como móbiles ou tabletas.

A G2 ofrece 7 horas de animación diarias de luns a venres, repartidas en tres bloques diferenciados (almorzo, xantar e merenda); durante as fins de semana, pola súa banda, concentra a oferta no horario matinal.

Esta programación infantil representa preto de 2.100 horas anuais, que proveñen na súa maioría dos acordos de compra de dereitos vixentes:

- Acordo Planeta Junior. Nel atopamos clásicos renovados en 3D como “A abella Maia”.
- Dreamworks. Dentro do marco do acordo plurianual asinado conxuntamente coas canles con idioma propio de FORTA démoslle continuidade á emisión de novos episodios da factoría de animación americana: “Dinotrux” (S3), “Noddy” (S3) e “Spirit”.
- Luk Entertainment. Un imprescindible da nosa grella que nos garante a presenza de personaxes tan populares como “Doraemon” e “Shin Chan”.
- Arait Multimedia. Este acordo plurianual, concluído precisamente entre agosto e outubro de 2019, seguiu mantendo viva na grella unha saga que xa forma parte do noso ADN: “Dragon Ball”.

Como parte fundamental da oferta de programación infantil destacamos as producións de animación procedentes de Galicia, como “As aventuras de Minchi” de CTV, “Caracois” ou “Os Contos do Camiño” da Editorial Oqo, ademais das novas entregas das series “Tutú” de Ficción Producciones, ou “Os Bolechas”, que xa van pola súa oitava temporada e acaban xusto de lanzar un spin-off do seu personaxe Braulio con B: a serie Braulio Tuber incorpora como novidade a interacción con nenos reais.

A todo isto, sumamos ao longo do ano 2019 a relicenza de dúas series con tamén selo galego:

- “A tropa de trapo” de Abano producións.
- “Axóuxeres”, a través dun convenio coa Consellería de Cultura e Turismo.

Cómpre sinalar que todos estes contidos están accesibles ben a través da web da CRTVG ou ben a través da aplicación móbil (app) do Xabarán, coa intención de acompañar o público infantil nos novos hábitos de consumo, estando presentes na palma das súas mans grazas ás novas tecnoloxías.

Precisamente unha das liñas de actuación en 2019 foi incrementar substancialmente a oferta de contidos nesta app. Outra das novidades foi que se iniciou a produción do primeiro programa para os máis pequenos de produción propia interna, chamado “A pita cega” e que parte da relación coa canle France 3 Bretagne, emisora que achegou o formato e guións do mesmo. O programa empezará a emitirse na G2 en marzo de 2020. Este ademais potencia o valor dos contidos infantís que están no arquivo da CRTVG.

4.4. Dobraxe e subtitulación

Entre as accións do servizo público da CRTVG figuran a dobraxe e a subtitulación, que contribúen a facer accesibles os contidos para o público galego e divulgar ademais producións do mercado internacional, elaboradas noutras linguas, nunha versión netamente galega e adaptada á nosa lingua.

Hai que ter en conta que todos os contidos que se dobran á lingua galega, veñen acompañados dos correspondentes ficheiros .stl de subtitulado de xordos.

4.4.1 Dobraxe

O ano 2019 correspondeu a unha última prorrogación do concurso de dobraxe do ano 2016. No ano 2019 dobráronse 206 horas de contidos audiovisuais, que supuxeron un gasto de 705.678,98-€, distribuídos entre os adxudicatarios do concurso, que son os 6 estudos de dobraxe. A hora de dobraxe supón unha inversión de 3.425 euros de media.

4.4.2. Subtitulación

Durante 2019 emitíronse un total de 3.737 horas de emisión subtitulada. 1.408 corresponden á primeira canle, TVG. Na G2 as horas de emisión suben ata as 2.329.

A oferta de programación que se ofrece con subtítulos abarca contidos de todo tipo. En 2019 subtituláronse programas de entretemento, concursos, series de ficción, documentais e informativos. Hai que destacar que en 2019 incrementáronse notablemente os programas en directo. Este dato inflúe á hora de avaliar o incremento de subtítulos con respecto ó ano anterior.

Na canle TVG o maior número de horas de subtitulado corresponde a programas de entretemento, seguidas dos concursos e as series de ficción. Polo que respecta a programas informativos, ofrécese subtitulado do Galicia Noticias de luns a venres.

Na G2, pola propia grella de programación, o maior número de horas subtituladas corresponden ás series de animación. No último ano, coa presenza das Noites Temáticas da segunda canle, cobraron importancia as horas subtituladas en documentais.

4.5. Programación radiofónica

A Radio Galega concentrou o traballo de 2019 na proxección e consolidación da estratexia de programación que xurdiu un ano antes con motivo dunha reestruturación profunda baseada en cambios programáticos, de contidos e novas narrativas, de captación de novos públicos e imaxe.

A transformación na grella de programación da radio pública de Galicia está vencellada e unha nova estratexia dixital cunha nova imaxe na páxina web e nas redes sociais da emisora e os seus programas. Isto traducíuse nun crecemento do consumo dixital superior ao 30% con respecto ao ano anterior.

Nun contexto mediático cambiante, marcado polo crecemento exponencial do dixital, a especialización dos contidos e a posta en marcha de novas narrativas, a Radio Galega combinou os cambios programáticos en FM e as novidades dixitais con experimentación con proxectos como 'Medio Bolo', baseado na emisión de concertos de pequeno formato gravados con teléfonos móbiles por Facebook Live, a gravación de concertos en salas a través de 'Notas de Jazz'.

Todas as canles radiofónicas, Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e Radio Picariña, deron o salto á radio dixital a través do proxecto internacional RadioPlayer. Deste xeito, toda a forma da radio pública de Galicia pode escoitarse a través desta proposta de radio dixital que se está implantando no conxunto de Europa, con especial importancia na súa incorporación aos vehículos, un dos principais lugares de escoita da radio. Por outra banda, producíronse en 2019 as primeiras probas para que a oferta da primeira canle da Radio Galega se poida seguir a través dos altosfalantes intelixentes de Amazon operados a través da intelixencia artificial de Alexa.

Os substanciais avances tecnolóxicos da Radio Galega en 2019 permitiron difundir máis e mellor o traballo derivado do despregamento de xornalistas para a cobertura do territorio, a aposta en información cultural e a ampliación dos espazos deportivos cunha aposta centrada no cobertura total de fútbol e o baloncesto. Os informativos e principais programas manteñen a súa duración para integrar a cobertura dos asuntos de carácter local e dos contidos especializados con seis puntos de directo cada mañá e cada tarde. Así, o "Galicia por Diante" emitíuse entre as 06:00 e as 14:00 combinando a información e o entretemento. O tramo de 06:00 a 09:30 é puramente informativo, mentres que a parte que abrangue de 09:30 a 14:00 se converte nun programa informativo que combina información, entretemento e humor.

O programa "A Tarde" insiste na estratexia de dar cobertura total ao territorio galego con puntos de directo por toda a xeografía, de luns a venres de 16:00 a 20:00. En

consecuencia, a Radio Galega ofrece á audiencia información, entretemento e espazos de participación con persoas expertas en consumo, medicina, dereito, maternidade e seguridade viaria. A configuración do programa complétase con cinco puntos de directo en toda a xeografía galega.

A dirección da Radio Galega acometeu unha modificación na grella para crear un bloque de información, sociedade, reflexión e opinión de 20:00 a 23:00 baixo a marca informativa “A Crónica”. No contexto dese bloque, inclúese o “Convivir”, espazo especializado en cuestións sociais de 21.30 a 22.00 horas.

A decidida aposta pola información especializada en cultura tradúcese na estratexia #Cultura365, con programación cultural os 365 días do ano na Radio Galega a través do programa “Diario Cultural”.

Este programa conta con cen minutos de emisión cada día de luns a venres en tres edicións -mañá, mediodía e tarde- co obxecto de alcanzar a maior audiencia posible. Así mesmo, conta con edicións en directo tamén na fin de semana. Todos os contidos emitidos na FM e outros nativos dixitais foron difundidos na canle propia do “Diario Cultural” - www.diariocultural.gal-, entre os que destacaron contidos audiovisuais, concertos e material específico sobre as Letras Galegas 2019 que homenaxearon ao autor Antón Fraguas.

A Radio Galega incrementou o seu liderado na madrugada co programa “Pensando en Ti”, cunha duración de cinco horas, entre as 01:00 e as 06:00. Co obxecto de proxectar este programa baseado na participación da audiencia comezou a emitirse en simultáneo na segunda canle da Televisión de Galicia.

A programación especializada da Radio Galega estivo liderada polos programas “Ferrado e Medio” e “Mar de Ardora”, sábados e domingos ás 07.00 respectivamente. Continuaron os programas “Un País Mundial”, “Arredor de Nós”, “Lambóns Dixitais”, “Sala 5” e “Efervescencia”. A Radio Galega refrendou a aposta polo humor a partir da medianoite venres e sábado con “Déitate” e o domingo con “Como que Non?”.

No apartado deportivo, a audiencia familiarizouse coas dúas novas marcas vencelladas ao mítico “Galicia en Goles”: “Zona Mixta” e “Ao Contraataque”. O primeiro programa, centrado na información e análise do mundo deportivo, emitíuse de luns a venres entre as 15.00 e as 16.00; o segundo realizouse na franxa nocturna, entre as 23.00 e as 00.00, de domingo a xoves. Galicia en Goles mantivo programación os venres de 21.00 a 00.00, e os sábados e domingos, a partir das 15.00 horas.

A Radio Galega reforzou a súa aposta polo deporte da canastra e transmitiu en directo todos os partidos xogados polo Obradoiro e o Breogán. Así mesmo, ofreceu novas propostas na programación para informar de toda a actualidade dos equipos galegos.

A programación habitual da RG interrompeuse en 2019 coas emisións dos partidos dos equipos galegos en ACB. Así mesmo, a emisora pública continuou co proxecto “Convivir Deportivo”, programa que fai foco na realidade social do deporte a partir da visita a clubs, persoas destacadas do panorama deportivo galego e escolas deportivas escolares, e que recibiu premios en 2019.

A interacción coa audiencia é unha ferramenta esencial para a creación de comunidades dixitais activas, interesadas e fieis aos contidos da Radio Galega. Pola vía convencional, esta interacción desenvólvese por medio do teléfono, con chamadas ou mensaxes de Whatsapp. Neste senso, a Radio Galega mantivo en 2019 liñas abertas para solicitar participación a través desta aplicación móbil para os programas “Galicia por Diante”, “A Tarde” e “Pensando en Ti”. Así mesmo, a Radio Galega dialoga cos seus públicos a través das redes sociais Facebook e Twitter, e dende 2019 coa creación do perfil corporativo en Instagram. En 2019 mantivéronse as redes para os programas especializados en novas tecnoloxías, emigración e humor, “Lambóns Dixitais” e “Un País Mundial” e “E Por Que Non?”.

A conversa coas audiencias debe producirse tamén sobre o terreo. Ese é o motivo polo que a Radio Galega afondou na estratexia para incrementar a súa presenza nas localidades galegas con programas en exteriores e cobertura de concertos e festivais. Tamén cómpre salientar neste punto a festa anual dos oíntes do programa “Pensando en ti” cunha nova xuntanza masiva celebrada en Silleda no mes de xuño.

4.5.1. Programación xeral

Galicia por Diante

O programa “Galicia por Diante” emitíuse de luns a venres de 06:00 h. a 14:00 h., cun tramo informativo dende primeira hora ata as 09:30 -que se expón no apartado correspondente deste informe- e outro definido como programa informativo ata as 14.00.h

O magazine informativo deu continuidade á estrutura deseñada a anterior temporada. O programa arranca cunha presentación de contidos coral para logo facer conexións con seis puntos do territorio galego para coñecer os temas de actualidade social. Deste xeito, o “Galicia por Diante” combina información, entretemento, humor e microespazos temáticos. As seccións temáticas abranguen as seguintes áreas: deportes, educación sexual,

historias galegas, ciencia, historia e música. Así mesmo, cada día conta cun bloque de humor dunha hora de duración -de mediodía ás 13:00-. A última hora do programa volve a adquirir ton informativo cunha entrevista de actualidade en profundidade, repaso de sucesos, avance deportivo e o 'miolo' do día co desenvolvemento dun tema de interese público e as súas voces protagonistas.

O "Galicia por Diante" conta con perfís en Facebook, Twitter e Instagram que se empregan a diario para dar recorrido aos contidos presentados no directo e dialogar coas audiencias ou mesmo poñer en marcha concursos.

A Tarde

"A Tarde" emitíuse en horario de 16.00h ás 20.00h con espazos de información, entretemento, actualidade e servizo público a través de entrevistas, reportaxes e emisións en exteriores. Cada tarde, este programa conecta con cinco puntos de directo en todo o territorio galego para tratar temas de interese para a sociedade galega dende o punto de vista social e de ocio. Por canto as colaboracións, cada día da semana ofrécese un espazo de consulta a expertos, especializados en consumo, seguridade vial, conciliación familiar, medicina e dereito. Así mesmo, desenvólvense microespazos sobre as novidades do mar e o agro galegos. Este programa é un dos protagonistas das saídas da Radio Galega aos concellos galegos, con saídas a celebracións, feiras sectorais e actos culturais. As experiencias desenvolvidas neste campo por este e outros programas responden á intención da Radio Galega de incrementar a súa presenza no terreo. "A Tarde" é un programa con especial relevancia social en internet e as redes sociais, especialmente Facebook.

Galicia por Diante Fin de Semana.

"Galicia por Diante Fin de Semana" consolidou en 2019 o seu bo arranque con motivo do seu nacemento un ano antes, no marco da profunda transformación de programación acometida para a temporada 18-19. O programa segue a estrutura da semana, é dicir, conta cun primeiro tramo informativo sábado e domingo de 08:00 a 09:00 - exposto noutro apartado deste informe- a un tramo de magazine puro de 09:00 a 12:00.

A estrutura do programa magazine baséase nunha entrada de exposición de avances de temas e unha entrevista de actualidade. Ámbolos dous días realízase unha entrevista en profundidade ás once da mañá e reportaxes de temas de actualidade. Por canto ás colaboracións, os sábados fálase de lingua galega na sección 'Apalabradas' e de gastronomía en 'A gusto de Vieira'. O domingo é o día para falar de viaxes, de cardioloxía e de dereito. Os contidos deste programa compoñen a cabeceira da páxina web da Radio Galega na fin de semana.

Diario Cultural

A Radio Galega lanzou un proxecto analóxico-dixital na temporada 18-19 para ampliar a programación cultural a través da marca “Diario Cultural”, que se refrendou ao longo de 2019. O novo “Diario Cultural” e a súa canle dixital -diariocultural.gal- forman parte da estratexia da Corporación Radio Televisión de Galicia en materia de cultura que se enmarca no proxecto #Cultura365.

Despréndese del un modelo baseado na programación cultural especializada os 365 días do ano na radio. Deste xeito, emítense cen minutos diarios de programación especializada en cultura de luns a venres e consolídase a emisión en directo a fin de semana con outros cen minutos.

De luns a venres

- L-V 10:30 – 11:00
- L-V 14:45 – 15:00
- L-V 17:30 – 18:00

Fin de semana

- S 09:30 – 10:00
- D 09:30 – 10:00
- D 14:15 – 15:00

O cambio de formato que asumiu o “Diario Cultural” na Radio Galega co arranque da temporada 18-19 complementase cunha estratexia dixital coa apertura dunha canle propia en novembro de 2018. Cun deseño concibido en orixe para dispositivos móbiles, diariocultural.gal ofrece os podcast de todas as edicións do Diario Cultural, que tamén poden descargarse en iTunes e Ivoox.

O segundo vértice da estratexia dixital consiste nos destacados do día, é dicir os temas máis sinalados en cada xornada. O vídeo será outro dos elementos diferenciadores desta canle dixital que prevé converterse en referencia en Galicia nun breve espazo de tempo pola cantidade e calidade dos seus contidos.

Para isto, conta cunha canle de Youtube na que se colgan as ‘Caras B’ dos programas e conversas cos protagonistas dos nosos programas que non poderán escoitarse na emisión en analóxico.

Deste xeito, a Radio Galega camiña, a través do “Diario Cultural”, cara á creación de contidos específicos para o dixital.

A estratexia cultural da Radio Galega refrendou a necesidade de contar cun elenco de voces expertas en distintos ámbitos como arte, narrativa, danza, poesía, música clásica, folk, artes escénicas, banda deseñada, cine, pop-rock, literatura infantil e xuvenil, e actividade audiovisual. Así mesmo apostouse pola cobertura da produción cultural dirixida a públicos alternativos, coa axuda de comentaristas emerxentes.

Na procura da cultura-coñecemento, o “Diario Cultural” busca o debate en profundidade arredor da cultura nas súas distintas manifestacións cunha mostra da produción e o debate que se produce en Galicia e con diariocultural.gal como nexo e espazo de reflexión. Para isto, ademais do podcast, ofrece toda a produción especializada en cultura da Radio Galega a partir de noticias, reportaxes, entrevistas e crónicas.

Convivir

No apartado da sociedade, a radio pública emitiu o programa “Convivir” de luns a xoves en horario de 21:30 a 22:00, no marco do bloque informativo nocturno ‘A Crónica’. Esta programa trata todos os ámbitos informativos que afectan á sociedade, dende os servizos sociais, a medicina, a investigación e as enfermidades ata a natureza, a ecoloxía, a educación e as historias de superación persoal. A edición dos sábados ás 13:00 do mediodía -de xaneiro a agosto emitíuse os sábados ás 12:00- recibe o nome “Convivir Deportivo”, por tratarse de monográficos sobre o deporte dende a súa vertente social. Neste ámbito dedicáronse programas a figuras relevantes no mundo do deporte galego, clubs históricos ou escolas deportivas de concellos. O programa acadou o premio ao mellor labor informativo nos Premios Deporte Galego en 2019.

Pensando en Ti

“Pensando en Ti” de luns a venres e “Pensando en Ti Fin de Semana” nos sábados e domingos foron líderes da noite radiofónica en Galicia en 2018. O programa ten unha duración de cinco horas, de 01:00 a 06:00, e céntrase na interacción coa audiencia, que participa para relatar as súas vivencias a partir dos temas propostos. Trátase dun programa que se vale de canles de comunicación coas redes sociais para propiciar a participación da audiencia.

4.5.2 Programas temáticos

A grella de programas temáticos da radio pública de Galicia está conformada polos seguintes espazos:

- **“Un País Mundial”** é un programa especializado na actualidade da emigración e que busca consolidarse na súa segunda temporada.
- **“Arredor de Nós”** é un programa especializado en historia.
- **“Efervesciencia”** ocúpase de achegar a ciencia ao público xeral, desde o humor e con voces autorizadas e reportaxes sobre descubrimentos científicos de toda índole. O programa conta coa colaboración da Universidade de Santiago e o financiamento da FECYT (Fundación Española para a Ciencia e a Tecnología).
- **“Lambóns Dixitais”** é un programa de novas tecnoloxías que vive a súa segunda temporada en antena.
- **“Déitate”** é un programa de humor que arrancou en setembro de 2018. Combina o relato de noticias graciosas, con *sketches* e imitacións.
- **“Sala 5”**, dedicado ao mundo do cine e o audiovisual.
- **“Mar de Ardora”** é un programa especializado na actualidade do mar que vive a súa segunda temporada en antena.
- **“Ferrado e Medio”** é un programa especializado na actualidade do agro que vive a súa segunda temporada en antena.
- **“E Por Que Non?”** é un programa de humor de media hora de duración que comezou a emitirse en setembro, no marco das novidades da temporada 17/18. En setembro de 2018 pasou a chamarse **“Como que non?”**.

4.5.3 Emisión simultánea Radio Galega-TVG con “Pensando en Ti” e “A Bóla Extra”

A innovación e creatividade foi un dos grandes titulares da Radio Galega en 2020, co lanzamento de dúas emisións da emisora pública en simultáneo a través da Televisión de Galicia a través dos programas “Pensando en Ti” e “A Bóla Extra”. Logo do experimento en 2018 da emisión do faladoiro de ‘A Crónica’ ás 22:00 por Radio Galega e a través da segunda canle da TVG, comprobouse a idoneidade do uso de cámaras robotizadas no

Estudio 2 da Radio Galega para o lanzamento de imaxes en calidade HD á TVG. O programa “Pensando en Ti” realízase no Estudio 2 da Radio Galega e, dende o mes setembro de 2019 emítese de xeito simultáneo na segunda canle da Televisión de Galicia. O decorado é o estudio radiofónico e na pantalla aparecen o presentador do programa e os seus colaboradores/as e convidados/as.

En outubro de 2019 púxose en marcha a emisión simultánea de “A Bóla Extra”, sección de humor do “Galicia por Diante” na primeira canle da Televisión de Galicia e a Radio Galega entre as 12:30 e as 13:00. Neste caso, o equipo do “Galicia por Diante” realiza a sección nun plató de televisión, cuxo sinal de son se lanza ao mesmo tempo á TVG e á RG.

4.5.4 Radio Galega Música

Radio Galega Música cumpriu en febreiro de 2019 un ano da nova estratexia baseada nunha liña melódica uniforme en todas as franxas horarias con listaxes de reprodución rotatoria de nunca máis de cincocentas cancións.

Sen renunciar aos principios fundacionais de servizo público, enténdese que o obxectivo dun medio de comunicación é o de chegar a unha audiencia ampla para, neste caso, formala e entretela. A Dirección da Radio Galega buscou un espazo propio musical nun ecosistema de radio atomizado, no que se repiten fórmulas clónicas. Ante iso, foi imprescindible apostar por unha radio musical feita dende Galicia para a cidadanía galega, na que a música galega se amalgame con naturalidade con temas doutras linguas. A audiencia obxectiva responde ao grupo maioritario adulto que demanda unha determinada selección musical, como prestar atención a contidos específicos de distintos xéneros musicais, como jazz, folk, indie, electrónica e rock, xusto nun momento no que Galicia está na vangarda pola creatividade e excelencia dos seus produtos musicais.

A programación articúlase en grandes bloques musicais que acompañan á audiencia nas distintas actividades e ocupacións da súa xornada. As horas laborais do día, é dicir, dende as 07:00 ata as 20:00 apóstase pola radiofórmula sen locutor. Isto xunto coa ausencia de publicidade facilita que Radio Galega Música sexa a opción elixida polos establecementos comerciais como fío musical.

Dende as 07:00 ata as 09:00 preséntase a fórmula espertador con ritmos e estilos axeitados para o arranque do día. Dende as 09:00 ata as 14:00 prográmase música para o traballo coa vontade de convertérmonos en banda sonora das actividades laborais. A hora de xantar e as primeiras horas da tarde continúan a mesma tónica cunha selección melódica uniforme, con temas de corte máis relaxado e cadencioso.

No tramo de 18:00 a 20:00 horas préstase atención á audiencia que escoita Radio Galega Música no coche coa fórmula “RGM na túa volta á casa”. Trátase dunha selección musical tranquila, sen estridencias e con calidez.

De 21:00 a 23:00 horas de luns a venres -de 20:00 a 22:00 ata o mes de xuño- emitíuse o programa “Estudio 3”, centrado na actualidade e axenda dos grupos musicais galegos en Galicia e no exterior e na visita de grupos de fóra de Galicia á nosa terra.

A continuación prográmanse os programas musicais de autor dunha hora de duración “Raizame”, “O Lobo Urbano”, “Deriva Atlántica” -ata xuño- e “Notas de Jazz”. En setembro incorporáronse dúas novas sinaturas ao catálogo de Radio Galega Música: “Ondas Indies”, especializado na música indie producida en Galicia, e “Cara B”, sobre as grandes anécdotas mundiais do mundo da música.

Na fin de semana emitíronse os programas de produción propia “Fondos Reservados”, sobre grandes éxitos da música en castelán dos ‘70, “Lume na Palleira”, especializado en música folk, “Concerto Popular”, coa músicas das bandas galegas, e “Allegro Moderatto”, de música clásica. Así mesmo, emitíuse o domingo de 15:00 a 17:00 o programa de músicas do mundo “Tres Peixes Voando”.

O proxecto pretende coidar, primar e potenciar a música galega a partir dun tratamento de excelencia. Con este obxectivo, as horas de maior atención (horas puntas e medias horas) alcázanse sempre con música en lingua galega dentro do formato radiofórmula, seguindo o modelo das grandes cadeas musicais que inmediatamente antes das horas punta e as medias horas radian os éxitos.

A radio de autor creativa e orixinal que atende as tendencias e necesidades dun público máis especializado e esixente que pide unha proposta máis alá da radiofórmula, tradúcese nos seguintes títulos:

- Estudio 3. Actualidade de bandas galegas de rock no exterior e de grupos de fóra con actuacións previstas en Galicia.
- O Lobo Urbano. Rock.
- Notas de Jazz. Jazz galego.
- Ondas Indies. Indie galego.
- Cara B. Grandes anécdotas da música.
- Raizame. Músicas do mundo e listaxe World Music Charts Europe.
- Tres Peixes Voando. Música galega combinada con músicas do mundo.
- Deriva Atlántica. Músicas do mundo.
- Fondos Reservados. Éxitos musicais das últimas tres décadas.
- Lume na Palleira. Música tradicional e folk galego.

- Concerto popular. Concertos de bandas de música de Galicia.
- Allegro Moderatto. Música clásica da Real Filharmonía de Galicia e a Orquestra Sinfónica de Galicia.

Estes programas son espazos das prescricións musicais, en tanto que os profesionais que os realizan son expertos en distintos xéneros musicais. Estes espazos acollerán o tratamento de temas en profundidade, entrevistas, presentacións, voces de protagonistas, recomendacións e tendencias.

4.5.5 Radio Picariña

Primeira canle dixital de música infantil e xuvenil da historia da Radio Galega, lanzada en xuño de 2018, continuou este ano coa que se coñece como fase de lanzamento coa posta a disposición dos usuarios dunha selección coas mil mellores cancións en lingua galega para os máis pequenos.

‘Radio Picariña’ é a primeira experiencia de radio dixital para a CRTVG cun formato similar ao de aplicacións como *Spotify*, que lles ofrece ás persoas a posibilidade de seleccionar a música que desexen escoitar entre todos os temas. Deste xeito, desde o reprodutor pódese navegar por toda a listaxe de cancións e elixir as que se queiran oír, desde o PC ou ben desde dispositivos móbiles.

Para acceder aos contidos de ‘Radio Picariña’, os usuarios da nosa web só deben entrar na ligazón www.crtvg.es/infantil. As cancións que inclúe a nova emisora dixital están ordenadas de forma alfabética por título. Na información que se mostra ao usuario está o título da canción, o álbum ao que pertence e os autores da mesma. ‘Radio Picariña’ convértese, deste xeito, nunha radio musical ideal para gozar dela nos centros educativos, garderías, salas de espera, etc., xa que tamén permite a escoita de todos os temas de xeito consecutivo.

4.5.6. Concertos para difusión por redes sociais

Nacemento do proxecto ‘Medio Bolo’ baseado na gravación de concertos no Estudio de Producción da Radio Galega con teléfonos móbiles de última xeración para a súa emisión por redes sociais. Estes concertos de curta duración, menos de media hora, serán lanzados vía redes sociais a través do Facebook de Radio Galega. A posteriori, emitiránse pola vía convencional, a través do FM da Radio Galega e a través da canle de youtube da emisora pública, integrado na web do Diario Cultural -diariocultural.gal-.

A primeira experiencia por a emisión por Facebook Live dun concerto de Oh! Ayatollah. Logo da primeira experiencia, emitíronse dous concertos:

- 28/03 Baiuca e Aliboria
- 03/04 | Su Garrido

4.5.7. Estratexia dixital

Radiogalega.gal

A páxina web da Radio Galega afianzou o deseño lanzado a finais de 2018 e medrou con máis contidos de produción propia da radio pública de Galicia coa apertura de dous novos bloques de contido de humor e temas de interese social.

No primeiro deles cólganse os contidos dos programas semanais especializados en distintos ámbitos, como 'Un país mundial', dedicado á emigración; 'Arredor de nós', de contido histórico; 'Efervescencia', centrado na ciencia; 'Lambóns dixitais', que ten como protagonistas as novas tecnoloxías; 'Sala 5', dedicado ao cine; 'Ferrado e medio', coas novidades do agro, e 'Mar de Ardora', centrado no mundo do mar. No bloque de humor, publicáranse os contidos máis destacados dos programas 'Déitate' e 'Como que non?', ademais de 'A Bóla Extra', hora de humor do 'Galicia por diante'.

Afondouse no traballo nunha imaxe dixital moderna da Radio Galega para potenciar os contidos de produción propia co obxectivo de xerar opinión arredor dos temas que interesan á sociedade galega. A emisora pública reafirma a súa misión de servizo público cunha proposta que combina a forza do directo coa selección dos contidos máis destacados da súa programación.

O directo segue sendo a referencia da radio pública, con accesos directos na parte superior da web á emisión da Radio Galega, de Radio Galega Música, Son Galicia Radio e a canle de música infantil en galego Radio Picariña. O seguimento dos directos en streaming de Radio Galega e Radio Galega Música medraron un 41 e un 36 por cento, respectivamente, un ano despois do lanzamento da nova imaxe dixital da emisora pública autonómica.

En segundo lugar sitúanse os contidos de produción propia cos que a Radio Galega xera debate político e social no ámbito xeográfico de Galicia, é dicir, as entrevistas propias e as reportaxes en profundidade que outorgan valor engadido á emisión e ao propio espazo web da radio pública.

Por último, o *podcast* elevou o valor engadido da Radio Galega en internet, de tal xeito que no prazo dun ano viu incrementadas as visitas dos usuarios nun 19 por cento. Nun contexto de exposición do podcast como formato, a Radio Galega amosa grandes potenciais.

Diariocultural.gal

A canle dixital diariocultural.gal consolidouse como web de referencia da información cultural en Galicia. A primeiros de 2019, logo de tres meses do seu lanzamento, afianzou unha audiencia de máis de 4.000 usuarios únicos, incrementando a audiencia da web da Radio Galega nun 279% de páxinas vistas.

Os datos de balance apoian a idoneidade deste formato dixital para achegarse á xente nova, cun 65% do tráfico procedente de redes sociais, e maioritariamente a través do móbil. Entre os contidos máis vistos, hai que salientar os podcasts e a sección de 'Destacados', e a sección 'Caras B', cos vídeos das conversas cos protagonistas de espazos que non se puideron escoitar na frecuencia modulada.

Neste 2019, a canle dixital do 'Diario cultural' afrontou novos retos como o pulo aos contidos musicais, xa que no segundo trimestre do ano empezaranse a programar concertos de xeito periódico. O estudo produción da Radio Galega en San Marcos, foi o escenario de gravación do proxecto de fusión de Baiuca e Aliborí, mentres que a Casa das Crechas de Santiago de Compostela acolleu a gravación dun concerto de Sumrrá, considerado un dos novos referentes do jazz contemporáneo.

Ademais, diariocultural.gal habilitou dúas novas lapelas:

- 'Laretadas': conversas en profundidade con persoas do mundo da cultura nos lugares con maior significado para eles
- 'Letras Galegas 2019': intensa campaña arredor do Día das Letras Galegas 2019, en que se homenaxeou a Antón Fraguas.

[RadioPlayer España](http://RadioPlayer.España)

Radio Galega encabezou en outubro de 2020 o lanzamento en Galicia da aplicación gratuíta Radioplayer, que integra todas as emisoras de España con oferta en directo e á carta. A través deste gran quiosco de audio en liña, os usuarios poden seleccionar a

emisora que elixan, con seguridade, calidade, sen necesidade de rexistrarse e sen custo. Radio Galega, Radio Galega Música e Son Galicia Radio xa están dispoñibles para a audiencia dende hoxe mesmo a través da aplicación de Radioplayer ou da súa páxina web. Tamén ofrecerá acceso ás emisoras públicas galegas por medio de altafalantes intelixentes (Alexa).

En España cada día escoitan a radio 24 millóns de persoas. É un medio que goza de excelente saúde e de espírito novo, capaz de adaptarse aos tempos e ás demandas da audiencia. Por iso, ademais de sintonizar o dial ou seguir as emisións por streaming a través da páxina web de cada medio, os oíntes dispoñen a partir de agora dun agregador dixital avalado polos líderes do sector radiofónico.

Radioplayer España é a versión de Radioplayer do noso país, presente xa noutros once (Alemaña, Austria, Bélxica, Canadá, Italia, Irlanda, Dinamarca, Noruega, Perú, Reino Unido e Suíza).

Conscientes da importancia de posicionar a radio como medio de comunicación innovador e competitivo no universo dixital, Radio Galega uniuse de forma decidida a este proxecto, xunto ás demais radios membros de FORTA (emisoras de Canal Sur Radio, Catalunya Radio, Onda Madrid, La Radio de Á Punt, radios de EITB, Canarias Radio, CMM Radio, Onda Regional de Murcia, Aragón Radio, Radio Principado de Asturias e IB3 Radio), o Grupo Atresmedia Radio (Onda Cero, Europa FM e Melodía FM), o Grupo COPE (COPE, Cadena 100, RockFM e MegaStarFM), o Grupo KISS Media (KISS FM e HIT FM), o Grupo RTVE (Radio Nacional de España, Radio 3, Ràdio 4 Catalunya, Radio 5, Radio Clásica e Radio Exterior de España) e o Grupo SER (SER, Dial, Kebuena, LOS40, LOS40 Classic, LOS40 Dance e Radiolé).

Deste xeito, Radioplayer España conta, desde este inicio, con máis de 300 emisoras, cuxos contidos están dispoñibles para este agregador, accesible mediante unha aplicación para dispositivos móbiles e tamén para PC vía web. Con esta plataforma, a radio está inmersa nas novas vías de escoita que abren as tecnoloxías de recoñecemento de voz, o 4G ou o 5G, compatible coa FM.

A emisora pública galega ten xa incorporados a esta aplicación os directos de Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e Radio Picariña. Outro dos beneficios de Radioplayer é que a Radio Galega e as súas emisoras se favorecen das alianzas co sector da automoción, o cal asegura que a radio teña presenza dunha forma innovadora e de calidade nos vehículos conectados, proporcionándolle unha excelente experiencia ao oínte.

4.5.8. Programas exteriores de Radio Galega

Na programación da radio pública de Galicia cómpre destacar a presenza en directo en exteriores dos distintos programas que conforman a grella, tal e como se indica:

- 24/01 | Mar de Ardora | Lonxa da Coruña
- 31/01 | Ferrado e Medio | Hifas da Terra en Pontevedra
- 06/02 | A Tarde | Expoursense en Ourense
- 21/02 | Galicia por Diante | Lalín
- 22/02 | A Tarde | Silleda
- 28/02 | A Tarde | Viana do Bolo
- 01/03 | A Tarde | Verín
- 06/03 | Diario Cultural | Santiago de Compostela
- 10/03 | Galicia por Diante Fin de Semana | Pontevedra
- 27/03 | Diario Cultural | Pontevedra
- 04/04 | Diario Cultural | Tui
- 05/04 | Mar de Ardora | Fisterra
- 16/04 | Ferrado e Medio | Granxa A Maquia de Santiago de Compostela
- 18/04 | Galicia por Diante | Camariñas
- 19/04 | Pensando en Ti | Soutomaior
- 25/04 | A Tarde | Arbo
- 29/04 | Diario Cultural | Santiago de Compostela
- 03/05 | Diario Cultural | A Coruña
- 03/05 | Mar de Ardora | Costa da Morte
- 08/05 | Efervescencia | Ourense
- 17/05 | Galicia por Diante | Cotobade
- 17/05 | Diario Cultural | Santiago de Compostela
- 23/05 | Diario Cultural | O Porriño
- 28/05 | Diario Cultural | Santiago de Compostela
- 07/06 | A Tarde | Silleda
- 09/06 | Pensando en Ti | Silleda
- 14/06 | Diario Cultural | Santiago de Compostela
- 20/06 | Mar de Ardora | Celeiro
- 28/06 | Mar de Ardora | Camariñas
- 19/07 | Diario Cultural | Ribadavia
- 24/07 | Galicia por Diante | Santiago de Compostela
- 13/08 | Galicia por Diante | A Coruña
- 23/08 | A Tarde | Guntín
- 30/08 | A Tarde | Salceda de Caselas

- 03/09 | Ferrado e Medio | Santa Comba
- 10/09 | Ferrado e Medio | Boqueixón
- 11/09 | Sala 5 | Bueu
- 13/09 | Diario Cultural | Pontevedra
- 17/09 | Ferrado e Medio | A Estrada
- 18/09 | Galicia por Diante | A Estrada
- 20/09 | Diario Cultural | Lugo
- 23/09 | Ferrado e Medio | Chantada
- 01/10 | Diario Cultural | Ourense
- 04/10 | Ferrado e Medio | Santiago de Compostela
- 05/10 | Diario Cultural | Santiago de Compostela
- 10/10 | Ferrado e Medio | Padrón
- 11/10 | A Tarde | Silleda
- 17/10 | Ferrado e Medio | Carral
- 22/10 | Galicia por Diante | Santiago de Compostela
- 30/10 | A Tarde | Riós
- 20/11 | Mar de Ardora | Zas
- 22/11 | A Tarde | Silleda
- 27/11 | Mar de Ardora | Ares
- 29/11 | Diario Cultural | Pontevedra
- 10/12 | Diario Cultural | Padrón
- 13/12 | Pensando en Ti | Becerreá
- 19/12 | Mar de Ardora | Ribeira
- 28/12 | A Radio Conta | A Coruña

Así mesmo, o programa “Convivir Deportivo” gravouse integramente en exteriores no ano 2019, con edicións dedicadas a clubs, deportes minoritarios e figuras relevantes do deporte galego.

- 09/01 | O Rosal | Atlético Novás
- 12/01 | Pontevedra | Gala de tenis
- 16/01 | Redondela | Federación de Orientación
- 18/01 | Malpica | A.D. Cerqueda
- 29/01 | Baiona | Vela adaptada
- 01/02 | Boiro | C.D. Cabo de Cruz
- 08/02 | A Guarda | Guardés
- 12/02 | Cabeza de Manzaneda | Deportes de inverno
- 19/02 | Caldas de Reis | Salvamento e homenaxe á campioa Antía García

- 26/02 | O Grove | S.D. O Grove
- 27/02 | Vigo | Sede Real Club Celta de Vigo
- 07/03 | Goián | Colexio
- 12/03 | Viveiro | Camovi
- 22/03 | As Pontes | Tiro con arco
- 26/03 | Ourense | Tiro olímpico
- 27/03 | Ribadeo | Clubs fútbol e remo olímpico
- 02/04 | Carral | Patinaxe
- 05/04 | Fisterra | Liga da Costa
- 06/04 | Abegondo | Liga Genuine
- 09/04 | Oleiros | C.D. Montrove
- 15/05 | Silleda | Olimpíadas populares
- 28/06 | Camariñas | C.D. Camariñas
- 12/07 | Baltar | Parapente
- 22/07 | Ames | Homenaxe a Borja Golán
- 29/07 | Cospeito | Xogos Tradicionais de Muimenta
- 02/10 | Cortegada | Agrupación Deportiva Cortegada
- 18/10 | Mondariz | Centenario Mondariz F.C.
- 22/10 | Pazos de Borbén | Fútbol sala
- 23/10 | San Xoán de Río | Billarda
- 24/10 | Salceda de Caselas | Piragüismo augas bravas
- 12/11 | Carballo | Deporte adaptado
- 13/11 | Foz | Travesía de Foz
- 19/11 | Castrelo de Miño | Club náutico
- 20/11 | Zas | Club fútbol Baio
- 26/11 | Parada de Sil | Montañismo
- 04/12 | Xinzo de Limia | Centenario Antela
- 11/12 | Arteixo | A chave
- 17/12 | Trazo | Sociedade Deportiva Río Sar
- 23/12 | Paradela | Diego López

4.5.9. Festivais retransmitidos en directo por Radio Galega Música

- 9-10/03 | Festival do Queixo de Arzúa
- 26-27/04 | Festival FIV de Vilalba
- 13-15/06 | Festival O Son do Camiño de Santiago de Compostela
- 4-6/07 | Festival Portamérica de Caldas de Reis

- 11-14/07 | Festival de Ortigueira
- 19/10-09/11 | Outono Códax de Santiago de Compostela

4.5.10. Emisión concertos por Facebook Live dentro do proxecto de música ao vivo do programa 'Notas de Jazz' de Radio Galega Música

- 10/04 | Sumrrá
- 02/05 | Marcos Teira
- 22/05 | Valentín Caamaño Cuarteto
- 05/06 | Pablo Castaño Quartet
- 26/06 | Carlos Barruso
- 10/07 | Pablo Sanmamed Trío
- 24/07 | Jorge Pardo Cuarteto
- 30/11 | Marful

4.5.11. Emisora oficial de concertos e festivais

- 31/01 | Micah P. Himson | La Iguana de Vigo
- 09/02 | Silvia Superstar | La Iguana de Vigo
- 16/02-01/11 | Ciclo Máis que Blues' | Vigo
- 23/02 | Lolalola | Café Cultural Auriense de Ourense
- 23/02 | Mr. River | La Iguana de Vigo
- 02/03 | Guadalupe Plata | La Iguana de Vigo
- 08/03 | Radio Beach | Playa Club da Coruña
- 09/03 | Black Hole Jam | Master Club de Vigo
- 10/03 | Tregua | Inn Club da Coruña
- 12/03 | Baby Shakes | Auriense de Ourense
- 06/04 | Xael López | Pazo da Cultura de Narón
- 13/04 | Familia Caamagno | Sala Capitol de Santiago de Compostela
- 19/04 | Lou Reyes | Sala Ink de Narón
- 20/04 | The Smooggers | Café Cultural Auriense de Ourense
- 03/05 | Festa aniversario | Rock Club de Ourense
- 04/05 | Morgan | Pazo da Cultura de Narón
- 07/05 | Los Pepes | Café Cultural Auriense de Ourense
- 11/05 | Touliña Pop | Sada
- 17-18/05 | Fa Ce La Fest | Lugo
- 30-31/05 | OurenRock | Ourense
- 02/06 | Stacie Collins | La Iguana de Vigo

- 15/06 | Matt & The Peabody Ducks | Rock Club de Ourense
- 16/06 | Eli Paperboy Reed e High Mighty Brass Band | Auditorio de Ferrol
- 29/06 | Rockin | Carballo
- 30/06 | A Desfeita 2018 | O Carballiño
- 03-04-05-06/07 | Resurrection Fest | Viveiro
- 13/07 | Alen Metalfest | Vilagarcía de Arousa
- 18/07 | LolaLola | Auriense de Ourense
- 23/07 | Fur Dixon's Wtfujushima! | Café Cultural Auriense de Ourense
- 26-27/07 | Castelo Rock | Muros
- 03-04/08 | Castelo Rock | Muros
- 17/08 | Trece Roeis | Pantón
- 18/08 | Vive Valarés | Ponteceso
- 03/09 | Hanna Wicklund | Madrigas da Coruña
- 06-07-08/09 | Ameixa Rock | Carril
- 07/09 | Festas Patronais Teixeira | Curtis
- 18/09 | Setembro 18 | Parque Raíña Sofía de Ferrol
- 18/09 | The Dirty Roses | Madrigas da Coruña
- 24/09 | Not Scientits | Madrigas da Coruña
- 26/09 | Guttercats | Café Cultural Auriense de Ourense
- 28/09 | Festeiro | Ferrol
- 05/10 | Canedo Rock | Ourense
- 09/10 | Twin Guns | Café Cultural Auriense de Ourense
- 19/10-27/12 | Outono Códx Festival | Santiago de Compostela
- 20/10 | Festa 15 aniversario | Café Cultural Auriense de Ourense
- 20/10 | Carvin Jones | Playa Club da Coruña
- 21/10 | Orkan | Café Cultural Auriense de Ourense
- 22/10 | The Bongo Club | Café Cultural Auriense de Ourense
- 25/10 | Mad Martin Trio | Café Cultural Auriense de Ourense
- 26/10 | The Limboos | Sala Capitol de Santiago de Compostela
- 26/10 | Vibra Fest | Vigo
- 29/10 | Los Tiki Phantoms | Madrigas da Coruña
- 01/11 | Dan Baird | Madrigas da Coruña
- 09/11 | The Devils | Rock Club de Ourense
- 09-11/11 | Real Straits | Sala Rouge de Vigo, Pazo da Cultura de Pontevedra e Sala Capitol de Santiago de Compostela
- 14/11 | Josele Santiago | Madrigas da Coruña
- 16/11 | The Abstinence | Café Cultural Auriense de Ourense
- 16/11 | Aviador Dro | La Iguana de Vigo
- 16/11 | Ilegales | Sala Capitol de Santiago de Compostela

- 23/11 | The Soul Jackets | Mardigras da Coruña
- 29/11 | The Limboos | La Iguana de Vigo
- 30/11 | Sex Museum | Mardigras da Coruña
- 21/12 | Three Dogs | Rock Club de Ourense
- 21-23/12 | Habitación Vudú | Sala Moon de Santiago de La Fábrica de Chocolate de Vigo
- 28/12 | Barbaña Blues | Rock Club de Ourense

4.5.12. Recoñecementos

Dous programas da Radio Galega, “Diario Cultural” e “Convivir en Igualdade” recibiron senllos premios pola súa contribución á sociedade nos ámbitos cultural e social, respectivamente.

- **“Diario Cultural”**. Finalista nos prestixiosos premios internacionais Celtic Media Festival, competindo coas radios BBC de Escocia e Galese RTÉ de Irlanda, na categoría de radio musical (‘radio music programme’). Primeira candidatura internacional na historia da Radio Galega. A gala de entrega de premios celebrouse entre o 4 e o 6 de xuño na localidade escocesa de Aviemore.
- **Xaime Escudeiro**. Premios Futgal da Federación Galega de Fútbol. O locutor da Radio Galega recibe unha homenaxe polo seu traballo ao longo da súa traxectoria profesional como xornalista deportivo. A entrega do premio tivo lugar o 21 de xuño no salón de convencións do Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Santiago.
- **“Diario Cultural”**. A prestixiosa revista de música independente e novas tendencias “Rockdelux” escolleu este programa da Radio Galega como mellor programa de 2018. Os lectores da revista recoñeceron o programa cultural por riba doutros espazos de referencia doutras radios. A revista elabora todos os anos en base á opinión dos lectores e grupos musicais listas en que se recolle o máis destacado do ano no sector musical e cultural español.
- **“Convivir Deportivo”**. A Secretaría Xeral para o Deporte premiou este programa da Radio Galega nos ‘Premios Deporte Galego 2018’ na categoría de ‘Mellor labor informativo’, polos seus contidos sobre a realidade social do deporte, os deportes minoritarios e o deporte inclusivo e adaptado. A entrega tivo lugar o 28 de novembro no Auditorio Municipal de Lalín.

- **Anxo Quintela.** O Ministerio de Cultura concedeu o Premio Nacional de Periodismo Cultural a este locutor ad RG. O xurado destacou a súa “continuada implicación no coñecemento e difusión da cultura rural, ás veces desatendida, contribuíndo á súa lexitimación’ e recoñeceu a súa traxectoria nos medios públicos galegos.
- **Alfonso Pardo.** O locutor da Radio Galega foi galardoado pola Federación Galega de Karate polo seu labor xornalístico desta disciplina, concretamente pola reportaxe emitida o 22 de outubro sobre o Club de Karate San Francisco de Teo. O galardón, que se entregou en decembro, correspóndese ao período comprendido entre o 1 de xullo de 2018 e o 8 de decembro de 2019.
- **Alfonso Pardo, Roberto Carlos Carballo e Carlos Alonso.** Premio ao seu labor xornalístico na difusión do piragüismo na Gala do Piragüismo Galego. A Federación premiou a Roberto Carlos Carballo polo seu traballo á fronte do “Galicia en Goles” diario, que dirixiu desde 2011 ata agosto de 2018, a Alfonso Pardo polo programa “Convivir Deportivo” e a Carlos Alonso polo programa diario “Zona Mixta”. A entrega de premios tivo lugar o 20 de decembro en Pontevedra.

4.6. Contidos dixitais

A nivel dixital, a Área de Contidos tivo un importante cambio coa creación do Servizo de Extensión Audiovisual en agosto de 2019. Este novo departamento encárgase de xerar e difundir contidos desta área a través das diversas canles da CRTVG, ademais de levar un control de xeito global da presenza da Corporación no ámbito dixital. Isto faise sempre da man do resto de departamentos que desenvolven tarefas na rede, ademais de coordinarse coa Área de Informativos e, sobre todo, coa Área de Innovación e Negocio, favorecendo así a xeración de contidos dixitais seguindo unha estratexia común.

As liñas estratéxicas son as seguintes:

- Atraer públicos e xeracións que, aínda que tradicionalmente estaban pouco representadas na audiencia da CRTVG, cada vez atopan máis contidos do seu interese tanto na televisión lineal coma nos contidos que atopan nas canles paralelas da Corporación.
- Introducir a cultura e a lingua galegas en ámbitos nos que está menos presente e posicionar así ambas as dúas cousas na rede. Colaborar así na diferenciación da cultura propia no mundo globalizado de internet.
- Prestar servizos á comunidade educativa.
- Aumentar con custos moderados o valor engadido do patrimonio audiovisual preexistente na CRTVG dándolle percorrido dixital.
- Situar a CRTVG como pioneira en proxectos de contidos dixitais.

Desde o 2018, o traslado e a adaptación dos contidos que antes fan dirixidos só á televisión ás novas canles é constante. Ademais, a reorganización do persoal que fixo posible que a Área de Contidos pasase a dispoñer de persoal propio especializado en contidos dixitais fixo que o posicionamento de creacións non-informativas da casa tiveran unha segunda vida despois da emisión no soporte tradicional. A posterior creación no ano 2019 do departamento de Extensión Audiovisual potenciouno aínda máis, dispoñendo agora dun equipo que ten un total control dos contidos ao manter unha comunicación directa e continua con todos os creadores de contido da casa, ser o que alimenta a páxina web e o que xestiona as redes sociais a un tempo.

De feito, grazas a esa comunicación directa e continuada cos creadores, chegaron a pactarse certas estratexias que alimentadas por ambas partes acadaron maior repercusión. O apoio dos programas e das series, así como das caras máis recoñecidas da televisión, foron da man das contas da casa á hora de xestionar e amplificar a conversa social polas redes, conseguindo así un mellor alcance dos contidos.

Unha das tarefas máis destacables deste último ano é que se conseguiu darlle unha segunda vida aos contidos a través da readaptación á linguaxe dixital dos contidos lineais. A audiencia na nosa páxina web e a conversa social que se xera nas redes sociais consegue que a vida das series e dos programas se estenda no tempo e non quede só nas horas de emisión da canle tradicional. Deste xeito, a experiencia de usuario da CRTVG mellora exponencialmente grazas á posibilidade de ver en calquera momento os contidos que demandan e de informarse sobre eles a través das redes sociais, descubrindo así cousas de interese tamén a través doutras canles que non son a televisión. Por outra banda, a oferta de contidos extras feitos só para dixital ou difundidos só a través da web ou das redes sociais, tamén os fan moito máis atractivos para os seguidores.

O camiño que se está a andar dentro das liñas de estratexia dixital de contidos non pasa só pola difusión dos contidos non-informativos da TVG, senón tamén todos aqueles postos en marcha polos demais departamentos cos que se traballa de xeito sinérxico. A programación tanto da Radio Galega coma da Televisión de Galicia está presente nas canles dixitais e a estratexia vai da man á hora da súa difusión. O crecemento de proxectos como #cultura365, a creación da nova marca de Informativos G24 con proxectos coma o #DigochoEu, a oferta de ficción no repositorio EnSerie.gal, a difusión de novos contidos a través do YouTube e do Instagram, as aplicacións móbiles da casa ou a presenza da Radio Galega noutras plataformas son exemplo, entre outras cousas, do emprego das novas canles como altofalante dos nosos contidos.

Un país en 360, proxecto transmedia

Entre os programas que ofertaron contidos extra para o mundo dixital cabe destacar o proxecto de 'Un país en 360'. Neste caso, ademais do programa emitido en lineal, cada capítulo levaba á parte seis pezas para explotar na canle de YouTube da Televisión de Galicia.

Ademais da segunda vida que lle deu ao programa a súa presenza na páxina web como contido á carta, a conversa social que xerou nas redes baseouse nas pezas audiovisuais extra: imaxes aéreas e vídeos VR tanto en 180º coma en 360º. Esta experiencia engadida foi proposta en cada un dos episodios da emisión lineal mediante a inclusión dun código QR na pantalla para facilitar así o acceso dos telespectadores á canle de YouTube na que se foron incluíndo os vídeos de realidade virtual.

É dicir, 'Un país en 360' tivo presenza en tres canles simultáneas para falar de patrimonio galego desde unha óptica ben diferente.

4.7. Dinamización da web e das redes sociais

No 2018 reorganizouse o equipo para que un único grupo de persoas xestionara tanto a parte da páxina web da área de Contidos coma as contas de redes sociais a través das que compartir o produto da mesma. Na primeira metade do 2019, continuouse traballando deste xeito, para logo converter este equipo no Servizo de Extensión Audiovisual.

Nestes meses, establecéronse varios obxectivos:

- A mellora na planificación da estratexia dixital para unha mellor difusión e unha mellor adaptación ao mundo dixital do contido xa emitido na televisión.
- Aumento e mellora da promoción dos contidos televisivos de xeitos menos tradicionais (creación de gifs, de memes, sacando contido extra, momentos máis graciosos do programa...). Maior aproveitamento do material.
- Mellora da eficiencia do apartado Á Carta. Máis contidos e máis velocidade na presenza deles na nosa páxina web, ademais de que conseguimos sacarles máis rendemento dándolles así unha segunda vida a todos os contidos da TVG.
- Establecer sinerxias entres os diferentes departamentos da casa. Apoio nas redes sociais entre as contas oficiais da casa e dos programas, grazas a unha mellor comunicación e coordinación
- Adaptación das linguaxes tradicionais á linguaxe dixital.
- Creación de contidos propios a partir do aproveitamento de material de radio e televisión e, tamén, de material obtido polo departamento de xeito directo. Deste xeito, afianzamos e sumamos audiencia e aumentamos a interacción cos usuarios.

- Alimentar de contido dun xeito constante as redes sociais que posuímos, converténdolas case directamente nunha propia canle a través da que consumir todo tipo de contidos da CRTVG.
- Captar novas audiencias a través das redes sociais que consuman os contidos a través da páxina web, sumándose así á audiencia lineal e creando unha conversa social arredor dos contidos televisivos.

Deste xeito, houbo contidos que provocaron conversa nas redes sociais e que conseguiu plasmarse, dalgún xeito, na emisión lineal destes programas. É o caso de programas como “Land Rober Tunai Show” ou “Luar”, que teñen moita vida, sobre todo, no Twitter e no Instagram, e que interaccionan cos usuarios por medio de concursos e votacións. Ambos os dous produtos conseguiron ser *trending topic* en España.

Con outros como “Galicia Bonita” conseguiuase un cambio na programación ao ter en conta a escolla do público a través de redes sociais dun dos concursantes que foron máis votados. Xa no 2019, a conversa social que xeraron contidos como Hai caldo! ou A miña familia pola túa tamén é moi destacable.

En canto aos contidos propios, o #instaGal consistente en pequenas historias relacionadas coa lingua galega seguiu funcionando no 2019, creando os contidos a partir das respostas directas do seguidores.

Este tipo de “xogos”, que axudan a afianzar audiencias, continuaron facéndose con documentais, películas e series como método de promoción. Tamén nace neste ano o #Xabafio: recuperación da historia dos videoclip e das cabeceiras do Xabarin Club que se contan en forma de historia a través do Twitter, despois dun proceso de produción de entrevistas e busca de material de arquivo. #BotandoManDoArquivo tamén nace coa premisa de amosarlle á audiencia imaxes de arquivo da CRTVG e que amosou unha forte acollida entre os seguidores. Seguiron tamén facéndose algunhas edicións máis de “O test máis persoal de...”, no que se facía unha entrevista pouco habitual a diferentes personaxes que pasan polos programas da TVG.

Ao igual que no ano anterior, tamén se produciron contidos propios desde Extensión Audiovisual en días sinalados: Día das Letras Galegas, Día da Muller, preestreas de contidos da televisión, Gala dos Mestre Mateo, Entroido, diferentes efemérides destacadas da cultura galega.

Tamén neste ano, comezaron a producirse gifs, memes e stickers como xeito de adaptación á nova linguaxe audiovisual.

A cooperación entre os departamentos de produción dixital e as produtoras audiovisuais, as caras recoñecidas da televisión e os redactores dos programas de produción propia interna axudan a que a difusión e a creación de contido a través das redes sociais sexa cada vez máis eficiente. Ademais, a adaptación dos formatos (cadrados, verticais para stories) está cada vez máis asumida por todas as partes.

Actualmente, a CRTVG ten presenza no Facebook, Twitter, Instagram e YouTube. Entre eles, cabe destacar o crecemento do Instagram e o incremento de seguidores na conta de YouTube, ambas as dúas redes cunha linguaxe moi concreta á que nos fomos adaptando para a captación de audiencia.

4.8 Dixitalización dos procesos na Área de Contidos

O ano 2019 foi o da consolidación da dixitalización dos procesos de produción e xestión dos materiais na Área de Contidos.

Programas de Producción Propia Interna. Os programas de produción propia interna utilizan a pleno rendemento a nova plataforma de produción dixital. Dende a súa concepción ata o remate do produto está completamente dixitalizado e os equipos traballaron durante 2019 con total normalidade utilizando as funcionalidades das novas ferramentas Inews, Tedral e UX. Un exemplo é o programa “Vivir Aquí” que foi pioneiro en utilizar a plataforma xa a finais de 2018 e en 2019 consolidou o seu uso.

Programas de Producción Propia Externa e Producción Allea (recepción). Os programas que se compran ás produtoras tamén adecuaron os seus parámetros as novas esixencias da plataforma dixital. Avanzouse durante 2019 un chanzo mais na dixitalización sobre todo á hora de entregar os contidos. Fomentouse o uso de protocolos de transferencia de arquivos (FTP) para optimizar en tempo e traballo a chegada dos programas encargados ao centro emisor. Ademais de facilitar o traballo dentro da Corporación, supón un avance que redundará tamén nos provedores.

Planificación da emisión. Á hora de facer a planificación da programación das catro canles de televisión (TVG, G2, Galicia TV Europa e Galicia TV América), a dixitalización supuxo a modernización do traballo no Servizo de Emisións mediante a ferramenta Tedral. Desapareceron por completo as cintas e a programación faise, agás programas de última hora, en coordinación co Servizo de Documentación e Arquivo.

Continuidade. A derradeira parte do proceso de traballo, a emisión dos contidos nas catro canles televisivas, supuxo igualmente cambios no departamento de Continuidade. Aquí



tamén medrou a eficiencia pola desaparición das cintas e o traballo faise case exclusivamente con arquivos dixitais.

En definitiva, 2019 foi o ano do grande cambio no xeito de traballar na Área de Contidos coa adaptación dos procesos á nova plataforma dixital o que supuxo unha modernización de todo o sistema de produción e emisión.

5. RELACIÓN CO SECTOR AUDIOVISUAL

Un ano máis, Televisión de Galicia segue participando activamente na promoción do sector audiovisual, apoiando o talento con identidade propia, formando parte de proxectos que destaquen pola súa creatividade, calidade, viabilidade e con capacidade de repercusión tanto no ámbito rexional como no nacional ou internacional, tanto polos medios tradicionais como a través da súa presenza mediática nas redes sociais.

A CRTVG, sempre dentro dos límites que marcan os orzamentos dispoñibles, mantén a súa participación nos proxectos máis significativos do sector audiovisual galego. Un sector que conta con máis dun centenar de empresas coas que Televisión de Galicia ten relación permanente na busca de sinerxías e proxectos de interese común.

Ao longo do ano 2019, a Área de Contidos da CRTVG mantivo numerosas xuntanzas de traballo coas distintas produtoras galegas e participou en diversas iniciativas e foros do sector, entre elas:

- Pitchings do Clúster do Audiovisual Galego, da Facultade de Comunicación da USC, do Máster da Voz de Galicia, etc.
- Foros especializados e conferencias celebrados dentro e fóra de Galicia.
- Participación e asistencia en xornadas organizadas por entidades do sector como a Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi) ou a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), como por exemplo o “V Encontro de Coprodución Portugal-Galicia” en Arnoia ou Culturgal.
- Participación en festivais e certames como o OUFF de Ourense, Cineuropa de Santiago, Festival de Cannes (con participación nas premieres de “O que arde” e “Auga seca”), Festival de San Sebastián (premiere de “A galiña turuleca”), Premios Mestre Mateo, Celtic Media Festival en Aviemore (Escocia-Reino Unido) ou Prix CIRCOM en Novi Sad (Vojvodina-Serbia).
- Asistencia a rodaxes de películas.

5.1. Proxectos recibidos

No 2019 entraron en dereitos as seguintes longametraxes, TV movies e series, todas producións que contan coa participación de Televisión de Galicia.

Longametraxe	
A ESTACIÓN VIOLENTA	MATRIUSKA PRODUCCIONES, S.L.
DHOGS	ACANEA FILMS
Serie evento	
AUGA SECA	PORTOCABO TV, S.L.
Longametraxe documental	
GALLO	FRIDA FILMS, S.L.
IDÉNTICAS	AMANITA FILMS, S.C.
O FUTURO DA MENTE	AGALLAS FILMS, S.L.
TÓDALAS MULLERES QUE COÑEZO	XIANA GÓMEZ DÍAZ
TV movie	
HISTORIAS DE LENDA II (Pardo pola música, A traxedia de Biescas, As caras de Belmez e Eterno Quini)	MAGNÉTIKA PRODUCCIONES, SL
Serie de animación	
TUTU 3D II	FICCION PRODUCCIONES, S.L.

5.2. Proxectos aprobados no 2019

Durante o ano 2019 foron presentados no rexistro de proxectos un total de 154 obras (entre elas, 11 longametraxes, 5 longametraxes documentais, 10 documentais, 11 series, 3 *TV movies*, 1 miniserie, 3 series de animación, 3 series documentais, 2 series de animación, 2 series de ficción, 4 miniseries e 112 propostas de programas) e, ante as dispoñibilidades orzamentarias previstas para o cumprimento do 6%, e despois dun coidadoso e rigoroso exercicio de valoración e selección por parte da Comisión Directiva de Programación, propuxéronse os seguintes acordos de participación:

“Cuñados” é unha longametraxe proposta por Portocabo TV que conta cun equipo técnico e artístico de referencia en Galicia e que vertebra a historia coa implicación duns actores que gozan dunha extraordinaria popularidade entre o noso público.

“San Simón”. Esta longametraxe parte da experiencia vital do director manchego, socio do galego Nicolás Combarro na produtora Morelli, xunto con outra produtora galega, Miramemira.

Unha longametraxe de autor “Eles transportan a morte”, ambiciosa en termos de orzamento e plan financeiro e que vén avalada por dous directores con ampla traxectoria no percorrido por festivais internacionais de referencia.

Un proxecto de autor: “O Home e o can”, producida por Caladinho Filmes que será a primeira longametraxe do director novel Rafael de los Arcos, cun dilatado percorrido por festivais como curtametraxista.

“O Corpo Aberto”, presentada pola produtora Ollovivo. Trátase dunha película de xénero, unha longametraxe de terror gótico que aspira a chegar ós festivais de San Sebastián e Sitges.

“Debuxos animados” (Honeymoon), liderada por dúas produtoras galegas, Pulsa Control Z e Matriuska, en coprodución coa produtora portuguesa Planar, é un thriller con tintes de *road-movie* e vocación comercial.

“Tres” de Frida Nadir AIE: unha coprodución internacional con Francia, dirixida por Juanjo Giménez, gañador da Palma de Ouro en Cannes, que conta coa participación de Televisión de Cataluña, o apoio do ICAA e tamén das correspondentes institucións autonómicas ICEC e AGADIC.

Dous proxectos de animación en que tamén participa Televisión Española:

“Valentina” (70’), longametraxe de animación para os máis cativos; unha entrañable aventura musical que contará cos deseños do ilustrador gráfico David Pintor, producida por Abano Producións e Antaruxa.

“Tutú e os amigos do bosque” (52 x 7’’). Temporada nova da serie en 3D protagonizada por Tutú e a súa tropa nunha fermosa fraga.

Nove longametraxes documentais:

- “O método” (70’), achega documental de compromiso coa realidade social.
- “Welcome to ma maison” (90’), unha nova proposta do director e guionista de Dhogs, que será producida por GaitaFilmes.
- “Alén da terra” (70’), unha proposta documental de Somadrome Filmes de máximo interese divulgativo e científico.
- “María Casares, a muller que viviu mil vidas” (70’), unha proposta documental de Agallas Films que nace como homenaxe a unha das actrices europeas máis relevantes do século XX co gallo de conmemorar o centenario de seu nacemento.
- “O gran camiño” (70’), un documental de Meteórica Cine que pon o Camiño de Santiago no centro das grandes rutas do mundo e que indaga sobre os motivos da natureza camiñante do ser humano.
- “A virxe roxa” (90’), unha longametraxe documental producida por Recrea Films en colaboración con Mirabelle Comunicación audiovisual. O documental afonda no terrible caso de Hildegart Rodríguez, unha das intelectuais máis destacadas nos principios do feminismo durante a Segunda República.
- “A rapa” (74’) é unha proposta documental de Rapa AIE. Ofrece un punto de vista único desta festa, xa que se centra en contar a realidade da aldea de Sabucedo desde dentro da propia comunidade, e non só durante o espectáculo senón ó longo de todo o ano.
- “Spistbergen, o gardián do Ártico” (70’), unha longametraxe documental sobre o cambio climático. Encóntrase xa en fase de etalonaxe grazas ó investimento e patrocinio de IB Cinema, Kodak e Photoklassik.
- “A nosotros tu reino” (78’). Esta proposta documental conta a historia do vigués Simón González, trece veces consecutivas campión do mundo de full-contact.

5.3. Relación global co sector audiovisual

As relacións da Televisión de Galicia co sector audiovisual esténdense máis alá da promoción dos distintos contidos (cine, series de ficción, documentais, programas infantís e produtos de todo tipo) na pantalla convencional de TV, e asemade nos distintos soportes transmedia con presenza de todos os contidos antes referidos no mundo dixital e as súas redes. Destacan algúns contidos especialmente concibidos cunha visión 360º, como podería ser o caso do programa “Un país en 360º”, ou do programa “Segredos. Desmontando Galicia”, propostas innovadoras nas que se empregan as tecnoloxías visuais máis actuais para descubrir o patrimonio natural, urbanístico e cultural de Galicia.

Ademais, cómpre salientar as achegas realizadas, non só na adquisición de contidos, senón tamén o investimento en actividades como servizos de información, alugueiros de estudos, infografía, traballos exteriores de apoio á produción, colaboracións radiofónicas ou diversos contidos orientados fundamentalmente a unha circulación polas canles dixitais.

5.4 Promoción, presenza exterior e recoñecementos das producións galegas

TVG continúa desenvolvendo iniciativas de promoción encamiñadas a establecer un contacto máis directo co público, facendo presentacións dos produtos audiovisuais en primicia, levando a alfombra vermella á rúa para o lanzamento dalgúns destes produtos con repercusión nacional e internacional, como foron os casos do lanzamento das novas apostas de ficción da canle, “Lobos e Cordeiros” de Central de Telecontenidos, “A Estiba”, producida por A Voz Audiovisual ou “Do dereito e o revés”, da produtora Think First, ou o programa reality “Galicia bonita”, da produtora Lúa Ideas y estilo de vida.

Paralelamente os medios públicos galegos, en aplicación das súas liñas estratéxicas, buscan activamente potenciar e apoiar a distribución dos seus produtos audiovisuais. Nesta liña a televisión pública galega continúa esforzándose para que os produtos feitos en Galicia teñan visibilidade alén das nosas fronteiras e consigan pechar acordos de comercialización internacional.

Con este obxectivo TVG busca poñer en valor e propiciar o recoñecemento da calidade e da factura dos seus produtos, polo que anualmente selecciona unha serie de contidos que considera con alto potencial para concorrer ás convocatorias anuais dos premios internacionais Celtic Media e Prix CIRCOM. Consideramos que estes certames e festivais son un excelente escaparate para divulgar contidos altamente competitivos que promoven a nosa identidade cultural e a calidade do produto *made in Galicia*.

En 2019 tamén foi satisfactorio o éxito dalgunhas longametraxes galegas nas salas de cine. Especialmente “Quen a ferro mata” e “O que arde”, que se converteu na película en galego máis vista en salas en toda a historia do cine galego.

5.4.1 Percorrido exterior de producións galegas

Continúase a traballar na procura de proxectos que, sen perderen de vista a súa identidade co ámbito galego, teñan potencial para atraer de igual xeito a atención doutros circuítos no mercado nacional e internacional para posicionar os produtos e a marca de TVG. De feito, as diversas ficcións de éxito promovidas pola Televisión de Galicia continúan despertando interese nos circuítos nacionais e internacionais; a título de exemplo: “O sabor das Margaridas”. Estreada no ano 2019 en TVG, converteuse na primeira serie na nosa lingua en chegar ao catálogo da plataforma Netflix, onde xa se confirmou o interese nunha segunda temporada. Foi vista en máis de 180 países e está subtitulada en 30 idiomas, incluídos o chinés e o suahili. Ademais, encóntrase entre as dez ficcións de fala non inglesa máis vistas no Reino Unido e Irlanda en 2019.

Nesta liña, outras producións de Televisión de Galicia seguen o seu percorrido internacional. Entre elas a serie “Urxencia Cero” que chegou a unha plataforma de pago en Brasil a través da distribuidora Imagina Sales, ou “Matalobos”, a primeira serie sobre o narcotráfico realizada en España, que despertou o interese da distribuidora internacional Videopluggger, coa que se iniciaron conversas para a venda da versión en castelán dos primeiros 22 episodios, que foran inicialmente vendidos a Aragón TV.

Esta distribuidora chegou así mesmo a un acordo de distribución con Formato Producciones para a venda internacional dunha miniserie galega en que somos coprodutores, “Hotel Almirante”, para unha plataforma SVOD de Estados Unidos. No ámbito do público infantil, a serie “As Aventuras de Minchi” foi vendida a unha plataforma OTT da China a finais do ano 2019. Por outro lado é salientable que unha serie con amplo potencial de percorrido internacional, “Auga seca”, coproducida por CRTVG e a RTP portuguesa, fixo a súa *premiere* mundial no prestixioso marco do mercado Mipcom de Cannes.

Unha novidade importante de 2019 é que tamén formatos de programas de televisión tiveron percorrido exterior. Pódense citar os casos de “Historias Mínimas”, espazo de entrevistas anónimas da produtora Tamboura, da que os dereitos foron adquiridos pola RAI e o programa en versión italiana idéntica ao galego mesmo foi emitido na canle RAI-3; o formato “Escápárate”, da mesma produtora, que foi mercado polo grupo Endemol para a súa venda en Francia, e “Cos pés na terra”, da produtora Fonsagrada, que foi incorporado pola televisión vasca EITB.

5.4.2 Premios ao sector audiovisual apoiado pola CRTVG

O ano 2019 foi extraordinario en recoñecementos de alto nivel para producións apoiadas pola Corporación, empezando polo premio ao Mellor Talento Novo en Pantalla de Europa acadado nos Prix CIRCOM pola xornalista da CRTVG Alba Mancebo. O caso máis salientable na produción audiovisual foi o da longametraxe “O que arde”, dirixida por Oliver Laxe, que acadou o maior galardón internacional para un film galego ao gañar a sección de autor “Unha certa mirada” do Festival de Cine de Cannes, onde recibiu tamén o galardón á mellor creación sonora. Este éxito tivo reflexo noutros eventos ao longo do ano.

Así por primeira vez unha película galega foi candidata á mellor película nos Premios Goya, co valor engadido de estar rodada en galego. “O que arde” tamén contou con Oliver Laxe como candidato ao mellor director. E a película da produtora Miramemira finalmente conseguiu o Goya á mellor actriz revelación, Benedicta Sánchez. Tamén por primeira vez o cine galego levouse os Goya tanto á actriz revelación como ao actor revelación, este último Enric Auquer polo filme “Quen a ferro mata” de Vaca Films. Nun certame onde Galicia estaba altamente representada pola súa presenza en sete categorías.

E na edición Celtic Media 2019 en Aviemore, a longametraxe dirixida por Dani de la Torre “A sombra da lei” alzouse co premio Torc á mellor película. Este thriller producido por Vaca Films enfrontouse coa produción galesa ‘The NHS: To Provide All People’ e coa escocesa ‘The Party’s Just Beginning’.

Ademais dos seus éxito internacional, a serie “O sabor das margaridas” acadou o Premio da Cultura Galega, concedido pola Xunta de Galicia, na categoría audiovisual.

“O que arde” pola súa banda seguiu recollendo premios, entre eles catro galardóns no Festival Internacional de Cine de Mar de Plata.

Por outro lado a película “Arima”, financiada pola CRTVG, recibiu o premio á mellor dirección na sección “Las nuevas olas” do Festival de Cine Europeo de Sevilla.

“The camino voyage”, longametraxe documental que conta unha peregrinaxe a remo desde Irlanda ata Compostela e apoiada por CRTVG, foi considerada “Película do Ano” nos Oireachtas Media Awards, concedidos pola Autoridade Audiovisual de Irlanda.

O filme “Longa noite” do galego Eloy Enciso acadou o premio ao Mellor Director no Festival de Locarno.



Un total de 75 candidaturas dos Premios Mestre Mateo 2019 tiveron participación da CRTVG. Cómpre salientar a película “A sombra da lei”, que acadou catro premios (mellor longametraxe, mellor director, mellor actor principal e mellor música orixinal), e “O sabor das margaridas”, que foi galardoada como mellor serie. O mellor programa de televisión foi “Buscadores de naufraxios”, feito por Voz Audiovisual para TVG.

Finalmente pódese salientar o premio Alvaro Cunqueiro de Xornalismo Gastronómico concedido ao programa “O mellor cocido do mundo” da Televisión de Galicia.

6. O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO

6.1. Renovación da Delegación de Madrid

A posta en marcha da plataforma dixital de produción, emisión e arquivo da CRTVG implicou unha renovación do equipamento en uso na Delegación da CRTVG en Madrid xunto co cambio dos procedementos operativos. Nesta delegación, situada no edificio da Federación de Organismos de Radio e Televisión Autonómicas, FORTA, levouse a cabo unha profunda reforma que afectou tanto á distribución dos espazos como á dotación de equipamento, que foi potenciado cara a unha maior participación como produtor de contidos e realización de directos dende a mesma. Entre as accións acometidas cabe destacar:

- Renovación do mobiliario.
- Instalación dun novo sistema de control de acceso e de presenza.
- Creación dun plató para a realización de directos, e dotación de todo o equipamento técnico necesario, habilitando o control remoto dende San Marcos.
- Renovación completa da instalación e do equipamento da Radio Galega na delegación.

6.2. Instalación dun sistema de xestión multi-conferencia IP.

O aumento de conexións en directo na grella de emisión da TVG implica un incremento nas necesidades de comunicación a efectos de coordinación. Tradicionalmente empréganse uns equipos denominados híbridos telefónicos, que integran este tipo de comunicación nos estudos. A súa dotación total alcanzaba un número de 10 unidades entre todos os estudos, con asignacións fixas determinadas pola instalación física dos mesmos. Coa finalidade de incrementar o número de conexións permitidas e a mellorar a flexibilidade, adquiriuse un sistema multi-conferencia de 16 canles baseado en tecnoloxía IP. Como vantaxes importantes deste sistema, pódese citar a utilización de terminais telefónicos con pantalla táctil que permiten xestionar múltiples chamadas cun único terminal, a integración co sistema de mesturas dos estudos mediante protocolo Dante e a posibilidade de asignación dinámica das liñas aos distintos estudos mediante cambios de configuración.

É un sistema que aporta, ademais da mellora na operatividade, unha gran flexibilidade na asignación de recursos. No ano 2019 instálase este equipamento facendo uso das liñas telefónicas analóxicas existentes, estando prevista para o ano 2020 a utilización de liñas IP en substitución das analóxicas.

6.3. Migración do estudio de Continuidade para Emisións en HD

A posta en marcha da plataforma dixital, conxuntamente con accións desenvolvidas en anos previos, permitiu comezar as emisións en alta definición (HD) e, o que é moi importante, con toda a nova produción realizada nativamente nese formato.

Esta transición das emisións implica unha nova operativa no estudio de Continuidade, coa desaparición das cintas de vídeo. A tal efecto desmontáronse as robóticas cos magnetoscopios, que foron reutilizadas na área de inxesta de arquivo, e retiráronse os magnetoscopios externos que se utilizaban para situacións de continxencia ante fallos do sistema de automatización ou das robóticas.

Na nova situación, o sistema de automatización xestiona as distintas canles de servidor de vídeo, que é o equipamento de reprodución de contidos. Para proporcionar un sistema alternativo que permita o mantemento das emisións en situacións nas que non funcione o sistema de automatización ou os servidores, adquiriuse e púxose en marcha un servidor de catro canles con control independente dos sistemas citados.

6.4. Actualización dos pasarótulos dos estudos

Nos estudos da Televisión de Galicia hai instalados sistemas pasa rótulos que, en conexión co sistema de xestión da escaleta, permiten a presentación dos textos que os locutores leen nos directos. Estes sistemas foron actualizados no ano 2019, utilizando tecnoloxía de interconexión IP e Bluetooth para os mandos de control remoto.

6.5. Renovación de cinco cámaras web

Un dos servizos que acada máis visitas no portal web da CRTVG é o das cámaras que proporcionan imaxes en directo de distintos puntos de interese de toda a xeografía

galega. No ano 2019 iníciase unha renovación do parque de cámaras para resolver por unha banda os problemas derivados da súa obsolescencia tecnolóxica, e pola outra acadar unha mellor calidade das imaxes, pois as novas cámaras son de alta definición. Esta acción foi complementada con outras accións cos provedores das liñas de comunicación cara a súa mellora.

6.6. Renovación do equipamento da sala de grafismo

Hai xa anos que o equipamento dedicado á elaboración de contidos gráficos pasou de utilizar plataformas especificamente desenvolvidas a empregar plataformas estándar do mundo informático. Esta estandarización tamén aconteceu coas aplicacións que se empregaban, sendo as de Adobe unhas das máis populares.

Os sistemas en uso na sala de grafismo electrónico renovaron as súas estacións de traballo con modelos de última xeración, HP Z8 G4, o que permitiu á vez a actualización das versións dos distintos aplicativos que empregan.

Tamén formaron parte desta renovación os equipos dedicados á creación de titulación *offline* e os equipos instalados nos estudos 1, 2 e 5 de San Marcos que permiten a conversión dos sinais dun escritorio de ordenador en sinais de vídeo que se poden mesturar e empregar con normalidade nos devanditos estudos.

6.7. Mesturadores de vídeo dos estudos 1, 2 e 5

A necesidade de acadar a capacidade de traballar con sinais de vídeo con interfaces 3G-SDI, é dicir sinais a 1080 liñas con varrido progresivo a 50 cadros por segundo, xunto co feito de que os mesturadores en uso nos estudos 1, 2 e 5 de San Marcos chegaron á situación de fin de servizo por parte do seu fabricante, propiciou que se iniciara o procedemento administrativo para proceder a súa renovación. No ano 2019 elaboráronse os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas, publicando na plataforma de contratación da Xunta de Galicia a licitación correspondente. Está prevista a finalización da tramitación e implantación do novo equipamento no ano 2020.

6.8. Renovación do codificador da unidade DSNG

A unidade transportable para retransmisións vía satélite, DSNG, é un dos elementos importantes nas producións e directos realizados en exteriores, fóra do centro de produción de San Marcos. A posta en marcha da plataforma dixital de produción, emisión e arquivo permitiu á CRTVG o inicio das súas emisións en alta definición (HD) e, o que é máis importante, realizar todas as súas producións nese formato. En moitas circunstancias realízanse conexións en directo que empregan as novas cámaras.

A tal efecto procedeuse á renovación do equipo que permite a codificación dos sinais de vídeo e de son, previamente á súa subida ao satélite, por un novo equipo que permite traballar con sinais Full HD, empregando as tecnoloxías de codificación máis modernas, como é HEVC.

6.9. Novas mochilas para a realización de directos e renovación das existentes

Na súa aposta polas novas tecnoloxías, a Televisión de Galicia **implantou en 2013** a utilización, para a realización de transmisións en directo, de mochilas con conectividade 3G / 4G.

Estes equipos permiten a transmisión de vídeo por redes de telefonía móbil, para o que realizan a codificación e compresión de vídeo en alta definición empregando codificadores de última xeración, e reparten o conxunto de datos xerados entre 8 módems telefónicos, que combinan nunha antena. É un equipo compacto aloxado nunha mochila que, conectado á cámara, permite a retransmisión de imaxes en tempo real empregando un dispositivo operativo máis reducido que os necesarios cando se empregan unidades de transmisión vía satélite, DSNG.

A Televisión de Galicia foi unha das primeiras canles en España en utilizar este sistema. Unha das principais vantaxes da mochila, tamén provista dunha pantalla, ademais da súa lixeireza, é que só cun operador/a de cámara e cun redactor/a xa se pode realizar unha conexión en directo, sen necesidade de desprazar unha unidade móbil nin de estar pendente da dispoñibilidade do satélite para o envío das imaxes.

Vistos os bos resultados desta aposta polas mochilas, a Televisión de Galicia xeneralizou o seu uso na grella, adquirindo no ano 2018 un quinto equipo con 8 modems 4G, e cunha mellora con respecto aos anteriores, xa que permite facer o envío simultáneo de dous sinais de vídeo. Desta forma, pódense realizar directos con dúas cámaras e unha única mochila. No ano 2019 procedeu á adquisición de dúas mochilas adicionais, así como a actualización das catro mochilas iniciais, co resultado dunha dotación total de sete mochilas actualizadas á última especificación técnica.

6.10. Modernización do parque de receptores profesionais de satélite

Como parte da infraestrutura de circuitos de contribución de sinais de Televisión de Galicia hai un conxunto de sistemas de recepción vía satélite composto por antenas e receptores. As tecnoloxías empregadas van mudando co paso do tempo incorporando novos sistemas de codificación de vídeo, (MPEG2, MPEG4, H265, etc.), e novas normas de modulación (DVB-S2).

Ao mesmo tempo, a incorporación destas tecnoloxías permite facer as transmisións con largos de banda reducidos.

De aí que sexa necesaria a incorporación aos receptores das opcións denominadas *low symbol rate* ou taxa binaria reducida. Se ben en anos anteriores foron substituídos receptores de sinais en definición estándar por receptores en alta definición (1080 liñas, formato entrelazado), a renovación debe continuar para soportar os novos formatos de vídeo e modulacións empregadas na transmisión, para o que se adquiriron no 2019 dous receptores Ericsson RX 8200, como continuación aos adquiridos nos exercicios anteriores.

6.11. Subministración de mesas de mestura de son para a Radio Galega nas delegacións de Vigo, Lugo e Madrid

Nas delegacións da Radio Galega existen unhas cabinas que se empregan para a gravación de cortes. No ano 2019 procedeuse á substitución da mesa de mesturas da delegación de Vigo por unha nova, de tecnoloxía dixital, cos recursos necesarios e unha

interface de usuario sinxela. Nas delegacións de Lugo e de Madrid instaláronse outras mesas de mesturas iguais, completando deste xeito a súa dotación.

6.12. Equipamento para retransmisión e directos na Radio Galega

Adquiríronse dúas novas unidades de equipos portátiles para retransmisións con codificadores que xeran sinais IP, xunto cos correspondentes receptores estacionarios.

6.13. Cabina de almacenamento

As capacidades das cabinas de almacenamento existentes fixéronse insuficientes para almacenar tanto os ficheiros corporativos coma o soporte para determinadas plataformas (coma a de virtualización), así coma os dos servizos propios de Internet. Nun proxecto de remodelación de toda a infraestrutura SAN/NAS do almacenamento corporativo, implantáronse dúas cabinas EMC2 Unity 400, que permitiron destinar a cabina existente (VNX5300) aos servizos de Internet e as distintas cabinas iSCSI anteriores, a servizos de *backup* e desenvolvemento. Deste xeito, servizos coma o FTP, que utilizan maioritariamente as empresas do audiovisual galego, viron como o rendemento melloraba nun 6 a 1. Outros elementos, coma a publicación en Internet da media xerada pola nova plataforma de dixitalización, evitaron o colapso gracias a este novo almacenamento, xa que agora a *media* que se publica en Internet é de moita mais calidade, pero, a súa vez, de moita mais ocupación.

6.14. Servidores de virtualización

Ligado ao punto anterior, tamén se atopa o crecemento da plataforma de virtualización. Ao dispoñer de máis almacenamento, grazas á nova cabina Unity 400, púidose empezar a despregar mais máquinas virtuais, necesarias para proxectos vitais coma o Portal do Empregado da Corporación. O despregue destas novas máquinas virtuais incidíu no rendemento dos servidores que daban soporte a este sistema, polo que houbo que actualizar os servidores e toda a plataforma de virtualización antes de que repercutise nos usuarios, tanto internos coma externos. Deste xeito, tamén se conseguiu unha plataforma de virtualización de desenvolvemento.

6.15. Servidores de dominio

A raíz dos requerimentos que empezaban a ser necesarios cos novos despregues, tamén foi precisa a actualización dos controladores de dominio de Windows, tanto na versión de sistema operativo coma no propio *hardware* do equipo. Para plataformas coma a da VPN, totalmente integrada co directorio activo, resultou esencial que estes sistemas estivesen actualizados, como por exemplo para permitir o despregue e consolidación do portal do empregado durante o 2019.

6.16. Portal do Empregado

Unha das aplicacións de máis relevancia que se despregou no 2019 foi o Portal do Empregado da Corporación. A través deste portal, todos os empregados/as da CRTVG teñen acceso aos trámites de xestión co departamento de Recursos Humanos, tanto dende os equipos internos da CRTVG, coma dende o exterior a través das plataformas de VPN.

6.17. Dixitalización de expedientes

Antes do 2019, a maior parte da documentación existente dos expedientes administrativos estaba almacenada en papel. Grazas a un servizo de dixitalización de expedientes, a información vixente desta documentación xa está dispoñible tanto para o departamento de RRHH, dun xeito protexido, coma para os propios usuarios/as.

Así mesmo, tamén quedou definida no 2019 a estrutura que permite a dixitalización dos expedientes históricos a curto prazo.

6.18. Servizos de Internet (FTP, Streaming,...)

A mellora producida co cambio das cabinas de almacenamento resultou evidente para determinados procesos que se levan a cabo sobre os servizos públicos en Internet. Tivo lugar unha mellora nos tempos de sincronización do provedor CDN para os servizos de *streaming*, así coma unha redución de tempos nas transferencias dos arquivos enviados polas empresas externas e particulares á CRTVG a través de FTP.



7. CANLES DIXITAIS

O ano 2019 consolidou o crecemento constante das canles dixitais da CRTVG e a continua adaptación aos novos xeitos de consumo dos usuarios/as galegos.

No ano de referencia, aumentaron as visitas ao sitio web crtvg.gal nun 6%, así coma o número de usuarios, que medrou nun 9%. Ben é certo que se produciu unha redución no número de páxinas vistas (un 4%) debido á nova operativa dixital, como xa foi adiantado no capítulo 2 deste informe. A mellora da usabilidade, que permite acceder a todo o listado de noticias emitidas nos espazos informativos da TVG tivo como consecuencia a redución na produción de páxinas, xa que na mesma URL pódese acceder a todas as informacións emitidas nun determinado espazo informativo fronte ao modelo anterior, en que cada noticia xeraba unha páxina propia.

No ano 2019 tamén se produciu un importante aumento, dun 24%, das visitas a crtvg.gal a través das redes sociais, un feito que xa é común internacionalmente, e un dato que demostra que a CRTVG segue as mesmas pautas que os medios de referencia mundiais.

Por outra parte, no mes de maio de 2019 creouse o proxecto G24, que permite aumentar a calidade informativa nas canles dixitais, establecendo unha estratexia conxunta de difusión de informacións de alcance. Coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas, a CRTVG comezou a unificación de todo o seu contido informativo dixital baixo esta marca, as 24 horas do día e os 365 días do ano, nunha nova aposta pola inmediatez e a proximidade.

Xunto a G24, tamén se reforzou a actividade no resto das contas dixitais, o que permitiu un aumento xeralizado dos usuarios que se informan e se entretéñen a través dos perfís de Facebook, de Twitter ou de Instagram da CRTVG. Máis dun millón de persoas xa se conectan de cote a calquera destas canles, o que permite falar dunha cobertura moi importante da poboación galega a través de dez canles dixitais distintas que combinan a información e o entretemento xeralista coa información especializada.


A este dato, débese engadir o perfil de idade que accede a estes servizos, xa que máis do 51% dos usuarios teñen entre 35 e 54 anos. Sen dúbida este perfil é o mellor complemento para o público en televisión e da radio. Este perfil de usuarios tamén se ve reflectido nas ferramentas que escollen para seguir a información e o entretemento da CRTVG. Por iso, Facebook é a aplicación cun maior alcance de usuarios chegando á cota do 75%, seguido do Twitter cun 20% e do Instagram cun 5%. Hai que ter en conta que Instagram é a rede máis nova da CRTVG, con pouco menos dun ano de vida, no que logrou superar a barreira dos 30.000 seguidores, todo un fito para esta rede cun perfil marcadamente xuvenil e de mocidade.

7.1. Datos estadísticos

O portal web da Corporación, www.crtvg.gal, rematou 2019 con 11.925.241 visitas, 4.219.832 usuarios e 30.952.595 páxinas vistas. Isto implica un incremento do 6% das visitas, do 9% dos usuarios e unha diminución do 4% nas páxinas vistas.

O acceso ao portal é maioritariamente a través de redes sociais, cun incremento do 24% respecto a 2018, seguido do acceso a través de buscas directas, que incrementa nun 6% con respecto a 2018, e o acceso directo que diminúe nun 3%.

Gráfico 1. Evolución dos usuarios no sitio web crtvg.gal. Fonte: Google Analytics




7.2. Datos demográficos e xeográficos

A idade dos usuarios da web crtvg.gal está repartida como sigue: o 3% no tramo xuvenil, 18-24 anos; un 22% entre os 25 e 34 anos; o 30% no tramo entre os 35 e os 44 anos; un 21% entre as persoas entre 45-54 anos; un 16% de 55 a 64 anos; e un 9% son usuarios maiores de 65 anos. Respecto ao ano anterior, diminúen nun 43% o tramo de 18-24, nun 7% o tramo de 35-44 e nun 11% o tramo de 45-54; incrementando os tramos de 45-54, 55-64 e máis de 65, nun 2%, 5% e 25%, respectivamente. O 53% das visitas son de mulleres e o 47% son visitas de homes.

7.3. Provedores de servizo e dispositivos

O operador principal polo que os usuarios se conectan a crtvg.gal é Telefónica, seguido de R Cable, Vodafone, Orange e Yoigo. O móbil segue a ser o dispositivo preferido para acceder aos contidos web, cun 71% dos usuarios, incrementando nun 19% con respecto a 2018.

Gráfico 2. Operadores máis usados polos usuarios para acceder a crtvg.gal, en número de usuarios e porcentaxes. Fonte: Google Analytics



7.4. Canles principais de conversión

O acceso máis habitual a crtvg.gal faise a través de chamadas en redes sociais, seguido de accesos directos (a través de teclear directamente no navegador www.crtvg.gal) e por último, a través de buscas nos principais buscadores.

Das 11.925.241 visitas que se realizaron en 2019 á web corporativa, 3.894.818 realizáronse a través de referencias sociais (un 32%), principalmente de Facebook, cun 91% das mesmas e seguida de Twitter, só cun 7% das mesmas. O resto de redes (Youtube e Instagram) non xeran tráfico relevante á web. Como dato a destacar, dende Facebook conséguense 1,9M de sesións a Informativos, é dicir, Facebook xera máis tráfico a Informativos que ao servizo de `Á carta` (con 924.000 sesións). Ademais hai que ter en

conta que se perde un 16% desas sesións a Informativos dende Facebook se o comparamos co ano anterior.

Gráfico 3. Principais xeitos de acceso a crtvg.gal e incrementos/diminución respecto ao ano anterior. Fonte: Google Analytics





Gráfico 4. Xeitos de acceso a CRTVG, en porcentaxes, con orixe en redes sociais. Fonte: Google Analytics



En canto aos hábitos de consumo dixitais, o máis destacado é a confirmación do aumento progresivo do consumo a través de dispositivos móbiles que xa é do 71% dos usuarios.



8. DOCUMENTACIÓN E ARQUIVO DA CRTVG

O ano 2019 foi o ano da posta en funcionamento efectiva do novo Arquivo dixital da CRTVG unha vez rematado o proxecto de dixitalización da Corporación, que implicou un novo modelo produtivo e de organización a todos os niveis e que supuxo a posta en marcha dun novo sistema de clasificación dos fondos audiovisuais, cunha mellor xestión dos contidos, e novas vías de acceso e uso dese material. Neste sentido, o Arquivo da CRTVG xogou e segue a xogar un papel fundamental no proceso de dixitalización.

Dende o punto de vista operativo, o Servizo de Documentación e Arquivo modificou a súa forma de traballar, cunha maior integración operativa e organizativa coa redacción de Informativos. A rendibilidade do seu fondo histórico é un punto de máximo interés, polo seu valor histórico e social, incalculable para Galicia, e pola demanda existente entre cidadáns, institucións e organismos no acceso a un repositorio único e cun interese patrimonial de crecemento exponencial. O Arquivo de CRTVG acometeu a dixitalización do Arquivo establecendo dúas vías de traballo internas:

- Dixitalización baixo demanda: envorcando a ficheiro segundo as necesidades das distintas redaccións.
- Dixitalización planificada: un proxecto que acometeu a dixitalización dos formatos DVCPRO, os empregados nos últimos anos.

Despois do último trimestre de 2018 en que o persoal deste servizo, e en especial os/as documentalistas, traballaron tuteladamente na adaptación á operativa e integración do novo sistema de produción, chegou o momento de afinar os fluxos de traballo de cara a 2019. Nunha primeira fase abordouse a optimización de procesos de cara a conquistar unha maior axilidade e estandarización da inxesta, envío e arquivado de imaxes procedentes dos Servizos Informativos. Esta profundización no coñecemento do sistema fixo posible abordar a definición do arquivado que precisaba unha revisión máis fonda.

8.1. Obxectivos prioritarios do Arquivo no 2019

A Dixitalización dos sistemas de produción da CRTVG supuxo un cambio radical nos procedementos de recepción e arquivado do material producido. Foi un proceso complexo que segue en curso con traballos “de fondo” plantexados a longo prazo xunto con outros que tiveron que abordarse con axilidade ao pouco tempo da entrada en funcionamento do sistema. Destacan os seguintes:

8.1.1. Proceso de dixitalización do Arquivo Histórico

A salvagarda do Arquivo histórico é e será un obxectivo prioritario ata que se acade a dixitalización total deste fondo con 35 anos de historia e soportado en cintas de formatos diversos como produto da historia tecnolóxica do sector audiovisual.

A primeira gran tarefa a abordar desde o Arquivo para a consecución deste obxectivo foi o inicio da realización dun gran inventario que identifica os materiais por bases de datos, formatos, contidos orixinais, entre outros criterios. Non se trataba só do recuento de máis de medio millón de cintas con arredor de millón e medio de rexistros e contidos diferenciados. Máis alo diso, tratábase de aillar os contidos redundantes e decidir os formatos máis adecuados para a súa dixitalización, identificando aqueles en mellor estado e que proporcionaban máis información de audio e vídeo ao sistema. Este inventario, sempre postergado polas dificultades que plantexaba traballar cun fondo de “Arquivo vivo” suxeito a préstamos e cambios, foi unha tarefa complexa que se atopa xa practicamente rematada a día de hoxe.

A dixitalización do Arquivo histórico esixiu tamén a dotación e implementación de novos recursos técnicos. Así, no 2019, desde o departamento de Enxeñería puxéronse en marcha dúas Robóticas procedentes da área de Continuidade de TVG destinadas á dixitalización masiva do formato DVCpro. Na actualidade, esta equipación permite a dixitalización en paralelo de dez cintas deste formato.

No que atinxe á dixitalización de formatos antigos, anteriores ao formato DVCpro, durante o 2019 mellorouse a capacidade de dixitalización coa conexión de dous magnetoscopios Betacam máis e o remoteado do único magnetoscopio de polgada operativo en CRTVG.

Con todo o sistema técnico xa implementado, traballouse na activación dunha ferramenta de control de datos consistente, que permitira a sistematización do traballo tanto para os técnicos documentalistas como para os operadores de Inxesta e auxiliares de Informativos encargados da dixitalización de fondo histórico. Así, o Servizo de Informática deseñou unha aplicación de Inxesta con dúas presentacións:

- “*Inxesta MAM*”, que xestiona a dixitalización de materiais para as grellas de emisión: comezou o seu funcionamento en xaneiro de 2019. Esta aplicación inclúe tanto contidos novos como programas de Histórico para reemisión.
- “*Aplicación de Inxesta de Histórico*”, na que se consignan as ordes de dixitalización programada desde os “plannings” elaborados polo Arquivo como polas necesidades plantexadas polo Departamento de Contidos para a

reedición de programas. Esta aplicación foi implementada no último trimestre de 2019.

Xa nos últimos meses do 2019, comezaron os traballos de dixitalización programada desde o Arquivo, nos que se da prioridade á produción propia no que atinxe a programas, e máis no caso de materiais en perigo; aos programas informativos; e ao material bruto de produción procedente tanto dos Servizos Informativos como da área de Programas. Con respecto á dixitalización baixo demanda, está marcada polas necesidades de dixitalización de programas históricos para a súa reemisión. Todos os medios técnicos do Arquivo da CRTVG están definidos tanto para atender o fondo histórico como os novos materiais que entran xa en formato dixital.

Traballos de dixitalización do Arquivo histórico no ano 2019:

**Unha táboa (assets) fai referencia a ficheiros/rexistros de contidos fronte á táboa que reflicte as horas dixitalizadas*

	ASSETS / DEPARTAMENTOS 2019												
	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuño	Xullo	Agos.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	Tot.2019
BRUTOS (BRUT)	44	83	47	44	2611	47	9	8	25	37	29	36	3048
COMPACTADOS (CINT)	52	1317	274	50	535	213	76	6	86	307	128	147	3197
DEPORTES (DEXE)	725	98	77	77	939	573	28	8	38	366	19	14	2992
INTERNACIONAL (INTE)	1036				7	13	182		6	1		1	1247
PEZAS DELEGACIÓNS (TEBAS)						594							594
PRODUCCIÓN ALLEA (PAXE)	677	510	886	790	792	364	173	168	103	147	164	73	4955
PRODUCCIÓN PROPIA (DOPO)	57	317	121	169	189	568	1574	1872	1626	1933	2475	1504	12865
PROGRAMAS INFORMATIVOS (completos)	1	185	78	30	220	37	7	1	16	15	13	294	902
Totais	2592	2510	1483	1167	5893	1984	1867	2069	1896	2805	2830	2068	29164
	HORAS / DEPARTAMENTOS 2019												
	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuño	Xullo	Agos.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	Tot.2019
BRUTOS (BRUT)	14	17	14	11	536	14	2	2	5	12	8	16	651
COMPACTADOS (CINT)	14	177	32	7	84	28	6	1	16	253	20	30	668
DEPORTES (DEXE)	24	28	19	42	188	43	1	7	12	39	8	11	422
INTERNACIONAL (INTE)	27				1	8		1	2		1		40
PEZAS DELEGACIÓNS (TEBAS)						13							13
PRODUCCIÓN ALLEA (PAXE)	276	258	517	406	381	297	167	153	96	130	106	66	2853
PRODUCCIÓN PROPIA (DOPO)	17	200	55	84	116	297	897	678	1056	1304	1137	784	6625
PROGRAMAS INFORMATIVOS (completos)	1	132	79	20	28	28	1	1	11	11	11	137	460
Totais	373	812	716	570	1347	715	1074	843	1198	1749	1291	1044	11732

8.1.2. Optimización da inxesta nos Servizos Informativos e de Programas

O proxecto de Dixitalización presentou fluxos definidos para todos os procesos necesarios tanto para a entrada como para o arquivado de materiais procedentes dos Servizos informativos. Mais era preciso definir a sistematización das operativas tanto nos departamentos alleos como a súa aprendizaxe e interiorización polo persoal do Servizo de Documentación. Co paso do tempo e a mellora na comprensión e coñecemento da operativa fóronse pulindo moitos aspectos. A colaboración dos documentalistas no control final da calidade dos procedementos foi e está a ser decisiva nesta mellora e sistematización de procesos.

A definición dos fluxos de inxesta de programas non informativos foi a última parte abordada no proxecto global de reorganización do Arquivo. Todos estes fluxos tiveron que se coordinar coas áreas de Emisión e de Contidos e integralas coa Aplicación de Tráfico e Emisións. Aínda que durante o último trimestre do 2018 comezou a fase de definición, foi 2019 o ano da estandarización e da posta en funcionamento desas inxestas procedentes de contidos de produción propia, coproducións ou producións alleas.

Os tipos de fluxos probados e creados relacionados con programas foron, entre outros:

- Fluxos ficheiros de produción allea e externa
- Fluxos DMZ
- Fluxos Avid
- Fluxos Edius
- Fluxos Masiva

8.2. Utilización interna do Arquivo físico

A partir de outubro de 2019, o préstamo interno de cintas para a produción foi perdendo importancia en favor das descargas de imaxes existentes no novo Arquivo dixital.

A dixitalización programada ou baixo demanda foi guiando a dixitalización dos materiais necesarios para a produción de informativos así como a previsión de horas dixitalizadas para arrancar coa produción dixital. Ademáis e conforme aumentan as horas de contidos do Arquivo dixital en alta definición (HD), menguan notablemente as peticións de imaxes procedentes do “Histórico”, a maioría en Definición Estandar, agás as procedentes das delegacións da Televisión de Galicia, que xa nos últimos anos tiñan formato HD.

Por outra parte, a maioría das cintas prestadas teñen un único prestatario que é a Sala de Inxesta MAM, contigua ao Servizo de Documentación, e punto no que se dixitalizan os materiais novos e vellos para poñelos a disposición dos usuarios para a produción de informativos e de programas. O préstamo físico experimentou un descenso dun 24,36% se comparamos os datos de 2019 fronte ao ano anterior:

Ano	Número de préstamos
2018	42.385
2019	32.061


8.3. Relación coa sociedade galega

8.3.1. O Arquivo en liña

Na actualidade, os contidos que conforman o arquivo histórico en liña “Pasouoquepasou” (<https://pasouoquepasou.crtvg.gal>) estanse a publicar no portal corporativo, crtvg.gal. A proactividade do Servizo é cada vez maior grazas a documentalistas “todoterreo” que van máis alá das súas tarefas habituais e xeneran e distribúen contidos propios do Servizo na Rede.

No 2019, á espera de novos fluxos de publicación no Arquivo histórico “Pasouoquepasou”, o Servizo de Documentación segue a traballar na selección de materiais para a edición de novos vídeos, aproveitando as oportunidades de difusión que supoñen as novas seccións da páxina web, a edición de monográficos no portal, e das canles de Youtube. No futuro, o servizo incorporará un novo xestor documental, imprescindible na nova contorna de produción dixital da CRTVG, que facilitará a difusión, desde as plataformas dixitais, dos contidos do Arquivo da Corporación.

A maior parte dos vídeos realizados no 2019 enmarcáranse na colaboración solicitada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) ao abeiro das primeiras axudas á Dixitalización de fondos de Arquivos en Galicia. Son en total 52 vídeos que serán compartidos a través de “Galiciana” e que igualmente veranse no Arquivo en liña de CRTVG “pasouoquepasou.gal” e que pretenden amosar unha parte da riqueza patrimonial e cultura do Xacobeo en Galicia:



8.3.2. Préstamos externos a empresas e particulares

O Arquivo de CRTVG atendeu no 2019 un total de 721 peticións externas chegadas desde institucións públicas e privadas, distintos organismos, particulares, investigadores/as, e empresas do sector audiovisual (productoras, televisións, etc.).

Destacamos aquí algunhas das peticións atendidos no curso do 2019 e que se encadran no servizo público que presta a Corporación:

- Facultade de Belas Artes de Pontevedra
- Museo de Arte Contemporánea de vigo
- Asociación Down Vigo
- Cidade da Cultura de Galicia
- Academia Galega do Audiovisual
- Secretaría Xeral de Política Lingüística
- Museo do Mar de Bueu
- Unicef Comité Galicia
- Asociación Española contra o Cancro
- Ecomuseo de Buño
- Arsenal Militar de Ferrol

- Fundación Xosé Neira Vilas
- Secretaría Xeral de Emigración
- Asociación Galega de Lingua (AGAL)
- Museo de Belas Artes da Coruña
- Museo Catedralicio de Santiago de Compostela

8.4. Arquivo Sonoro da Radio Galega

O Servizo de Arquivo Sonoro da Radio Galega trata de realizar un auténtico labor de servizo público no eido musical, atendendo as súas manifestacións en distintos ámbitos e axudando ás novas iniciativas e ás escolas e conservatorios galegos.

Nesta liñas, préstase especial atención ás agrupacións sinfónicas dos dous Conservatorios Superiores, nas súas versións de orquestra e banda, coa gravación dos diversos programas que elaboran como remate de cada unha das tempadas.

Tamén se atenden os concursos e certames que se organizan desde estas e outras instancias musicais, prestando todo o apoio posible para facer máis atractivas estas manifestacións musicais que dan lugar, en moitas ocasións, ao nacemento e desenvolvemento de novas figuras. Cómpre subliñar a presenza da Radio Galega nos certames internacionais de piano de Ferrol e do Real Club Náutico de Vigo. A promoción e apoio á música clásica amósase tamén no seguimento exhaustivo das tempadas regulares das dúas grandes orquestras, a Orquestra Sinfónica de Galicia e a Real Filharmonía de Galicia, coa gravación íntegra dos seus programas de abono e concertos extraordinarios.

Tamén merecen interese outras iniciativas orquestrais, en ocasións menos coñecidas pero non menos meritorias, como a Orquestra de Cámara de Galicia, a Orquestra Vigo-430, a Orquestra de Cámara de Xove ou a Orquestra de Cámara de Pontevedra, a Orquestra Gaos e a Orquestra Clásica de Vigo.

Outro campo de traballo son os diversos ciclos estables e festivais de música que se desenvolven en Galicia como o Clas-Clas de Vilagarcía, os ciclos da Asociación Galega de Compositores, o Festival Hércules Brass de Celanova, o ciclo de concertos da Academia Galega de Belas Artes, o Festival Groba de Ponteareas ou a Semana do Corpus de Lugo. Todo o material que se grava neles nutre de contido o programa semanal da RG "Allegro Moderato", de 90 minutos de duración, nos que se amosa o desenvolvemento diario do mundo musical de Galicia emitindo exclusivamente material de gravacións de produción propia.

As bandas de música, as súas actuacións e os diversos certames e concursos que se realizan en toda Galicia conforman tamén este arquivo, xa que asisten regularmente aos certames da Deputación de Pontevedra e da Asociación Galega de Bandas de Música Populares, á tempada regular das Bandas de Música Municipais da Coruña, de Santiago e de Pontevedra, e a outros certames de banda populares, que tamén se gravan, como é o caso dos de Castrelo de Cambados, Caldas de Reis, Oleiros, Meaño, etc.

Estas gravacións reflíctense igualmente na programación da Radio Galega, neste caso a través do programa “Concerto Popular”, que, como no caso anterior, nútrese exclusivamente das gravacións de produción propia do Servicio de Arquivo Sonoro. Hai que salientar como parte do traballo de cada ano o labor de axuda a novos valores e grupos emerxentes. Neste capítulo, grupos de pop-rock, grupos de música tradicional, bandas de gaitas, cantautores, grupos de jazz, etc. teñen cabida nos estudos da Radio Galega para realizaren as súas primeiras maquetas ou discos de promoción.

Sirva como mostra de todo este traballo a listaxe de gravacións que se acompaña e que abrangue o período entre abril de 2018 e abril de 2019:

ABRIL 2018

- 1.4.2018 Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. A Coruña.
- 1.4.2018 Certame de piano de Vigo. Auditorio do Concello. Vigo.
- 5.4.2018 Eladio y los Seres Queridos. Estudio 5. San Marcos.
- 6.4.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. A Coruña.
- 6.4.2018 Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra. Pazo da Cultura, Pontevedra
- 7.4.2018 Asociación Galega de Compositores. Paraninfo da USC.
- 8.4.2018 Banda Municipal de A Coruña. Pazo da Ópera.
- 11.4.2018 Orquestra Clásica de Vigo. Auditorio do Concello. Vigo.
- 12.4.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia
- 13.4.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
- 16.4.2018 Xuntanza de gaiteiros vellos. A Fonsagrada.
- 17.4.2018 Sociedade Filharmónica de A Coruña. Teatro Rosalía.
- 18.4.2019 Óscar Ibáñez, gaiteiro. Teatro Principal. Pontevedra.
- 20.4.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
- 20.4.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
- 21.4.2018 Orquestra Vigo 430. Auditorio Abanca. Vigo.
- 21.4.2018 Memorial Henrique Otero. Auditorio do CSM vigo.
- 23.4.2018 Cuarteto Schubert. Teatro Principal. Pontevedra.
- 24.4.2019 Grupo instrumental S. XX. Teatro Rosalía.
- 26.4.2019 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.

27.4.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
28.4.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
29.4.2018 Festival de Bandas de Meaño. Praza da Vila.

MAIO 2018

2.5.2018 Mad Martin trío. Estudio 5. San Marcos.
2.5.2018 Trío Vicus Mare. Auditorio do CSM, Vigo.
4.5.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
5.5.2018 Mostra Musical do Eixo Atlántico. Vila Real, Portugal.
5.5.2018 Banda de Música Unión Musical de Tenorio. Auditorio de Cerdedo.
6.5.2018 Mostra Musical do Eixo Atlántico. Vila Real, Portugal.
11.5.2018 Orquestra do Conservatorio Superior de Vigo.
11.5.2018 Real Filharmonía de Galicia e Banda Municipal de Santiago. Auditorio
13.5.2018 Certame Galego de Corais Vila de Arbo. Casa da Cultura.
15.5.2019 Coro Universitario de Santiago. Igrexa da Compañía.
15.5.2019 Ciclo de concertos do CGAC. Santiago.
16.5.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
16.5.2018 Grupo "I Colori Dell'Armonia". Igrexa parroquial. Baiona.
17.5.2018 Os Sons Esquecidos de Abraham Cupeiro. Teatro Colón.
17.5.2018 Orquestra Clásica de Vigo. Auditorio do Concello. Vigo.
18.5.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
18.5.2018 Orquestra Vigo 430. Auditorio Abanca. Vigo.
19.5.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
20.5.2018 Keep in Touch Tuba Project. Pazo da Cultura. Pontevedra.
21.5.2018 Manuscrito Guerra. Igrexa de San Vicente de Pombeiro.
22.5.2018 Manuscrito Guerra. Igrexa de San Vicente de Pombeiro.
23.5.2018 Ciclo da Real Academia Galega de Belas Artes.
23.5.2018 Coro Sisters in the House. Estudio 5. San Marcos.
23.5.2018 Ciclo da Asociación Galega de Compositores. Auditorio SGAE. Santiago.
25.5.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
25.5.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
28.5.2018 Orquestra Ars Combinatoria. Igrexa dos Mercedarios. Sarria.
29.5.2018 Coro Acordes. Estudio 5. San Marcos.
30.5.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
31.5.2018 Banda Municipal de A Coruña. Teatro Rosalía.

XUÑO 2018

1.6.2018	Airas Ensemble. Paraninfo da USC.
4.6.2018	Coro Aires do Brión. Igrexa de Santa Minia. Brión.
5.6.2018	Banda Municipal de Santiago. Auditorio de Galicia.
6.6.2018	Banda Municipal de Santiago. Auditorio de Galicia.
8.6.2018	Banda de Música Ateneo de Negreira. Casa da Cultura.
9.6.2018	Festival Coral de Campañó.
10.6.2018	Orquestra de Nenos da OSG. Auditorio Ágora. A Coruña.
11.6.2018	Banda Municipal de A Estrada. Auditorio Municipal.
12.6.2018	Dúo Risco-De Miguel. Auditorio de Ourense.
13.6.2018	Dúo Risco-De Miguel. Auditorio de Ourense.
15.6.2018	Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
15.6.2018	Orquestra Vigo 430. Auditorio Abanca. Vigo.
16.6.2018	Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
17.6.2018	Banda Municipal de A Coruña. Pazo da Ópera.
18.6.2018	Gravación Maestro Vide. Teatro Principal. Pontevedra.
19.6.2018	Ciclo de concertos do CGAC. Santiago.
21.6.2018	Banda Municipal de Santiago. Auditorio de Galicia.
24.6.2018	Os Sons Esquecidos. Abraham Cupeiro. Sarria.
26.6.2018	Ciclo da Real Academia Galega de Belas Artes. A Coruña.
27.6.2018	Banda de Música de Lalín. Auditorio Municipal.
28.6.2018	Orquestra Gaos. Pazo da Ópera. A Coruña
29.6.2018	Coro do Conservatorio de Santiago. Igrexa de Bonaval.

XULLO 2018

1.7.2018	Festival Clas-Clas. Vilagarcía de Arousa.
2.7.2018	Garufa Blue Devils Big Band. Sala Garufa. A Coruña.
2.7.2018	Festival Clas-Clas. Vilagarcía de Arousa.
3.7.2018	Garufa Blue Devils Big Band. Sala Garufa. A Coruña.
3.7.2018	Festival Clas-Clas. Vilagarcía de Arousa .
4.7.2018	Gravación Maestro Vide. Teatro Principal. Pontevedra.
6.7.2018	Festival Clas-Clas. Salon García. Vilagarcía de Arousa.
7.7.2018	Festival Clas-Clas. Pazo de Rubiáns.
8.7.2018	Festival Clas-Clas. Auditorio Municipal. Vilagarcía de Arousa.
10.7.2018	Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
11.7.2018	Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
12.7.2018	Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
14.7.2018	Festival coral de A Gudiña. Igrexa parroquial.

19.7.2018 Real Filharmonía de Galicia e Sumrrá. Praza da Quintana.
26.7.2018 Orquestra Galega das Artes. Padres Mercedarios. Sarria.
27.7.2018 Orquestra Galega das Artes. Padres Mercedarios. Sarria.
28.7.2018 Real Filharmonía de Galicia. Praza do Obradoiro.
31.7.2018 Festival Hércules Brass. Mosteiro de Celanova.

AGOSTO 2018

3.8.2018 Festival Hércules Brass. Mosteiro de Celanova.
3.8.2018 Orquestra de Jazz de Galicia. Praza de Fefiñáns. Cambados.
6.8.2018 Festival de Música Clásica de Melide.
7.8.2018 Festival de Música Clásica de Melide.
8.8.2018 Festival de Música Clásica de Melide.
9.8.2018 Festival de Música Clásica de Melide.
14.8.2018 Coro Xove da Sinfónica de Galicia. Praza de María Pita.
15.8.2018 Aula de Jazz do concello de A Coruña. Pza. María Pita.
16.8.2018 Orquestra de Cámara Galega. Pza. María Pita.
17.8.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pza. María Pita.
18.8.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pza. María Pita.
19.8.2018 Banda Municipal de A Coruña. Pza. María Pita.
19.8.2018 Festival Groba. Auditorio Municipal. Ponteareas.
20.8.2018 Festival Groba. Auditorio Municipal. Ponteareas.
21.8.2018 Festival Groba. Auditorio Municipal. Ponteareas.
22.8.2018 Festival Groba. Auditorio Municipal. Ponteareas.
23.8.2018 Festival Groba. Auditorio Municipal. Ponteareas.
24.8.2018 Festival Groba. Auditorio Municipal. Ponteareas.
25.8.2018 Festival Groba. Auditorio Municipal. Ponteareas.

SETEMBRO 2018

1.9.2018 Borja Quiza. Praza Maior. Ourense.
8.9.2018 Capella Sancta Maria. Igrexa Parroquial de Baiona.
30.9.2018 Festival de Bandas de Barro. Polideportivo Municipal.

OUTUBRO 2018

4.10.2018 Orquestra Clásica de Vigo. Auditorio Abanca.
5.10.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.

6.10.2018 Banda de Música Unión Musical de Valladares. Centro Cultural.
6.10.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
7.10.2018 Grupo barroco La Guirlande. San Vicente de Pombeiro.
8.10.2018 Grupo barroco La Guirlande. San Vicente de Pombeiro.
9.10.2018 Grupo barroco La Guirlande. San Vicente de Pombeiro.
10.10.2018 Grupo barroco La Guirlande. San Vicente de Pombeiro.
11.10.2018 Grupo barroco La Guirlande. San Vicente de Pombeiro.
12.10.2018 Grupo barroco La Guirlande. San Vicente de Pombeiro.
14.10.2018 Festa da Música Galega. Teatro Colón.
16.10.2018 Banda Municipal de Santiago. Estudio 5. San Marcos.
17.10.2018 Heredeiros da Crus. Estudio 5. San Marcos.
18.10.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
19.10.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
20.10.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
21.10.2018 Rondalla Añoranzas. Auditorio do CPM de Ferrol.
23.10.2018 Ciclo da Real Academia Galega de Belas Artes. A Coruña.
25.10.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
26.10.2018 Orquestra barroca Vigo 430. Auditorio de CSM Vigo.
26.10.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
28.10.2018 Festival de Bandas de Castrelo de Cambados.
30.10.2018 Ciclo do CGAC. Santiago de Compostela.

NOVEMBRO 2018

2.11.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
2.11.2018 Orquestra Gaos. Auditorio Ágora. A Coruña.
3.11.2018 Certame Galego de Bandas de Música. Auditorio de Galicia.
3.11.2018 Sara Ruiz. Igrexa de San Vicente de Pombeiro.
4.11.2018 Certame Galego de Bandas de Música. Auditorio de Galicia.
4.11.2018 Sara Ruiz. Igrexa de San Vicente de Pombeiro.
5.11.2018 Sara Ruiz. Igrexa de San Vicente de Pombeiro.
6.11.2018 Sara Ruiz. Igrexa de San Vicente de Pombeiro.
7.11.2018 Dúo Risco-De Miguel. Estudio 5. San Marcos.
9.11.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
10.11.2018 Banda Artística de Merza. Auditorio Municipal. Ourense.
11.11.2018 Banda Municipal de A Coruña. Pazo da Ópera.
16.11.2018 Memorial García Picos. Casa da Cultura. Betanzos.
16.11.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
17.11.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.

17.11.2018 Alejo Amoedo. Auditorio de Rianxo.
21.11.2018 Orquestra Clásica de Vigo. Auditorio Abanca. Vigo.
22.11.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
23.11.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
26.11.2018 Sito Sedes. Estudio 5. San Marcos.
29.11.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.

DECEMBRO 2018

2.12.2018 Banda Municipal de A Coruña. Pazo da Ópera.
3.12.2018 Cesáreo Torres. Estudio 5. San Marcos.
4.12.2018 Banda Municipal de Santiago. Auditorio de Galicia.
13.12.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
14.12.2018 Orquestra Vigo 430. Teatro Afundación. Vigo.
15.12.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
16.12.2018 Banda Municipal de A Coruña. Pazo da Ópera.
18.12.2018 Ciclo do CGAC. Santiago.
19.12.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
20.12.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
21.12.2018 Orquestra Gaos. Teatro Colón. A Coruña.
28.12.2018 Banda Municipal de Santiago. Igrexa de San Francisco.
29.12.2018 Coral Polifónica El Eco. Igrexa dos Capuchinos. A Coruña.
29.12.2018 Orquestra Clásica de Vigo. Auditorio Abanca. Vigo.

XANEIRO 2019

3 1 2019 Miguel Curra. Estudio 5. San Marcos.
4.1.2019 Orquestra de Nenos da OSG. Teatro Colón.
9.1.2019 Orquestra Xove da OSG. Pazo da Ópera.
11.1.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
12.1.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
13.1.2019 Banda Municipal de A Coruña. Pazo da Ópera.
16 1 2019 Ciclo da Academia Galega de Belas Artes. A Coruña.
18.1.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
19.1.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
21.1.2019 Manuel Pedreira. Estudio 5. San Marcos.
23.1.2019 Rondalla Añoranzas. Estudio 5. San Marcos.
24.1.2019 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
25.1.2019 Orquestra Vigo 430. Teatro Afundación.

27.1.2019 Banda Municipal de A Coruña. Pazo da Ópera.
31.1.2019 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.

FEBREIRO 2019

1.2.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
2.2.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
3.2.2019 Banda Municipal de A Coruña. Pazo da Ópera.
7.2.2019 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
11.2.2019 Conservatorio Profesional de Vigo.
14.2.2019 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
14.2.2019 Banda Municipal de A Coruña. Teatro Rosalía.
15.2.2019 Real Filharmonía de Galicia. Teatro Colón. A Coruña.
22.2.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
24.2.2019 Daniel Pereira, piano. Teatro Colón. A Coruña.
26.2.2019 Ciclo da Real Academia de Belas Artes. A Coruña.
28.2.2019 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.

MARZO 2019

6.3.2019 Concerto de Su Garrido. Estudio 5. San Marcos.
7.3.2019 Orquestra Clásica de Vigo. Teatro Afundación.
9.3.2019 Orquestra Xove Vigo 430. Auditorio do CSM vigo.
10.3.2019 Banda Municipal de A Coruña. Pazo da Ópera.
12.3.2019 Orphelion Ensemble. Teatro Rosalía.
14.3.2019 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
15.3.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
16.3.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
17.3.2019 Daniel Pereira, piano. Teatro Colón. A Coruña.
20.3.2019 Manuel do Juano. A Fonsagrada.
21.3.2019 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
22.3.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
24.3.2019 Banda Municipal de A Coruña. Pazo da Ópera.
27.3.2019 Xesús Vaamonde. Estudio 5. San Marcos.
29.3.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.

ABRIL 2019

- 1.4.2019 O violín restaurado de Andrés Gaos. Consello da Cultura.
- 4.4.2019 Trío Arriaga. Teatro Principal. Ourense.
- 5.4.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
- 5.4.2019 Orquestra Vigo 430. Teatro Afundación. Vigo
- 6.4.2019 Real Filharmonía de Galicia. Pazo da Ópera.
- 6.4.2019 Orquestra Clásica de Vigo. Auditorio do Concello.
- 7.4.2019 Orquestra da USC. Igrexa da Compañía.
- 8.4.2019 Cuarteto Atlántico. Teatro Afundación. Vigo.
- 11.4.2019 Banda Municipal de A Coruña. Teatro Colón.
- 12.4.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
- 13.4.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
- 14.4.2019 Festival de Bandas de Teo. A Ramallosa.
- 15.4.2019 Banda de Música de Vilatuxe. Auditorio Municipal. Lalín.
- 16.4.2019 Banda de Música de Vilatuxe. Auditorio Municipal. Lalín.
- 17.4.2019 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
- 17.4.2019 Orquestra e Coro Gaos. Teatro Colón. A Coruña.
- 20.4.2019 Concurso de piano de Vigo. CSM vigo.
- 21.4.2019 Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
- 24.4.2019 Ciclo da Academia Galega de Belas Artes.
- 25.4.2019 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
- 26.4.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
- 27.4.2019 Asociación de Gaiteiros Galegos. Auditorio do CSM Vigo.
- 28.4.2019 Bandas de Lalín, Merza e Silleda. Auditorio da Semana Verde. Silleda.



9. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Supervisar e corrixir o uso da lingua galega nos diferentes medios da Corporación, tanto de informativos como de entretemento, conforma o traballo do equipo de asesores lingüistas da CRTVG que tamén orienta e asesora en materia de lingua a todas as áreas, e revisa os textos xerados na Corporación desde departamentos como Administración, Recursos Humanos ou Proxección Social. Este servizo intégrase na Dirección de Proxección Social, dentro da Oficina do Director Xeral.

O seu cometido supón que os textos se axusten á normativa gramatical e lexicográfica emanadas da Real Academia Galega, e tendan a seguir definindo un modelo de lingua de comunicación en galego que, dentro da corrección expresada, sexa recoñecida pola audiencia, amose a riqueza expresiva da lingua, saiba diferenciar rexistros diastráticos adaptados aos diversos programas, adapte terminoloxía ou neoloxismos que se van introducindo na lingua e sobre os que a RAG aínda non se pronunciou, e manteña coherencia neste modelo de lingua.

Tamén o colectivo de profesionais lingüistas resolve adaptacións de realidades novas e de tratamento de topónimos e xentilicios do mundo non tratados pola RAG. Neste sentido, os lingüistas da CRTVG sempre aceptaron ser, pola natureza do seu medio, os primeiros que se enfrontan a certos problemas terminolóxicos e de adaptación lingüística, o que supuxo sempre un plus de dificultade que non existe para outros equipos de lingüistas doutros ámbitos. E desde o equipo de lingüistas da CRTVG tamén se desenvolven iniciativas de investigación e divulgación da lingua, con propostas pedagóxicas e de participación dos cidadáns, asumindo así un cometido de normalizadores da lingua.

O maior exemplo disto é o pulo a iniciativas como **#InstaGal** que retrata desde as redes sociais a diversidade lingüística de Galicia e no que traballan estreitamente xornalistas e asesores lingüistas; ou a colaboración semanal na Radio Galega, na sección **'Apalabradas'** do espazo 'Galicia por diante fin de semana' en que se divulgan os distintos usos da nosa lingua.

9.1. Adaptación a novas necesidades da Corporación

Logo do proceso de transformación dixital da Corporación, o equipo de asesores lingüistas continuou adaptándose aos cambios derivados dela. Concretamente, reforzouse a corrección da páxina web crtvg.gal e asumíronse novos roles na redacción de Programas e na área de Producción Allea, dentro do departamento de Contidos.

A web da CRTVG experimenta progresivamente un aumento de tráfico e de novos servizos, coincidindo coa aposta determinante da Corporación por promover os contidos dixitais e servizos complementarios da emisión en TDT. Isto tradúcese nunha maior cantidade de contidos e asemade nunha maior preocupación pola corrección lingüística das súas noticias, que ademais chegan con máis celeridade ao público.

Coa finalidade de cubrir máis franxas de corrección lingüística na páxina web, no 2019 ampliouse o tempo de dedicación á supervisión da mesma, no que traballaba en exclusiva unha asesora lingüista. A ampliación tivo lugar na quenda de fin de semana, nas primeiras horas da mañá, e nas últimas da tarde.

Así mesmo, os asesores asignados á redacción de Programas e na área de Produción Allea, reorganizaron o seu traballo para adaptalo ás necesidades destas áreas, que afectan aos contidos de produción propia, programas en directo de produción externa, series de animación, cine e documentais.

9.2. Equipo de asesores/as lingüistas

Nove asesores lingüistas repártense nas distintas redaccións e departamentos da CRTVG, de luns a domingo. A Radio Galega, as distintas redaccións da TVG e a área de Tempo Real, que cubre os contidos dixitais, contan con asesores que revisan a produción informativa e de entretemento, así como a documentación administrativa e corporativa.

9.3. Principais cometidos

Os principais cometidos do equipo de asesores lingüísticos son:

- Corrixir a lingua das emisións e da documentación xerada de todo tipo.
- Coidar de que a lingua se axusta á doutrina gramatical e lexicográfica da Real Academia Galega. Dado que non existe unha gramática oficial como tal, e posto que o dicionario oficial está en fase de elaboración, os lingüistas da CRTVG encóntranse continuamente con dificultades que teñen que solventar con oficio lingüístico e sentido corporativo de medio público.
- Axudar a manter con coherencia un rexistro idiomático unha vez que se elixiu. As distintas propostas informativas e de entretemento poden presentar tamén distintas opcións diastráticas, dentro da corrección, que unha vez decididas se deben manter.
- Proporcionar recursos orais tradicionais e literarios como metaloxismos, figuras lóxicas, ironía, retranscrición, ou riqueza de imaxes nas redaccións e descriucións (aínda que haxa ilustración sonora e visual).

- Proporcionar material lexicográfico e fraseolóxico para conseguir un texto rico e afinado.
- Axudar no modelo entoativo e prosódico.

Ademais destes asuntos xenéricos, os asesores lingüísticos encárganse doutros extralingüísticos:

- Revisar e corrixir topónimos. Por defecto, revisan todas as entidades de poboación segundo o criterio do Nomenclátor de Galicia. Ademais de ser de obrigado cumprimento, como servizo público a CRTVG debe coidar de que ningún galego vexa o seu topónimo usado incorrectamente.
- Revisar e corrixir textos con criterios de edición. Podendo tratarse de temas convencionais e que en moitos casos presentan distintas solucións noutros medios de comunicación, estamos obrigados a ofrecer unha liña coherente.
- Corrección de erratas ou equívocos. A inmediatez e a habitual celeridade e prontitude propios das redaccións informativas fan inevitables este tipo de descoidos, que o asesor lingüista detecta e corrixen en numerosas ocasións.

Tamén o equipo de lingüistas mantén contactos coas autoridades institucionais e académicas en materia de lingua galega, co fin de aplicar as súas decisións, consultar dúbidas, recibir formación e manter, en xeral, unha comunicación enriquecedora. Dentro destas relacións, cabe mencionar:

- Coa Real Academia Galega, en desenvolvemento do convenio asinado con esta institución.
- Co Centro Ramón Piñeiro, para achega de material informativo para fins investigadores, particularmente para as investigacións do Corpus de referencia do galego actual (CORGA).
- Coa Facultade de Filoloxía da USC e o Instituto da Lingua Galega, para consultas e formación dos asesores lingüistas da CRTVG.

9.4. Colaboracións de normalización lingüística

Como foi sinalado máis arriba, o equipo de lingüistas da CRTVG tamén desenvolve iniciativas de investigación e divulgación da lingua, que teñen lugar nos distintos medios e soportes da CRTVG, con maior presenza nestes últimos anos na contorna dixital.

- *#Instagal*. É unha iniciativa no Instagram da Televisión de Galicia (@tvgalicia) creada a finais de 2018 en que, con carácter semanal, se fai unha proposta de palabra sobre a que ofrezan suxestións das voces que empregan os seguidores.

Posteriormente, faise unha ordenación das propostas e ofrécese unha explicación lingüística básica. Ten interese lexicográfico por recoller voces usadas por unha franxa de idade teórica nova e por achegar o lugar de procedencia. #Instagal busca retratar a diversidade lingüística de Galicia a través das redes sociais e aposta polo entretemento e a divulgación a través da creación de contidos dixitais propios nesta rede de uso maioritario entre a xente máis nova.

No 2019, este proxecto foi escollido nos Premios Paraugas de Comunicación e Márketing de Galicia do Clúster da Comunicación como Mellor Proxecto de Social Media.

- *Apalabradas*. É unha colaboración no magazin da mañá dos sábados da Radio Galega do coordinador de lingüistas de CRTVG. Explícanse curiosidades lexicográficas, coméntanse correccións para un bo uso da lingua e recórdanse palabras que van estando en desuso.

9.5. Formación de asesores lingüistas

Cada ano, o servizo propón suxestións formativas de interese para os distintos perfís e funcións dos asesores/as. No 2019, o Servizo de Formación e Xestión de Persoal, organizou un curso de formación proposto polos asesores lingüistas. Foi “Prosodia nos medios de comunicación”, impartido por Elisa Fernández Rey, profesora titular da Universidade de Santiago de Compostela, no mes de decembro na sede de San Marcos.

O obxectivo do curso era coñecer as investigacións no ámbito da prosodia, e máis concretamente na entoación, así como novas ferramentas que neste eido permiten unha mellor análise e coñecemento. Ao mesmo tempo repasáronse os principais problemas que se presentan nos medios de comunicación, e máis concretamente na CRTVG.

A radio e a televisión, como medios orais, deben ter como preocupación a dicción pero tamén a entoación, e máis nun medio que usa a lingua galega, que ten entoacións distintas doutras linguas e que debemos, dentro do que se pode ou se recomenda, usar, do mesmo xeito que se deberían evitar entoacións que non son propias. Aínda que non existen normas sobre isto e que no galego hai diferentes modelos entoativos, si que hai casos, como enunciativas ou interrogativas, que claramente debemos trasladar aos profesionais da CRTVG.

O asesoramento dos asesores/as lingüistas aos profesionais da comunicación recomenda ter un coñecemento previo da materia, como o que achegou este curso.



10. A PROYECCIÓN SOCIAL DA CRTVG

Integrado na Oficina do Director Xeral, o departamento de Proyección Social diseña e coordina accións de comunicación e de Responsabilidade Social Corporativa en relación cos distintos públicos da CRTVG; e leva a cabo a comunicación corporativa, externa e interna, dos medios públicos galegos.

Así mesmo, englobase nesta Dirección o servizo de relacións públicas que atende as visitas ás sedes da CRTVG, a Coordinación Creativa, que traballa transversalmente con todas as áreas, e o servizo de Normalización lingüística, exposto no capítulo anterior.

10.1. #AcciónsG. Responsabilidade Social Corporativa

No 2019, a CRTVG afianzou a súa política de RSC alineada coa misión e actividade do Pacto Mundial das Nacións Unidas en España.

E fíxoo, en primeiro lugar, dando continuidade á creación de campañas corporativas que apoian os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU e que a CRTVG difunde en Galicia a través de accións que xeren valor social así como contidos para os seus medios. No 2019, foron catro as campañas ao longo do ano, que se describen máis adiante neste capítulo, planificadas baixo o territorio de comunicación da 'Dixitalización de Galicia' e baixo a nova denominación de #AcciónsG, a estratexia coa que a Corporación quere dar un paso máis no compromiso do desenvolvemento da RSC.

Ademais, a CRTVG, como socia do Pacto Mundial das Nacións Unidas desde 2011, edita cada ano a súa memoria, o Informe de Progreso, seguindo o modelo desta organización internacional, do que se aporta un breve resumo a continuación. Este informe é accesible no Portal de Transparencia da CRTVG.

10.1.1 Catro campañas anuais de RSC: as #AcciónsG da CRTVG

As catro campañas de 2019 foron deseñadas e producidas íntegramente con medios propios da CRTVG e nunha estratexia corporativa, #AcciónsG, coa que se deu un paso máis no compromiso do desenvolvemento da RSC. #AcciónsG naceu para expresar que a CRTVG e os seus traballadores/as non só crean campañas, senón que tamén se mobilizan e involucran persoalmente nelas como quedou patente na primeira acción de 2019 sobre deporte inclusivo. Ademais de sensibilizar, a CRTVG tamén quere actuar, provocar cambios e mellorar a sociedade á que dirixe o seu servizo público.

Todos os soportes dos medios públicos galegos amplifican o impacto, interna e externamente, destas campañas, a través dos contidos da Televisión de Galicia, da Radio Galega, das redes sociais da Corporación e do seu portal web www.crtvg.gal. Ademais, #AcciónsG conta cun espazo propio no Portal de Transparencia da Corporación, <https://accionesg.crtvg.gal/>, coa función de punto de recompilación das campañas, accións e documentación de interese.

As catro campañas de 2019 estiveron centradas no fomento do deporte inclusivo, en abril; nas Letras Galegas, en maio; na sustentabilidade do mar, fundamental en Galicia, no mes de xuño; e finalmente a derradeira campaña, en outubro, foi adicada ás mulleres que traballan polo desenvolvemento do rural galego. Todas as áreas da CRTVG foron involucradas nestas campañas, desde o eido tecnolóxico e de medios, na produción e realización, ata as de Contidos, Informativos e Innovación e Negocio para a súa difusión.

As catro campañas foron as seguintes:

- **#NonMiresXoga / Semana do 6 de abril, Día Internacional do Deporte para o Desenvolvemento da ONU**

A campaña salientou o potencial integrador do deporte para unir as persoas e romper prexuízos. Coa colaboración do Real Club Deportivo da Coruña, organizouse un partido de fútbol en que se mesturaron os xogadores/as do equipo da CRTVG e do Real Club Deportivo de LaLiga Genuine, na cidade deportiva de Abegondo. Nesta actividade participaron traballadores da canle pública que se sumaron solidariamente á iniciativa. Ademais, o programa 'Convivir deportivo' da Radio Galega cubriu en directo o partido, que se emitiu pola web crtvg.gal e na RG . A campaña consta tamén dun anuncio de televisión, en que colaboraron entidades sociais e deportivas galegas e dun espazo na web con información e ligazóns de interese das asociacións cooperantes e tamén as historias dos deportistas participantes na campaña, para que sirvan de exemplo e inspiración.

Esta campaña foi recoñecida en 2019 polo Pacto Mundial da ONU entre as 'Boas Prácticas' de España no marco do Día Internacional das Persoas con Discapacidade, que se celebra cada 3 de decembro.

- **#LetrasGalegas2019 / Semana do 17 de maio**

A CRTVG desenvolveu unha campaña de apoio á celebración do día das Letras Galegas, sobre a figura do homenaxeado deste ano, Antonio Fraguas, escritor, historiador, profesor, antropólogo e etnógrafo. O Museo do Pobo Galego, un dos seus principais legados, foi o protagonista dun vídeo-homenaxe coa voz do propio autor falando desta institución. As canles da Corporación espallaron a mensaxe durante toda a semana.

- **#NonTemosOutroMar / Semana do 8 de xuño, Día Mundial dos Océanos.**
Campaña para contribuír á concienciación sobre os riscos e as vías de sustentabilidade do mar desde diferentes ópticas. Os medios públicos emitiron a campaña en todas as súas canles: un *spot* con mensaxes como “Non hai planeta B” ou “Non hai mar B” e tamén unha cuña coa mesma mensaxe na Radio Galega e nas redes. Nos programas e informativos fíxose unha cobertura de temas relacionados coa protección do medio ambiente e os océanos, para dar a coñecer á audiencia opcións para reducir o uso do plástico, e accións cidadás e gobernamentais, que propoñen análises e vías de acción. Tamén, creouse unha web con información e ligazóns de interese de diferentes institucións e asociacións que traballan co obxectivo de reverter esta situación.
- **#DíaInternacionalDasMulleresRurais / Semana do 15 de outubro**
Esta acción consistiu na edición e difusión de catro pezas audiovisuais arredor do #DíaInternacionalDasMulleresRurais e contidos na programación da TVG e a Radio Galega durante toda a semana. As catro cortinas de televisión supuxeron un traballo de intervención gráfica por primeira vez por parte da CRTVG sobre a identidade corporativa, tomando como base o deseño téxtil do mandil galego. Cun tratamento simbólico sobre os patróns habituais dos mandís, cadros en distintas cores, decidíronse esquemas cromáticos independentes para cada unha das pezas. Con catro patróns distintos, as pezas dedicáronse tamén a distintos eidos do traballo das mulleres do rural galego: a educación, a artesanía, a tecnoloxía, a música ou o traballo no mar e a terra.

10.1.2 Informe de Progreso de Pacto Mundial de Nacións Unidas

No 2019, a CRTVG editou a **memoria anual de RSC**, baixo a forma de Informe de Progreso do Pacto Mundial de Nacións Unidas, ida que a Corporación é membro desde hai nove anos. Este informe, correspondente ao ano 2018, está accesible en: <http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia/responsabilidade-social-corporativa/pacto-mundial> e nel detallanse os avances en materia de RSC, na relación da Corporación cos seus públicos de interese (audiencia, empregados/as, sociedade civil, comunidade autónoma galega como propietaria da CRTVG e provedores).

Nun exercicio de transparencia, a CRTVG foi a primeira televisión en seguir este modelo de rendición de contas en España, no informe en que se recolle como xestiona a CRTVG a súa interacción co público, as canles coa que atende a audiencia, e a accesibilidade dos seus servizos. Ademais, hai capítulos adicados ao eido dos recursos humanos, a relación da Corporación co sector audiovisual galego como principal provedor

de contidos ou sobre a rendición de contas que se desenvolve diante dos mecanismos de control, como o Consello de Administración ou o Parlamento de Galicia.

A edición do documento é supervisada por Pacto Mundial, que revisa se cumpre ou non os requisitos necesarios para facelo público e para poder incluílo no seu portal web, pactomundial.org, en que se publica unha versión en castelán.

10.1.3 Transparencia

Na mesma liña de comunicación e accesibilidade, o Portal de Transparencia da CRTVG seguiu a ser no 2019 a ferramenta na que a sociedade galega pode atopar información sobre o funcionamento e custo dos medios públicos galegos en diferentes eidos. Este portal organízase en catro grandes seccións: información institucional (organigrama, definición estratéxica, anuncios corporativos, referencias legais...); actividade corporativa (orxamentos, contratos, Plan de Actuación...); de responsabilidade social (sección #AcciónsG, informes de Pacto Mundial e contidos do eido da autorregulación); e a área de interacción cos usuarios, ligada tamén ao Portal de Transparencia da Comunidade Autónoma. O Portal é accesible en: <http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia>.

10.2. Coordinación creativa

Apoiar a promoción dos contidos da Corporación e xerar soporte gráfico para campañas, programas, medios dixitais, accións de comunicación e material corporativo son funcións da área de Coordinación Creativa. Esta área é responsable tamén da creación artística das catro campañas de Responsabilidade Social Corporativa xa descritas e da identidade visual de #IdeasG, tamén xa explicada neste mesmo capítulo, así como doutras desenvolvidas tamén ao longo do ano.

Entre elas, hai que salientar a campaña de Nadal, con pezas para distintos soportes e seis vídeos de transición para Continuidade, cos que os medios públicos felicitaron as festas aos galegos. E as campañas promocionais de novas temporadas e contidos na TVG e a Radio Galega. En decembro, proxectouse a campaña corporativa “A tele ao teu xeito”, que levou a imaxe da Corporación ás rúas das principais cidades galegas. Os deseños, sobre autobuses urbanos, amosaban as mellores frases dos presentadores da Galega e dos protagonistas das series máis míticas e queridas pola audiencia.

Outras campañas que a CRTVG achegou aos galegos, e que se deseñaron en Proxección Social de novo con medios propios da Corporación e custo mínimo, foron “Pon a Galega en HD”, para impulsar a resintonización da canle despois do inicio das emisións

en alta definición, na primavera de 2019, e uns meses despois a campaña explicativa da chegada do Segundo Dividendo Dixital a Galicia, na que se debullaban os requisitos e axudas dispoñibles para os cambios precisos nos sistemas de recepción do sinal nos fogares galegos. Unhas campañas, ambas as dúas, de servizo público e apoiadas na programación dunha web específica, banners para o portal corporativo e spot de televisión.

Ademais, desde Coordinación Creativa plantexáronse solucións gráficas publicitarias, e promocionais para necesidades de diversas áreas da Corporación.

Entre elas poden citarse as promocións e presentacións de contidos como os espazos 'Galicia bonita', 'Do dereito e do Revés', 'Un país en 360º' ou 'A miña familia pola túa', na TVG. E tamén, outras solucións de deseño para cartelería de programas da Radio Galega como 'Convivir deportivo', 'A tarde', ou 'Pensando en ti'.

Así mesmo, desde esta área edítanse vídeos informativos e promocionais para accións conxuntas ao longo do ano con outras televisións autonómicas englobadas na rede de FORTA, ou para eventos nos que está presente a Corporación como por exemplo a feira Cultural de Pontevedra en que a CRTVG ten presenza anualmente. A axenda anual, agasallo que os traballadores/as reciben cada inicio de ano e todo o *merchandising* corporativo, son tamén deseñados neste departamento.

Para a Radio Galega, esta área desenvolve os soportes promocionais das saídas a exteriores e crea a identidade corporativa dos seus programas.

10.3 Comunicación e conversa co público

10.3.1 O Buzón da Galega

Desde Proxección Social xestiónase diariamente un servizo de atención ao público a través do que chegan demandas, peticións, dúbidas e queixas á Corporación. A conversa é continua todo o ano a través do chamado "Buzón da Galega", no correo info@crtvg.es, e no que se atenderon ao longo do 2019, 1.678 mensaxes. Entre outros, chegan peticións de cesión de material audiovisual ou solicitudes de participación en programas, presentación de propostas e comentarios sobre os servizos en liña da CRTVG. Estas mensaxes respóndense e derivanse aos departamentos correspondentes. Ademais, para facilitar a comunicación coa sociedade, hai unha sección permanente de "preguntas frecuentes" na web corporativa.

10.3.2 Información sobre os produtos e servizos

No departamento de Proxección Social englobase o servizo de Prensa da Corporación, que traballa diariamente para informar sobre a programación e a actividade corporativa a través de diversas canles, especialmente a páxina web e os medios de comunicación galegos e de fóra de Galicia. Manter unha comunicación fluída de cara aos demais medios é tamén obxectivo desta área.

No 2019 desde este servizo producíronse e emitíronse 2.159 comunicacións ou notas de prensa. Polas mañás, este servizo distribúe tamén unha nota que recolle o máis sinalado da entrevista do informativo “Bos Días”, que adoita xirar sobre cuestións sociais, políticas ou económicas de actualidade.

Os comunicados da CRTVG reflíctense tamén noutros soportes e canles, como as redes sociais corporativas. Por outro lado, en 2019 continuou o servizo de subministración diaria de información sobre a programación de televisión á páxina web corporativa e ao sistema EPG de guía na pantalla do televisor conectado á rede dixital terrestre (TDT), onde se atopa tamén a información de clasificación por idade ou control parental.

Nos últimos anos, intensificouse a relación coa audiencia a través das redes sociais e soportes dixitais. Neste senso, no 2019 foi creado o servizo de Extensión Audiovisual da TVG, dentro do departamento de Contidos da Corporación, que coordina as accións neste eido e co que se traballa moi intensamente desde Proxección Social.

Ao longo do ano, os distintos servizos da CRTVG son convidados a achegar o seu labor á sociedade de moi distintas formas. A colaboración co eido educativo é unha das que se consideran prioritarias, e concorda coa misión de servizo público e no exercicio da estratexia de Responsabilidade Social Corporativa. No 2019, entre outras accións, a xefa de Extensión Dixital da CRTVG impartiu unha charla sobre xornalismo no CPI de Zas (A Coruña) nun encontro co alumnado de 1º e 2º da ESO no que lles achegou o traballo dos medios públicos galegos e o seu papel dinamizador da lingua.

10.4. Igualdade e tratamento da violencia de xénero

A Televisión de Galicia e a Radio Galega traballan na promoción da igualdade entre homes e mulleres e, como medios de comunicación capaces de chegar a grandes capas de poboación, xogan un papel importante na divulgación da loita contra a violencia de xénero. A CRTVG emite cada ano arredor dun millar de noticias sobre igualdade e a loita para a eliminación da violencia de xénero.

Arredor do 25 de novembro, Día Internacional para a eliminación da Violencia de Xénero, e do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, os medios públicos emiten unha programación especial e promoven contidos informativos ao respecto.

En canto á normativa, a CRTVG aplica as recomendacións sobre o tratamento informativo da violencia contra as mulleres, propostas polo seu Consello de Administración da CRTVG e accesibles no portal corporativo (<http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia/responsabilidade-social-corporativa/autoregulacion/recomendacions-do-consello-de-administracion-da-crtvg-sobre-o-tratamento-informativo-da-violencia-contra-as-mulleres>). Este documento propón como criterio xeral que as informacións relacionadas coa violencia de xénero deben ser obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso que prime ante todo o respecto extremo ás vítimas.

Entre outros criterios, destácase a conveniencia de extremar o celo no manexo das fontes de información e das declaracións, incidindo tamén na idea de que os medios públicos galegos non se limitan ao tratamento dos feitos dramáticos senón que tamén divulgan os casos de éxito en que as mulleres conseguen liberarse dos malos tratos para que sirvan de exemplos a outras vítimas.

As informacións relacionadas coa violencia de xénero son obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso en que prima ante todo o respecto extremo ás vítimas. Por outra banda, sempre se inclúe nas informacións o número de teléfono de atención aos casos de violencia machista: 016.

A CRTVG ten unhas normas reguladoras de publicidade, tamén dispoñibles no Portal de Transparencia, e que inclúen un capítulo específico sobre a imaxe da muller. <http://www.crtvg.es/files/normasreguladorascomunicacincomercial24102017.pdf>.

E no 2019, a CRTVG mantén un convenio coa Vicepresidencia da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade para realizar accións conxuntas nesta materia, a promoción da igualdade e a loita para a eliminación da violencia de xénero. Este convenio vai ser renovado de cara a 2020.

Outras accións encamiñadas a visibilizar o compromiso coa igualdade son as seguintes:

No 2019 a Comisión de Igualdade da CRTVG, creada no 2018, traballou nos contidos do plan de igualdade da Corporación e desenvolveu unha enquisa entre os traballadores/as para coñecer a situación desde todos os prismas. Esta Comisión de Igualdade, constituída por representantes dos traballadores e por representantes da Corporación, leva a cabo este traballo, de acordo coa definición dese principio que

establece a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. De cara a 2020 se plantexarán as posibles medidas para o primeiro borrador.

Ademais, a CRTVG forma parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero constituído no 2014 e que conta con representantes das administracións, da Xustiza, sindicatos, asociacións de mulleres e medios de comunicación. Tamén, é membro da Comisión Asesora de Publicidade non sexista do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, en que participa activamente unha representante da Corporación e no que se valoran as denuncias daqueles casos de publicidade que fan un posicionamento non axeitado do papel da muller na sociedade. En 2019, esta comisión celebrou tres reunións.

Así mesmo, a CRTVG está integrada na asociación Autocontrol de Publicidade, na que participa todo o sector da publicidade de España. E o portal crtvg.gal conta cunha canle temática que reúne os contidos sobre igualdade que se emiten na TVG.

No 2019, a CRTVG recibiu a visita dun grupo de participantes, rapazas e rapaces de distintas nacionalidades, do Campo de Traballo Audiovisual 'Un rural de cine II'. No marco da súa visita á CRTVG, membros do equipo foron entrevistados en 'A revista' para falar desta iniciativa que quere pór en valor o rural galego. 'Un rural de cine: a muller é vida' é o nome do seu proxecto que trata sobre igualdade de xénero, empoderamento e a muller no rural galego. O obxectivo é, segundo destacaron, dar voz a estas mulleres e visibilizar como é a vida no agro. O voluntariado en que participaban forma parte da Campaña de Verán 2019 da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia, coa colaboración da Secretaría Xeral de Igualdade, e tamén do Goberno de España.

Campaña RSC coa muller como protagonista

Todas as campañas de Responsabilidade Social Corporativa da CRTVG teñen a igualdade coma eixo transversal. Pero ademais, neste 2019, houbo unha campaña específica de xénero, en outubro, arredor da celebración do Día Internacional das Mulleres Rurais, descrita ao inicio deste capítulo e con contidos na programación da TVG e a Radio Galega durante toda unha semana. A campaña contou cunhas cortiniñas na TVG para visibilizar a contribución da muller do eido rural ao desenvolvemento social e económico de Galicia. A CRTVG, como socia do Pacto Mundial das Nacións Unidas, uniuse á celebración tamén prestando especial atención a este eido con reportaxes e entrevistas na súas grellas. Por exemplo, entrevistando no 'Galicia por diante' da Radio Galega á coordinadora do colectivo 'Mulleres de seu'; á directora xerente de 'Mar de Frades'; e a unha gandeira de Xunqueira de Ambía. Pola súa parte, na TVG 'A revista' visitou en directo a Asociación de Mulleres Rurais de Portomarín Lugo (O Xaramago).

A ONU celebrou este día por primeira vez en 2008, co obxectivo de recoñecer o papel das mulleres no desenvolvemento, a seguridade alimentaria e a erradicación da pobreza en todo o mundo. As mulleres rurais supoñen o 33% da poboación mundial e o 43% da poboación agrícola.

Recoñecementos á CRTVG no eido da igualdade

No 2019, todo este labor no eido da igualdade viuse recompensado con varias distincións. En primeiro lugar, e segundo datos dun informe elaborado pola consultora Barlovento Comunicación en que se analizaban as retransmisións deportivas desde o ano 1992 ata este ano, revélase que a Televisión de Galicia, a través da G2, é a segunda canle de televisión xeralista que máis deporte feminino emite, e a primeira de todas as autonómicas de España.

E ademais, en outubro de 2019, a CRTVG obtivo o indicador Empresa Igual en Xénero 2019 do Consorcio da Zona Franca de Vigo, que publica anualmente un informe con resultados sobre a igualdade de xénero nas empresas galegas. Este indicador só é acadado polo 6% das empresas galegas. A CRTVG atópase entre as quince empresas galegas que obtiveron maior puntuación no indicador de 'Empresa Igual', segundo o informe de resultados sobre a igualdade de xénero nas empresas galegas publicado con datos de 2018 por ARDÁN, servizo de información empresarial desenvolvido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo. O informe, publicado por segundo ano consecutivo, está elaborado a partir dunha enquisa dirixida a compañías que forman parte da base de datos ARDÁN.

A igualdade dentro da Corporación

A Corporación é exemplo de igualdade na súa estrutura directiva. Máis concretamente, no 2019, o 50% dela son mulleres: 19 homes e 19 mulleres. As áreas de Soporte Tecnolóxico, que engloba toda a xestión dos departamentos técnicos de produción, e a de Información e Documentación, a de maior peso na parte xornalística, están dirixidas por dúas mulleres. En pantalla, a presenza de presentadoras e xornalistas é tamén maioritaria. Son mulleres, ademais, a adxunta ao director xeral, a directora do Departamento Operativo dos Servizos Informativos, a directora de Recursos Humanos, a subdirectora de Contidos, a xefa de Programas da Radio Galega e unha redactora xefa de Informativos, xunto a outras nove xefas de servizo e outras responsables de área. E no Consello de Administración, composto por 7 persoas, incluído o director xeral, hai un 42,8% de mulleres.

Na pantalla, a presenza das mulleres en informativos é maioritaria. E tamén nos deportes temos facianas femininas e non só presentando as noticias, senón tamén narrando os partidos de fútbol e comentando a xornada. E no Departamento de Predición Meteorolóxica hai tres mulleres en pantalla por un só home. En total, son mulleres o 38,14% do total do persoal da CRTVG. E no que respecta aos salarios, na CRTVG non é que non haxa fenda salarial entre homes e mulleres: é que a fenda salarial existente é favorable ás traballadoras. Así mesmo, no que respecta á conciliación laboral, a CRTVG implementa distintas medidas para facilitar a compatibilización do traballo e da vida persoal para os empregados e empregadas. A porcentaxe deles que goza no 2019 de medidas de conciliación é do 10,5%, 3 puntos máis que no 2018.

10.4.1.- Actuacións na TVG e na Radio Galega

En canto aos contidos, os medios públicos traballan pola promoción da igualdade a a loita para a eliminación da violencia de xénero. Deste xeito, poténciase a visibilidade das mulleres na programación, con especial atención ás noticias relativas a delitos de violencia de xénero. A modo de exemplo, emítense arredor de 1.000 noticias sobre igualdade entre a radio e a televisión ao ano.

A cobertura dos medios públicos galegos para sensibilizar sobre esta lacra e previr novos casos esténdese durante todo o ano e en grande cantidade de programas, con centos de pezas e con diversos enfoques, tal como suxiren as recomendacións do Consello de Administración da CRTVG. De feito, no caso da TVG, os servizos informativos puxeron aínda máis o seu punto de mira nesta cuestión non so chegado o propio 25 de novembro, senon tamén nos días previos a esta data. Nunha busca no sistema de documentación rexístranse máis de cen referencias á loita contra a violencia machista nos informativos, incluídos “Bos Días”, “A revista”, “Telexornal mediodía” e “Telexornal serán”, entre os días 21 e 25 de novembro de 2019.

No caso da Radio Galega, todos os espazos, informativos, de entretemento e culturais adicaron tempo e recursos a sinalar como se vive en Galicia a prevención e a atención ás vítimas da violencia de xénero, e a dar cobertura as accións e reivindicacións en toda Galicia. Xa antes, en marzo, arredor do Día Internacional da Muller, Televisión de Galicia ofreceu tamén unha atención especial á loita pola igualdade. Ademais dos contidos na programación xeral, este ano, pola segunda canle e en horario de *prime time*, TVG emitiu ‘Traballadoras por Galicia’, un ciclo de programas que achegou historias, experiencias e testemuños de distintas pioneiras neste sentido. E ademais, os distintos espazos dos medios públicos galegos ofreceron durante toda a semana distintos contidos e entrevistas relacionados coa celebración.

10.5. Apoio ás persoas con discapacidade

A CRTVG fai un especial esforzo para que as minorías e as persoas con discapacidade sintan como propias a TVG e a Radio Galega. Nesta liña, a TVG emite un informativo diario en lingua de signos, programación subtitulada en galego e atende, na medida das súas posibilidades, ás distintas federacións e asociacións do sector social.

En 2019, TVG emitiu 284,9 horas en lingua de signos (LSE), das que 268,6 son do “Telexornal Mediodía” na súa redifusión na segunda canle. Outros programas especiais como o acto de entrega das Medallas do Parlamento, o Debate do Estado da Autonomía, e o Discurso de Fin de Ano do presidente da Xunta de Galicia, tamén son emitidas en LSE. Neste 2019 tamén foron emitidos con LSE varios debates electorais dos comicios xerais, locais e europeos celebrados ao longo do ano.

Ademais, e no que respecta ao subtitulado, a TVG tivo 3.737 horas de emisión subtitulada, das que 1.408 corresponden á primeira canle e 2.329 á segunda. A canle emite diariamente un informativo, o “Galicia Noticias Mediodía”, xusto antes do “Telexornal Mediodía”, cunha duración de 30 minutos, o que suma 130 horas ao ano.

Na primeira canle o tipo de programas con maior contido subtitulado son os dedicados ao entretemento, con 346 horas, seguidos dos concursos con 338 horas e as series con 184 horas. Na segunda canle o contido máis subtitulado son os debuxos animados, con 1.230 horas, seguido das series con 457 horas. Estas lendas son accesibles a través da opción correspondente no menú da TDT.

Por outra parte, son varios os programas que prestan especial atención ao colectivo de persoas con discapacidade, entre eles o veterano “Convivir” da Radio Galega e o espazo “Convivir Deportivo”, que abre unha fiestra ao deporte desde a mesma óptica que o programa de actualidade social ‘Convivir’, para dar acubillo ao deporte base e a historias de superación e voluntariado, entre outros contidos.

Tamén o programa “Lambóns dixitais”, que se emite desde 2017, conta cunha sección sobre tecnoloxía inclusiva, en que se fala de avances tecnolóxicos para a integración de persoas con discapacidade. É preciso salientar a campaña xa citada neste informe, #NonMiresXoga, desenvolvida arredor do 6 de abril, Día Internacional do Deporte para o Desenvolvemento da ONU e que foi protagonizada por persoas con discapacidade. Todos os medios da Corporación prestaron especial atención nesa semana á necesidade de integración deste colectivo. O 6 de abril, o ‘Convivir deportivo’ da Radio Galega foi integramente dedicado a expoñer a súa realidade e a visibilizar o traballo de

organizacións, familias e voluntarios/as que traballan pola integración social das persoas con discapacidade a través do deporte e do ocio compartido.

E o 3 de decembro, Día Internacional das Persoas con Discapacidade, TVG emitiu un capítulo especial dos Bolechas que se enmarca nun ambicioso proxecto levado a cabo con Cogami para fomentar a inclusión desde as primeiras idades. O capítulo ofreceuse na G2, e centrábase no tema dos patios inclusivos, co obxectivo de facer destes espazos lugares de goce para todas as nenas e nenos.

Recoñecemento no 2019 para “Convivir deportivo”

Precisamente este programa, ‘Convivir deportivo’, foi recoñecido en novembro na categoría de Mellor labor informativo dos Premios Deporte Galego do ano 2018.

Por outra banda, o ano pasado aplicáronse os criterios de recoñecemento do tratamento da discapacidade establecidos na Resolución da Dirección Xeral do 28.06.2011. Amais, a CRTVG incluíu en todos os servizos que licitou a obriga do contratista de cumprir as disposicións vixentes en materia de integración social de persoas con discapacidade.

E a contratación de persoal na CRTVG e as súas sociedades fíxose a través dunhas listaxes de contratación, onde cada aspirante ten unha posición e unha puntuación en función da cualificación obtida no Proceso Selectivo Extraordinario de Consolidación de Emprego finalizado en 2012, en que se reservou o 7% das prazas a persoas con discapacidade.

Ademais, mantivéronse dous contratos con centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, de acordo coa reserva establecida de entre o 3 e o 5% dos contratos da Administración da Xunta de Galicia aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.

10.6. Accións internacionais

En 2019, a CRTVG seguiu a traballar no eido internacional con presenza e participación a distintos niveis en proxectos formativos e de desenvolvemento do sector audiovisual europeo, especialmente no marco de CIRCOM, a asociación das televisións públicas rexionais europeas. Tamén, tivo un papel activo no contexto máis concreto dos países da cultura celta, por un lado, e na relación estreita de colaboración co sector audiovisual portugués, como se explica máis adiante neste epígrafe.

A CRTVG goza dun especial peso e prestixio en CIRCUM, a asociación das televisións públicas rexionais europeas que reúne unhas 250 televisións e centros emisores de 30 países, entre elas 11 autonómicas españolas, e da cal é secretario xeral, desde 2015, o director de Contidos da Corporación. CIRCUM conta cun equipo multinacional que organiza as actividades da entidade, entre elas a Conferencia anual, que no 2019 tivo lugar en Serbia pero tamén outros eventos ao longo do ano, nos que destaca a celebración dos principais premios da televisión rexional europea, aos que habitualmente se presentan unhas 200 candidaturas.

O secretario xeral de CIRCUM ten entre as súas funcións a de representar institucionalmente o colectivo das televisións públicas rexionais europeas, como sucedeu no 2019 no Public Broadcasting International (o foro anual dos primeiros executivos das radiotelevisións públicas do mundo) celebrado en Helsinki, ou diante da Unión Europea de Radiodifusión (UER) con motivo das eleccións europeas, a Unión Europea do Mediterráneo ou o Comité Europeo das Rexións.

Tamén, 5 xornalistas da CRTVG participaron no 2019 en accións formativas impulsadas por CIRCUM como, en xaneiro de 2019, no taller 'Fake News e contraste de noticias' celebrado en Roma. A este foro, no que se debateu sobre o papel dos medios públicos na xestión das noticias falsas e o valor da credibilidade, asistiron xornalistas de Bulgaria, Alemaña, Italia, República Checa, Francia, Serbia e tamén da TV3.

Por outra parte, a CRTVG forma parte desde 2018 na directiva do grupo Celtic Media en que están representadas as radiotelevisións BBC Escocia, MG/BBC Alba, BBC Gales, BBC Irlanda del Norte, as públicas irlandesas RTÉ e TG4, a galesa S4C e varios organismos públicos. Así, no 2019, o director de Contidos da CRTVG, como membro do Comité Executivo de Celtic Media, participou na organización do evento anual da organización celebrado en Aviemore (Escocia), ao que asistiron ademais representantes do Cluster Audiovisual Galego e varias produtoras da comunidade e no que se celebraron reunións de traballo para posibles proxectos.

E neste ano, a longametraxe 'A sombra da lei', participada pola Televisión de Galicia, fíxose co *Premio Torc ao mellor filme* no Celtic Media Festival e a TVG estreou a serie musical Port, producida coa canle escocesa MG Alba e a Irlandesa TG4, que permitiu ademais visibilizar a músicos galegos neses territorios.

Toda esta actividade institucional exterior permite achegar á CRTVG un acceso directo e privilexiado ao coñecemento do que está a acontecer noutros sistemas públicos e mercados audiovisuais, tanto no que atinxe á evolución do sector en materia de xestión coma en formatos de programas, boas prácticas profesionais, novidades no xornalismo ou

a relación coas novas canles e plataformas. E abre o camiño de contactos internacionais para as empresas produtoras do audiovisual galego.

Cabe mencionar a participación da CRTVG no II Foro Iberoamericano de Compra Pública de Innovación, celebrado en novembro en Medellín (Colombia) e no que o director de Innovación e Negocio presentou a proposta da TVG para a televisión do futuro, que foi seleccionada como caso de éxito. Neste encontro participaron máis de 150 persoas de Iberoamérica especialistas na innovación das empresas e institucións públicas.

10.6.1 Aproximación á lusofonía e á cultura portuguesa

A CRTVG mantén unha intensa relación de colaboración coa Radio Televisión Portuguesa (RTP) en que enmarcan diversos desenvolvementos entre Galicia e Portugal no eido audiovisual dos que nos últimos anos resultan coproducións e programas conxuntos con moi boa acollida nos dous países.

Esta estreita cooperación deu lugar estes últimos anos a programas conxuntos como o 'Aquí Portugal' realizado en novembro pasado. Foi a quinta ocasión en que Televisión de Galicia e a Radio Televisão Portuguesa realizaron conxuntamente o programa, en emisión simultánea e en directo polas dúas canles, e con presentadores ben coñecidos en Portugal e Galicia. Feito desde a praza do Obradoiro de Santiago de Compostelá, o programa foi un éxito de audiencia co que se estreitaron máis os lazos entre as culturas galega e portuguesa. Acadou un share do 13,5% en Portugal e o 14% en Galicia, cun alcance total de dous millóns de persoas.

No 2019, TVG emitiu 'Verão M', rodada no 2018 entre o norte de Portugal e localizacións galegas, e unha produción cun compoñente transfronteirizo puro: acontece ao outro lado da raia e con personaxes galegos, cunha presenza de Galicia nas propias historias e, incluso, cunha parte da rodaxe en Galicia. Neste último caso, a CRTVG tivo tamén un activo papel na supervisión lingüística da rodaxe, traballando cos actores lusos que empregaban o galego para garantir a súa calidade e precisión. A CRTVG fixo tamén o ano pasado outras compras de produción portuguesa, como a serie "Ouro verde" da canle TVI, e coproduxo coa RTP a serie de ficción "Auga seca", que foi gravada no verán de 2019 entre Vigo e Lisboa.

A CRTVG participou ademais en novembro no encontro audiovisual galaico-portugués celebrado en Arnoia baixo a organización da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), do que saíu un novo proxecto de coprodución dun programa de televisión coa RTP, a desenvolver en 2020.

Ademais, desde 2016 a CRTVG traballa de maneira permanente cun xornalista na cidade do Porto o que repercute na ampliación da cobertura informativa e na presenza de falantes de portugués nos programas informativos dos medios públicos galegos. Tamén, a CRTVG incorpora cabeceiras portuguesas xunto ás galegas á revista de prensa que se emite dentro do programa informativo “Bos Días”.

O Servizo de Asesoramento Lingüístico da CRTVG segue as recomendacións da Academia Galega da Lingua Portuguesa, para que os medios públicos galegos coiden a fonética portuguesa á hora de pronunciar os nomes propios e topónimos lusos. Así mesmo, nas noticias sobre Portugal respéctanse as grafías en portugués dos nomes propios e topónimos, cos tiles que se usan en portugués e con marcas de nasalidade en vogais.

E no 2019, a CRTVG renovou o seu apoio ao proxecto aRitmar, de divulgación de música e poesía galego portugués e que organiza anualmente a Escola de idiomas de Santiago de Compostela. Para isto, asinou un novo convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. As canles da Corporación difunden os traballos presentados, así como a gala de entrega de premios. Por último, a Televisión e Galicia e a Radio Galega foron medios colaboradores do IKFEM de Tui-Valença, o International Keyboard Festival and Masterclass da Eurociudade Tui-Valença, que combina música de instrumentos de tecla e patrimonio cultural e evento transfronteirizo que no seu sétimo ano tivo como lema ‘Music & Fashion’.

10.7. Eventos no eido da Responsabilidade Social Corporativa

O departamento de Proxección Social coordina accións ao longo do ano para achegarse á sociedade, colaboración con organizacións públicas e privadas e entidades do terceiro sector.

10.7.1. Culturgal

Cada mes de decembro, no Culturgal, a feira das industrias culturais de Galicia, que se celebra no Pazo da Cultura de Pontevedra, o público pode coñecer máis de preto como se fai un informativo da TVG grazas ao *stand* que instala a Corporación cun plató virtual. A participación dos asistentes á feira, que se converten por uns minutos en presentadores do telexornal lendo unha noticia diante das cámaras, é gravada e ponse a disposición do público na páxina web da CRTVG. Ademais, neste 2019, no stand da CRTVG vivíuse a experiencia de realidade virtual ‘Un país en 360’, programa gravado con cámaras 360, que utiliza a tecnoloxía para achegarlles aos espectadores o patrimonio natural e monumental de Galicia e se estreou na Galega en decembro.

10.7.2. Unicef

A CRTVG e UNICEF uníronse un ano máis en novembro para poñer en marcha a “Semana coa Infancia”, unha iniciativa solidaria para sensibilizar sobre a situación de miles de nenos e nenas que non ven cumpridos os seus dereitos no mundo.

A campaña deste ano #PorTodosMisCompañeros, foi apoiada toda a semana, con contidos especiais na televisión e na radio públicas, para sensibilizar sobre os nenos e nenas que morren por causas evitables, non van á escola ou non están protexidos ante a explotación, a violencia ou o abuso. Os medios públicos galegos enmarcan este apoio na súa responsabilidade social corporativa, que, como no caso das #AcciónsG desenvolvidas neste 2019, ten como obxectivo lograr unha sociedade mellor e máis responsable. Nesta campaña, a CRTVG e Unicef aliáronse para acadar os seguintes Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU: ODS 2, Fame Cero; ODS 3, Saúde e Benestar; ODS 4, Educación de Calidade; ODS 5, Igualdade de Xénero; ODS 6, Auga limpa e saneamento; ODS 10, Redución das desigualdades e; ODS 16, Paz, Xustiza e Institucións sólidas.

10.7.3. Cabalgata de Reis, desde Ourense

Como cada Nadal, o 5 de xaneiro de 2019, a CRTVG fixo o despregue técnico e humano necesario para para facer conexións coas cabalgatas dos Reis Magos de toda Galicia. Cada ano escóllese unha cidade para retransmitir íntegra e en directo a súa cabalgata en que participa un autobús panorámico da TVG co Xabarán e os Bolechas. Neste 2019, esa retransmisión tivo lugar desde Ourense. Na carroza deste ano da CRTVG, destacou a promoción de *Radio Picariña*, a primeira emisora dixital na historia da Radio Galega de música infantil e xuvenil en galego creada no 2018 para os máis pequenos da casa.

10.8. Convenios e colaboración con organismos

Desde Proxección Social aténdense e canalízanse peticións de colaboración de numerosas organizacións sociais. Son tamén habituais as peticións de información que remiten profesores/as universitarios de toda España, para a realización de estudos, enquisas ou traballos especializados arredor do audiovisual e a formación.

É tamén frecuente que se solicite a participación de representantes da Corporación en foros e debates dos eidos social, xornalístico ou de innovación, entre outros.

A lingua galega é o eixo de moitas desas colaboracións, un aspecto prioritario para a CRTVG, cuxa creación veu vinculada á súa misión de normalización lingüística. Nesta liña, no 2019 houbo unha edición máis do concurso de produción audiovisual infantil “Nós tamén creamos”, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, concurso que promove a lingua galega a través da creatividade e a incorporación das TIC nas aulas, mediante a creación de curtametraxes en galego.

Así mesmo, en xuño a CRTVG colaborou de novo co Consello Xeral do Poder Xudicial a quen se lle organizou unha sesión formativa na sede de San Marcos. Unha vintena de xuíces e maxistrados/as galegos participaron nesta xornada no marco dun programa de formación continua, organizado polo Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia, que ten por obxectivo desenvolver habilidades de comunicación, falar en público e mesmo familiarizarse cos procesos e rutinas do xornalismo.

Ao longo do ano, desde a CRTVG leváronse a cabo diversas accións de cooperación con ONG’s e organizacións sociais, como a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, UNICEF ou Cruz Vermella, a quen se cedeu un espazo durante varios días na sede de San Marcos para a súa campaña de captación de fondos do Sorteio de Ouro. E a Radio Galega participou un ano máis na iniciativa solidaria “A Radio Conta” coas emisoras locais da cidade da Coruña.

Tamén, a Corporación emitiu este ano o programa ‘Conexión Social’ no marco do seu compromiso co servizo público e do seu obxectivo de darlles visibilidade a distintas realidades e iniciativas do tecido social da nosa comunidade. O espazo difundiu a actividade de 13 fundacións e entidades sociais galegas como a Fundación Cidade da Cultura, as fundacións Camilo José Cela, San Rosendo, Fernández Latorre, Aldeas Infantís, Meniños, Padre Rubinos, Afundación, Feuga, Cruz Vermella, Semana Verde, Proxecto Home e a Once.

No eido económico, a CRTVG e o Círculo Financiero de Galicia asinaron en xullo un convenio para levar a cabo accións conxuntas de colaboración. Nun exemplo do papel da Corporación no desenvolvemento social e económico da comunidade, no 2019 os traballadores autónomos galardoaron á CRTVG polo seu labor de apoio ao tecido industrial galego. Este recoñecemento concedeuse no transcurso do décimo Congreso de Traballadores Autónomos de Galicia, celebrado en xaneiro, e foi recollido pola Adxunta á Dirección Xeral da CRTVG, Rosa Vilas.

Ademais, como se explicou no capítulo 8 deste informe, o departamento de Documentación da CRTVG atende ao longo do ano peticións de cesión de material audiovisual por parte de asociacións, concellos, editoriais, fundacións, entre outras organizacións ás que se ceden fondos do Arquivo da Corporación.

No eido da innovación e o sector audiovisual, pódense salientar varias intervencións de representantes da CRTVG. Así, en febreiro, tivo lugar 'LaconNetwork', evento que reuniu na Coruña emprendedores, aceleradoras de empresas, investidores, institucións e profesionais innovadores arredor do mundo das TIC e a contorna dixital. O director de Innovación da CRTVG participou nesta xornada, concretamente no debate 'A transformación dixital e as corporacións'. En marzo, tamén o director de Innovación da Corporación explicou o traballo dos medios públicos na xornada 'Tecnoloxía e Deporte', unha iniciativa promovida pola Fundación Deporte Galego da Xunta de Galicia e organizada polas empresas galegas R e Cinfo, dirixida a analizar polo miúdo a capacidade de transformación que ofrecen as novas ferramentas tecnolóxicas como fonte de beneficios para clubs e federacións deportivas.

Xa en abril, a xefa do servizo de Innovación no Entorno Dixital da CRTVG participou nunha sesión de *mentoring* para novos talentos no marco da sexta edición do festival de contidos dixitais 'Carballo Interplay', no que tamén interviron o coordinador de Contidos Dixitais da Corporación e a responsable das súas redes sociais, nun encontro con creadores galegos de Internet e do que a CRTG é *media partner*.

En xuño, foi presentado no Parlamento de Galicia o libro 'Anecdotario do Parlamento de Galicia' que percorre, a través de 90 entrevistas con ex-parlamentarios galegos, a historia das sete primeiras lexislaturas da cámara galega. Froito dun convenio de colaboración entre o Parlamento galego, a CRTVG, e a Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias, o libro presentouse nun acto coas intervencións do presidente de Asociación de Ex-parlamentarios/as; o director xeral da CRTVG; o presidente do Parlamento de Galicia; o presidente da Xunta de Galicia, e o autor do libro, xornalista da TVG. E, en novembro, a directora do departamento de Organización e Xestión do Cambio da CRTVG participou na mesa de debate 'A muller nos medios de comunicación: como se aborda a figura da muller nos diferentes medios?', dentro do IV Congreso Empresarias Galicia, celebrado en Vigo.

10.9. Responsabilidade social na publicidade

O uso da publicidade é igualmente un eido no que a CRTVG exerce a responsabilidade social, para que prevalezan uns principios éticos acordes coa súa misión e coa protección da infancia e do público en xeral. No 2017 foran aprobadas polo Consello de Administración as novas normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual da CRTVG que contan cun capítulo específico sobre a imaxe da muller (Capítulo 3).

O documento é accesible en:

<http://www.crtvg.es/files/Normasreguladorascomunicacincomercial24102017.pdf>

E os medios públicos están comprometidos cunha serie acordos e regulacións:

- A Asociación para a Autorregulación da Comunicación Comercial, entidade da que CRTVG é membro e que vela polas boas prácticas da publicidade en España, seguindo un Código de Conduta.
- Normas internas de “product placement” para evitar a confusión da publicidade con outros contidos dos programas da CRTVG.
- En 2019, unha representante da CRTVG continuou a participar na Comisión Asesora de Publicidade non Sexista, creada no ámbito do Observatorio Galego de Violencia de Xénero constituído en 2014, e que celebrou tres reunións o ano pasado. A mesma representante participa como xurado no certame escolar anual de carteis do Día Internacional da Muller da Xunta de Galicia, do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero e dos premios ‘Comunicar en Igualdade’.

10.10. Visitas á CRTVG

Desde a área de Relacións Públicas da CRTVG aténdese a intensa actividade de xestión e asistencia a todos os convidados/as dos programas de entrevistas e faladoiros da TVG e a Radio Galega. Así mesmo, son moitas as organizacións, centros escolares e grupos que solicitan coñecer por dentro a sede de San Marcos.

No 2019, atendeuse un **total de 32.213 persoas, desglosadas:**

- Informativos e programas TVG: 25.774 persoas.
- Programas especiais: 3.541 persoas.
- Informativos e programas RG: 1.373 persoas.
- Visitas escolares: 1.525 persoas.

Entre estas visitas, pódese salientar a dos escolares de 5º e 6º de primaria e de 1º e 2º de ESO do centro IES Vilalonga de Sanxenxo, gañadores do concurso co que a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia promoveu a loita contra a violencia de xénero nos colexios galegos de cara ao 25 de novembro.

10.11. Apoio da CRTVG ao sector cultural como “media partner”

A CRTVG, consciente da relevancia e o peso que ten o seu apoio institucional para as diversas iniciativas culturais, comezou unha política expansiva de “media partner” ou “medio colaborador” máis intensa ao abeiro do proxecto #Cultura365. Este proxecto cultural leva á Corporación a ser o medio audiovisual de Galicia con máis presenza no apoio ao sector cultural galego, dando cobertura e cedendo o uso logo nos principais eventos e festivais de cine, música e teatro de Galicia. No 2019 a Corporación ampliou o abano de colaboracións nesta liña o que supón para os eventos un plus de cobertura mediática gracias a un importante esforzo do equipo que lidera a Coordinadora de Cultura.

Por citar algúns, en abril a CRTVG participou como “media partner” na sexta edición do Carballo Interplay, festival de contidos dixitais e webseries que se celebra na capital bergantiñá. O certame conta cunha completa sección oficial con series web de todo o mundo e un programa de actividades con encontros, obradoiros, relatorios e espectáculos en que aprender e divertirse arredor dos contidos para Internet.

No mes de maio, o 'Diario Cultural' emitíuse desde o Festival de Cans. A Radio Galega estivo en directo na aldea porriñesa de Cans, que acolle unha primavera máis o festival de cine máis singular e pintoresco de España.

En xuño, Radio Galega Música foi unha emisora de referencia para transmitir e contar todo o que pasou na segunda edición do festival 'O son do Camiño'. Os locutores da emisora pública dispuxeron dun set desde o que ofreceron en directo os concertos, e polo que pasaron tamén algúns dos artistas máis singulares do certame. Tamén o espazo 'Diario cultural', na súa edición de tarde, realizouse en vivo desde “O Son do Camiño”, con contidos e convidados relacionados co certame.

No verán, a TVG e a Radio Galega foron medios colaboradores dunha das citas teatro máis relevantes en Galicia: o festival MIT de Ribadavia. No marco do seu compromiso coa cultura e da súa estratexia #cultura365, os medios públicos mostraron así o seu apoio a un encontro mítico da escena galega, a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, con 35 anos de historia. Outra cita deste mes foi o IKFEM de Tui-Valença, en que os medios públicos galegos mostraron o seu apoio a o International Keyboard Festival and Masterclass da Eurociudade Tui-Valença, que combina música de instrumentos de tecla e patrimonio cultural.

Tamén en xullo, Radio Galega Música foi a emisora oficial do Festival Portamérica, que ofreceu unha vintena de concertos desde Caldas de Reis.

Así mesmo, Radio Galega Música transmitiu en directo os concertos do Festival de Ortigueira, evento de referencia da música folk a nivel internacional. Ademais, o programa 'Lume na Palleira' fixo unha emisión especial, aberta ao público, desde o teatro de Beneficencia de Ortigueira.

No 2019, a CRTVG foi tamén medio colaborador do 'Curtocircuíto', o Festival Internacional de Cinema de Santiago que celebrou a súa 19 edición do 28 de setembro ao 6 de outubro, tamén de "CineEuropa" na capital galega. O Festival de Cine Internacional de Ourense (OUFF), certame decano do cinema en Galicia e punto de encontro anual para o audiovisual galego tamén contou coa CRTVG como "medio colaborador". Neste caso, a Radio Galega desprazouse ata o Centro Cultural Marcos Varcárcel de Ourense, desde onde o 'Diario Cultural' realizou un programa especial sobre devandito acontecemento. Tamén a CRTVG volveu ser "media partner" da Mostra de Cinema Periférico "S8", do festival "Novos Cinemas", entre outros.

Tamén en outubro, e tamén como "medio colaborador" a Radio Galega Música emitiu en directo os concertos do Outono Códax Festival. O programa 'Estudio 3' estivo en directo desde a Sala Capitol de Santiago emitindo os concertos do Outono Códax Festival.

10.12. A CRTVG en FORTA. A campaña "Lo Veo"

"Lo Veo" é a iniciativa de FORTA, a Federación de Organismos ou Entidades de Radio e Televisión Autonómicas, que pretende poñer en valor o importante papel que desenvolven os servizos audiovisuais públicos autonómicos e na que a CRTVG participa activamente.

Neste contexto, lévanse a cabo ao longo do ano accións conxuntas das canles adheridas a FORTA, en cuxa comisión de comunicación participa, en representación da Corporación, o seu director de Proxección Social.

Ao longo de 2019, esta actividade concreouse en numerosas accións, tanto operativas como de comunicación. Entre elas, salientase a sinatura en decembro dun manifesto para promover a información sobre cambio climático e así achegar esta realidade á vida cotiá da cidadanía, co fin de fomentar xestos e hábitos para loitar contra o cambio climático de maneira individual e colectiva.

En xuño, FORTA conmemorou o seu 30 aniversario en Chillida Leku, Hernani, no transcurso da celebración da súa xunta xeral, na que se resaltou o importante papel

asumido pola Federación como organismo vertebrador que posibilitou acadar metas comúns e defender o modelo de servizo público, que desenvolven na sociedade as canles autonómicas. Nesta xornada, o director xeral da CRTVG, declarou que *“a FORTA foi capaz de evolucionar e aglutinar todas as diferentes sensibilidades das comunidades que conforman España, as súas linguas, as súas culturas, as súas tradicións, e situalas todas baixo un teito común. Ese é o espírito reflectido na liña de comunicación da acción Loveo, que como slogan sostén: “Compartimos diferenzas”. Non pode ser máis acertado este lema para describir o noso espírito de pervivencia e colaboración durante todos estes anos”*.

11. O CONTROL SOBRE A CORPORACIÓN RTVG

11.1. Consello de Administración da Corporación

O Consello de Administración componse de sete membros (un deles o director xeral) e correspóndelle a administración e o control da Corporación, na que a Dirección Xeral desempeña a dirección executiva.

11.1.1. Competencias e funcións do Consello de Administración da Corporación RTVG

Establecidas:

- na Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (artigos 19.1.2., 36.3, 39.1.b e 45.2)
- nos estatutos sociais da CRTVG (artigos 5.2, 16, 31 -segundo parágrafo-, 32 -segundo parágrafo-, 36.1 e 40.2)
- no Mandato Marco (artigos 18 e 34.3)

As dúbidas que no transcurso da actividade da sociedade poidan xurdir en relación coa atribución dunha competencia ao Consello de Administración ou á persoa titular da Dirección Xeral da Corporación RTVG resolveranse sempre a prol desta.

11.1.2. Elección e nomeamento dos membros do Consello de Administración da CRTVG

Na sesión plenaria do lexislativo galego do 03.08.2015, por acadar todos eles a maioría de dous terzos determinada nos artigos 14.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.1 dos estatutos sociais, proclamáronse elixidos membros do Consello de Administración: Xosé Antón García Ferreiro, Luis I. de la Matta Cantó, Higinio Meijide Gómez, Ana I. Peón Piñeiro, Beatriz Soler Vázquez-Guillén e Leticia Vilar Pumares.

De acordo co preceptuado nos artigos 14.4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.4 dos estatutos sociais, o seu nomeamento por parte da Xunta Xeral de Accionistas realizouse mediante acta de decisións do 31.12.2015, asinada pola secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, dando así cumprimento ao establecido no artigo 14.2 dos estatutos sociais.

11.1.3. Aceptación do cargo

A aceptación do cargo de membro do Consello de Administración da Corporación RTVG por cada unha das persoas anteriormente mencionadas produciuse na reunión ordinaria do 04.01.2016.

11.1.4. Mandato

Segundo o establecido no artigo 16 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, o mandato dos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG é de cinco anos contados desde o seu nomeamento. O mandato é renovable por unha soa vez. Esgotado o mandato, continúan no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión dos novos conselleiros.

11.1.5. Réxime dos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG

Os membros do Consello de Administración da Corporación RTVG, incluído o director xeral, están vinculados coa Corporación RTVG por unha relación mercantil, sen prexuízo das especialidades establecidas na Lei 9/2011, do 9 de novembro.

11.1.6. Presidencia

A Presidencia é puramente funcional e exércese de forma rotatoria polos seus membros, excluído o director xeral da Corporación RTVG, por un período de seis meses. As súas funcións determínanse nos artigos 20 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, 18 do estatutos sociais e 16 do Regulamento interno. Quen exerce a Presidencia non ten ningunha función de representación ou dirección executiva da empresa, correspondéndolle á Dirección Xeral da Corporación.

Durante 2019, ocuparon a Presidencia do Consello de Administración:

- Higinio Meijide Gómez, elixido por unanimidade no pleno ordinario do 31.07.2018. Desempeñou o cargo entre o 01.01.2019 e o 26.02.2019. Nomeamento inscrito o 19.10.2018 no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela. Datos rexistrals: tomo 212, libro 0, folio 208, sección 8, folla SC 4608, inscrición ou anotación 56 (BORME número 207 do 26.10.2018).
- Ana I. Peón Piñeiro, elixida por unanimidade no pleno ordinario do 26.02.2019. Desempeñou o cargo entre o 26.02.2019 e o 30.08.2019. Nomeamento inscrito o 03.06.2019 no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela. Datos rexistrals: tomo

212, libro 0, folio 208, sección 8, folla SC 4608, inscrición ou anotación 58 (BORME número 109 do 11.06.2019).

- Beatriz Soler Vázquez-Guillén, elixida por unanimidade no pleno ordinario do 30.08.2019. Desempeñou o cargo entre o 30.08.2019 e o 31.12.2019. Nomeamento inscrito o 31.10.2019 no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela. Datos rexistrais: tomo 212, libro 0, folio 208, sección 8, folla SC 4608, inscrición ou anotación 59 (BORME número 216 do 11.11.2019).

11.1.7 Secretaría

En virtude do determinado nos artigos 21 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, 19 dos estatutos sociais e 17 do Regulamento interno, o Consello de Administración da Corporación ten unha secretaria ou secretario, que deberá ser licenciada/o en Dereito. Non poderá ter a condición de membro do devandito órgano colexiado e actúa con voz mais sen voto.

A súa designación e a súa destitución correspóndenlle ao Consello de Administración, así como a súa substitución temporal nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade. As súas funcións establécense nos artigos 21 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, 19.2 dos estatutos sociais e 17 do Regulamento interno e aplícaselle o réxime de incompatibilidades e deberes previsto para os membros do Consello de Administración da Corporación RTVG, agás o relativo a dedicación exclusiva.

No pleno ordinario do 25.10.2016, por maioría, María García de la Concha Álvarez foi elixida secretaria non conselleira por un período de un ano. Nas sesións plenarias da mesma natureza celebradas o 21.12.2017 e 20.12.2018, tamén por maioría, ratificouse a súa designación para o cargo ata o 31.12.2018 e o 31.12.2019, respectivamente.

11.1.8. Dirección Xeral da Corporación RTVG

Ao abeiro do disposto na disposición transitoria terceira da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, modificada pola disposición derradeira cuarta da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, actuando como representante da accionista única da CRTVG (a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia), mediante a acta de decisións do 31.12.2015 designou a Alfonso Sánchez Izquierdo director xeral da Corporación, ostentando as funcións de administración e representación da empresa a partir das 00:00 horas do 01.01.2016.

Alfonso Sánchez Izquierdo foi nomeado director xeral da Corporación RTVG na primeira sesión do Consello de Administración da Corporación RTVG, a celebrada o 04.01.2016, quen, presente no acto, aceptou o cargo.

11.2. Funcionamento do Consello de Administración

A actividade do Consello de Administración da Corporación RTVG réxese polo establecido na Lei 9/2011, do 9 de novembro, nos estatutos sociais e no Regulamento interno (aprobado por unanimidade o 19.07.2016).

1

1.2.1. Relación das 12 sesións plenarias celebradas en 2019 (todas elas ordinarias)

1ª.- 29 de xaneiro de 2019

Orde do día:

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 20.12.2018
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - ⌚ Contexto e estado actual da xestión de recursos humanos: antecedentes e perspectivas
 - ⌚ Evolución da taxa de absentismo na Corporación RTVG durante o período 2015-2018
 - ⌚ Cota de pantalla lograda pola TVG en 2018
 - ⌚ Evolución dos ingresos comerciais en 2018
- Contestación aos rogos e preguntas formulados polos conselleiros
 1. Querela formulada polo Ministerio Fiscal contra dous altos cargos da Xunta de Galicia por un suposto caso de coacción inmobiliaria a unha anciá veciña de Ourense: tratamento informativo dispensado pola TVG (formulada o 20.12.2018).
 2. Razóns da distinta atención dispensada pola TVG a dúas novas de natureza xudicial: a desestimación por parte da Audiencia Provincial de Ourense do recurso formulado por Antonio Pérez Rodríguez, ex alcalde de Xinzo (ratificando a condena que se lle impuxo

polo Xulgado do Penal número 1 de Ourense) e a declaración da alcaldesa de Lugo ante o Xulgado de Instrución número 1 de Lugo (atraso na execución dunha sentenza en materia de persoal) (formulada o 20.12.2018).

3. Declaracións feitas o 30.11.2018 por Álvaro Pérez Alonso diante do titular do Xulgado Central de Instrución número 5 da Audiencia Nacional, referidas á denominada caixa B do PP: motivos polos que a TVG non as divulgou (formulada o 20.12.2018).

4. Cadea de declaracións e decisións adoptadas por María Jesús Vale López, ex-membro do Grupo Municipal do PP en Viveiro, a raíz das consecuencias derivadas do asolagamento provocado o 18.11.2018 polo río Xunqueira ao seu paso polo barrio do mesmo nome: tratamento outorgado pola TVG (formulada o 20.12.2018).

5. Decisión adoptada por Alberto Núñez Feijóo na rolda de prensa que ofreceu logo da celebración do Consello da Xunta do 13.12.2018, concretamente a súa negativa a responder a unha pregunta realizada por un reporteiro gráfico da Corporación de Radio y Televisión Española, S.A. centrada nos denominados *venres negros*: atención prestada pola TVG (formulada o 20.12.2018).

6. Reacción que provocou no Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia o acontecido na rolda de prensa ofrecida polo presidente da Xunta de Galicia o 13.12.2018 e medidas a adoptar pola Dirección Xeral da Corporación RTVG, ou se lle merecen algún comentario a esta, diante das mobilizacións denominadas *venres negros* (formulada o 20.12.2018).

7. Causas polas que a TVG na cobertura informativa do acto no que o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia celebrou o corenta aniversario do seu primeiro Congreso Nacional, concretamente o 22.11.2018, esta organización sindical quedou totalmente excluída (formulada o 20.12.2018).

8. Solicitude de información desagregada sobre o custo anual de cada efectivo da Corporación RTVG e motivos polos que a Dirección Xeral da Corporación RTVG aludiu no apartado cinco da orde do día ao propio do Comité Interempresas, ademais do rogo consistente en perseverar nas negociacións coa representación legal dos traballadores (formulada o 20.12.2018).

9. En función do tráxico suceso ocorrido o 19.12.2018 na zona de Fisterra (afundimento do pesqueiro *Sin querer dos*), tendo en conta que nesa data tivo lugar unha folga de 24

horas na empresa, se as necesidades para atendelo foron postas en coñecemento do Comité de Folga (formulada o 20.12.2018).

10. Visita cursada o 03.12.2018 polo secretario xeral do PSdeG-PSOE á ministra de Defensa: criterios seguidos pola TVG e pola Radio Galega á hora de realizar a súa cobertura informativa (formulada o 20.12.2018).

11. Razóns polas que nos informativos da TVG do 10.12.2018 non se situou nun lugar destacado a información atinente á dimisión en bloque de 22 xefes de centros de saúde do Sergas en Vigo (formulada o 20.12.2018).

12. Causas polas que nos espazos informativos da TVG do 15.12.2018 se incluíron as críticas dirixidas pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade ao Ministerio de Fomento centradas en varias cuestións relacionadas coa AP-9, mentres que, pola contra, se omitiu a información de que a Xunta de Galicia incrementara as peaxes das autoestradas que xestiona un 2,15%, case medio punto por riba das estatais (formulada o 20.12.2018).

13. Solicitude de información sobre o presunto recurso formulado en relación coa adxudicación do expediente número 2018000251, denominado *Arrendamento de vehículos para cubrir as necesidades de desprazamento e transporte de equipos de cámara (ENG) e subministración dun vehículo tipo furgoneta para a Corporación RTVG* (formulada o 20.12.2018).

14. Nova baseada na resolución ditada polo Xulgado do Social número 6 de Madrid en virtude da demanda presentada polo ex director da canle 24 Horas contra a Corporación de Radio y Televisión Española, S.A.: tratamento informativo dispensado na TVG (formulada o 20.12.2018).

15. Insultos proferidos o 30.10.2018 pola máxima responsable da Corporación de Radio y Televisión Española, S.A. e dirixidos ao voceiro do G.P. no Congreso na Comisión Mixta de Control Parlamentario da Corporación RTVE e as súas sociedades: atención outorgada pola TVG (formulada o 20.12.2018).

16. En relación co accidente sufrido o 19.12.2018 pola embarcación *Sin querer dos*, tendo en conta que nesa data se desenvolveu unha folga na Corporación RTVG, se profesionais adscritos á Área de Información e Documentación que a secundaron se ofreceron para tomar parte no operativo disposto para dar conta do antedito suceso, ou

se o Comité de Folga realizou un ofrecemento para suspendela momentaneamente (formulada o 20.12.2018).

- Asuntos de trámite

1. A Dirección Xeral da Corporación RTVG deu conta da designación, con efectos do 01.02.2019, do xefe do Servizo de Produción e Realización.

- Rogos e preguntas

1. Ao abeiro da evolución da web corporativa durante 2018, estratexia prevista no ámbito dixital para reconducir a situación (contestada o 26.02.2019).

2. En función do *hackeo* sufrido o 18.01.2019 na conta de Twitter do programa *Luar*, traballo desenvolvido no seo da CRTVG no ámbito da ciberseguridade (protocolos, sistemas, persoal propio e alleo implicado na tarefa, etc.) (contestada o 26.02.2019).

3. En virtude de determinadas contestacións ofrecidas pola Dirección Xeral da CRTVG a preguntas realizadas en sesións plenarias previas, diversas consideracións arredor do contido dalgunhas das devanditas respostas (contestada o 26.02.2019).

4. Renuncia de Ruth Beitia Vila para encabezar a lista do PP nas eleccións ao Parlamento de Cantabria: tratamento informativo dispensado pola TVG (contestada o 26.02.2019).

5. Motivos polos que no `Telexornal Mediodía' do 24.01.2019, na información sobre a inmediata ampliación do horario da sala de hemodinámica do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA), non se recolleu o parecer dos representantes da plataforma veciñal e das institucións que, co seu empeño, lograron que esa reivindicación se converterse nunha realidade. En relación con este mesmo asunto, solicitude de que se corrixisse o titular da nova publicada na web corporativa o día 24 seguinte, por ser incorrecto o tempo verbal (contestada o 26.02.2019).

6. Razóns polas que no `Telexornal Mediodía' do 21.01.2019 se suprimiu a peza previamente elaborada para este informativo protagonizada por unha persoa transplantada e na que esta explicou todos os seus padecementos logo da recaída que sufriu por non recibir o tratamento para a hepatitis C (contestada o 26.02.2019).

7. Procedemento seguido á hora de elaborar a peza incluída no `Telexornal Mediodía' do 19.01.2019 centrada na denuncia formulada por unha facultativa do Complexo

Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS), quen o día 11 anterior puxera en coñecemento do Ministerio Fiscal unha serie de feitos vinculados co falecemento de dúas persoas nas devanditas instalacións sanitarias, solicitando a apertura da correspondente investigación (contestada o 26.02.2019).

8. Rogo consistente en que se contacte cos autores da *Guía de linguaxe inclusiva*, elaborada pola Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, en colaboración coa de Ciencias da Educación e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CXPJG), para que fose difundida entre o equipo humano da CRTVG (contestada o 26.02.2019).

9. Sospeitas que recaeron nos fiscais xefes de Galicia e de Ourense por entorpecer unha investigación e así favorecer a un cargo do PP, nova coñecida o 11.01.2019: causas polas que a TVG non abordou esta cuestión (contestada o 26.02.2019).

10. Motivos polos que a agonía que padece o Centro Galego de Bos Aires non é merecente da atención da TVG (contestada o 26.02.2019).

11. Nova titulada *O PSdeG de Ourense, a piques de romper*: criterios informativos utilizados á hora de elaborar e divulgar no 'Telexornal Mediodía' do 28.12.2018 esta noticia, difundida sen indicar a súa procedencia, concretamente un escrito anónimo enviado á redacción da TVG (contestada o 26.02.2019).

12. Procedemento seguido á hora de dar resposta ao escrito enviado dende o Gabinete da Alcaldía de Santiago de Compostela, do 18.01.2019, dirixido á redactora xefa da Corporación RTVG, por mor dunha información incluída no 'Telexornal Mediodía' do día 14 anterior, titulada *Duarte, concelleiro de Compostela Aberta, puido beneficiar un ex-socio cunha adxudicación directa, di Okdiario*, concretamente a utilización da conta persoal de Twitter da devandita profesional (contestada o 26.02.2019).

13. Procedemento seguido para gravar a mensaxe de fin de ano do presidente da Xunta de Galicia, no senso de se se utilizaron para isto medios da CRTVG, dando conta do seu custo, o persoal empregado e a quen correspondeu a elección do lugar (contestada o 26.02.2019).

14. Relación de cambios introducidos no *Bos días* a partir do 21.01.2019 e causas da substitución da profesional que ata esa data co-presentou ese espazo (contestada o 26.02.2019).

15. Razóns do escrito dirixido á profesional que entón presentaba o *Galicia noticias* por parte da Dirección do Departamento de Recursos Humanos, logo da sentenza ditada o 09.01.2019 polo Xulgado do Social número 2 de Santiago de Compostela no procedemento ordinario número 0000636/2016 (sentenza número 1/19) (contestada o 26.02.2019).

16. Referido a 2018, importe do complemento de produtividade variable aboadado en 2019 a membros do equipo directivo, dando conta da xustificación da contía pagada, dos seus perceptores e da suma percibida por cada un deles (contestada o 26.02.2019).

17. Ao abeiro da cobertura informativa dispensada pola práctica totalidade dos medios de comunicación, nomeadamente as televisións, ao rescate do corpo do neno Julen Roselló García, quen se precipitou nun pozo de prospección na localidade de Totalán (Málaga), consideracións sobre a posibilidade de, ante sucesos desa natureza, informar sen presentar determinados feitos escabrosos ou secundarios (contestada o 26.02.2019).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

1. Intercambio de pareceres en relación coas respostas ofrecidas polo director xeral da CRTVG a preguntas realizadas na anterior sesión plenaria (20.12.2018).

2. Criticouse o feito de que, ao fío do sucedido na localidade malagueña de Totalán, ao dar conta do perigo que representan os pozos de prospección indebidamente pechados, a TVG ilustrase este problema optando por un radicado en Vigo (*Galicia noticias* do 21.01.2019).

3. Catro membros do órgano colexiado felicitaron ao novo xefe do Servizo de Produción e Realización polo seu nomeamento.

4. Receptividade da ministra de Facenda ante as reivindicacións da maioría dos organismos públicos autonómicos de radio e televisión en relación coa tributación do IVE.

5. A Dirección Xeral da Corporación RTVG realizou unha serie de observacións arredor do proceder seguido por parte dunha conselleira á hora de formular algunhas das preguntas que esta realizou no pleno.

6. A Dirección Xeral da Corporación expresou a súa perplexidade en función do contido dalgunhas preguntas realizadas por un dos conselleiros, no senso de que non lle

resultaba doado determinar se as realizou na súa condición de membro do Consello de Administración da Corporación RTVG ou en calquera outra condición.

2ª.- 26 de febreiro de 2019

Orde do día:

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 29.01.2019
- Elección do presidente/a do Consello de Administración da Corporación RTVG

Por unanimidade, elixida Ana I. Péon Piñeiro.

- Designación dos membros das comisións de Igualdade e Responsabilidade Social Corporativa, de Programación, de Recursos Humanos e de Renovación Tecnolóxica e Novas Canles

Por unanimidade, con efectos do 26.02.2019, designados:

- Igualdade e R.S.C.: de la Matta Cantó, Soler Vázquez-Guillén e Vilar Pumares
- Programación: de la Matta Cantó, Peón Piñeiro e Vilar Pumares
- Recursos Humanos: García Ferreiro, Meijide Gómez e Soler Vázquez-Guillén
- R. Tecnolóxica e N.C.: García Ferreiro, de la Matta Cantó e Soler Vázquez-Guillén

Asemade, tamén por unanimidade, con efectos do 26.02.2019, designáronse presidentes das anteditas comisións de participación, asesoramento ou de control interno a:

- Igualdade e Responsabilidade Social Corporativa, Vilar Pumares
- Programación, de la Matta Cantó
- Recursos Humanos, Soler Vázquez-Guillén
- Renovación Tecnolóxica e Novas Canles: García Ferreiro
- Informes do Director Xeral da Corporación RTVG

1. Sentenza ditada o 20.02.2019 pola Sala do Social do TSXG no procedemento sobre conflito colectivo número 0000044/2018
 2. Estado do saneamento do edificio principal das instalacións de San Marcos
 3. Evolución da cota de pantalla da TVG en xaneiro de 2019 e no período comprendido entre o 1 e o 25 de febreiro da mesma anualidade
 4. Acordo de colaboración comercial entre FORTA e a Corporació Catalana de Mitjans Audiovisuals, S.A.
 5. Novo modelo comercial de FORTA
 6. Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia: expediente S/DC/0617/17
 7. Modificación da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual
 8. Asociación Española de Radiodifusión Comercial (AERC): plataforma Radioplayer
- Contestación aos rogos e preguntas formulados polos conselleiros
 - Asuntos de trámite
 1. A secretaria non conselleira, atendendo ao rogo formulado por unha conselleira no pleno ordinario do 29.01.2019, expresou o seu parecer arredor de se as designacións, destitucións, nomeamentos e formalizacións de cesamentos de membros do equipo directivo deben ser abordados nun punto específico das sesións plenarias. Tomouse a decisión de debater esta cuestión no seo da Comisión de Regulamento e Réxime Interior.
 - Rogos e preguntas
 1. Causas do atraso do horario establecido para a emisión do *Tx-III* e apelación para que este espazo se difunda en directo (contestada o 26.03.2019).
 2. En relación coa nova da que foi protagonista o fiscal xefe da Audiencia Provincial de Ourense, beneficiado pola Xunta de Galicia co pagamento do alugueiro dun piso, razóns polas que non foi merecente dun vídeo no *Tx-I* do 12.01.2019 (contestada o 26.03.2019).

3. Tratamento informativo por parte da TVG do denominado caso Tándem -máis coñecido como caso Villarejo- seguido ante o Xulgado Central número 6 da Audiencia Nacional (contestada o 26.03.2019).
4. Razóns dos diferentes criterios xornalísticos empregados pola TVG á hora de abordar os seguintes acontecementos: os apupos dos que foron obxecto o 14.02.2019 dirixentes do PP que celebraron un acto na sede social do R.C. Celta de Vigo, S.A.D. por parte de afeccionados do club e as increpacións dirixidas a Íñigo Errejón Galván, neste caso o día 19 seguinte, logo de participar nun acto desenvolvido no Espazo Asociativo UVA do madrileño barrio de Hortaleza (contestada o 26.03.2019).
5. Motivos polos que o 21.02.2019 a TVG non se fixo eco da sentenza ditada pola Sección Primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG (confirmatoria da previa do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela) pola que se condenou ao Sergas a pagar unha indemnización de 30.000 euros á filla dun paciente de oitenta anos falecido en 2011 como consecuencia dun infarto de miocardio (contestada o 26.03.2019).
6. Crítica pola intervención do presidente da Xunta de Galicia no programa *Land Rober tunai show* do 14.02.2019, facendo política contra o alcalde de Vigo, así como polos comentarios machistas que se realizaron nalgunha oportunidade nesta produción (contestada o 26.03.2019).
7. Causas do distinto tratamento outorgado pola TVG ás manifestacións celebradas o 10.02.2019 en Madrid e Compostela por forzas da dereita/ultradereita e pola plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, respectivamente (contestada o 26.03.2019).
8. Motivos polos que entre o 03.01.2019 e o 25.02.2019 membros do executivo galego foron protagonistas de 18 entrevistas, así como cinco directores e subdirectores xerais (contestada o 26.03.2019).
9. Estado das relacións coa representación legal dos traballadores (contestada o 26.03.2019).
10. Solicitude de información relativa á sentenza ditada o 15.02.2019 polo Xulgado do Social número 1 de Santiago de Compostela no procedemento número 0000578/2018 (sobre despedimento) (contestada o 26.03.2019).

11. Permisos solicitados e outorgados ao correspondente desprazado a Venezuela para informar sobre a situación que se vivía neste país (contestada o 26.03.2019).

12. Utilización, ou non, da verba *ultraesquerda* ao referirse a Corporación RTVG aos actos convocados ou organizados pola entidade política Podemos (contestada o 26.03.2019).

13. Duración da información emitida pola TVG centrada no procedemento seguido perante a Sección Quinta da Audiencia Provincial de Madrid no coñecido como caso dos espías (tamén como caso Gamón), comparando o tempo reservado para dar conta da sentenza e as novas divulgadas a partir do 17.01.2009, concretamente logo do momento no que un medio escrito revelou este asunto (contestada o 26.03.2019).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

1. A Presidencia elevou o rogo consistente en que por parte da Dirección Xeral da Corporación RTVG se lle transmitise ao correspondente desprazado a Venezuela a súa solidariedade polo tratamento que se lle dispensou no Aeroporto Internacional Maiquetía Simón Bolívar (os restantes membros do Consello de Administración da Corporación RTVG sumáronse ao antedito rogo).

3º. 26 de marzo de 2019

Orde do día:

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 26.02.2019
- Formulación das contas anuais correspondentes ao exercicio 2018 (artigo 253.1 do Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de sociedades de capital).

Formuláronse as contas anuais da Corporación RTVG correspondentes ao exercicio 2018 (comprendidas do balance, as contas de perdas e ganancias, os estados de cambios no patrimonio neto, os estados de fluxos de efectivo e a memoria), o informe de xestión (incluído o estado de información non financeira) e a proposta de aplicación do resultado (asinados os documentos por todos os conselleiros antes da súa elevación á Xunta Xeral para a súa aprobación).

- Informes do Director Xeral da Corporación RTVG
 1. Canles internacionais de televisión da CRTVG.
- Contestación aos rogos e preguntas formulados polos conselleiros
- Asuntos de trámite
 1. A Dirección Xeral da Corporación RTVG deu conta da actuación de verificación do Consello de Contas de Galicia sobre o grao de cumprimento da normativa en materia de transparencia e publicidade nos procedementos de contratación desenvolvidos pola CRTVG e TVG, S.A. durante o exercicio 2015.
 2. En relación co escrito que se lle remitiu por parte da Dirección do Departamento de Recursos Humanos, no que se comunica que, en cumprimento do disposto no artigo 41.5. do Estatuto dos Traballadores, a empresa tomou a decisión de proceder á modificación substancial de carácter colectivo das súas condicións de traballo, un membro do Consello de Administración da Corporación RTVG (redactor en situación de excedencia especial) solicitou un informe da secretaria non conselleira sobre o momento concreto no que podería realizar alegacións.
- Rogos e preguntas
 1. Gala de entrega dos XXIII Premios de Teatro María Casares: razóns polas que a TVG non a retransmitiu (contestada o 23.04.2019).
 2. Documental titulado *Frankenstein 04155*: decisión adoptada pola Corporación RTVG en relación con esta obra audiovisual (contestada o 23.04.2019).
 3. Intervención de Antonio Sanchís García como convidado estrela do programa *Land Rober tunai show* do 28.02.2019: consideracións da Dirección arredor dela (contestada o 23.04.2019).
 4. Tratamento informativo outorgado pola TVG á confección das listaxes electorais de diversas entidades políticas, causas polas que a canle non deu conta da imputación por parte da Audiencia Nacional da persoa elixida polo presidente do PP para combater a corrupción nesta forza política e contido da entrevista incluída no *Bos días* do 18.03.2019 e da que foi protagonista o secretario xeral de Xuventudes Socialistas (contestada o 23.04.2019).

5. Consideracións de carácter técnico arredor da entrevista incluída no *Bos días* do 18.03.2019 da que foi protagonista o secretario xeral de Xuventudes Socialistas (contestada o 23.04.2019).
6. Estado das negociacións entre as representacións da parte social e da empresa (contestada o 23.04.2019).
7. Cobertura da campaña correspondente ás eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado convocadas para o 28.04.2019 e da xornada dos comicios: previsións da Corporación RTVG (contestada o 23.04.2019).
8. Cobertura das prazas vacantes existentes no cadro de persoal: determinacións previstas (contestada o 23.04.2019).
9. Posible necesidade de estudar, debater e avaliar detalladamente no seo do Consello de Administración da Corporación RTVG a débeda total pendente de recuperar de determinadas produtoras e doutras empresas subcontratistas, cifrada ao 31.12.2018 en 2.409.473 € (contestada o 23.04.2019).
10. En relación coa plataforma da LNFP denominada *La liga sports tv*, perante a eventualidade de que o piragüismo fose obxecto de atención nesta, condicionante que isto representa para a TVG á hora de incluír a devandita disciplina deportiva na súa oferta de programación (contestada na mesma sesión plenaria e o 23.04.2019).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- ✓ Unha conselleira realizou unha invocación dirixida ao equipo directivo da Corporación para que perseverase na liña de austeridade implantada, afastándose de dispendios tales como o que outro organismo público de comunicación tiña previsto realizar para se dotar dun estudio de gravación específico co propósito de utilizalo nas noites electorais do 28.04.2019 e 26.05.2019.

4ª.- 23 de abril de 2019

Orde do día:

- Aprobación da acta do pleno ordinario celebrado o 26.03.2019

- Informes do Director Xeral da Corporación RTVG.
 1. Audiencia do denominado *debate a catro* organizado pola Corporación de Radio y Televisión Española, S.A. e emitido o 22.04.2019
 2. Documento denominado *A oportunidade dos contidos de ficción en España. Análise de oportunidade*
 3. Datos derivados da primeira onda de 2019 do EXM
- Contestación aos rogos e preguntas formulados polos conselleiros
- Asuntos de trámite
 1. A secretaria non conselleira realizou unha serie de consideracións en relación co documento enviado a un membro do Consello de Administración da Corporación RTVG (en situación de excedencia especial) por parte da Dirección do Departamento de Recursos Humanos, no que se lle comunicou que, en cumprimento do disposto no artigo 41.5 do Estatuto dos Traballadores, a empresa tomara a decisión de proceder á modificación substancial de carácter colectivo das súas condicións de traballo.
- Rogos e preguntas
 1. Tratamento informativo dispensado pola Corporación ao colectivo *Defende a Galega*, gañador do XV Premio José Couso de Liberdade de Prensa (respondida o 28.05.2019).
 2. Previsións en relación coa futura participación da cantautora galega María Xosé Silvar Fernández (coñecida como SES ou Sés) na programación da CRTVG (respondida o 28.05.2019).
 3. Número de burofax ou comunicacións de diferente natureza enviados a distintos medios de comunicación por mor da publicación nestes de informacións que no parecer da Dirección non se axustaban á verdade (respondida o 28.05.2019).
 4. En relación coa antedita cuestión, motivos polos que se requiriron os servizos dunha empresa externa (respondida o 28.05.2019).
 5. Razóns polas que para o desenvolvemento dos traballos indicados no punto precedente non se utiliza o Departamento de Asesoría Xurídica (respondida o 28.05.2019).

6. Perspectivas no que atinxe á organización de cursos formativos vinculados coa perspectiva de xénero, dando conta das accións desenvolvidas no pasado co mesmo contido, e data prevista para a aprobación do Plan de igualdade (respondida o 28.05.2019).
7. Ao fío do acontecido na reunión que celebrou a Comisión de Regulamento e Réxime Interior o 08.04.2019, eventualidade de asignar puntualmente gastos de representación ao Consello de Administración da Corporación RTVG (respondida o 28.05.2019).
8. Partidas existentes no orzamento da empresa para atender os gastos de representación (profesionais que os teñen asignados, relación de vehículos de representación empregados, gastos de hostalería nos que se incorreu, etc.) (respondida o 28.05.2019).
9. Razóns dos distintos criterios empregados á hora de felicitar a profesionais dependentes da CRTVG cando son obxecto dalgún tipo de recoñecemento (respondida o 28.05.2019).
10. Licitación da estación intermodal de Lugo por parte do Adif: criterios seguidos nos informativos da TVG do 17.04.2019 á hora de dar conta desta nova (respondida o 28.05.2019).
11. Diversas consideracións relacionadas co plan de cobertura establecido pola Corporación RTVG en relación coa campaña das eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 28.04.2019 (respondida o 28.05.2019).
12. Relación de apercibimentos realizados polas xuntas electorais á Corporación RTVG durante a campaña das eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 28.04.2019 (respondida o 28.05.2019).
13. Decisións adoptadas pola Xunta Electoral Central en relación con dúas campañas da Xunta de Galicia polas súas *connotacións electoralistas*: tratamento outorgado na TVG e na Radio Galega e posible repercusión económica desas determinacións nos ingresos comerciais da Corporación RTVG (respondida o 28.05.2019).
14. Causas do distinto procedemento seguido pola TVG á hora de dar conta dos seguintes incidentes: o sucedido o 16.04.2019 nun acto electoral do PSOE en Vigo (protestas de traballadores de Ence Energía y Celulosa, S.A.) e o acontecido en Compostela o 13.04.2019 nas inmediateiros do mercado de Abastos, que obrigou ao

presidente da Xunta de Galicia a alterar a súa participación nun acto do PP (protestas de traballadores de Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.) (respondida o 28.05.2019).

15. Operación policial que tivo lugar en Compostela o 03.04.2019 e na que foron detidos os presuntos responsables dunha rede de trata de persoas, entre eles o ex-presidente de Xóvenes Agricultores-Asaja Galicia: cobertura por parte da Radio Galega e da TVG (respondida o 28.05.2019).

16. Relacións comerciais establecidas pola CRTVG e as súas sociedades ou pola CRTVG coa empresa Comuni-K2 Comunicación, S.A. (contestada o 24.07.2019).

17. Solicitud de información arredor da posible decisión de emitir gravado durante agosto de 2019 o espazo da Radio Galega denominado *Galicia por diante* (respondida o 28.05.2019).

18. Demanda de información referida ao expediente aberto a un profesional da Radio Galega (locutor de radio) (respondida o 28.05.2019).

19. Eivas de protocolo apreciadas cando a presidenta do Congreso dos Deputados acudiu ás instalacións de San Marcos (07.04.2019) co obxecto de ser entrevistada (respondida o 28.05.2019).

20. Contía dos gastos de representación nos que incorreron a CRTVG e as súas sociedades nos exercicios 2008 e 2009 (respondida o 28.05.2019).

21. Ao abeiro dos tempos empregados polos participantes no debate organizado pola TVG e desenvolvido o 16.04.2019 (campaña das eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 28.04.2019), posibilidade de establecer algún tipo de compensación para a entidade política que resultou fortemente penalizada (respondida o 28.05.2019).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- ⌋ Un membro do Consello de Administración deixou constancia do seu agradecemento ao profesional adscrito ao Servizo de Sistemas pola colaboración que prestou na reunión da Comisión de Regulamento e Réxime Interior do 08.04.2019.

5ª. 28 de maio de 2019

Orde do día:

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 23.04.2019
- Aprobación, se procede, do informe anual sobre a xestión da Corporación RTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2018)

Documento aprobado por cinco votos a favor, dous en contra e ningunha abstención.

- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 1. *As noites temáticas* da canle tvG2.
 2. Evolución da taxa de absentismo no período xaneiro-abril de 2019.
 3. Eleccións locais e de deputados ao Parlamento Europeo do 26.05.2019.
- Contestación aos rogos e preguntas formulados polos conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas
 1. Distinto tratamento outorgado as novas xeradas, dunha banda, nas localidades de Vigo, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo e Ferrol e, doutra banda, na cidade de Ourense (respondida o 25.06.2019).
 2. Solicitude de información sobre un caso de presunta discriminación sexista do que foi protagonista unha traballadora da Corporación RTVG (anteriormente adscrita á Área de Innovación e Negocio e despois á redacción da Radio Galega) (respondida o 25.06.2019).
 3. Razóns da inclusión dunha reportaxe na edición do 17.05.2019 de *A revista* sobre maquillaxe para nenas que ían facer a primeira comunión (respondida o 25.06.2019).
 4. Pedimento consistente no estreitamento das relacións co Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e coa Facultade de Ciencias da Comunicación da USC (respondida o 25.06.2019).

5. Colisión entre, dunha banda, o dereito á información e, doutra banda, dereitos contemplados nas leis orgánicas 1/1982, do 5 de maio, e 3/2018, do 5 de decembro (respondida o 25.06.2019).
6. Diversas preguntas relacionadas cos plans de cobertura establecidos para as campañas das eleccións locais e de deputados ao Parlamento Europeo do 26.05.2019 (horarios fixados pola TVG para a difusión dos debates e entrevistas, cota de pantalla lograda con estes, etc.) (respondida o 25.06.2019).
7. Situación dunha ex redactora da Corporación RTVG cuxa relación coa empresa se declarou como indefinida en primeira instancia e motivos polos que non se procedeu á execución provisional da sentenza en cuestión (respondida o 25.06.2019).
8. Solicitude de información detallada sobre o proxecto denominado G24 (marca unificadora de todos os contidos informativos da Corporación RTVG) (respondida o 25.06.2019).
9. Diversas aclaracións sobre o obxecto do expediente número 2019000192 (*Servizo de dixitalización de cintas de vídeo de diversos formatos, proxecto cofinanciado co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e co apoio da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia*) (respondida o 25.06.2019).
10. Observancia do disposto no Real decreto-lei 8/2019, do 8 de marzo, de medidas urxentes de protección social e de loita contra a precariedade laboral na xornada de traballo, no que atinxe ao rexistro diario da xornada (respondida o 25.06.2019).
11. Consideracións arredor da intervención da Dirección Xeral da Corporación RTVG perante a Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG do 22.05.2019 (respondida o 25.06.2019).
12. Ao fío do resultado logrado pola serie *O sabor das margaridas* mediante a súa difusión a través da plataforma de Netflix, Inc., posible existencia dalgún proxecto para continuar a liña de colaboración entre as partes (respondida o 25.06.2019).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

1. Unanimemente, condenouse calquera agresión contra os integrantes do cadro de persoal da Corporación RTVG, incluído o seu equipo directivo.
2. A Presidencia felicitou a todos os profesionais e membros do equipo directivo implicados nos operativos vinculados coa cobertura das campañas das eleccións locais e de deputados ao Parlamento Europeo, así como na programación especial difundida o 26.05.2019.
3. A Presidencia felicitou a Oliver Laxe, galardoado polo xurado do LXXII Festival de Cannes, sección *Unha certa mirada*, pola súa longametraxe *O que arde*, na que participa a Corporación RTVG.
4. Aludiuse á veracidade das novas xurdidas en determinados foros sobre posibles cambios na cúpula directiva da empresa.

6ª.- 25 de xuño de 2019

Orde do día:

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 28.05.2019
- Aprobación, se procede, do plan anual de actividades e dos anteproxectos de orzamentos da Corporación RTVG para 2020

Aprobados por cinco votos a favor, dous en contra e ningunha abstención.

- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 1. Mapa de tracción da CRTVG.
 2. Programación da TVG para o verán.
 3. Evolución da taxa de absentismo.
- Contestación por parte do director xeral da Corporación RTVG aos rogos e preguntas formulados polos conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas

1. Diversas consideracións sobre a nova incluída no *Tx-I* do 20.06.2019 titulada *Feijóo prepara Galicia para a vindeira década ante a "incerteza en España"* (contestada o 24.07.2019).
2. Problema demográfico ao que se enfronta Galicia: tratamento dispensado na TVG (contestada o 24.07.2019).
3. Razóns do distinto proceder seguido pola TVG á hora de dar conta da declaración prestada polo presidente en funcións da Deputación de Lugo perante o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Mondoñedo ('Telexornal Mediodía' do 17.06.2019) e da citación recibida por tres traballadores do Concello da Cañiza para declarar como investigados diante do Xulgado de Instrución número 2 de Ponteareas por retirar documentos oficiais ('Telexornal Serán' do 20.06.2019) (contestada o 24.07.2019).
4. Difusión da información sobre as tomas de posesión dos novos gobernos municipais: criterios aplicados pola TVG (contestada o 24.07.2019).
5. Ao fío da resposta ofrecida no pleno do 28.05.2019 en virtude do inquirido no anterior (23.04.2019), nova pregunta sobre as seguintes cuestións: gastos de representación ou partidas semellantes de remuneración existentes na CRTVG, traballadores aos que se lles asignaron estes (indicando a contía), relación de vehículos de representación empregados (sinalando quen os utiliza) e importe dos gastos de hostalería (contestadas o 24.07.2019).
6. En función do requirimento feito sobre o grao de desagregación dos datos de carácter económico referidos a diversas cuestións, solicitude do mesmo nivel de detalle en relación cos contabilizados en 2008 (contestada o 24.07.2019).
7. Atinente á utilización de vehículos oficiais, relación de membros do equipo directivo da CRTVG e as súas sociedades que fixeron uso daqueles entre os anos 2006 e 2009 (contestada o do 24.07.2019).
8. Referido á programación da Radio Galega para o verán de 2019, motivos polos que deberá difundir contidos xa emitidos na temporada outono 2018-primavera 2019 e, ademais, suprimir determinados espazos (contestada o 24.07.2019).
9. Resultado e consecuencias do xuízo que tivo lugar o 27.06.2019 na Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (autos número 22/2019, conflito colectivo en

materia de modificación substancial das condicións de traballo e vulneración do dereito á negociación colectiva) (contestada o 24.07.2019).

10. Causas polas que non se realizaron as eleccións sindicais nos centros de traballo de Vigo e da Coruña (contestada o 24.07.2019).

11. Repercusión da listaxe de vacacións anuais do cadro de persoal na programación da RG e da TVG, singularmente no ámbito informativo (contestada o 24.07.2019).

12. *Procedemento para a prevención do acoso no traballo*: motivos polos que se asinou o 24.01.2019 e polos que non se publicou na intranet corporativa ata o 18.06.2019 (contestada o 24.07.2019).

13. Roubo dun bebé por parte dunha rede de proxenetas desartellada polo Corpo Nacional de Policía: tratamento informativo dispensado no ‘Telexornal Mediodía’ do 15.06.2019 (contestada o 24.07.2019).

14. Suposto plaxio por parte da Deputación de Ourense en 2011 dun libro sobre Administración pública e que distribuíu como propio, con outro título, entre os seus traballadores e os dos concellos da provincia que asistiron a un curso para mellorar a calidade dos servizos públicos: razóns da omisión de referencias nos informativos da TVG do 21.06.2019 (contestada o 24.07.2019).

15. Mobilizacións dos mariñeiros xubilados galegos que reclaman contra o Goberno noruegués: razóns da omisión de referencias nos informativos da TVG do 21.06.2019 (contestada o 24.07.2019).

16. Denuncia realizada por UGT contra o PP polo despedimento de parte dos seus traballadores no Congreso dos Deputados e no Senado por falta de presuposto, quebrantando a súa propia normativa laboral de 2012: razóns da omisión de referencias nos informativos da TVG (contestada o 24.07.2019).

17. Implicación de Josep Piqué Camps, titular de distintas carteiras ministeriais entre 1996 e 2004, no presunto amaño dun contrato de OHL, S.A. no fracasado Campus da Xustiza de Madrid, dentro do chamado caso Lezo (18 e 19.06.2019): razóns da omisión de referencias nos informativos da TVG (contestada o do 24.07.2019).

18. Denuncia do presidente da Cidade Autónoma de Melilla sobre os borrados informáticos e o roubo de discos duros presuntamente perpetrados durante os últimos

días do mandato de Juan José Imbroda Ortiz (PP): razóns da omisión de referencias nos informativos da TVG do 18 e 19.06.2019 (contestada o 24.07.2019).

19. Apertura do xuízo oral por parte da titular do Xulgado de Instrución número 17 de Valencia a Francisco Camps Ortiz, ex-presidente da Generalitat, por presuntas irregularidades detectadas na construción do circuíto urbano de Fórmula 1: razóns da omisión de referencias nos informativos da TVG do 17.06.2019 (contestada o 24.07.2019).

20. Reiteración da pregunta formulada no pleno ordinario do 23.04.2019 sobre as relacións mantidas coa empresa Comuni-K2 Comunicación, S.A. (contestada o 24.07.2019).

21. Pedimentos de índole protocolaria acerca da información que habitualmente se proporciona sobre as modificacións que se introducen nas programacións das canles dependentes da Corporación RTVG e no que atinxe aos entrevistados en programas da Radio Galega e da TVG (contestada o 24.07.2019).

22. Proxectos de colaboración entre a CRTVG e Rádio e Televisão de Portugal para a materialización de novas producións audiovisuais (contestada o 24.07.2019).

7ª.- 24 de xullo de 2019

Orde do día:

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 28.06.2019
- Nomeamento polo Consello de Administración da Corporación RTVG de persoal directivo designado pola Dirección Xeral da Corporación RTVG

Nomeamento da xefa do Servizo de Extensión Audiovisual, creación dunha xerencia de proxecto (encadrada na Área de Xestión Corporativa) e modificación do posto anteriormente denominado adxunto á dirección xeral (agora Departamento de Organización e Xestión do Cambio).

- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 1. Mapa de tracción da Corporación RTVG (tracción da innovación)

2. Posible creación dunha canle de TDT en ultra alta definición (UHD) para os principais núcleos de poboación galegos

- Contestación aos rogos e preguntas formulados polos conselleiros

- Asuntos de trámite

- Rogos e preguntas

1. Declaración efectuada polo alcalde de Vilanova de Arousa o 25.06.2019 diante do Xulgado de Instrución número 3 de Pontevedra en virtude dos insultos proferidos por este contra a presidenta da Deputación de Pontevedra: actuación da TVG (contestada o 30.08.2019).

2. Proceso seguido contra a alcaldesa do Porriño no Xulgado do Penal número 1 de Pontevedra e a Sala Cuarta da Audiencia Provincial de Pontevedra: tratamento informativo dispensado pola TVG (contestada o 30.08.2019).

3. Alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, así como diversos concelleiros da localidade elixidos na candidatura presentada por Democracia Ourensana: atención que reciben na TVG (contestada o 30.08.2019).

4. Encargo feito no Parlamento Galego por unanimidade dun censo e unha estratexia para combater a soidade non desexada en Galicia, a partir da iniciativa de Noela Blanco Rodríguez: causas da nula repercusión que tivo na TVG (contestada o 30.08.2019).

5. Decisión adoptada polo presidente de México en relación cos contratos subscritos por Petróleos Mexicanos (Pemex) e estaleiros galegos: criterios seguidos na TVG á hora de abordar este asunto (contestada o 30.08.2019).

6. Tentativa de suicidio: razóns para incluír nos 'Telexornal Mediodía' e 'Telexornal Serán' do 25.06.2019 sendas informacións (contestada no pleno ordinario do 30.08.2019).

7. Sentenza ditada o 28.06.2019 pola Sala do Social do TSXG nos autos DFU 7/2019 (dereito á folga): repercusión económica para a CRTVG (contestada o 30.08.2019).

8. *Procedemento para a prevención do acoso no traballo*: contido da primeira reunión desenvolvida ao amparo deste documento (contestada o 30.08.2019).

9. Proposición non de lei formulada no lexislativo galego para prohibir totalmente a publicidade do xogo en liña e presencial: repercusións nos ingresos comerciais da Corporación para o suposto caso de que se aprobe (contestada o 30.08.2019).

10. Posible adquisición de unidades móbiles de televisión para emitir en HD e capacidade das existentes para difundir contidos coa devandita calidade (contestada o 30.08.2019).

11. Dereitos adquiridos pola CRTVG da LNFP en relación coas competicións organizadas por esta e correspondentes á temporada 2019/2020 (contestada o 27.09.2019).

8ª.- 30 de agosto de 2019

Orde do día:

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 24.07.2019
- Elección do presidente/a do Consello de Administración da Corporación RTVG
Elixida, por unanimidade, Beatriz Soler Vázquez-Guillén.
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 1. Contorna actual do sector audiovisual e liñas de actuación da Corporación RTVG
 2. Tendencias mundiais dos modelos de financiamento dos medios públicos de comunicación
 3. Incidente na unidade móbil dixital matrícula C-4795-BS (03.08.2019)
 4. Xestión dos recursos humanos da Radio Galega durante o verán de 2019
- Contestación aos rogos e preguntas formulados polos conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas
 1. Estratexia establecida para a tvG2 (contestada o 27.09.2019).

2. Segundo dividendo dixital: repercusións na Corporación RTVG, nomeadamente na cota de pantalla das canles de televisión dependentes desta (contestada o 27.09.2019).
3. Iniciativa formulada pola voceira do G.P. Popular no Congreso dos Deputados sobre a inseguridade existente en Barcelona: tratamento informativo dispensado pola TVG (contestada o 27.09.2019).
4. Anuncio publicado nun xornal galego para realizar a selección do condutor dun programa de cociña da TVG: motivos polo que estaba dirixido exclusivamente a homes (contestada o 27.09.2019).
5. Nacemento da filla dunha presentadora de *Land Rober tunai show*: causas polas que a TVG realizou un especial baseado neste acontecemento (contestada o 27.09.2019).
6. Plans establecidos na Área de Innovación e Negocio dirixidos aos potenciais clientes comerciais da Corporación RTVG (contestada o 27.09.2019).
7. Contido da información xerada a partir da iniciativa formulada pola voceira do G.P. Popular no Congreso dos Deputados sobre a inseguridade existente en Barcelona (contestada o 27.09.2019).
8. Emprazamento realizado pola voceira do G.P. no Congreso dos Deputados ao presidente do PPdeG para que impulsase en Galicia o proxecto denominado *España Suma*: causas polas que a TVG non deu conta deste (contestada o 27.09.2019).
9. Declaracións efectuadas por Alberto Núñez Feijóo á Cadena Ser sobre a posible formulación dunha proposta de investidura por parte do PSOE ao PP: motivos polos que a TVG non se fixo eco o 25.07.2019 das devanditas manifestacións (contestada o 27.09.2019).
10. Múltiples novas xurdidas arredor da comisión de posibles delitos ou irregularidades na xestión de Avalmadrid, S.R.G.: razóns polas que non se informou desta cuestión (contestada o 27.09.2019).
11. Novas xeradas no Consello de Contas: *O Consello de Contas cuestiona o aforro logrado pola Xunta no se plan para reducir os chiringuitos e Contas alerta de que a xudicialización de reclamacións ao Sergas xera unha medicina “defensiva” mala para o paciente*: fundamentos nos que se baseou a Área de Información e Documentación para non divulgalas (contestada o 27.09.2019).

12. Imputación por prevaricación ambiental do director xeral de Enerxía e Minas: causas polas que a TVG omitiu calquera referencia (contestada no pleno do 27.09.2019).

13. Condena imposta ao Sergas mediante sentenza do 17.07.2019 por confundir o cancro cunha patoloxía psiquiátrica, diagnosticado por un médico privado cunha simple ecografía: motivos polos que a TVG non informou sobre este asunto (contestada o 27.09.2019).

14. Novas xeradas polo bipartito que rexe o Concello de Ourense (dimisións en Democracia Ourensana para impedir que o alcalde cobre por dúas vías e denuncia formulada polo PSdeG-PSOE en rolda de prensa do 06.08.2019 pola contratación dunha morea de asesores no Concello e na Deputación Provincial de Ourense): tratamento informativo dispensado (contestada o 27.09.2019).

15. Decisións que o Concello de Vigo adoptou no pleno celebrado o 31.07.2019 (apelación á Xunta de Galicia para que adopte un plan de choque que reduza a espera para operarse e demanda ao Sergas para que salde a débeda histórica que mantén coa localidade): razóns polas que a TVG non deu conta delas (contestada o 27.09.2019).

16. Proporción das novas sobre sucesos incluídas nos Telexornais (contestada o 27.09.2019).

17. Situación do sistema de control horario (contestada o 27.09.2019).

18. Posible conculcación do disposto na Lei 9/2011, do 9 de novembro, en virtude das condicións contempladas no expediente para a contratación da subministración de tracto sucesivo e prezo unitario de contidos audiovisuais en lingua galega desde Arxentina para a CRTVG, S.A. (número 2019000238) (contestada o 27.09.2019).

19. Expediente número 2018000446 (*Alugueiro dun local destinado a almacén e usos complementarios para Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.*): solicitude de información (contestada o 27.09.2019).

20. Lingua nas emisións da TVG e da Radio Galega: apelación para que se vixíe a súa calidade (contestada o 27.09.2019).

21. Expediente S/DC/0617/17, incoado por parte da CNMC contra Atresmedia Corporación de Medios de Comunicación, S.A., Atres Advertising, S.L., Mediaset España Comunicación, S.A. e Publiespaña, S.A. por prácticas contrarias á competencia: solicitude de información sobre a súa situación (contestada o 27.09.2019).

22. Ampliación do número de asesores e eventuais nas deputacións provinciais da Coruña, Lugo e Pontevedra: número de novas difundidas pola TVG, indicando as datas e espazos nos que se divulgaron, así como a súa duración (contestada o 27.09.2019).

23. Problema de seguridade na cidade de Barcelona: novas emitidas pola TVG durante agosto de 2019 (contestada o 27.09.2019).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

1. Contido das respostas que se proporcionan en función do inquirido no apartado denominado *Contestación por parte do Director Xeral da Corporación RTVG aos rogos e preguntas formulados polos conselleiros*.
2. Diferentes xeitos de vulnerar nas emisións o dereito ao honor ou a presunción da inocencia de calquera persoa.
3. Inexistencia de criterios á hora de afrontar determinadas informacións, coma os casos de suicidios.
4. Actual etapa no eido político e a súa repercusión nos contidos informativos dos medios de comunicación dependentes da Corporación RTVG.
5. Contido da resposta ofrecida sobre os motivos polos que no `Telexornal Mediodía` e no `Telexornal Serán` do 25.06.2019 se incluíron sendas informacións sobre unha tentativa de suicidio.
6. Atención dispensada nos telexornais aos conflitos laborais, singularmente a aqueles que poden danar a imaxe do Goberno estatal.
7. Elenco de colaboradores que participan nos programas da Radio Galega e da TVG.

9ª.- 27 de setembro de 2019

Orde do día:

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 30.08.2019
- Aprobación, se procede, da modificación do cadro de persoal da Corporación RTVG

Aprobado por 5 votos a favor, 0 en contra e 2 abstencións.

- Aprobación, se procede, da modificación das Normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual emitida a través das canles e servizos conexos e interactivos da Corporación RTVG. Aprobada por unanimidade.
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 1. Sentenza ditada o 25.09.2019 pola Sección Primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento número 418/2018 (dereitos fundamentais).
 2. Consideracións arredor da evolución da cota de pantalla da TVG en TDT no período transcorrido dende o inicio de 2019.
- Contestación aos rogos e preguntas formulados polos conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas
 1. Parabéns dirixidos a Anxo Quintela González, galardoado co Premio Nacional de Xornalismo Cultural (Ministerio de Cultura e Deporte) e rogo consistente en que se valoren como corresponde os perfís profesionais de determinados traballadores da Corporación RTVG (contestada o 29.10.2019).
 2. Solicitude da listaxe de colaboradores que nos últimos cinco anos deixaron de participar nos faladoiros organizados pola Corporación RTVG e razóns polas que se considerou pertinente contar na temporada recentemente iniciada con quen ata hai pouco ocupou o cargo de Valedora do Pobo (contestada o 29.10.2019).
 3. Decisión de Twitter, Inc. e Facebook, Inc. sobre a eliminación de 359 contas falsas atribuídas ao Partido Popular: procedemento seguido pola TVG á hora de dar conta desta nova (contestada o 29.10.2019).
 4. Acto institucional desenvolvido na praza de Cibeles de Madrid o 19.09.2019 para condenar o asasinato dunha vítima da violencia machista e intervención no mesmo de representantes de Vox: razóns polas que nos Telexornais desa data non se informou sobre o acontecido (contestada o 29.10.2019).

5. Causas da ausencia de informacións baseadas na condena imposta pola Sala do Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias a Salvador Alba Mesa, xuíz da Audiencia das Palmas, omisión que contrasta coa atención que recibiu o suposto plaxio cometido polo presidente do Senado na redacción do manual denominado *Filosofía contemporánea* e a actuación desenvolvida pola titular do Xulgado de Instrución número 25 de Madrid en relación con tres deputados do G.P. Confederal de Unidas Podemos-En Comú Podem-Galicia en Común e unha ex-deputada (contestada o 29.10.2019).
6. Evolución dos ingresos comerciais conseguidos a través das desconexións territoriais da Radio Galega (contestada o 29.10.2019).
7. Consideracións arredor do concepto do denominado horario de máxima audiencia no eido televisivo (contestada o 29.10.2019).
8. Anulación por parte do TSXG dun concurso interno de 69 prazas na Deputación de Ourense: motivos polos que non se informou desta cuestión por parte da TVG (contestada o 29.10.2019).
9. Entrevistas concedidas polo presidente da Xunta de Galicia a La Voz de Galicia (09.09.2019) e Onda Cero (12.09.2019): causas polas que a TVG obviou o que para todos os medios foi o titular (unha coalición entre o PP e o PSOE resolvería moitos problemas) (contestada o 29.10.2019).
10. Decisión adoptada polo titular do Xulgado Central de Instrución número 6 da Audiencia Nacional en relación con Esperanza Aguirre y Gil de Biedma, Cristina Cifuentes Cuencas e Ignacio González González polo suposto financiamento ilegal do PP madrileño: tratamento informativo outorgado (contestada o 29.10.2019).
11. Conflito entre o Partido Popular do País Vasco e o PP (controversia que se escenificou entre o 8 e o 16.09.2019): razóns polas que a TVG unicamente configurou unha nova (‘Telexornal Mediodía’ do 14.09.2019) para dar conta desta controversia (contestada o 29.10.2019).
12. Declaracións realizadas o 09.09.2019 por Cristina Cifuentes Cuencas no espazo *El programa de Ana Rosa*: causas polas que a TVG non se fixo eco delas (contestada o 29.10.2019).

13. Diversos sucesos ocorridos en Pontevedra e Vigo, nomeadamente nesta última cidade, no 'Telexornal Serán' do 09.09.2019: motivos da atención prestada a estes (contestada o 29.10.2019).
14. Consideracións arredor da destacada radicación no 'Telexornal Mediodía' e 'Telexornal Serán' do 19.09.2019 da nova centrada na detención dun concelleiro de Torrejón de Ardoz por suposta posesión de pornografía infantil (contestada o 29.10.2019).
15. Criterio seguido á hora de configurar a nova centrada nunha contratación realizada pola alcaldesa de Móstoles ('Telexornal Serán' do 07.09.2019) (contestada o 29.10.2019).
16. Razóns pola que se deu conta da filiación política do concelleiro de Torrexón de Ardoz por supostamente estar en posesión de pornografía infantil ('Telexornal Mediodía' e 'Telexornal Serán' do 19.09.2019) (contestada o 29.10.2019).
17. Decisión adoptada pola Área de Goberno de Desenvolvemento Urbano do Concello de Madrid en relación coa vivenda do voceiro de Vox no Congreso dos Deputados, Iván Espinosa de los Monteros, e da portavoz desta formación política na Asemblea de Madrid, Rocío Monasterio San Martín: principio aplicado pola TVG para non informar sobre este asunto (contestada o 29.10.2019).
18. Inadvertencia da TVG sobre a decisión adoptada polo Tribunal Supremo que terá efectos no encarecemento do recibo da electricidade para os particulares (novos impostos autonómicos) (contestada o 29.10.2019).
19. Causas polas que no Tx-I do 26.09.2019 se incluíu a nova titulada *Dous ex-membros da executiva do PSdeG de Ourense sentan no banco dos acusados por un suposto caso de espionaxe* e pola contra se omitiu calquera referencia á defensa pública feita pola intendenta-xefe da Policía Local de Ourense en relación cos seus subordinados, respondendo aos ataques dos que foron obxecto por parte de Gonzalo Pérez Jácome (contestada o 29.10.2019).
20. Situación da ex-tesoureira de Audasa, en prisión provisional polo suposto desvío dun millón de euros: razóns polas que a TVG non informou dela nos informativos do 20.09.2019 (contestada o 29.10.2019).

21. Proceder seguido pola TVG á hora de obviar a difusión de novas críticas co Sergas (contestada o 29.10.2019).
22. Información emitida no `Telexornal Mediodía` do 13.09.2019 sobre a suposta toxicidade das augas da Chavasqueira (entrevistas na rúa): consideracións arredor dela (contestada o 29.10.2019).
23. Motivos polos que en determinadas informacións sobre o suceso ocorrido en Valga o 16.09.2019 non se observou o disposto no apartado VI das *Recomendacións do Consello de Administración da CRTVG sobre o tratamento dos casos de violencia machista nos medios de comunicación públicos galegos* (contestada o 29.10.2019).
24. Novas observacións sobre a decisión de incluír no `Telexornal Mediodía` e `Telexornal Serán` do 25.06.2019 informacións baseadas nunha tentativa de suicidio (Ourense) (contestada o 29.10.2019).
25. Estado de elaboración do plan de cobertura correspondente ás eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado previstas para o 10.11.2019 (contestada o 29.10.2019).
26. Razóns da contratación do despacho On Tax & Leg, S.L.P. para a defensa dos intereses da Corporación RTVG no xuízo seguido perante o Xulgado do Social número 4 da Coruña por mor da demanda interposta por esta contra o laudo arbitral polo que se determinou que na delegación da Coruña correspondía elixir tres delegados de persoal (contestada o 29.10.2019).
27. Opinión da Dirección en relación coa demanda presentada por un dos condutores principais do *Galicia por diante* contra CCOO en función da denuncia pública feita por este sindicato como consecuencia da conversa mantida entre o antedito profesional da Radio Galega e unha bolseira que interviña no espazo referido previamente, feitos que se produciron o 17.06.2019 (contestada o 29.10.2019).
28. Decisións adoptadas na delegación de Bruxelas (cambio de correspondente) (contestada no pleno do 29.10.2019).
29. Parecer da Dirección sobre os contidos do programa *Tendencias*, dando conta do custo desta produción e dos posibles retornos comerciais (contestada o 29.10.2019).

30. Consideracións arredor da sesión desenvolvida o 19.09.2019 no estudio de gravación número 5 denominada *Dixitalización, innovación e futuro* (contestada o 29.10.2019).

31. Eventual recuperación do criterio implantado na extinta CRTVG durante o período do denominado bipartito, consistente en que se algún rexedor municipal socialista era condenado pola comisión dun delito urbanístico en ningún momento se daba conta da súa filiación política (contestada o 29.10.2019).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

1. Repercusión que teñen os rogos e preguntas que formulan dous conselleiros nas distintas sesións plenarias sobre a actividade da Área de Información e Documentación.
2. Valoración da actuación da TVG ante o suceso ocorrido en Valga o 16.09.2019.
3. Necesidade de identificar a quen é detido pola suposta comisión de delitos especialmente noxentos.

10ª.- 29 de outubro de 2019

Orde do día:

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 27.09.2019
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 1. Evolución da cota de pantalla da TVG na TDT
- Contestación aos rogos e preguntas formulados polos conselleiros
- Asuntos de trámite
 1. A Dirección Xeral da Corporación RTVG deu conta da comunicación realizada polo delegado especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo mediante escrito do 01.10.2019 e na que se notificou a obtención por parte da Corporación RTVG do indicador ARDÁN (*Empresa igual en xénero 2019*).
- Rogos e preguntas

1. Tratamento informativo dispensado no 'Telexornal Serán' do 16.10.2019 á comparecencia en directo do presidente do Goberno estatal (contestada o 26.11.2019).
2. Criterio establecido á hora de seleccionar os protagonistas da nova incluída no *Tx-//* do 16.10.2019 baseada na concentración de veciños das Pontes nas inmediacións do Congreso dos Deputados (contestada o 26.11.2019).
3. Motivos polos que a TVG non deu conta da anulación dunha multa de aparcamento que se lle impuxo a Gonzalo Pérez Jácome por parte da Policía Municipal de Ourense (contestada o 26.11.2019).
4. Razóns polas que a TVG non informou sobre a decisión adoptada polo voceiro de Democracia Ourensana na capital de Ourense, Miguel Caride Domínguez, consistente en alugar un vehículo de luxo para se desprazar a Compostela (contestada o 26.11.2019).
5. Causas do distinto tratamento informativo dispensado a dúas novas das que foi protagonista Yolanda Díaz Pérez: no 'Telexornal Mediodía' do 19.09.2019, cando o Xulgado de Instrución número 25 de Madrid lle abriu unha investigación pola suposta comisión dun presunto atentado contra a autoridade, e o 16.10.2019, tamén no 'Telexornal Mediodía', cando deixou de estar investigada polo xulgado en cuestión (contestada o 26.11.2019).
6. Tratamento informativo nos telexornais do 25.10.2019 á decisión adoptada pola Sección Segunda da Audiencia Provincial de Ourense en relación con quen fora alcalde de Ourense, Francisco Rodríguez Fernández, dous ex-concelleiros e quen ocupou o cargo de director xeral de Rehabilitación Urbana (contestada o 26.11.2019).
7. Omisión na TVG de calquera referencia sobre as decisións adoptadas pola Comisión Disciplinaria e polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial en relación coa titular do Xulgado de Instrución número 1 de Lugo (Pilar de Lara Cifuentes) (contestada o 26.11.2019).
8. Motivos polos que a TVG non deu conta da decisión adoptada polo TSXG en relación con varios permisos outorgados pola Xunta de Galicia para construír un parque eólico no monte Oribio (Triacastela e Samos) (contestada o 26.11.2019).

9. Información difundida pola TVG sobre o xuízo iniciado na Audiencia Provincial da Coruña contra dous ex-altos cargos da Consellería de Medio Ambiente en 2011 pola dragaxe irregular da ría de Ferrol (contestada o 26.11.2019).
10. Desatención pola TVG da nova baseada na decisión adoptada polo Ministerio de Xustiza relacionada coa apertura de 13 fosas do franquismo (contestada o 26.11.2019).
11. Razóns polas que a TVG non divulgou o 22.10.2019 a saída do cárcere de quen fora presidente de Xóvenes Agricultores, acusado de integrar unha rede de trata de mulleres (contestada o 26.11.2019).
12. Omisión na TVG da denuncia feita por CCOO no Día Internacional para a Erradicación da Pobreza (17.10.2019), concretamente que máis de 500.000 galegos son pobres (contestada o 26.11.2019).
13. Tratamento ofrecido no `Telexornal Mediodía fin de semana` do 27.10.2019 ao acto organizado polo PSOE na Coruña e no que tomou parte Pedro Sánchez Pérez-Castejón (referencias á finalización das obras do AVE) (contestada o 26.11.2019).
14. Diversas consideracións arredor do Plan de cobertura da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (TVG, Radio Galega e crtvg.gal) relativo ás eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 10.11.2019 (contestada o 26.11.2019).
15. Cobertura técnica do I Foro Atlántico (A Toxa, días 3, 4 e 5.10.2019) (contestada o 26.11.2019).
16. Determinacións da Dirección en relación co posible establecemento dun novo plan de acceso á xubilación parcial do persoal (contestada o 26.11.2019).
17. Solicitude consistente en dotar os postos dixitais de informativos e programas de pantallas complementarias (posibilidade de que este pedimento xa estea incluído no expediente denominado Renovación das estacións de traballo da CRTVG) (contestada o 26.11.2019).
18. Continxencia na redacción da TVG (caída do sistema de produción dixital provocado polo software de Avid Technology, Inc.) (contestada o 26.11.2019).
19. Continxencia na redacción da TVG (xurdimento de pingueiras) (contestada o 26.11.2019).

20. Ingresos obtidos pola Corporación RTVG en 2019 pola comercialización de produtos audiovisuais sobre os que se posúen os correspondentes dereitos (contestada o 26.11.2019).

21. Solicitud de información sobre as novidades que se produciron na resolución do expediente S/DC/0617/17, incoado por parte da CNMC contra Atresmedia Corporación de Medios de Comunicación, S.A., Atres Advertising, S.L., Mediaset España Comunicación, S.A. e Publiespaña, S.A. por prácticas contrarias á competencia (contestada o 26.11.2019).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

1. Reparos arredor das respostas ofrecidas á preguntas formuladas no pleno ordinario anterior (27.09.2019).
2. Parabéns polo recoñecemento á CRTVG por parte do Consorcio da Zona Franca de Vigo, a través do servizo de información ARDÁN (Empresa igual en xénero).
3. Parabéns pola difusión, a través da G2, da conversa mantida, dentro do I Foro Atlántico, entre Felipe González Márquez e Mariano Rajoy Brey.
4. Posibles dificultades da Área de Información e Documentación á hora de facer fronte aos problemas de multipersonalidade que parecen padecer algúns dirixentes do PSOE.

11ª.- 26 de novembro de 2019

Orde do día:

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 29.10.2019
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 1. Expediente S/DC/0617/17 da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC)
 2. Programa *Aquí Galicia/Aquí Portugal* do 16.11.2019
- Contestación aos rogos e preguntas formulados polos conselleiros
- Asuntos de trámite

- Rogos e preguntas

1. Se por parte da Corporación RTVG se realizan enquisas periódicas que lle permitan analizar a súa imaxe de marca, a súa reputación, a percepción que dela ten a cidadanía, etc. (contestada o 19.12.2019).
2. Estado da tramitación do Plan de igualdade (contestada o 19.12.2019).
3. Incumprimento dos acordos alcanzados entre a empresa e a representación legal dos traballadores para rotar os equipos encargados de cubrir as actividades das diferentes entidades políticas durante as campañas electorais (contestada o 19.12.2019).
4. Tratamento informativo dispensado na TVG á intoxicación de menores en varios centros escolares públicos da provincia de Pontevedra (feitos ocorridos en outubro e novembro de 2019) (contestada o 19.12.2019).
5. Criterios aplicados no 'Telexornal Mediodía' do 5 de novembro de 2019 á hora de elaborar a nova titulada *O paro sobe en case 98.000 persoas en toda España* (contestada o 19.12.2019).
6. Solicitud para que a información que mensualmente se proporciona no seo da Comisión de Programación sobre a evolución da cota de pantalla da TVG se complete cos datos referidos ás descargas que se realizan na sección da web denominada *Á carta*, ás interaccións nas redes sociais, etc. (contestada o 19.12.2019).
7. Cobertura outorgada á intervención do alcalde de Vigo no espazo *Aquí Galicia* do 23 de novembro de 2019 cando este procedeu ao acendido das luces do nadal (contestada o 19.12.2019).
8. Contido do programa da produción *Segredos-desmontando Galicia* do 18 de novembro de 2019, titulado *Desmontando Rande* (contestada o 19.12.2019).
9. Tratamento que recibiron na TVG os pronunciamentos do presidente da Xunta de Galicia e do PPdeG para que o Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados facilitase a investidura de Pedro Sánchez Pérez-Castejón como presidente do Goberno estatal (contestada o 19.12.2019).
10. Parecer da Dirección Xeral da Corporación RTVG sobre diversos feitos acaecidos na Radio Galega (contestada o 19.12.2019).

11. Solicitud detallada dos proxectos formulados ao fío da iniciativa *IdeasG* (contestada o 19.12.2019).
12. Repercusións nas redaccións da TVG e da Radio Galega en virtude do anuncio realizado na intranet corporativa para poder realizar chamadas de ámbito internacional (contestada o 19.12.2019).
13. Solicitud da entrega das resolucións da Xunta Electoral Provincial da Coruña e da Xunta Electoral Central en función das reclamacións efectuadas durante a campaña das eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 10.11.2019 sobre o debate e as entrevistas organizadas pola Corporación RTVG (contestada o 19.12.2019).
14. Posibles incidencias durante o proxecto de resintonización (cambio de frecuencias de televisión dixital terrestre) que principiou na provincia de Lugo (contestada o 19.12.2019).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

1. Resposta proporcionada ao fío da pregunta efectuada no anterior pleno ordinario sobre o tratamento informativo outorgado nos telexornais do 25.10.2019 á decisión adoptada pola Sección Segunda da Audiencia Provincial de Ourense en relación con quen fora alcalde de Ourense, Francisco Rodríguez Fernández, dous ex concelleiros e quen ocupou o cargo de director xeral de Rehabilitación Urbana.
2. Causas polas que dous membros do Consello de Administración da Corporación RTVG poñen de manifesto exemplos de novas nas que, segundo o seu parecer, se incumpren os criterios que deben ser observados pola CRTVG en materia informativa.
3. Resposta conxunta que se ofreceu a partir de 11 preguntas realizadas no anterior pleno ordinario.
4. Necesidade de debater arredor da porcentaxe que representan as denominadas novas de sucesos nos telexornais, especialmente no `Telexornal Serán`.
5. Proceder seguido na web corporativa á hora de redactar a nova relativa á desaparición dunha moza na localidade de Oroso, felizmente atopada na mañá do 17.11.2019.
6. Rogo consistente en que todos os traballadores da Corporación RTVG poidan acceder aos datos que subministran Kantar Media, S.A. e a AIMC.

7. Parabéns dirixidos a Francisco Campos Freire, Director Xeral da CRTVG entre 1994 e 2005, recoñecido pola Asociación de Periodistas de Galicia co outorgamento do Premio Diego Bernal 2020.

8. En virtude das dificultades existentes na actualidade para exercer o xornalismo como correspondería, unha conselleira felicitou a todos aqueles profesionais con responsabilidades na Área de Información e Documentación e aos traballadores que prestan servizos nela.

9. Consideración que reciben as boas noticias na actualidade nos diversos medios de comunicación.

10. Parabéns dirixidos aos responsables do proxecto #InstaGal, que retrata a diversidade lingüística de Galicia nas redes sociais (finalista nos IV Premios Paraugas de Comunicación e Marketing de Galicia).

11. Repercusión obtida polo programa *Aquí Galicia/Aquí Portugal* do 16.11.2019.

12. Situación da empresa en materia de igualdade e posible adopción de medidas para evitar o acoso en liña das mulleres xornalistas.

13. Labor que leva a cabo e proxectos que desenvolve a Corporación RTVG en apartados distintos do puramente informativo.

12ª.- 19 de decembro de 2019

Orde do día:

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 26.11.2019
- Aprobación, se procede, do Plan xeral de actuación da Corporación RTVG para 2020

Aprobado por 5 votos a favor, 2 en contra e 0 abstencións.

- Designación, se procede, de María García de la Concha Álvarez como secretaria non membro do Consello de Administración da Corporación RTVG por un prazo adicional dun ano contado a partir do 01.01.2020

Designada por 5 votos a favor, 0 en contra e 2 abstencións.

- Informes do Director Xeral da Corporación RTVG
 1. Manifesto asinado polos sistemas públicos de comunicación agrupados en FORTA sobre o tratamento informativo da cuestión do cambio climático
 2. Cambio técnico na difusión dos sinais internacionais da Corporación RTVG
- Destitución e formalización de cesamento de persoal directivo da Corporación RTVG (artigos 19.1.b e 26.2.g da Lei 9/2011, do 9 de novembro)

Notificada a destitución, a pedimento propio, con efectos do 06.01.2020, de Carlos Carballo Varela como subdirector do Departamento de Medios.
- Contestación aos rogos e preguntas formulados polos conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas
 1. Tratamento informativo dispensado no *Tx-II* do 16.10.2019 á comparecencia en directo do presidente do Goberno estatal (reiteración da pregunta realizada no pleno ordinario do 29.10.2019).
 2. Criterio establecido á hora de seleccionar os protagonistas da nova incluída no *Tx-II* do 16.10.2019 baseada na concentración de veciños das Pontes nas inmediacións do Congreso dos Deputados (reiteración da pregunta realizada no pleno ordinario do 29.10.2019).
 3. Motivos polos que a TVG non deu conta da anulación dunha multa de aparcamento que se lle impuxo a Gonzalo Pérez Jácome por parte da Policía Municipal de Ourense (reiteración da pregunta realizada no pleno ordinario do 29.10.2019).
 4. Razóns polas que a TVG non informou sobre a decisión adoptada polo voceiro de Democracia Ourensana na capital de Ourense, Miguel Caride Domínguez, consistente en alugar un vehículo de luxo para se desprazar a Compostela (reiteración da pregunta realizada no pleno ordinario do 29.10.2019).
 5. Omisión na TVG de calquera referencia sobre as decisións adoptadas pola Comisión Disciplinaria e polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial en relación coa titular do Xulgado de Instrución número 1 de Lugo (reiteración da pregunta realizada no pleno ordinario do 29.10.2019).
 6. Motivos polos que a TVG non deu conta da decisión adoptada polo TSXG en relación con varios permisos outorgados pola Xunta de Galicia para construír un parque eólico no monte Oribio (Triacastela e Samos) (reiteración da pregunta realizada no pleno ordinario do 29.10.2019).

7. Información difundida pola TVG sobre o xuízo iniciado na Audiencia Provincial da Coruña contra dous ex-altos cargos da Consellería de Medio Ambiente en 2011 pola dragaxe irregular da ría de Ferrol (reiteración da pregunta realizada no pleno ordinario do 29.10.2019).
8. Desatención pola TVG da nova baseada na decisión adoptada polo Ministerio de Xustiza relacionada coa apertura de 13 fosas do franquismo (reiteración da pregunta realizada no pleno ordinario do 29.10.2019).
9. Razóns polas que a TVG non divulgou o 22.10.2019 a saída do cárcere de quen fora presidente de Xóvenes Agricultores, acusado de integrar unha rede de trata de mulleres (reiteración da pregunta realizada no pleno ordinario do 29.10.2019).
10. Omisión na TVG da denuncia feita por CCOO no Día Internacional para a Erradicación da Pobreza (17.10.2019), concretamente que máis de 500.000 galegos son pobres (reiteración da pregunta realizada no pleno ordinario do 29.10.2019).
11. Tratamento ofrecido no *Tx-I fin de semana* do 27.10.2019 ao acto organizado polo PSOE na Coruña e no que tomou parte Pedro Sánchez Pérez-Castejón (referencias á finalización das obras do AVE) (reiteración da pregunta realizada no pleno ordinario do 29.10.2019).
12. Tratamento informativo dispensado no `Telexornal Mediodía` e `Telexornal Serán` do 12 e 19.12.2019 ao parto de urxencia que se produciu no Hospital Público de Verín e á protesta que se escenificou no exterior do Parlamento de Galicia por mor das decisións da Xunta de Galicia en materia sanitaria, respectivamente.
13. En relación co Cumio do Clima 2019, celebrado en Madrid entre os días 2 e 13.12.2019, razóns da distinta atención dispensada pola TVG á participación neste evento de dúas conselleiras da Xunta de Galicia, dunha banda, e dos rexedores dos municipios de Lugo, Pontevedra e Vigo e da presidenta da Deputación de Pontevedra, doutra banda.
14. Motivos da omisión nos informativos da TVG do informe emitido polo Consello de Europa, coñecido o 11.12.2019, sobre a situación do idioma galego no país.
15. Causas da distinta cobertura realizada pola TVG sobre dous casos de suposta corrupción coñecidos o 10.12.2019: a entrega á Administración de xustiza por parte da Xunta de Andalucía de documentación relacionada cos expedientes de regulación de emprego e o achado polo Goberno da Comunidade de Madrid de 200 contratos coa coñecida como cláusula do 1% para o presunto financiamento ilegal do PP.
16. Nova difundida no `Telexornal Mediodía` do 12.12.2019 baseada na condena imposta pola Audiencia Provincial de Burgos a tres ex xogadores do Arandina C.F.

17. Pedimento de información sobre o contrato vinculado coa produción titulada *Malicia noticias* e parecer da Dirección en relación coa filosofía e contido deste programa.

18. Cumprimento das especificacións técnicas requiridas por parte da empresa encargada de dixitalizar os contidos gravados en arredor de 5.000 cintas Betacam e solicitude de información detallada sobre o proceso de dixitalización do material depositado no Servizo de Arquivo e Documentación.

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

1. Resposta conxunta ofrecida no pleno ordinario do 26.11.2019 ao fío dunha serie de preguntas realizadas no precedente (29.10.2019).
2. Atención que recibiron por parte da Dirección as propostas elevadas por parte de dous conselleiros dende a constitución do Consello de Administración da CRTVG.
3. Procedemento establecido para o desenvolvemento do apartado da orde do día denominado *Rogos e preguntas*.
4. Rogo dirixido ao equipo directivo da CRTVG por parte dun membro do Consello de Administración da Corporación para que, agás en casos de emerxencia, non se poñan en comunicación con el a través do número do seu teléfono móbil persoal.
5. Solicitude dunha conselleira para a Dirección Xeral da Corporación RTVG trasladase o seu apoio e solidariedade aos traballadores adscritos á Área de Información e Documentación ante os ataques dos que é obxecto a súa profesionalidade

● **Resumo de asuntos tratados:**

SESIÓN PLENARIA	NÚM. DE ASUNTOS TRATADOS NO APARTADO INFORMES DO DIRECTOR XERAL DA CORPORACIÓN RTVG [1]	OUTROS INFORMES DA DIRECCIÓN XERAL DA CORPORACIÓN RTVG [1] E DECISIONS SOBRE ASUNTOS DIVERSOS	CUESTIÓN INCLUIDA NO APARTADO ASUNTOS DE TRÁMITE
29.01.2019	4	0	1
26.02.2019	8	2	1
26.03.2019	1	2	1
23.04.2019	3	1	1
28.05.2019	3	0	0

25.06.2019	3	1	0
24.07.2019	2	1	0
30.08.2019	4	1	0
27.09.2019	2	2	0
29.10.2019	1	0	1
26.11.2019	2	0	0
19.12.2019	2	3	0
TOTAL	35	13	5

[1] Contabilízanse exclusivamente os informes facilitados en función dos títulos atribuídos a estes nas actas das sesións plenarias, é dicir, obviando que algúns deles abranguían varios asuntos. Tampouco se computan as cuestións colaterais xurdidas a partir dos devanditos informes. Ademais, respostas a determinadas preguntas cualificáronse como informes en senso estrito.

- Rogos e preguntas dirixidos á Dirección Xeral da Corporación RTVG e atendidos por esta (na mesma sesión plenaria ou noutra posterior):

SESIÓN PLENARIA	FORMULADOS	ATENDIDOS NO MESMO PLENO	ROGOS E PREGUNTAS ATENDIDOS DE ANTERIORES PLENOS	OUTROS ROGOS OU CONSIDERAC.
29.01.2019	17	0	16	6
26.02.2019	13	0	17	1
26.03.2019	10	1	13	1
23.04.2019	21	0	10	1
28.05.2019	12	0	20	4
25.06.2019	22	0	12	0
24.07.2019	11	0	23	0
30.08.2019	23	0	10	7
27.09.2019	31	0	24	3
29.10.2019	21	0	31	4
26.11.2019	14	0	21	13
19.12.2019	18	0	14	5
TOTAL	213	1	211	45

* Cómpre salientar que non se enumeran:

- As respostas ofrecidas ao fío das intervencións posteriores dos conselleiros en relación cos asuntos sobre os que informou a Dirección Xeral da Corporación RTVG en cada sesión plenaria, como tampouco as numerosas aclaracións demandadas por aqueles e atendidas por esta.
- As re preguntas ou aclaracións sobre preguntas previas.

Igualmente, é necesario subliñar que algunhas cuestións concretas suscitadas en sesións plenarias foron respondidas e/ou completadas por representantes da Dirección Xeral da Corporación RTVG en xuntanzas das comisións de participación.

11.2.2. Decisións adoptadas polo socio único da Corporación RTVG

O 07.05.2019 a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (representada pola secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia), na súa condición de socio único da Corporación RTVG, por ser titular do 100% do seu capital social, decidiu, de conformidade co artigo 15 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, exercer as competencias da Xunta Xeral Universal para adoptar as seguintes decisións:

- Despois de proceder á súa lectura e exame, aprobar as contas anuais, o informe de xestión (que inclúe o estado de información non financeira) e a proposta de aplicación do resultado da Corporación RTVG correspondentes ao exercicio social pechado a 31.12.2018, previa formulación daquelas por parte do Consello de Administración da Corporación RTVG no pleno ordinario do 26.03.2019.
- Aprobar a xestión desenvolvida polo Consello de Administración da Corporación RTVG durante o exercicio social pechado a 31.12.2018.
- Facultar expresamente á secretaria non conselleira para que puidese elevar a público as decisións adoptadas polo socio único nesa data, quedando habilitada, así mesmo, para realizar cantas actuacións fosen necesarias para a validez das devanditas decisións e a súa inscrición, total ou parcial, nos rexistros públicos correspondentes.

11.2.3. Órganos ou comisións de participación, asesoramento ou de control interno

O artigo 12.3 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, obriga a constituír no seo do Consello de Administración unha Comisión de Economía e Control (mandato reiterado no artigo 11.2 dos estatutos sociais). Así mesmo, o artigo 19.1.e da Lei 9/2011, do 9 de novembro, facúltao para aprobar a creación dos órganos ou das comisións de participación, asesoramento ou de control interno (potestade na que se reincide no artigo 11.2 dos estatutos sociais).

En virtude do exposto, creáronse as seguintes comisións:

- Economía e Control (pleno ordinario do 04.01.2016)
- Igualdade e Responsabilidade Social Corporativa (pleno ordinario do 26.02.2016)
- Programación (pleno ordinario do 26.02.2016)
- Recursos Humanos (pleno ordinario do 26.02.2016)
- Regulamento e Réxime Interior (pleno ordinario do 19.01.2016)
- Renovación Tecnolóxica e Novas Canles (pleno ordinario do 26.02.2016)

11.2.3.1. Comisión de Economía e Control

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, determina no seu artigo 28 que o número de membros e as normas de funcionamento da Comisión de Economía e Control fixaranse estatutariamente (ou, se é o caso, polas normas de funcionamento interno da entidade, que, en todo caso, favorecerán a independencia do seu funcionamento). Dando cumprimento a ese mandato, o artigo 20.1. dos estatutos sociais dispón a creación dunha Comisión de Economía e Control, que será formada na primeira sesión do Consello de Administración da CRTVG e estará composta por tres membros.

Engade que os seus integrantes desempeñarán o cargo por un período de tres anos e cesarán cando o fagan na súa condición de conselleiros, cando así o acorde o Consello de Administración da CRTVG ou polo transcurso do prazo establecido para o desempeño do seu cargo.

Son competencias da devandita comisión:

- O seguimento do estado financeiro da Corporación RTVG, así como o estrito cumprimento do servizo público para o cal foi creada. Para iso, poderá requirir tanta información coide necesaria para poder exercer as súas funcións.
- A supervisión das contas anuais de cada exercicio e a formulación das observacións que considere axeitadas.
- A supervisión do plan anual de actividades, da memoria anual e dos anteproxectos de orzamentos da Corporación RTVG.
- A análise das liñas xerais de asignación orzamentaria de cada exercicio e dos criterios utilizados para a súa elaboración.
- A supervisión dos plans financeiros plurianuais.
- A realización dun seguimento e análise da xestión e evolución da execución orzamentaria.
- O seguimento da evolución dos ingresos comerciais.
- A supervisión, con carácter trimestral, da posición financeira da Corporación RTVG.

No artigo 20.4 dos estatutos sociais especificase que o funcionamento da Comisión de Economía e Control se debe fixar no regulamento de funcionamento aprobado polo Consello de Administración da Corporación RTVG, debendo reunirse, en todo caso, con periodicidade, polo menos, trimestral, e cada vez que a convoque o seu presidente, que será elixido polo Consello de Administración da Corporación RTVG na súa primeira sesión.

- Creada no pleno ordinario do 04.01.2016.
- Integrada por Xosé Antón García Ferreiro, Higinio Meijide Gómez e Ana I. Peón Piñeiro (elixidos no pleno ordinario do 04.01.2016). Designados novamente para o cargo no pleno ordinario do 20.12.2018 (con efectos do 04.01.2019).
- Presidente: Higinio Meijide Gómez, elixido no pleno ordinario do 26.02.2016 e reelixido no pleno ordinario do 20.12.2018 (con efectos do 04.01.2019).

Reunións realizadas durante o exercicio 2019:

1 08.01.2019

Comparecente: xefe do Servizo de Coordinación e Control da Xestión

Asunto: posición financeira ao 31 de decembro de 2018

2 15.01.2019

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asunto: ingresos publicitarios en decembro de 2018 e no acumulado do exercicio

3 22.01.2019

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: plan de actuación relacionado co peche contable do exercicio 2018

4 05.02.2019

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asunto: ingresos publicitarios logrados en xaneiro de 2019

5 12.02.2019

Comparecente: subdirector do Departamento de Contratación, Patrimonio e Servizos Comúns

Asuntos: contratos administrativos adxudicados en 2018 e actuacións desenvolvidas en materia de control e transparencia no ámbito da contratación administrativa

6 19.02.2019

Comparecente: director xerente da Área de Xestión Corporativa

Asunto: estado de información non financeira (Lei 1/2018, do 28 de decembro, pola que se modifica o Código de Comercio, o texto refundido da Lei de sociedades de capital aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, e a Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, en materia de información non financeira e diversidade)

7 12.03.2019

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asunto: ingresos publicitarios de febreiro de 2019 e o acumulado do exercicio

8 18.03.2019

Comparecente: director xerente da Área de Xestión Corporativa

Asunto: presentación das contas anuais correspondentes ao exercicio 2018

9 25.03.2019

Comparecentes: directores da Área de Xestión Corporativa e do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: contas anuais correspondentes ao exercicio 2018

10 02.04.2019

Comparecente: xefe do Servizo de Coordinación e Control da Xestión

Asunto: posición financeira ao 31.03.2019

11 09.04.2019

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asunto: ingresos publicitarios logrados en marzo de 2019 e no acumulado do exercicio

12 23.04.2019

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 31.01.2019

13 06.05.2019

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 28.02.2019

14 15.05.2019

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asunto: ingresos publicitarios logrados en abril de 2019 e no acumulado do exercicio

15 21.05.2019

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 31.03.2019

16 04.06.2019

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asunto: ingresos publicitarios logrados en maio de 2019 e no acumulado do exercicio

17 12.06.2019

Comparecente: director xerente da Área de Xestión Corporativa

Asunto: anteprojectos de orzamentos e do plan anual de actividades para 2020

18 18.06.2019

Comparecentes: director xerente da Área de Xestión Corporativa e director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: anteprojectos de orzamentos e do plan anual de actividades para 2020

19 03.07.2019

Comparecente: xefe do Servizo de Coordinación e Control da Xestión

Asunto: posición financeira ao 30.06.2019

20 09.07.2019

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asunto: ingresos publicitarios logrados en xuño de 2019 e no acumulado do exercicio

21 16.07.2019

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 30.04.2019

22 03.09.2019

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 31.05.2019

23 10.09.2019

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asunto: ingresos publicitarios logrados en xullo e agosto de 2019 e no acumulado do exercicio

24 17.09.2019

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 30.06.2019

25 01.10.2019

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 31.07.2019

26 08.10.2019

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asunto: ingresos publicitarios en setembro de 2019 e no acumulado do exercicio

27 15.10.2019

Comparecente: xefe do Servizo de Coordinación e Control da Xestión

Asunto: posición financeira ao 30.09.2019

28 22.10.2019

Comparecente: director xerente da Área de Xestión Corporativa

Asunto: proxectos de orzamentos para 2020

29 05.11.2019

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 31.08.2019

30 13.11.2019

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asunto: ingresos publicitarios de outubro de 2019 e no acumulado do exercicio

31 19.11.2019

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 30.09.2019

32 04.12.2019

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 31.10.2019

33 10.12.2019

Comparecentes: directores da Área de Innovación e Negocio e do Departamento Comercial de FORTA

Asunto: presentación do director do Departamento Comercial de FORTA

34 17.12.2019

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 30.11.2019

11.2.3.2. Comisión de Igualdade e Responsabilidade Social Corporativa

- Creada no pleno ordinario do 26.02.2016.
- Integrada por Luis I. de la Matta Cantó, Beatriz Soler Vázquez-Guillén e Leticia Vilar Pumares (elixidos no pleno ordinario do 26.02.2016). Designados novamente para o cargo no pleno ordinario do 26.02.2019 (con efectos da mesma data).
- Presidenta: Leticia Vilar Pumares, elixida no pleno ordinario do 26.02.2016 e reelixida no pleno ordinario do 26.02.2019 (con efectos da mesma data).

Reunións realizadas durante 2019:

1 09.01.2019.

Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega

Asuntos: informes sobre as actuacións da TVG e a Radio Galega para conmemorar o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller (25 de novembro).

2 06.03.2019

Comparecente: representante do director da Área de Innovación e Negocio

Asunto: actuacións da Comisión Asesora de Publicidade non Sexista en 2018

3 09.04.2019

Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación, director da Área de Contidos e xefe do Servizo de Planificación Informativa da Radio Galega

Asunto: actuacións desenvolvidas pola Radio Galega e pola TVG para conmemorar o Día Internacional da Muller (8 de marzo)

4 23.05.2019

Comparecente: director do Departamento de Proxección Social

Asunto: Informe anual sobre a xestión da Corporación RTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2018)

5 27.11.2019

Comparecente: xefa do Servizo de Responsabilidade Social e Asesoramento Lingüístico

Asunto: consideracións sobre o contido do Informe de Progreso 2018

11.2.3.3. Comisión de Programación

- Creada no pleno ordinario do 26.02.2016.
- Integrada por Luis I. de la Matta Cantó, Ana I. Peón Piñeiro e Leticia Vilar Pumares (elixidos no pleno ordinario do 26.02.2016). Designados novamente para o cargo no pleno ordinario do 26.02.2019 (con efectos da mesma data).
- Presidente: Luis I. de la Matta Cantó, elixido no pleno ordinario do 26.02.2016 e reelixido no pleno ordinario do 26.02.2019 (con efectos da mesma data).

Reunións realizadas durante 2019:

1 09.01.2019

Comparecente: director da Área de Contidos

Asuntos: cota de pantalla lograda pola TVG en decembro de 2018 e en 2018

2 16.01.2019

Comparecente: director da Área de Contidos

Asuntos: evolución das series de ficción estreadas pola TVG na actual temporada e sobre os proxectos de series de ficción

3 21.01.2019

Comparecente: xefa do Servizo de Innovación no Entorno Dixital

Asunto: evolución da web da Corporación RTVG en 2018

4 29.01.2019

Comparecente: directora da Área de Información e Documentación

Asunto: evolución do programa 'Zigzag' na actual temporada

5 05.02.2019

Comparecente: director da Área de Contidos

Asunto: cota de pantalla lograda pola TVG en xaneiro de 2019

6 12.02.2019

Comparecentes: director da Área de Innovación e Negocio e profesional adscrito a esta

Asunto: universos de referencia e mostras de Kantar Media, S.A. e a AIMC (exercicio 2019)

7 19.02.2019

Comparecente: director da Área de Contidos

Asunto: programación da TVG na fin de semana dende o comezo da actual temporada, evolución da súa cota de pantalla e posibles modificacións a introducir nela

8 26.02.2019

Comparecente: xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega

Asunto: proxecto da Radio Galega denominado *Medio bolo*

9 06.03.2019

Comparecente: director da Área de Contidos

Asunto: cota de pantalla lograda pola TVG en febreiro de 2019

10 12.03.2019

Comparecente: director da Área de Contidos

Asunto: evolución da cota de pantalla das series de ficción da TVG entre 2014-2018

11 20.03.2019

Comparecente: director da Área de Contidos

Asunto: evolución da cota de pantalla dos concursos da TVG na franxa da tarde

12 26.03.2019

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asunto: contratación do servizo de deseño, desenvolvemento, implementación e demostración dunha plataforma de experiencias tecnolóxicas interactivas no ámbito formativo para nenas e nenos de entre 6 e 16 anos, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020 (expediente AMG-2019-0021)

13 02.04.2019

Comparecente: director da Área de Contidos

Asunto: cota de pantalla lograda pola TVG en marzo de 2019

14 09.04.2019

Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e xefe do Servizo de Planificación Informativa da Radio Galega

Asunto: eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 28.04.2019 (plan de cobertura da Corporación RTVG)

15 23.04.2019

Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e xefe do Servizo de Planificación Informativa da Radio Galega

Asuntos: campaña das eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 28.04.2019 (cobertura por parte da TVG e a Radio Galega)

16 30.04.2019

Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e xefe do Servizo de Planificación Informativa da Radio Galega

Asuntos: campaña das eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 28.04.2019 (cobertura por parte da TVG e a Radio Galega)

17 06.05.2019

Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e xefe do Servizo de Planificación Informativa da Radio Galega

Asunto: eleccións locais e de deputados ao Parlamento Europeo do 26.05.2019 (plan de cobertura da Corporación RTVG)

18 21.05.2019

Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e xefe do Servizo de Planificación Informativa da Radio Galega

Asuntos: eleccións locais e de deputados ao Parlamento Europeo do 26.05.2019 (cobertura por parte da Radio Galega e da TVG)

19 28.05.2019

Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e xefe do Servizo de Planificación Informativa da Radio Galega

Asuntos: eleccións locais e de deputados ao Parlamento Europeo do 26.05.2019 (cobertura por parte da Radio Galega e da TVG)

20 04.06.2019

Comparecente: subdirectora do Departamento de Programación e Emisións

Asuntos: informes sobre as cotas de pantalla logradas pola TVG en abril e maio de 2019

21 11.06.2019

Comparecente: xefa do Servizo Xestión Operativa de Programas da Radio Galega

Asunto: audiencia atribuída á RG e á RG Música na primeira onda do EXM de 2019

22 18.06.2019

Comparecente: xefa do Servizo Xestión Operativa de Programas da Radio Galega

Asunto: avance da programación da Radio Galega para o verán de 2019

23 02.07.2019

Comparecente: director da Área de Contidos

Asunto: programación da TVG para o verán de 2019

24 09.07.2019

Comparecente: xefe do Servizo de Planificación Informativa da Radio Galega

Asunto: audiencia atribuída á Radio Galega e á Radio Galega Música na segunda onda do EXM de 2019

25 16.07.2019

Comparecente: director da Área de Contidos

Asuntos: cota de pantalla lograda pola TVG en xuño de 2019 e audiencia atribuída a esta na segunda onda do EXM de 2019

26 23.07.2019

Comparecente: subdirectora do Departamento de Programación e Emisións

Asunto: programación especial da TVG para o 24 e 25 de xullo de 2019

27 03.09.2019

Comparecente: director da Área de Contidos

Asuntos: cota de pantalla lograda pola TVG en xullo e agosto de 2019

28 10.09.2019

Comparecentes: xefes dos servizos de Xestión Operativa de Programas e de Planificación Informativa da Radio Galega

Asunto: programación da Radio Galega para a temporada outono 2019-primavera 2020

29 17.09.2019

Comparecente: director da Área de Contidos

Asunto: programación da TVG para a temporada outono 2019-primavera 2020

30 23.09.2019

Comparecente: representante do xefe do Servizo de Planificación Informativa da RG

Asunto: programación deportiva da RG para a temporada outono 2019-primavera 2020

31 01.10.2019

Comparecente: representante da directora da Área de Información e Documentación

Asunto: programación deportiva da TVG na temporada outono 2019-primavera 2020

32 08.10.2019

Comparecente: director da Área de Contidos

Asunto: cota de pantalla lograda pola TVG en setembro de 2019

33 15.10.2019

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asuntos: informes sobre a evolución da web corporativa no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2019 e sobre o seguimento das series de ficción e demais programas de entretemento na sección *Á carta* da web corporativa

34 22.10.2019

Comparecente: director da Área de Contidos

Asunto: cambios recentes introducidos na grella da TVG

35 29.10.2019

Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e xefe do Servizo de Planificación Informativa da Radio Galega

Asunto: eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 10.11.2019 (plan de cobertura da Corporación RTVG)

36 12.11.2019

Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e xefe do Servizo de Planificación Informativa da Radio Galega

Asuntos: campaña das eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 10.11.2019 (coberturas por parte da TVG e da Radio Galega)

37 18.11.2019

Comparecente: director da Área de Contidos

Asunto: cota de pantalla lograda pola TVG en outubro de 2019

38 26.11.2019

Comparecente: director da Área de Contidos

Asunto: participación na produción de proxectos cinematográficos (exercicio 2019)

39 02.12.2019

Comparecentes: xefes dos servizos de Xestión Operativa de Programas e de Planificación Informativa da Radio Galega

Asunto: audiencia atribuída á RG e á RG Música na terceira onda do EXM de 2019

40 12.12.2019

Comparecente: director da Área de Contidos

Asunto: proxectos da TVG para a franxa da tarde

41 19.12.2019

Comparecente: subdirectora do Departamento de Programación e Emisións

Asunto: programación especial da TVG para o Nadal

11.2.3.4. Comisión de Recursos Humanos

- Creada no pleno ordinario do 26.02.2016
- Integrada por Xosé Antón García Ferreiro, Higinio Mejjide Gómez e Beatriz Soler Vázquez-Guillén (elixidos no pleno ordinario do 26.02.2016). Designados novamente para o cargo no pleno ordinario do 26.02.2019 (con efectos da mesma data).
- Presidenta: Beatriz Soler Vázquez-Guillén, elixida no pleno ordinario do 26.02.2016 e reelixida no pleno ordinario do 26.02.2019 (con efectos da mesma data).

Reunións realizadas durante 2019:

1 08.01.2019

Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos

Asunto: complementos salariais (exercicio 2018)

2 29.01.2019

Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos

Asunto: situación do cadro de persoal ao 31.12.2018 e evolución orzamentaria

3 12.02.2019

Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos

Asuntos: Memoria Formación 2018 e Memoria Bolseiros 2018

4 26.02.2019

Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos

Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.01.2019 e evolución orzamentaria

5 12.03.2019

Comparecente: xefa do Servizo de Formación e Xestión do Persoal

Asunto: Plan de Formación para 2019

6 26.03.2019

Comparecente: xefa do Servizo de SS. de Información de RRHH, Nóminas e S.S.

Asunto: situación do cadro de persoal ao 28.02.2019 e evolución orzamentaria

7 09.04.2019

Comparecente: xefa do Servizo de Seguridade Laboral e Relacións Laborais

Asunto: número de efectivos que ao 31.12.2018 se acolleron ao acordo para o acceso á xubilación parcial e contrato de remuda do persoal laboral ao servizo da CRTVG

8 23.04.2019

Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos

Asunto: situación do cadro de persoal ao 31.03.2019 e evolución orzamentaria

9 07.05.2019

Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos

Asunto: evolución da contratación temporal

10 28.05.2019

Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos

Asunto: situación do cadro de persoal ao 30.04.2019 e evolución orzamentaria

11 12.06.2019

Comparecente: xefa do Servizo de Seguridade Laboral e Relacións Laborais

Asunto: resultados das eleccións sindicais celebradas o 11.06.2019

12 25.06.2019

Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos

Asunto: situación do cadro de persoal ao 31.05.2019 e evolución orzamentaria

13 09.07.2019

Comparecente: xefa do Servizo de Seguridade Laboral e Relacións Laborais

Asunto: resultados das eleccións sindicais nos centros de traballo de Vigo e A Coruña

14 24.07.2019

Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos

Asunto: situación do cadro de persoal ao 30.06.2019 e evolución orzamentaria

15 10.09.2019

Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos

Asunto: cadro de persoal ao 30.06.2019

16 27.09.2019

Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos

Asunto: situación do cadro de persoal ao 31.07.2019 e evolución orzamentaria

1709.10.2019

Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos

Asunto: situación do cadro de persoal ao 31.08.2019 e evolución orzamentaria

1824.10.2019

Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos

Asunto: situación do cadro de persoal ao 30.09.2019 e evolución orzamentaria

1913.11.2019

Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos

Asunto: cadro de persoal en cada centro de traballo

2026.11.2019

Comparecente: xefa do Servizo de Información de RRHH, Nóminas e S.S.

Asunto: situación do cadro de persoal ao 31.10.2019 e evolución orzamentaria

2104.12.2019

Comparecente: xefa do Servizo de Formación e Xestión de Persoal

Asunto: avance sobre o plan de formación desenvolvido en 2019

2219.12.2019

Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos

Asunto: situación do cadro de persoal ao 30.11.2019 e evolución orzamentaria

[11.2.3.5. Comisión de Regulamento e Réxime Interior](#)

- Creada no pleno ordinario do 19.01.2016.
- Integrada polo Higinio Meijide Gómez, Ana I. Peón Piñeiro e Leticia Vilar Pumares (elixidos no pleno ordinario do 19.01.2016). Designados novamente para o cargo no pleno ordinario do 20.12.2018 (con efectos do 19.01.2019).

- Presidenta: Ana I Peón Piñeiro, elixida no pleno ordinario do 26.02.2016 e reelixida no pleno ordinario do 20.12.2018 (con efectos do 19.01.2019).

Reunións realizadas durante 2019:

1 09.01.2019

Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), solicitude cursada pola Presidencia do Comité Intercentros para o mantemento dunha xuntanza co Consello de Administración da Corporación e establecemento do calendario de reunións

2 15.01.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), solicitude cursada pola Presidencia do Comité Intercentros para o mantemento dunha xuntanza co Consello de Administración da CRTVG e establecemento do calendario de reunións

3 21.01.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), solicitude cursada pola Presidencia do Comité Intercentros para o mantemento dunha xuntanza co Consello de Administración da CRTVG e establecemento do calendario de reunións

4 31.01.2019

Comparecente: Decano da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), solicitude cursada pola Presidencia do Comité Intercentros para o mantemento dunha xuntanza co Consello de Administración da Corporación RTVG e establecemento do calendario de reunións

5 19.02.2019

Comparecente: Vicedecano do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), Informe anual sobre a xestión da Corporación RTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2018) e calendario de reunións

6 25.02.2019

Comparecente: vogal da Federación de Asociacións de Periodistas de España (FAPE)

Asuntos: estatuto profesional (consello de informativos) e calendario de reunións

7 06.03.2019

Comparecetes: sete membros do Comité Intercentros da Corporación RTVG

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

8 13.03.2019

Comparecente: presidente da Asociación de Periodistas de Galicia

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), informe anual sobre a xestión da Corporación RTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2018) e calendario de reunións

9 20.03.2019

Comparecente: presidenta de Xornalistas de Galicia

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

10 08.04.2019

Comparecente: membro do Consello de Informativos de TVE

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

11 23.04.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

12 06.05.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

13 15.05.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

14 21.05.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

15 04.06.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

16 11.06.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

17 18.06.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

18 25.06.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

19 02.07.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

20 09.07.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

21 16.07.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

22 23.07.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

23 03.09.2019

Asuntos: estatuto profesional (consello de informativos) e calendario de reunións

24 10.09.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

25 17.09.2019

Asuntos: Normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual emitida a través das canles e servizos conexos e interactivos da CRTVG e calendario de reunións

26 26.09.2019

Asuntos: Normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual emitida a través das canles e servizos conexos e interactivos da CRTVG e calendario de reunións

27 01.10.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

28 28.10.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

29 15.10.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

30 22.10.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

31 29.10.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

32 05.11.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

33 14.11.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

34 22.11.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

35 27.11.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

36 02.12.2019

Asuntos: Estatuto Profesional (Consello de Informativos), e calendario de reunións

37 10.12.2019

Comparecentes: director xerente da Área de Xestión Corporativa, directora do Departamento de Organización e Xestión do Cambio e directora da Área de Soporte Tecnolóxico e Medios

Asuntos: Plan xeral de actuación da Corporación RTVG para 2020 e calendario de reunións

38 17.12.2019

Comparecentes: director da Área de Innovación e Negocio, directora da Área de Información e Documentación, director do Departamento de Proxección Social e director da Área de Contidos

Asuntos: Plan xeral de actuación da Corporación RTVG para 2020 e calendario de reunións

11.2.3.6. Comisión de Renovación Tecnolóxica e Novas Canles

- Creada no pleno ordinario do 26.02.2016.
- Integrada por Xosé Antón García Ferreiro, Luis I. de la Matta Cantó e Beatriz Soler Vázquez-Guillén (elixidos no pleno ordinario do 26.02.2016). Designados novamente para o cargo no pleno ordinario do 26.02.2019 (con efectos da mesma data).
- Presidente: Xosé Antón García Ferreiro, elixido no pleno ordinario do 26.02.2016 e reelixido no pleno ordinario do 26.02.2019 (con efectos da mesma data).

Reunións realizadas durante 2019:

1 15.01.2019

Comparecente: directora da Área de Soporte Tecnolóxico e Medios

Asunto: informe de progreso do proxecto de implantación da plataforma de produción dixital

2 19.02.2019

Comparecente: directora da Área de Soporte Tecnolóxico e Medios

Asunto: informe de progreso do proxecto de implantación da plataforma de produción dixital

3 26.03.2019

Comparecente: directora da Área de Soporte Tecnolóxico e Medios

Asunto: informe de progreso do proxecto de implantación da plataforma de produción dixital

4 25.04.2019

Comparecente: directora da Área de Soporte Tecnolóxico e Medios

Asunto: informe de progreso do proxecto de implantación da plataforma de produción dixital

5 23.05.2019

Comparecente: directora da Área de Soporte Tecnolóxico e Medios

Asunto: informe de progreso do proxecto de implantación da plataforma de produción dixital

6 10.09.2019

Comparecente: directora do Departamento de Organización e Xestión do Cambio

Asunto: presentación da directora do Departamento de Organización e Xestión do Cambio

7 24.10.2019

Comparecente: directora da Área de Soporte Tecnolóxico e Medios

Asunto: informe de progreso do proxecto de implantación da plataforma de produción dixital

Resumo das reunións das comisións de participación:

COMISIÓN	NÚM. DE REUNIÓN	NÚM. DE ASUNTOS ABORDADOS	COMPARECENT.	OUTROS COMPARECENT.
Economía e C.	34	35	36	1
Igualdade e RSC	5	7	8	0
Programación	41	52	51	0
Recursos Humanos	22	23	22	0
Regulamento e R.I.	38	82	8	13
Ren. Tecnolóxica e N.C.	7	7	7	0
TOTAL	147	206	132	14

11.3. Parlamento de Galicia

O control do Parlamento de Galicia sobre a Corporación plasmoste no ano 2019 na intervención do director xeral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control sobre a CRTVG para responder a 54 preguntas parlamentarias formuladas polos grupos parlamentarios.

Comisión de Control (25/01/2019) - Anulada

Comisión de Control (28/02/2019).

- 42723 Cobertura informativa das mobilizacións da sanidade pública
- 42954 Balance na CRTVG no 2018
- 42955 Valoración dos servizos mínimos na folga de decembro do 2018
- 43730 Información no Telexornal dunha nova do portal OK Diario
- 44690 Data da emisión do documental "Frankenstein 04155"
- 45056 Posible emisión do documental "Frankenstein 04155"
- 45380 Cobertura da investigación do fiscal xefe da Fiscalía Provincial de Ourense
- 45721 Sentenza folga marzo 2018

Comisión de Control (29/03/2019).

- 43457 Plan de 100 proxectos de contidos audiovisuais para a CRTVG en Internet
- 44413 Presentadora do Bos Días
- 45634 Presunta manipulación informativa na manifestación de Vulcano en Vigo
- 47308 Cobertura informativa das novas do Goberno socialista en España
- 47328 Posibles comentarios machistas en Land Rober Tunai Show
- 47736 Emisión en HD da G2
- 47743 Premios María Casares e relación coa AAAG

Comisión de Control (26/04/2019)

- 47749 Premios María Casares e relación coa AAAG
- 48529 Camiseta Defende a Galega
- 48561 Camiseta Defende a Galega
- 48654 Camiseta Defende a Galega
- 48758 Cobertura fallo TS e recurso Valedora do Pobo

Comisión de Control e Presentación das Contas Anuais (22/05/2019)

- 49837 Presentación das Contas Anuais CRTVG 2018
- 48402 Investimento publicitario de ENCE na CRTVG
- 48760 Custo dos recursos xudiciais por parte da CRTVG
- 49409 Información sobre o Premio José Couso

Comisión de Control e presentación da Memoria de Servizo Público (21/06/2019).

- 50310 Presentación da Memoria de Servizo Público 2018
- 50087 Criterios informativos en abril e maio coas eleccións xerais e municipais.
- 50142 Horarios dos debates da mañá e a súa re-difusión na noite na G2
- 50393 Cumprimento dos criterios de pluralismo político e obxectividade

Comisión de Control (05/07/2019)

- 49048 Netflix e O Sabor das Margaridas
- 49225 AGADIC e a CRTVG e o cine galego
- 49748 Publicidade relacionada con apostas e xogo
- 50248 A tendencia dos consellos de maquillaxe para nenas en comuñóns
- 51527 Nova publicada na web da CRTVG sobre o galego nas probas do ABAU.

Comisión de Control (20/09/2019)

- 52892 Programación de verán da Radio Galega
- 53306 Cobertura informativa do Mundial de Fútbol Gaélico
- 53683 Anuncio dun casting dunha produtora que pide un cociñeiro varón

- 54900 Emisións de imaxes dun mozo que se lanzou ao río Miño
- 55081 Actuación desenvolvidas na CRTVG para favorecer a igualdade de xénero

Comisión de Control (31/10/2019)

- 55592 Contidos da programación con linguaxe de signos ou subtitulado?
- 56293 Valedora do Pobo como contertulia na Radio Galega
- 56473 Dereito de folga na CRTVG
- 57161 Espazo de crónica política desde Madrid
- 57347 Sobre o proxecto #IdeasG
- 57384 Informe do Observatorio Cultura Galega

Comisión de Control (9/11/2019)

- 55822 Informe condicións laborais na Radio Galega
- 56010 Cobertura da noticia sobre o proxecto da Lei de Augas Termas de Galicia
- 57663 Cobertura do crime de Valga
- 58858 Cobertura debates electorais Eleccións Xerais Novembro 2019
- 58869 Audiencias TVG
- 58874 Audiencias do Debate Electoral

Comisión de Control (27/12/2019)

- 52269 Pluralidade informativa mina Touro-O Pino
- 59341 Cobertura informativa mina Touro-O Pino
- 55536 Aprobación do Estatuto profesional e creación do Consello de Inf.
- 58792 Valoración do espazo dedicado ao patrimonio galego
- 59459 Retransmisión Premios María Casares
- 59774 Cobertura Informativa da manifestación sobre hospital de Verín

Xunto as referidas preguntas orais, outras 34 preguntas parlamentarias contestáronse por escrito neste ano. E, ademais, o director xeral compareceu o 4 de novembro de 2019 na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galicia para presentar os Orzamentos da CRTVG para o 2020.